

**DISCRIMINACIÓN, MARXINACIÓN,
EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA**

INFORME EXTRAORDINARIO DO VALEDOR DO POBO

Novembro de 1998

SUMARIO

PRESENTACIÓN

INTRODUCCIÓN XERAL E METODOLOXÍA

CAPÍTULO 1

A pobreza como causa fundamental de marxinação e de exclusión social

CAPÍTULO 2

O desemprego como factor máis determinante da pobreza, a marxinação e a exclusión social.

CAPÍTULO 3

A discriminación da muller no ámbito laboral

CAPÍTULO 4

Algúns colectivos especialmente discriminados e excluidos

CAPÍTULO 5

Conclusións e recomendacións

ANEXO

Texto das enquisas que se enviaron e lista dos colectivos e institucións ós que se lles dirixiron

ÍNDICE XERAL

PRESENTACIÓN

Excmo. Sr. Presidente, Señorías:

A elaboración do presente informe especial foi decidida polo Valedor do Pobo con motivo de haber sido 1997 declarado, pola Unión Europea, Ano Europeo contra o Racismo, a Xenofobia, o Antisemitismo e demais formas de discriminación. Así llo anunciamos ós Sres. Deputados con motivo de presentar aquel ano o noso informe ordinario no Parlamento.

O título, e sobre todo o contido, houbo que adaptalo á situación galega. Así, nonos parece que hoxe se den fenómenos considerables de antisemitismo en Galicia. De aí que prescindiremos dese aspecto.

Por temperamento e por historia, Galicia é maioritariamente unha sociedade máis inclinada á tolerancia ca á discriminación. Sen embargo tamén é evidente que ás veces teñen lugar aquí brotes de xenofobia, de racismo, de discriminación, ou de simple rechazo das diferencias. Diferencias que poden ser de orixe xenética, de diferencias culturais ou sinxelamente de intereses contrapostos. Que poden ser tan lexítimas unhas como as outras, e todas elas protexidas pola Constitución; pero usadas demasiadas veces con tal carga de prexucios e intolerancia que deixan ós demais excluídos.

Estas exclusións poden ter lugar tanto por parte das institucións (con leises inxustas ou aplicación torticeira das mesmas); como por parte da mesma sociedade (familiares, veciños, escola, vivenda, traballo, sanidade...)

Canto máis se profundiza no estudio dos capítulos 1.1 e 9.2 da Constitución e se comparan o seu contido coa situación efectiva da nosa sociedade, máis consciente se fai un de canto queda aínda por facer para que o espírito e a letra da Constitución impregnen a vida da nosa sociedade. No capítulo 1.1 da Constitución procláma-se que “España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como **valores superiores** do seu ordenamento xurídico **a liberdade, a xusticia, a igualdade e o pluralismo político**”. E no artigo 9.2 refírese ó papel activo e belixerante que lles coresponde ás institucións públicas en orde a orientar á sociedade española deica o cumprimento destes ideais. Expresao así: “Corresponde ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e máis dos grupos en que se integra **sexan reais e efectivas**; removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social”. E poderíamos tamén engadir o artigo 14, no que se prohibe toda discriminación “por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Basta vivir un pouco cos ollos abertos á realidade social de Galicia -xa que a Galicia nos estamos a referir neste informe - para darnos conta do lonxe que esta realidade se atopa para conquistar o horizonte ideal que a Constitución nos propón.

As formas da discriminación e, en xeral, o mundo da discriminación son moito máis amplias do que a simple vista soemos darnos conta. Unhas veces están máis a vista e outras revisten formas sutiles ou incluso se ven obrigados a permanecer nunha certa clandestinidade. Pronto fomos dándonos conta de que o informe tiña que renunciar á pretensión de ser exhaustivo.

Ó final, optamos por estudar as causas máis directas de marxinação e das discriminacións, así como aquelas que acaban por producir verdadeira exclusión social. E

referimos de forma expresa a algúns colectivos sociais que sofren máis directamente formas de discriminación e marxinação.

Así, no primeiro capítulo identificamos **a pobreza** como causa fundamental de marxinação e de exclusión. No segundo capítulo, afirmamos documentadamente que o desemprego ou falta de traballo é hoxe a causa máis directa da pobreza, que a súa vez xenera marxinação e exclusión. O capítulo terceiro está dedicado á discriminación da muller no ámbito laboral. No ámbito laboral non só do traballo asalariado, senón tamén na discriminación práctica que se exerce sobre a muller asalariada cando, ó chegar á casa se lle segue a descargar sobre as súas espaldas a gran maioría dos traballos non remunerados: coidado dos enfermos, dos vellos, dos nenos e do fogar en xeral. Describimos máis especificamente no capítulo cuarto algúns colectivos sociais que seguen a estar especialmente discriminados e/ou excluídos. Entre os colectivos claramente discriminados referímonos sobre todo ás persoas da etnia xitana, e ós homosexuais. Entre os grupos socialmente excluídos referímonos especificamente ós itinerantes sen teito, ós inmigrantes ilegais ou sen documentación, e ós mendigos.

No informe incluimos tamén unha serie de recomendacións e suxerencias ás Administracións públicas que coidamos poderían serlle útiles para afrontar os problemas relacionados coa discriminación, a marxinação e a exclusión social. Nunha palabra para construír unha sociedade máis xusta, máis digna de vivir nela, máis lexitimada e defendible para as próximas xeneracións.

José Cora Rodríguez

O Valedor do Pobo

INTRODUCCIÓN XERAL E METODOLOXÍA

Cando o Consello da Unión Europea decidiu declarar a 1997 Ano Europeo contra o Racismo, a Xenofobia e o Antisemitismo, o Valedor do Pobo considerou isto unha ocasión axeitada para abrir un informe extraordinario ó respecto sobre a situación na Comunidade Autónoma. Un informe que en calquera caso debería ser enfocado conforme á realidade social de Galicia. Así, a simple vista non parecían existir problemas de antisemitismo na Galicia de hoxe. Pero tanto por unha parte das queixas que recibimos na institución como pola observación a fondo da nosa realidade social, era evidente que si existen na nosa Comunidade problemas de discriminación e exclusión en diversas formas. E que existen colectivos na nosa sociedade especialmente vulnerables a estas formas de marxinação e exclusión social.

De aí que xa ó presentar ó Parlamento, nos primeiros meses de 1997 o noso informe anual correspondente a 1996 anunciásemo-la nosa intención de emprender este informe extraordinario. Aquel propósito anunciado daquela é o que hoxe cumprimos dando conta del ó Parlamento co presente informe. Informe que fai o número 3 dos extraordinarios ou especiais elaborados polo Valedor do Pobo ó abeiro do previsto nos artigos 13 e 36 da Lei pola que se rexe a nosa institución. (Logo de que en 1994 presentásemo-lo informe especial SER VELLO EN GALICIA, sobre a situación dos anciáns, e en 1996 o titulado A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA EN GALICIA).

Ó tratar de establecer unha metodoloxía para elaborar este informe, un dos primeiros pasos que demos foi facer dúas enquisas. Unha enviámola a institucións públicas ou privadas, que se relacionan habitualmente co mundo da marxinação e supónse que buscan solucións para axudar ás persoas que a padecen a se integrar socialmente. Outra enquisa dirixíamola a colectivos

sociais ós que ou ben se lles atribúe unha maior vulnerabilidade e probabilidade de sufrirla marxinação, así como a aqueles que por obrigación moral (familiares) ou por opción cívica (voluntariado) prestan axuda ós marxinados.

O texto de ámbol as dúas enquisas, así como a lista de institucións ou colectivos ás que lles foron enviadas, figuran no apéndice deste informe.

A grande maioría das institucións e colectivos ós que lles enviamos-la respectiva enquisa contestáronnos con dilixencia, en non poucos casos remitíndonos documentación e reflexións inestimables acerca dos problemas que cada un deles trae entre máns. Agradecemosllo moi vivamente. Algúns non nos contestaron, ou ben o fixeron de forma provisional anunciando o posterior envío de respostas máis elaboradas que finalmente non chegaron á nosa institución. Ou porque obtivemos por outros conductos información que acabamos por considerar suficiente ou porque a elaboración do informe tampouco podería esperar indefinidamente, non lles reiteramos-la nosa petición de informes. Polo demais, algúns non tiñan obrigación legal de contestarnos e outros nin sequera tiñan sede social ou un teléfono coñecido a través do que puidésemos verificar se recibiran a enquisa. Tampouco se nos escapa que, sobre todo en certos grupos de voluntariado, ás veces abonda máis a xenerosidade e a boa vontade que os medios materiais e técnicos ou a eficiente organización.

Ó repasar toda a documentación recibida, así como a que poidemos obter de fontes diversas, o primeiro que comprobamos é que a pobreza segue sendo o factor máis decisivo de marxinação e exclusión social. De aí que decidíramos dedicar ó tema da pobreza o primeiro e máis extenso capítulo deste informe; e que poderíamos considerar como causa principal e fundante da maioría das marxinações e exclusións sociais.

Dedicamos outro capítulo ó paro ou falta de empregos en Galicia, como factor máis decisivo hoxe do aumento do número de pobres. Sobre todo nas familias afectadas polo paro de longa duración, aquelas en que ningún dos seus membros teñen traballo, e os mozos que non acaban de atopa-lo seu primeiro emprego.

Outro capítulo nuclear deste informe vai dedicado á discriminación das mulleres no ámbito laboral. E, imos deixando sentado a traves do informe o deber constitucional dos poderes públicos de se ocupar de forma activa e eficiente da loita contra a pobreza e a marxinação social (art. 9.2 da Constitución). Prestamos concretamente atención á forma na que se vén aplicando a Lei 9/1991 de medidas básicas para unha urxente reforma da mesma (RISGA).

Ante a imposibilidade de abranguelo todo, limitámonos a facer alusión, ás veces cun certo detemento, ós colectivos concretos máis marxidados e ata excluídos da sociedade galega. Como poden ser moitas persoas da etnia xitana; os discapacitados, os mendigos; os de orientación natural minoritaria (homosexuais, zurdos, ...); os afectados polas novas enfermidades (enfermos mentais, aqueixados do mal de Alzheimer, demencia senil, sida, ludópatas...).

Rematamos cun apéndice co texto das enquisas e os colectivos ós que llelas enviamos.

CAPÍTULO 1

A POBREZA COMO CAUSA FUNDAMENTAL DE MARGINACIÓN E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

1. INTRODUCCIÓN A ESTE CAPÍTULO

O primeiro que comprobamos ó elaborar este informe é que a pobreza segue sendo o factor máis decisivo de marxinación e exclusión social. O feito de ser pobre marca ás persoas moito máis profundamente do que se soen dar conta os que nunca o foron. Sobre todo as persoas que naceron en situacións de extrema pobreza e logo, polas circunstancias tan adversas que rodearon a súa vida, nunca puideron saír da pobreza. O ser pobre determina ou condiciona tódolos aspectos básicos da vida. Determina a vivenda e inflúe na convivencia familiar; condiciona decisivamente o grao de ensinanza e formación ó que se pode acceder; determina en gran medida as relacións sociais que se poden cultivar; merma as posibilidades de defensa dos propios dereitos e de participación social para facelos valer; reduce substancialmente os niveis de información, tan decisivos para moverse na sociedade de hoxe; provoca incluso que, moitas veces, os máis pobres dentro dos pobres, queden marxinados ata dos servicios sociais teóricamente previstos para atendelos. Delimita a calidade da alimentación, a forma de vestir e de coidar a saúde. E, en xeral o rango social que as demais persoas lle recoñecen ó que vive na pobreza.

Incluso cando a marxinación e exclusión social se deben directamente a outras causas distintas da pobreza (discapacidades de diferente orde, enfermidades, accidentes, adiccións diversas que “enganchan” e convirten en escravos ás persoas; pertencer a unha minoría étnica, racial ou de calquer outro orde a priori mal vista polos prexuízos das maiorías...), incluso neses casos non é o mesmo facer fronte a esas situacións adversas desde a pobreza que desde a folgura económica.

Na sociedade exacerbadamente consumista na que vivimos, na que tantas veces se valora ós individuos máis polo que teñen que polo que son, o nacer na pobreza e non lograr superala tende a mermar de tal forma a propia autoestima que degrada a dignidade das persoas.

As persoas sumerxidas nesta sima e impotentes para saír dela non é extraño que chegen a asumir como natural a súa propia marxinação e así nin se propoñan participar nun programa de reinserción social.

1.1. A POBREZA EXTREMA COMO AGRESIÓNS ÓS DEREITOS HUMANOS

A pobreza, sobre todo a pobreza extrema, constitúe unha verdadeira agresión ós dereitos humanos. Sobre todo neste tempo en que a humanidade conta cos suficientes medios económicos, técnicos e científicos como para erradicar do planeta terra a fame, o analfabetismo, as enfermidades curables. Non facelo mentres se derrocha en cousas supérfluas, constitúe hoxe unha innegable afrenta á dignidade das persoas.

É hora de proclamar isto, cando se cumpren os 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro de 1948). Por esta declaración, a comunidade internacional comprometeuse a protexer tanto os dereitos civís e políticos como os dereitos económicos, sociais e culturais de tódolos individuos e os pobos do mundo. Declaración que foi complementada coa de 1986 sobre o dereito de tódolos pobos ó desenvolvemento.

Os dereitos humanos, das persoas e os pobos, constitúen un todo indivisible. Isto tendeu a se esquecer sobre todo en tempos da guerra fría, en que os dous bloques enfrontados tenderon a contraponer polémicamente os que denominaron dereitos “reais” (sobre todo os de tipo económico-social) cos dereitos “formais” (liberdade de crencia e opinión, de voto...). Unha vez superada aquela polémica ideolóxica, máis ben propia da guerra fría, hoxe non pode caber dúbida de que o compromiso cos dereitos humanos ten que ser global e indivisible. E que os dereitos civís e políticos cobran o seu sentido máis xenuino cando serven de canle para a

conquista de maiores niveis de igualdade económica e cultural. E, polo tanto, mellores formas de convivencia e solidariedade entre os seres humanos.

Hoxe somos conscientes de que pouco importa o dereito legal á libre expresión se un non puido aprender a ler e escribir correctamente. Ou pouco importa ter recoñecido o dereito ó voto, se un non ten posibilidades de se informar suficientemente sobre os programas dos diversos partidos.

O mesmo dereito á vida, por decisivo que pareza, queda sumamente limitado e ensombrecido para aquelas persoas que carecen de alimentación, atención médica ou servicios hixiénico-sanitarios indispensables. E a mesma liberdade física pouco se pode disfrutar cando se está aprisionado pola extrema pobreza e a ignorancia invencible.

E as mesmas leis de protección e servicios sociais tampouco chegan con frecuencia ás persoas e as familias que máis as necesitan, se non van acompañadas de campañas suficientemente divulgativas para dar a coñece-las prestacións que ofrecen e a forma de acceder a elas.

1.2. CONCEPTO ACTUAL DE POBREZA

O concepto de pobreza -do que é ser pobre- está formado por unha mezcla de elementos obxectivos e subxectivos. É ademais un concepto relativo. Un individuo -ou familia -é pobre en comparación cos demais da súa propia comunidade. Galicia pódese considerar pobre con respecto a Suiza ou á media rexional da Unión Europea; pero rica en comparación coa situación de non poucos países iberoamericanos, asiáticos ou africanos.

Aínda non hai moitas décadas o prototipo de pobre *-é un pobre-* era o que se vía obrigado a recorrer periódicamente as aldeas, chamando de porta en porta, en solicitude dunha esmola: un puñado de grao ou de patacas, unha cunca de caldo, algunha moeda, un xergón ou palleiro onde pasala noite; ás veces tratando de desperta-la compasión humana invocando convencionalmente a mediación divina (“unha caridade por amor de Deus”). É o pobre que Curros Enríquez describiu nun belo e desolador poema camiñando ó cae-la tarde apoiado en “un pau de sanguíño”, sen outra compañía que o “crou, crou” dalgún sapo. Tamén se recoñecía como “pobres” ós veciños da aldea que, por ter moi poucas terras ou non poder xa traballalas, non acadaban a produci-lo imprescindible para o autoconsumo e soportaban épocas de fame.

Hoxe, pode se-lo ancián -da cidade ou do campo- que se quedou descolgado da Seguridade Social; o parado de longa duración; un matrimonio de pequenos labregos con idades ó redor dos 60 anos; unha nai, solteira ou separada, con fillos o seu cargo e sen emprego; os membros dunha familia na que ninguén ten un traballo remunerado; o mozo, quizais con estudos, que leva varios anos buscando o seu primeiro emprego sen conseguído-lo aínda; un drogadicto, preso recen liberado ou enfermo mental dado de alta e sen familia que o acolla...

1.2.1. ¿Galicia é pobre, ou é rica?

Antes de nos referir ós pobres de Galicia, quizais non estea por demais comezar por responder a esta pregunta: ¿Galicia, globalmente considerada, é pobre ou é rica?. E como os conceptos de pobreza e de riqueza soen ser relativos, o máis axeitado parece compara-la riqueza de Galicia coa media de España, da que forma parte, e coa media da Europa comunitaria á que, por xeografía e vontade política maioritaria, tamén pertencemos.

Se tomamos como referencia ó conxunto do mundo (un dos puntos de referencia xa inevitable a nivel da conciencia de hoxe), non podemos esquecer-lo feito de que Galicia forma

parte de Europa; e que a Unión Europea é unha das áreas máis desenvoltas, prósperas e cultas da Terra. En base a estes datos formamos parte do chamado, primeiro mundo, en moitos aspectos o mundo privilexiado.

Pero se o noso punto de referencia se circunscribe ó conxunto da Unión Europea e, dentro dela, á España das autonomías, entón o nivel de riqueza de Galicia queda xa bastante máis relativizado.

Ímonos a fixar aquí en dous datos que consideramos significativos ó respecto: a renda media por habitante, e o nivel relativo de desenvolvemento. Todo iso, en relación en primeiro lugar co conxunto de España e de cada unha das súas comunidades autónomas, e en segundo lugar coa media da Unión Europea.

Se nos atemos á renda media por habitante do ano 1996, a media española equivalía ó 76,2% da media da U.E.. Entre as comunidades autónomas de España, só Andalucía, Extremadura e Murcia quedaban por detrás de Galicia, entre as que máis a superaban, destacábanse Baleares (a única que superaba a media europea), Madrid e Cataluña.

Se en vez da renda por habitante tomamos como punto de referencia a renda familiar bruta dispoñible de España, a media de Galicia en 1996 equivalía ó 94,45% da media española.

Se este mesmo concepto queremos comparalo coa renda familiar dispoñible no conxunto da Unión Europea deberíamos utilizar datos de 1995, últimos dos que dispoñemos á hora de redactar este informe. Pois ben, a renda media familiar dispoñible de España equivalía nese ano ó 76,20% da medio europea; e a de Galicia por separado era do 63,19% da media europea. Este é o nivel de converxencia do noso desenvolvemento económico dentro da Comunidade Europea.

En resume poderíamos concluir que Galicia é hoxe relativamente rica se se compara co conxunto do mundo; pero é menos rica ou relativamente pobre se a comparación se establece só dentro do mundo rico. (Fontes de datos: BBV, EUROSTAT e Fundación FIES; citados polo Informe 1996 do Consello Galego de Relacións Laborais, páxis. 31, 37 e 39).


1.2.2. En Europa, en España, en Galicia

Desde hai tempo, en toda a Europa occidental, da que os españois formamos parte, así como na maioría dos países desenvoltoos fóronse elaborando toda unha serie de estudos que nos permitiron consolidar un concepto do que é ser pobre. Alomenos do que se considera ser pobre para os efectos de se lle recoñecer dalgún xeito que o conxunto da sociedade débelle prestar axuda para superar esa situación.

Nunha primeira aproximación a este concepto, obsérvanse en primeiro lugar as desigualdades na distribución da renda, considerándose pobres ós que menos renda reciben. Así, compútase o conxunto da riqueza globalmente producida nun ano determinado no país de que se trate; divídese os fogares do país en dez partes iguais ou *decilas*; e asígnaselle-la cada decila de fogares a parte da renda nacional que de feito recibiu. O resultado gráfico é un cadro de fogares ordenados de menos a máis; dos que a súa visión daráno-lo grao de desigualdade dunha decila a outra en canto á parte que obteñen da chamada renda nacional. É o que por exemplo fai para o conxunto do Estado o Consejo Económico y Social no seu informe “La pobreza y la exclusión social en España”. Reproducimos a continuación este cadro e comentámolo brevemente: (Vid. “*La pobreza y la exclusión social en España*”, páxina 5. *Colección Informes -Número 8. Edit. polo propio CES*).

CADRO 1
INGRESO MEDIO POR FOGAR SEGÚN DECILAS, 1981-1991
(en decilas de ingresos)

Decilas de ingresos	1980-81 (%)	1990-91 (%)
1	2,5	2,7
2	4,1	4,3
3	5,4	5,6
4	6,7	6,8
5	7,9	7,9
6	9,2	9,2
7	10,7	10,7
8	12,6	12,5
9	15,5	15,5
10	25,4	24,7



Fonte: INE. Enquisa de Presupostos Familiares: Desigualdade e Pobreza en España. Madrid, 1996.

Neste cadro observamos con certa aproximación o grao de desigualdade co que se distribuía a renda nacional de España durante a década de 1980-81 á de 1990-91. Vemos por

exemplo que, malia atérense acurtado lixeiramente as diferencias durante esa década, a distancia entra a decila de fogares máis pobres e a de fogares máis ricos ía en 1990-91 do 2,7% ó 24,7% da renda. Por suposto, as diferencias existen tamén dentro de cada decila de fogares. De maneira que se fixésemos un gráfico que dividise os fogares en centilas en vez de decilas, as diferencias entre o 1% de fogares que, reciben menos renda e o 1% que recibiran máis serían aínda moitísimo maiores. Non convén esquecer isto, aínda que a efectos prácticos para este informe imos a seguir utilizando os documentos hoxe máis habituais nos estudos económico-sociais.

No seu II Programa de Loita contra a Pobreza a Unión Europea define ó *pobreza* como “aquela persoa, familia ou grupo nos que os seus recursos -materiais, culturais e sociais- son tan limitados que os exclúen do mínimo nivel de vida aceptable nos Estados membros nos que viven”. Con iso establecía un concepto teórico de pobreza oficial para o conxunto dos países integrados na Comunidade Europea, pero deixando en máns de cada país a responsabilidade de establece-los seus propios parámetros para medir a pobreza segundo o nivel concreto de renda e demais.

Segundo isto, o informe do Consello Económico y Social xa mencionado distingue entre *pobreza moderada e pobreza severa*. Establecen que se atopa baixo o limiar de pobreza moderada aqueles fogares nos que os seus ingresos e gastos están entre o 50 por cen e o 25 por cen do fogar medio do país. Entre estos fogares distingue a súa vez dous estadios: os que oscilan entre o 25 e o 40 por cen, e os que se moven entre o 40 e o 50 por cen. Os fogares que sofren graos de pobreza severa son aqueles que nos gastos e ingresos están por debaixo do 25 por cen, é dicir, que non acadan nin a cuarta parte da media nacional.

Non obstante, os analistas sociais tenden a considerar máis fiable o nivel de pobreza medido a partir do gastos por fogar que os ingresos declarados; e valoran como máis significativa a pobreza atribuída ós fogares que ós individuos.

1.2.3. Pobreza e exclusión social

Polo demais hoxe, en toda Europa incluído o noso país, a noción de pobreza tende cada vez máis a ser substituída pola de *exclusión social*. Considérase que este concepto de exclusión social é máis esclarecedor sobre as causas e os efectos da pobreza. Pero resulta así mesmo máis práctico desde o punto de vista das axudas e servizos que a comunidade debe prestar ós que sofren a exclusión para que poidan volver a participar nos intercambios, dereitos e comportamentos que constitúen a integración social.

Considérase que a exclusión social de non poucas persoas e fogares é consecuencia directa dos cambios estruturais que se veñen producindo nas economías e sociedades de hoxe. Entre estes factores xeradores de exclusión menciónanse os seguintes:

- As mutacións industriais, que deixan a moitas persoas sen traballo e sen que se vislumbre a substitución dos empregos destruídos por outros novos en cantidade suficiente.
- Evolución do sistema de valores, como a solidariedade e a relación entre cohesión e tolerancia.
- Cambios nas estruturas familiares, sociais e de participación.
- Novos fenómenos migratorios, coas súas consecuencias de mestizaxe cultural acelerado.
- A dualidade social de conxunto, xerada por un sistema que é capaz de producir ó mesmo tempo maior cantidade de riqueza e maior número de pobres.

Sobre todo é facilmente perceptible o emprego como vehículo de integración social, e o desemprego de longa duración como fenómeno de exclusión. O mesmo poderíamos dicir da posesión dun domicilio fixo ou a exclusión do mercado da vivenda. Todo iso relacionado coas posibilidades de adaptación ós cambios que proporciona unha boa formación básica, así como unha saúde e idade axeitadas, pero das que quedan privadas as persoas sen estudos, de idades relativamente avanzadas ou de saúde precaria.

Entre os colectivos especialmente vulnerables á exclusión son facilmente observables determinadas minorías étnicas e culturais, como en España boa parte dos xitanos; os inmigrantes recentes sobre todo se carecen de documentación; as familias monoparentais, as persoas afectadas por minusvalías nas súas diversas formas; os que sofren os novos tipos de enfermidades, como a sida ou a demencia senil; os atrapados baixo os efectos das toxicomanías; a poboación reclusa ou ex-reclusa; as entregadas á práctica da prostitución.

Pobreza e exclusión social son realidades con frecuencia relacionadas, pero non sempre.

1.3. TIPOLOXÍAS DA POBREZA EN RELACIÓN COA SÚA ORIXE.

O “Informe sobre a pobreza en Galicia” editado pola Xunta, no seu capítulo 7 trata de establecer-los que chama “itinerarios da exclusión social”. Para iso seleccionou un grupo de familias que previamente foran detectadas baixo o limiar da pobreza relativa. Da información recibida en entrevistas con 75 destas familias, os autores do informe chegaron a establecer tres tipos de “itinerarios” en relación coa pobreza e a exclusión social.

No primeiro tipo de itinerario recolle aquelas familias que naceron na pobreza, e nunca lograron saír dela. Son 21 familias, o que constitúe o 28% do total da mostra. No segundo tipo, atópanse 35 familias (47% da mostra), nos que a súa orixe é pobre ou moi precaria; pero que nalgún momento lograran obter un certo desafogo económico, acabando finalmente, por caer de novo na precariedade. E no terceiro tipo sitúa a 19 familias (25%), nos que a súa orixe non é pobre pero que andando o tempo, caeron na pobreza. Resumimos aquí por separado algunhas das notas que caracterizan ás diversas tipoloxías de pobres.

1.3.1. Os pobres “de sempre”.

Nesta primeira tipoloxía, caracterizada por ter nacido pobre e vivido permanentemente na pobreza, unha ampla maioría caracterízase en primeiro lugar por ser familias numerosas (media de cinco fillos). Proporción que se acrecenta ata os dous tercios no caso das familias de etnia xitana. E na maioría, o cabeza de familia era muller, varias nais solteiras. Dúas destas familias eran inmigrantes de orixe portugués. Na súa orixe, a actividade predominante de 13 destas familias era a agricultura, dividíndose entre xornaleiros ou labregos sen terras propias e cultivadores de pequenas parcelas para a economía de autoconsumo. Algúns intentaron superar esta pobreza buscando traballo na construción, pero viron truncada a súa esperanza por enfermidade, abandono do cabeza de familia ou a precariedade mesma do traballo.

Outra característica é o baixísimo nivel cultural. De feito, 11 destes cabezas de familia eran analfabetos totais, e outros 8 len e escriben con dificultade. O que non pode sorprender a ninguén, se 15 (do total de 21) tiveron que se poñer a traballar antes dos 10 anos.

Destas 21 familias, 16 intentaron supera-la situación de pobreza emigrando algún dos seus membros. Pero tampouco na emigración tiveron o éxito suficiente como para poder sacar da pobreza ó conxunto da familia.

As familias deste primeiro grupo pasaron tamén, por suposto, por altos e baixos, mellorando lixeiramente ou empeorando aínda máis a súa situación. Pero sempre, como di expresivamente o citado informe oficial, sen conseguir “emerxer do pozo da pobreza”. Os puntos de inflexión que máis frecuentemente frustraron os seus intentos de supera-la pobreza viñeron dados por factores como a enfermidade, a invalidez ou a morte. Nestes casos, chega-la percibir unha pequena pensión de invalidez ou unha pensión non contributiva, supoxo un alivio considerable.

1.3.2. Os que saíron da pobreza, pero logo recaeron nela.

O segundo tipo de pobreza en relación coa súa orixe, está constituído por aquelas familias que nacendo na pobreza, lograron saír dela, pero logo víronse abocados de novo a recaer na pobreza e a exclusión social. A este grupo pertencen 35 das 75 familias estudadas.

Neste grupo de familias, tende a diminuí-la porcentaxe das numerosas. E aínda que a maioría aínda foron numerosas na súa familia de orixe, logo este feito reproducese menos nas familias da nova xeración. Se nas familias de orixe a media de fillos era de 5,2, nas familias xoves é de 2,5. Entre as familias deste segundo grupo non existe ningunha da etnia xitana. Sí hai tres familias de orixe portugués con moitos fillos, e nas que dous cabezas de familia eran fillos de nais solteiras.

Neste grupo de familias, o traballo agrario tende a se combinar con outro tipo de ocupación, como a construción. En 24 dos 35 casos, o cabeza de familia ou algún outro membro emigrou (sudamérica, países europeos, dentro de España) nun intento por mellora-la súa sorte. É precisamente a consecución ou perda do traballo alleo á agricultura, ou a mellor ou peor sorte tida na emigración, o que condiciona as saídas do círculo da pobreza ou as recaídas nel.

Tamén, a forma en que con frecuencia invertiron os cartos gañados na emigración: construír a súa propia casa, adquirir algunhas terras ou vacas máis. A miúdo, a súa falta de formación económica impedíulles conectar coas grandes correntes da historia e foron desbordados por forzas moi superiores a eles (lograron aumenta-lo número de vacas ou a cantidade de terras; pero non influir nos prezos do leite, os piensos ou as patacas. Gastaron en facer unha casa mellor; pero nun pobo alonxado dos postos de traballo e os colexios para os seus fillos). Polo demais, neste grupo só 2 cabezas de familia eran analfabetos totais, e 19 tiñan estudos primarios. Dos 35 cabezas de familia, 23 comezaran a traballar antes dos 10 anos. Aínda que lograron períodos de unha certa folgura económica, non conseguiron remontar de forma estable a situación de pobreza.

Esta situación de pobreza na que recaeron atópase hoxe aliviada (que non superada) por as prestacións sociais (pensións de velez, de viuvez, de invalidez, prestacións de paro) que perciben uns ou outros membros destas familias. Polo contrario, atópanse agravadas pola necesidade de seguir axudando ós fillos xa maiores que non teñen traballo ou caeron na drogadicción.

1.3.3. Os que non naceron pobres, pero caeron na pobreza.

Finalmente, o terceiro grupo está constituído por aquelas familias que, non nacendo na pobreza, foron caendo nela a través do seu itinerario biográfico. Fórmano 19 das 75 familias estudadas.

Nas familias de orixe deste grupo prevalece así mesmo o carácter de numerosas (12 das 19), que descende a 5 nas de segunda xeración. Soían ser na súa orixe familias de artesáns, pequenos comerciantes ou outros oficios, aínda que a actividade agrícola puidese coexistir como complementaria. Vivían un pouco mellor que a maioría e no seu medio non eran considerados pobres.

O que xeralmente produciu a caída na pobreza foi a desestructuración familiar causada, nalgún momento, pola morte ou abandono do pai, así como polas consecuencias da Guerra Civil.

Entre os cabezas de familia deste grupo ningún era analfabeto, tendo 10 os estudos primarios e 5 o graduado escolar. Entre os seus fillos, 7 cursaron a ensinanza media e 3 a superior. En 8 casos o cabeza de familia chegou a emigrar xunto con outros membros da familia. O obxectivo que se propoñían era, fundamentalmente, gañar cartos e logo regresar a Galicia. Nalgúns prevalece o afán de *“poder darlles cultura ós fillos”*.

Hoxe, xa vidos a menos, o marido soe traballar no que pode e cando pode; e a muller tamén traballa ou traballou no servizo doméstico, a limpeza, a costura, etcétera. É a falta dun traballo permanente (só 3 o teñen) a principal causa de que se atopen na pobreza. Nunha parte dos casos hai que ter tamén en conta que, ó se tratar de emigrantes retornados que non cotizaron á Seguridade Social, só perciben pensións de xubilación de moi escasa contía ou das non contributivas.

Nalgúns dos casos de familias máis xoves pero xa independentes, están sendo axudados por pais e sogros, con frecuencia pensionistas ou con algúns aforros. A súa situación real de pobreza queda así en certo modo camuflada ou vivida de forma vergonzante.

1.4.- POBREZA RURAL E POBREZA URBANA.

O xa mencionado Informe da Xunta distingue así mesmo dúas modalidades ou tipos de pobreza e exclusión en Galicia, segundo o “ámbito socio-territorial” no que os pobres as sofren. E neste aspecto considera importante diferenciarla “pobreza rural” e a “pobreza urbana”.

O presente informe do Valedor do Pobo quere centrar nas situacións de discriminación, marxinação e exclusión social tal como se dan na sociedade galega. A pobreza interésanos en canto constitúe o máis importante factor de marxinação e exclusión, nunha sociedade na que a maioría dos seus membros viven nunha situación folgada ou alomenos desafogada. O fundamental, polo tanto, é o feito de ser pobre. Pero recoñecemos tamén, por outra parte, que aquí en Galicia, o feito de ser pobre reviste modalidades diferentes en diversos aspectos, segundo que se pertenza ó mundo rural ou ó urbano. Empezando porque o pobre dunha pequena aldea é, para ben e para mal, recoñecido por todos como pobre. Mentres no anonimato da cidade, ó cidadán corrente sempre lle pode quedar a dúbida de se quen lle tende a mán en solicitude dunha esmola é un pobre verdadeiro ou é outra cousa.

As características sociodemográficas e niveis de pobreza dos cabezas de familia pobres en Galicia, tanto no ámbito rural coma no urbano, quedan resumidas no mencionado Informe da Xunta no seguinte cadro, que reproducimos a continuación numerado como cadro 2.

Cadro 2

ÍNDICES DE POBREZA SEGUNDO DIFERENTES CARACTERÍSTICAS DO CABEZA DE FAMILIA ÁMBITOS RURAL E URBANO (1993)		
SEXO	RURAL	URBANO
Home	17,8	9,5
Muller	15,3	16,7
IDADE		
Ata 24 anos		
De 25 a 49 anos	17,5	8,0
De 50 a 64 anos	26,5	15,0
65 e máis	7,8	10,3
ESTADO CIVIL		
Casado	17,4	10,5
Soltero	15,4	7,1
Viúvo	19,5	17,1
NIVEL DE INSTRUCCIÓN		
Analfabeto	19,6	22,6
Est. Primarios	16,6	15,4
Graúdo Escolar	4,8	6,3
TOTAL	17,4	10,9

Fonte: Fonte Táboa 93, páxina 307

O primeiro dato que resalta neste cadro é que, se no mundo rural os cabezas de familia pobres son homes en maior proporción ca mulleres, no mundo urbano sucede todo o contrario: é moito maior a proporción de cabezas de familia pobres que son mulleres con respecto ás de homes. É dicir, a afirmación de que a pobreza se está *feminizando* responde moito máis á realidade urbana que á rural.

Se nos atemos á idade dos cabezas de familia pobres, vemos que a súa porcentaxe dispárase entre os 50 e os 65 no campo (25,6 por cento de pobres, fronte a un 15 por cento na cidade). E que, polo contario, a partir dos 65 anos (a idade habitual da xubilación), a proporción de pobres pasa a ser sensiblemente maior na cidade ca no campo.

1.4.1. A xubilación ten repercusións moi diferentes.

Este dato é sumamente significativo, e non fai senon vir a corrobora-lo que calquera bo coñecedor da nosa sociedade observou por si mesmo en múltiples ocasións: a situación enormemente distinta que en Galicia ten o feito de se xubilar ou estar próximo a facelo, segundo que se trate do mundo rural ou do urbano. Significación que está directamente relacionada co nivel e calidade de vida, e coas posibilidades de caer na pobreza ou saír dela.

No mundo urbano, a gran maioría da xente traballa por conta allea, e xa se sabe que a maioría das pensións soen ser inferiores ó salario que se estaba percibindo antes de se xubilar. De ahí que moitas persoas, sobre todo as de pensións máis baixas, ó se xubilar acércanse máis ós niveis de pobreza ou caen neles. Unha pequena pensión, ou incluso dúas, soe resultar moi escasa para pagar o aluguer da casa, gastos de comunidade, alimentación e demais; non digamos se a isto se engade que hai que seguir axudando a algún fillo sen traballo.

Pois ben, no mundo rural soe suceder todo o contrario. O angustioso soe se-la prexubilación. Os anos, 60 a 64 sobre todo, nos que o home e a muller pequenos campesiños autónomos teñen que estar facendo toda clase de esforzos para aboa-las súas cotizacións á Seguridade Social. Unhas cotizacións que ascenden na rama agraria a unhas 40.000 pesetas mensuais, e que corren totalmente pola súa conta ó figurar como autopatróns. Supostos empresarios dunhas unidades de produción que apenas cobren o autoconsumo pero case non

producen diñerio contante e sonante. Ás veces é a axuda dalgún fillo emigrante ou dalgún avó pensionista a que vén a lles alivia-la carga dos pagos. Outras veces só poden cotizar por un dos membros da parella, quedándose o outro en espera de se afiliarse á S.S. cando o de maior idade comece a cobrar. En non poucos casos, un quédase descolgado, sen outra esperanza que o que poidan percibir como complemento de cónxuxe a cargo ou por viuvez.

A sorte destes pequenos campesiños, que son moitos miles, cambia totalmente desde o día que se xubilan; sobre todo se logran ámbolos dous cobrar a súa propia pensión. Deixar de ter que pagar, e empezar a cobrar. A xubilación significa para eles quizáis empezan a sentirse economicamente independentes por primeira vez na vida. O cambio de situación é para eles verdadeiramente substancial e cualitativo; a xubilación cobra realmente o seu sentido etimolóxico: *júbilo, jubileo*. Sobre todo mentres a saúde lles acompañe. Pois ademais duns ingresos seguros, poden continuar vivindo no seu propio medio; seguir facendo algúns traballiños nas súas parcelas, pero xa sen a presión da estricita necesidade; axudar incluso a algunha filla sen traballo ou neta con capacidade para os estudos.

En relación coa caída na pobreza ou a saída dela, o que máis netamente diferencia o mundo ural e o urbano é, probablemente, esta diferenza de repercusións que nun e outro ten o feito de se xubilar.

1.4.2. Outros aspectos diferenciadores.

A vivencia da pobreza imposta (outra cousa sería a pobreza persoalmente elixida como opción de vida), ten tamén outros aspectos diferenciadores segundo que se padeza no mundo ural ou no urbano. Enumeramos aquí algúns.

Sobre todo en certas zonas rurais especialmente illadas ou singularmente agrestes (altas montañas de Lugo ou Ourense), é difícil evita-lo presentimento de que se pertence a un mundo en extinción. As vivendas, ou pechadas xa e baleiras ou ocupadas case exclusivamente por anciáns. Nacementos xa non hai e cada defunción é un novo recordatorio de que “aquí, en sete ou dez anos máis, xa non queda ningún”. Entre os totalmente sós e con moita idade, vaixe aceptando rematar nunha residencia de anciáns, se se logra conseguir praza. As leiras quedan ermas. Os camiños xa non se arranxan. Aínda que gracias a pensión e a horta propia, xa non falta a comida, sobrevívese sen horizontes. Apenas hai posibilidades de contacto social. É un mundo arrumbado, alleo ó outro mundo en plena transformación, ó que ó seu paso xa hai tempo que non se pode ir. Ademais de personal e familiar, a pobreza aquí é tamén ambiental, común, resignada e imposible sequera de soñar con se superar.

No mundo urbano, polo contario, ser pobre fronte a un mundo de abundancia e opulencia, alomenos aparentes. O pobre habita en vivendas malas. Na cidade, a solidariedade dos veciños é menos probable, ó se descoñecer uns a outros. A soedade individual é máis frecuente, sobre todo entre os anciáns viuvos ou separados. O paro ou o traballo temporal, sobre todo se é sofrido polo cabeza de familia, é a causa máis común de caída na pobreza. As pensións baixas ou non contributivas resultan totalmente insuficientes para chegar ó fin de mes, sobre todo se boa parte delas se vai en paga-lo aluguer da vivenda, como sucede frecuentemente no mundo urbano. O paro xuvenil, a drogadicción, o caso das nais solteiras ou as separadas con fillos ó seu cargo, son outros tantos sectores problemáticos que constitúen ás veces causa directa e outras son tamén consecuencia da pobreza no mundo urbano.

En certo modo quizáis poderíamos resumir esta diferenciación entre pobreza rural e pobreza urbana da forma seguinte. O núcleo duro dos pobres do medio rural está formado por traballadores tan pobres que o produto do seu traballo deixaos excluídos á hora de competir no mercado. Algo parecido ó que os anglosaxóns chaman *working poor*. E o núcleo duro da

pobreza no mundo urbano caracterízase pola falta de traballo e as súas consecuencias: drogadicción que arrastra cara o delito como loita pola supervivencia...

1.5. PARA A CUANTIFICACIÓN DA POBREZA EN GALICIA.

¿Cántos son realmente os pobres en Galicia? ¿Cantos viven en necesidade severa ou extrema e que, polo tanto, a sociedade se debe ocupar de axudalos?.

No conxunto de Europea (a UE á que pertencemos) existen diversos baremos xa comunmente aceptados para medi-la pobreza e os seus diversos niveis. Segundo estes baremos, soése distinguir en primeiro lugar entre niveis de *pobreza relativa* e niveis de *pobreza severa*. A *pobreza relativa* afectaría a aqueles cúa renda é inferior ó 50% da renda media do conxunto do país onde viven. E a *pobreza severa* ós que perciben menos do 25% da renda media. É dicir, que se sumano-lo conxunto da riqueza producida por un país (PIB) nun ano determinado e efectuamo-la operación matemática de dividila por igual entre o conxunto dos seus habitantes, obterémos a renda media ou renda *per cápita* dese país. Pero esa sería a distribución estatística ou matemática. Logo hai que atender á distribución efectiva. É dicir, canto percibiu realmente cada habitante ou grupo de habitantes. Pois a distribución real nunca será igualitaria, senón amplamente desigual. Pois ben, dicimos que están baixo o limiar de *pobreza relativa* aqueles habitantes que percibiron menos da metade (50%) da renda media do conxunto. E que están en situación de *pobreza severa* os que percibiron menos da cuarta parte (25%) da media.

Para afinar máis este concepto de pobreza, non temos máis que ir aumentando o número de tramos de poboación a analizar. De aí que se tenda a dividi-la poboación en *decilas*, como xa observamos noutra parte deste informe. Alí observamos cómo as desigualdades entre os tramos inferiores e os tramos supremos da escala multiplícanse na distribución real da renda.

Pero para ós efectos do que neste punto queremos aclarar basta, o exemplo seguinte. Se a renda medida dun país fose por exemplo de 50.000 pestas mensuais, consideraríamos que viven nesa pobreza relativa os habitantes que percibisen menos das 25.000 pesetas mensuais e baixo pobreza severa os que perciben menos das 12.500.

Un matiz importante a ter en conta é que, ata o de agora, a maior parte das estatísticas miden o Producto Interior Bruto (PIB) e a súa distribución a escala do conxunto de España, non de cada comunidade autónoma, por separado. De aí que ó tratar de cuantificar concretamente os pobres de Galicia, atopámonos moi escasos en canto a estatísticas actualizadas; e que os cálculos que se fan para intentar deduci-las cifras galegas é difícil verificar hata qué punto foron rigurosamente contrastados.

De aí que, ó tratar de cuantifica-la pobreza en Galicia, neste informe do Valedor do Pobo optásemos por elaborar un cadro propio, partindo dos datos que nos ofrecen diversas fontes e criterios. Os analistas sociais conceden maior fiabilidade á cuantificación da pobreza polo número de fogares ca polo de persoas. Pero aquí ofrecemos tanto o número de fogares pobres coma o das persoas, calculando que o fogar medio de Galicia é de 3,58 membros segundo o Consello Económico e Social de Galicia.

Cadro 3. Número de fogares e de persoas pobres en Galicia.

Escala e %	Nº de fogares	Nº de persoas
A escala do conxunto de España (16,9%)	131.864	472.073
A escala de Galicia (13,8%)	107.676	385.480
Baixo límites legais de subsistencia, calculados en 1993. (2,4%)	18.726	57.039
Baixo límites legais de subsistencia, calculados polo CES en 1997 (5,1%)	40.000	143.200
Según informe de Caritas de Galicia (xuño de 1998) (con escala europea: por debaixo do 50% da renda media); e por debaixo do 25% para a pobreza severa	19,9% do total dos fogares = 150.000	595.000 (22% do total de habitantes) en pobreza relativa. 136.540 en pobreza severa

* Elaboración propia a partir das diversas fontes e criterios.

1.5.1. Explicación do cadro.

Neste cadro ofrecemos, na columna da esquerda as porcentaxes de pobres que hai en Galicia, segundo diversos criterios e escalas con que foron avaliados. Na columna segunda traducímolos a número de fogares pobres, e na terceira columna o número de persoas que sufrirían pobreza segundo a fonte que os avalía e o criterio que utiliza.

As tres primeiras porcentaxes están tomadas do xa mencionado “Informe sobre a pobreza en Galicia” editado pola Dirección Xeral de Servicios Sociais da Xunta, e refírense ó ano 1993. Ofrece primeiro a porcentaxe de pobres (16,9%) relativos que corresponderían a Galicia se se miden en relación coa renda media de España no seu conxunto do ano 1991. Logo

ofrece a porcentaxe de pobres (13,8%), pero calculándoos polo que sería a renda media de Galicia do mesmo ano. En terceiro lugar ofrece a porcentaxe dos galegos que en 1993 estarían baixo o limiar do que este informe chama pobreza severa e que tamén se podería calificar de *extrema pobreza* (2,4%). Pois o criterio europeo antes enunciado (que perciban menos do 25% da renda media), está correxido segundo o concepto legal establecido en Galicia para os que se atopan en limiares inferiores ás rendas consideradas mínimas ou de subsistencia e que, como tales, terían dereito a reclamar axudas dos Servicios Sociais da Xunta.

Na cuarta porcentaxe (5,1%), así como os números de fogares e persoas pobres que ofrecemos nas columnas segunda e terceira, deducímolos de diversos datos ofrecidos polo Consello Económico e Social de Galicia. Segundo este informe do CES galego, feito público en abril de 1997, en Galicia existirían un total de 780.266 fogares, cunha media de 3,58 persoas por fogar, o que arrocharía un total de 2.793.352 persoas. E nunha recomendación que fai á Xunta para centra-los seus esforzos na loita contra a exclusión social, calculando nuns 40.000 fogares (5,1%) os que se atopan inmersos na extrema pobreza. O que nos daría as 143.200 persoas que ofrecemos na parte inferior da terceira columna. Polo demais, o mesmo Informe do CES estima que no conxunto de España existen “entre 6 e 8 millóns de pobres (entre 13% e 18% da poboación), segundo os distintos estudos, malia a que as taxas diminuíron entre 1980 e 1990”.

Outra avaliación, estatisticamente moi fiable aínda que matizando que está feita tomando como base a distribución da renda per cápita do conxunto de España (non a de Galicia por separado, que se calcula ó redor dun 7 por cento inferior), é a que nos ofrece o Consello Económico e Social titulado “A pobreza e a exclusión social en España” e feito público en marzo de 1997. Ó distribuí-los por comunidades autónomas a pobreza e a exclusión social correspondente a 1990-91, este informe distingue catro tramos de pobreza. Pois ben, para esas datas, a Galicia asígnanlle as seguintes porcentaxes e número de pobres. O total de “poboación pobre” o que percibe menos do 50 por cento da renda media (calculada a escala española), o

avalía nun 23,6% equivalente a uns 628.000 galegos. Baixo o nome de “pobreza moderada” distingue dous tramos: ós que perciben unha renda que vai do 40 por cen ó 25 por cen da renda media asigñanlles unha porcentaxe de 9,2 por cen da poboación equivalente a 252.000 galegos. Por último, establece en 78.000 persoas as que en Galicia vivirían en situación de “pobreza severa” ou extrema pobreza, o que na porcentaxe viría a dar o 2,9% do total.

Pola súa parte, un informe dado á prensa na primeira quincena de xuño de 1998 e elaborado por Cáritas Nacional Fundación Foessa* distingue catro niveis. Recolle en primeiro lugar unha porcentaxe de pobreza relativa na España de hoxe. Sofren pobreza relativa os que perciben mensualmente menos do 50% da renda media nacional, é dicir menos de 44.000 pesetas por persoa e mes. Asegura que nesta situación existen 8.509.000 persoas, aproximadamente un 20 por cen da poboación. Segundo este criterio, en Galicia habería 576.000 persoas en pobreza relativa, dun total de 2.800.000 habitantes. Na provincia de Ourense (similarmente a outras provincias que limitan con Portugal) este nivel de pobreza relativa acadada ó 32,2 por cen de toda a poboación.

O informe de Cáritas cualifica logo como pobreza *moderada* á que afecta a aquelas persoas ás que os seus ingresos mensuais oscilan entre 22.500 e as 31.500 pesetas ó mes.

Como pobreza *extrema* é calificada a daquelas persoas ás que os seus ingresos mensuais son inferiores ás 12.000 pesetas. Nesta situación atópanse ó 5,6% de toda a poboación galega, o que equivaliría a unhas 166.800 persoas.

Este informe de Cáritas-foessa localiza a maior porporción destes pobres entre os xoves de menos de 25 anos, a maior parte urbanos, a diferenza de antes que se localizaban entre

* “As condicións de vida da poboación pobre en España”, Fundación Foessa e Caritas. Xuño de 1998

los anciáns do campo. Tamén chama a atención sobre o feito de que, en xeral, as familias máis pobres son máis numerosas cas do resto da poboación.

Como avaliación tamén complementaria, poderíamos menciona-la que en setembro de 1997 foi presentada á prensa en Santiago pola Secretaría de Relacións Institucionais e Acción social do sindicato CCOO. Facémonos eco dela, aínda que non sabemos-lo método e escala (se estatal ou galega) con que foi elaborada.

Segundo esta avaliación sindical, en Galicia son 442.407 as persoas que viven baixo o nivel de pobreza relativa ou moderada, entendendo tódalas que perciben menos de 44.255 pesetas mensuais. Na porcentaxe, serían o 19,9% da poboación.

1.5.2 Conclusión valorativa.

Pola nosa parte somos conscientes de que tal variedade de fontes, escalas, terminoloxías, datas das estatísticas e tramos de pobreza que se distinguen, pódese prestar un pouco á confusión. Pero preferimos ofrece-las diversas cifras e avaliacións manexadas polos expertos, e deixar que cada un saque delas a súa propia cuantificación. En último termo, a pobreza non deixa de ser un concepto relativamente escurridizo. É sempre unha realidade material e, ó mesmo tempo, unha apreciación social. Para os efectos prácticos, depende tamén moito do obxectivo que pretendemos ó tratar de cuantificala.

Se optamos por facer unha cuantificación a partir do baremo máximo, podemos quedarnos coas máis de 470.000 persoas que se nos daban en 1993, ou as máis de 440.000 que CC.OO. expoñía en 1997. Se preferimos fixa-la nosa atención nos resultados do baremo mínimo o número de fogares e persoas que viven na exclusión social e moi próximo a ela, entón acolleríamonos á cifra de 40.000 fogares que nos daba en 1997 o Informe do Consello

Económico e Social (CES) de Galicia. Deste dato deducimos que se trataría do 5,1% de tódolos fogares galegos e que equivalen a 143.200 persoas vivindo na extrema pobreza.

Desde o punto de vista da loita contra a pobreza en canto factor principal de marxinação e discriminación en Galicia (materia do presente informe), parece que a conclusión debe ser dobre. Os obxectivos máximos só se poden conseguir progresivamente, mellorando as políticas de redistribución económica para ir diminuindo as desigualdades. Se nos marcamos-lo obxectivo de erradicar a miseria e reinsertar ós socialmente excluídos, cuantitativamente é un obxectivo máis modesto pero en realidade constitúe un obxectivo máis urxente xa que está á nivel de loita directa en defensa dos dereitos humanos. Inscríbese nun horizonte plenamente constitucional. Acadalo constituiría o gran desafío que se deberían propoñer uns Servicios Sociais dignos deste nome.

1.6. A PROTECCIÓN SOCIAL FRONTE A POBREZA SEVERA EN GALICIA.

No noso tempo, foron xurdindo nos diversos países sistemas de protección social contra a pobreza, a discriminación e a exclusión. Responden á idea humanitaria de que aqueles individuos ou grupos, que, polas causas que sexan, son vítimas da extrema pobreza e a exclusión deben ser axudados pola sociedade e o Estado para superalas.

1.6.1. Documentos da ONU e obxectivos da Unión Europea.

É nesta liña que a Organización das Nacións Unidas promulgou para todo o mundo a súa Declaración universal dos dereitos humanos, seguida logo da declaración sobre o progreso e o desenvolvemento social e o pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais,

ratificados por España. Máis recentemente (marzo de 1995), na súa cumbre mundial de Copenhague, a mesma ONU aprobou un decálogo de compromisos para loitar polo desenvolvemento social dos pobos.

A nivel práctico de realización promovidas polos Estados, hai que citar como pioneiros os sistemas de protección social postos en marcha en países como Dinamarca, Gran Bretaña, Holanda, entre outros.

En canto á antes chamada CE e actualmente Unión Europea, da que formamos parte, hai que mencionala Carta Social Europea, o Código Europeo de Seguridade Social, a Convención Europea de Seguridade Social, o Fondo de Desenvolvemento Social do Consello de Europa; así como as diversas directrices e recomendacións en que se enfoca a loita contra a pobreza e a exclusión social a partir dunha concepción estrutural e multifactorial. A partir de 1975 fóronse poñendo en marcha tres programas quinquenais europeos de loita contra a pobreza; e desde 1990 funciona o “Observatorio de políticas nacionais de loita contra a exclusión social”. Ultimamente, a Unión Europea marcouse como obxectivo que, en cada un dos países que formamos parte dela, se recoñeza a tódolos cidadáns o dereito a obter uns recursos económicos mínimos con que poder subsistir. Considera que ó redor de 53 millóns de persoas no conxunto dos países comunitarios están baixo o limiar da pobreza, e que na maioría deles esta porcentaxe de poboación ronda o 15%.

1.6.2. Heteroxéneo mosaico de sistemas de inserción no Estado español das autonomías.

No actual Estado español das autonomías, as competencias en materia de asistencia social están traspasados ás Comunidades Autónomas. Por outra parte, estas competencias foron transferíndose ó nivel autonómico sen que antes se establecese a nivel do Estado un modelo normativo e organizativo que servise de punto básico ó desenvolvemento dos servicios sociais nas diversas comunidades. Isto posibilitou, e aínda forzou, a cada comunidade autónoma a desenvolver-la súa propia normativa e establece-los seus propios plans de loita contra a pobreza e a exclusión. O resultado foi ata o de agora a configuración dun verdadeiro mosaico de sistemas de inserción social dentro do Estado español. Mosaico que o Informe do CES (galego) resume así: “17 regulacións diferentes, con distintos requisitos de acceso, distintas prestacións, distintas contías e distintas obrigas”. O que, como non podería ser menos, “deu como resultado un sistema de salarios sociais absolutamente heteroxéneo que non axuda a establecer situacións parellas entre os posibles beneficiarios das prestacións, malia a que as necesidades a cubrir sexan practicamente idénticas”*

Os diversos sistemas parten da idea de que aqueles fogares ou persoas que non acaden un mínimo de rendas deben ser axudadas para supera-lo limiar da pobreza severa. Sen embargo, ó organiza-lo seu propio sistema de axudas hai comunidades que non establecen estas axudas como un verdadeiro dereito subxectivo, e outras que fan depende-la súa concesión das disponibilidades orzamentarias.

Na maioría das comunidades autónomas foise establecendo dous tipos de axudas para loitar contra a pobreza severa e a exclusión. Un tipo de axudas, chamado de garantía de rendas mínimas ou tamén “salario social”, destinado a asegurar ós fogares máis pobres un mínimo de ingresos fixos que se considera imprescindible para cubri-las necesidades básicas da vida. Este

* “Informe “A Pobreza e a Exclusión Social en Galicia”, pax. 45-Consello Económico e Social de Galicia, abril de

tipo de axudas son fixas, e periódicamente revisables se cambia a situación económica do que as recibe. O outro tipo está constituído por axudas de emerxencia, concedidas esporádicamente para facer fronte a algunha necesidade excepcional: paga-lo aluguer dunha vivenda para evitar un desafiuzamento, comprar uns lentes, adquirir unha cadeira de rodas, etcétera.

No recoñecemento de ámbolos dous tipos de axudas e poñelas en marcha, foi pioneiro sobre todo o País Vasco, desde o ano 1989 que comezou a implantalas.

1.6.3. Legalidade teórica e aplicación práctica do sistema galego de inserción social.

Desde o punto de vista teórico-legal, Galicia é unha das dúas comunidades autónomas que, xunto co País Vasco, estableceu as axudas de inserción social como un dereito subxectivo, esixible incluso ante os tribunais. Logo veremos ata qué punto esta xenerosa concepción se fai ou non efectiva na práctica.

Pois, polo de pronto, atopámonos xa cun gran contraste entre a porcentaxe de gastos que Galicia vén destinado a facer efectiva a reinserción e os que invirte o País Vasco. Se tomamos como termo de comparación o diñeiro gastado en garantía de rendas mínimas durante o ano 1993 (último do que puidemos dispoñer dos datos de tódalas CC.AA.), vemos que Galicia cos seus pouco máis de 540 millóns só gastaba o 2,6% do que invertía o conxunto de España. Polo contrario o País Vasco, cos seus 4.270 millóns, acadaba o 20,6% de todo o que invertía España enteira. É obvio que esa abismal diferenza non estaba en proporción nin coas diferenzas do PIB, nin coa da poboación, nin con calqueroutro factor que non fose a vontade

política. Neste tempo de configuración do Estado das autonomías, tanto a normativa legal como as accións prácticas de loita contra a pobreza e a exclusión social veu sendo impulsada desde diversos niveis. Pois aínda que as competencias sobre servizos sociais se traspasaban ás Comunidades Autónomas, éstas necesitaban un tempo para ir xerando a súa propia normativa e organización. De aí que, inevitablemente, houberon de funcionar durante un tempo respondendo a impulsos e iniciativas non sempre ben coordinadas. Isto non podía menos de deixar senti-los seus efectos tamén en Galicia.

1.6.4. A nivel estatal.

Con motivo de se crear en 1988 o Ministerio de Asuntos Sociais, xurdiu tamén no mesmo ano o proxecto de poñer en marcha o Plan Concertado para o Desenvolvemento de Prestacións Básicas de Servizos Sociais. Pretendíase con el artellar unha Rede Pública de Servizos Sociais, en coordinación entre os tres niveis da Administración: central, autonómica e local. Este Plan quedaría co tempo truncado, chegando incluso a desaparecer-lo Ministerio como tal.

No ano 1993, este Plan supoñía un pouco máis de 41.545 millóns de pesetas de fondos estatais, distribuídos entre as diversas Comunidades Autónomas. Deste diñeiro, Galicia recibía ó redor de 3.073 millóns, e ocupaba polo volume de diñeiro o sexto lugar entre as quince CC.AA. Polo contario, no esforzo autonómico que cada Comunidade efectuaba en gastos sociais ese mesmo ano, medido en pesetas, a Galicia autónoma só dedicaba unha media de 1.126 pesetas por persoa, ocupando o lugar undécimo entre o conxunto de CC.AA. É dicir,

dende a Administración central tratábase bastante mellor ós nosos propios pobres que desde a Administración autonómica.*

1.6.5. Analise da Lei 9/1991, de Medidas Básicas para a Inserción Social (RISGA) e da súa aplicación de feito.

O 2 de outubro de 1991 era promulgada en Galicia a Lei de Medidas Básicas para a Inserción Social (RISGA). En sí mesma, hai que calificar esta Lei como unha proposta valiosa, orientada a loitar contra a extrema pobreza e a exclusión social. É a nosa lei de “salario social” ou de garantía de ingresos mínimos de subsistencia, e ó mesmo tempo prevía un plan de inserción social para aqueles fogares que estivesen por debaixo dese nivel de subsistencia. Prevía así mesmo unhas “axudas para situacións de emerxencia social”, que se poderían prestar a aquelas persoas e fogares que atravesasen por situacións puntuais de necesidade especialmente urxente. Se o “salario social” tendía a completar uns ingresos mínimos periódicos para aqueles que non os acadasen por si mesmos, as “axudas de emerxencia” estaban destinadas a paliar situacións extremas transitorias: evitar un desafiuzamento por imposibilidade de paga-los atrasos da vivenda, comprar unha cadeira de rodas a un inválido, arranxos elementais nunha vivenda. Obxectivos que quedaban axeitadamente así no artigo 1 da lei: “*A presente lei ten por obxecto a creación e o desenvolvemento dun conxunto coordinado de medidas orientadas á loita contra a pobreza na comunidade autónoma de Galicia e á reinserción social e/ou laboral das persoas afectadas polas diferentes formas de exclusión e marxinación social*”.

* Vide o Informe do Consello Económico e Social “A pobreza e a exclusión Social en España”, páxinas 139 e

Os obxectivos xerais enunciados por esta Lei aparecen a simple vista como do máis razoable e xusto. Pero logo, a través do articulado xeral e, sobre todo, da aplicación práctica que se veu facendo desta lei, o cumprimento destes obxectivos veu quedando excesivamente limitado.

En primeiro lugar, Galicia é a comunidade autónoma que máis tempo esixe de empadramento anterior para poder optar a estas axudas. “cinco anos polo menos” (art. 9). Tódalas leis de reinserción das demais comunidades autónomas esixen moito menos tempo. A Lei de Castela-A Mancha nin sequera sinala prazo. O País Vasco, Madrid, Aragón, Valencia e Canarias, entre outras, esixen só un ano de anterioridade no empadramento. Asturias e Baleares esixen dous anos. É claro que ó esixir como mínimo cinco anos de residencia efectiva e empadramento, aumentados no caso dos estranxeiros co tempo que lles levase conseguilo permiso de residencia en España, quedaban xa excluídos das axudas da RISGA tanto a gran maioría dos inmigrantes coma os que viñesen para Galicia doutras partes de España.

Por outra parte (art. 8) exclúe tamén dos dereitos a estas axudas a aquelas persoas que por moi grave que sexa a súa necesidade, non tivesen exercitado o seu dereito a recibir alimentos daqueles familiares que legalmente teñan o deber de prestarlles. E o peor é que a Administración galega non asume nesta lei ningunha obriga (como o fai por exemplo a lei de Cataluña) en canto a exercitar esta acción reclamatoria respecto dos familiares obrigados. A consecuencia diso é que os membros máis pobres e menos informados das familias mal avidas ou escasamente responsables quedan na práctica excluídos tamén destas axudas. Nada extraño pode así resultarno-lo feito de que, de tódalas solicitudes de axudas desestimadas durante o ano 1995 (último do que dispoñemos de datos), o 25% foran desestimadas por existir familiares que

se supón que están obrigados a axudar; e outro 4% foron negadas por non ter exercitado antes as accións pertinente (supónse que ante estes familiares).*

Outro aspecto cando menos extraño da lei galega, é que ó calcula-la contía das axudas en función do tamaño dos fogares, discrimina de feito ás familias numerosas. E quen primeiro o sinalou foi o “Informe sobre a pobreza en Galicia, editado pola propia Xunta (páxs. 246-247).

Discriminados, sinala este informe oficial, polo método que a RISGA escolleu para determina-la contía das axudas. Segundo prevé o artigo 12 da lei, a contía global da axuda que se concede a un fogar está determinada, dunha parte por un “subsídio básico” ó cabeza do fogar, e doutra parte un “complemento variable, en función do número de membros do fogar”. O subsidio básico establécese nunha cantidade “equivalente ó importe mensual da pensión non contributiva individual”. O complemento variable fíxase en función do número de membros do fogar, pero cunha determinante limitación: que “en ningún caso a suma dos importes anteriores poderá supera-lo salario mínimo interprofesional”.

A estes datos hai que engadi-la realidade comprobada de que, hoxe por hoxe, o tamaño medio ou número de membros dos fogares pobres é maior que o dos fogares non pobres.

Apliquemos esta normativa da RISGA a casos concretos, que sen dúbida serán frecuentes entre os fogares perceptores das axudas da RISGA. Se a pensión individual non contributiva estivese fixada, por exemplo en 34.00 pesetas mensuais, esa é a cantidade que a RISGA daría a unha persoa pobre de entre 25 e 65 anos que vivise soa no seu fogar (fogar unipersoal) e non tivese outros ingresos. Pero se un fogar en pobreza severa estivese formado

* Vide “Informe sobre a Pobreza e a Exclusión Social en Galicia”, páxinas 50-51, (publicado polo Consello

por nove persoas (nai abandonada con 8 fillos menores, poñamos por caso) e o salario mínimo interprofesional está fixado en 68.000 pesetas, esa sería a cantidade máxima da axuda que a RISGA lle daría. É dicir, canto maior sexa o número de persoas dun fogar baixo o limiar da pobreza severa, menos axuda lle correspondería a cada unha desas persoas segundo o método legal establecido pola RISGA. E iso en tempos en que alegremente se gasta tanta retórica baleira sobre a necesidade de axudar á natalidade e á familia.

1.6.6. Compromisos de forma que nunca se levaron a cabo.

A lei galega de Medidas Básicas para a Inserción Social estaba concebida como un conxunto de medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social. Idealmente, a súa finalidade última debiera se-la integracións social das familias socialmente excluídas na nosa Comunidade Autónoma. As medidas previstas para este fin eran de tres tipos:

- a) A renda de Integración Social Galega (RISGA).
- b) Axudas de Emerxencia Social.
- c) Programa de Desenvolvemento Social Comunitario.

Pero de feito, as extremas limitacións contidas no mesmo texto da lei, así como a forma en que se veu aplicando, puxeron moi pronto de manifesto que esta lei non podería cumprirlos

seus obxectivos agás que fose reformada a fondo. Esta conciencia da necesaria reforma legal foi pronto aparentemente asumida polas máis altas instancias da Xunta de Galicia. E así, en outubro de 1992, a só un ano da promulgación da lei, o Presidente da Xunta de Galicia xunto cos secretarios xerais dos tres sindicatos CC.OO de Galicia, UGT-Galicia e CIG, asinaron un acordo que no seu punto 3.1.3., titulado precisamente *Modificacións da Lei de Medidas Básicas para a Inserción Social*, decíase textualmente:

“A Consellería de Traballo e Servicios Sociais comprométese a propoñela modificación da Lei de Medidas Básicas para a Inserción Social dentro do 1º trimestre de 1993 nos seguintes aspectos: flexibilización do requisito de empadramento e residencia efectiva, límite de recursos, elevación da contía correspondente ó complemento de inserción, así como outras onde se considere necesario, para unha mellor adecuación da norma ó fin proposto. Así mesmo teráse en conta a situación e necesidades que formulan a rehabilitación dos toxicómanos, e as persoas con adultos incapacitados ó seu cargo.

En todo caso, antes de proceder á súa modificación levarase a cabo unha reunión específica sobre a materia cos representantes dos axentes sociais no ámbito da Mesa Autonómica da RISGA”.

Nos meses seguintes á sinatura deste acordo e coincidindo coas reunións de traballo da Mesa Autonómica da RISGA, a Consellería de Traballo foi suprimida pasando os Servicios Sociais a se integrar na Consellería de Sanidade.

No mes de xullo de 1993, os traballos da Mesa Galega da RISGA para a modificación da Lei 9/1991 concluían cun acordo conxunto. Temos que recordar que nesta Mesa estaban representados os sindicatos (CC.OO, UGT e CIG), a Confederación de Empresarios de Galicia e a Dirección Xeral de Servicios Sociais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

Pero desde xullo de 1993 ata febreiro de 1996, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais non fixo nada por levar a cabo as modificacións aprobadas na Mesa Autonómica da RISGA; e iso, malia ás persistentes reclamacións dos Sindicatos e outros axentes sociais. Só na sesión do Consello Galego de Servicios Sociais o titular da Consellería, ante unha pregunta do representante de CC.OO. acabou recoñecendo a necesidade de modifica-la RISGA e comprometeuse a propoñe-la súa inmediata tramitación parlamentaria. Recoñecemento que volvería a renovar verbalmente o titular que lle sucedeu na Consellería, na sesión do Consello Galego de Servicios Sociais de decembro de 1996.

O 27 de febreiro de 1997, a Secretaría de Política Institucional e Acción social do sindicato CC.OO. de Galicia acode ó Valedor do Pobo. Confesan a súa frustración e impotencia pola situación, e piden que esta Institución interveña para desbloqueala. Expresan literalmente que a aplicación que se vén facendo desta Lei durante os cinco anos que leva en vigor “está agredindo claramente o seu propio espírito, o seu propio fin”. Iso da lugar á apertura da Q/139/97. Na tramitación desta queixa, o Valedor do Pobo diríxese ó Conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, expresando o seu apoio á modificación da lei nos termos acordados hai anos pola Mesa Autonómica da RISGA, e suxire que se remita con urxencia ó Parlamento (4 de abril de 1997). O Conselleiro contesta (19 de maio de 1997) que o Consello da Xunta aprobou o proxecto de modificación da lei na súa sesión do día 2 de maio, e que axiña se remitiría ó Parlamento.

O proxecto de modificación da Lei 9/1991 chega por fin ó Parlamento; pero o seu texto acabaría unha vez máis decaendo ó se dissolve-la Cámara por convocatoria das eleccións autonómicas de 19 de outubro de 1997.

1.6.7. Cántos, de feito, veñen recibindo as axudas.

Como vimos, a mesma lei contiña tal número de limitacións, exclusións e disuasións para se acoller a ela que moi pronto foi obxecto de queixas e críticas de diversos calado. Entre as críticas institucionais sinalamos aquí as que lle veu facendo a Secretaría de Política Institucional do sindicato CC.OOO de Galicia. E en data máis perto a nós a do mesmo Consello Económico e Social de Galicia, no xa mencionado informe.

Do informe do Consello Económico e Social, tomámo-lo seguinte cadro de beneficiarios das axudas RISGA, no conxunto de Galicia e por provincias, desde o ano 1992 ata o 1995 incluído.*

Cadro 4 .- RISGA. Beneficiarios por provincias 1992-1995

	1992	1993	1994	1995
A Coruña	237	635	1.323	1.600
Lugo	88	159	283	294
Ourense	86	190	349	415
Pontevedra	148	492	803	1.128
Total	559	1.476	2.758	3.437
Poboación	2.740.800	2.785.900	2.812.900	2.825.000
% Beneficiarios	0,0204%	0,0530%	0,0980%	0,1217%
	1992	1993	1994	1995
A Coruña	0,008647%	0,022793%	0,047033%	0,056637%
Lugo	0,003211%	0,005707%	0,010061%	0,010407%
Ourense	0,003138%	0,006820%	0,012407%	0,014690%
Pontevedra	0,005400%	0,017660%	0,028547%	0,039929%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Dirección Xeral de Servizos Sociais. 1996

Se nos fixamos un pouco nel, é un cadro que fala elocuentemente por si mesmo. E o primeiro que ñ é isto: só porcentaxes case insignificantes da poboación galega chegaron a ser beneficiarios destas axudas de inserción. Só un 0,02% da poboación chegaron a se beneficiar en 1992; que aumentaron ó 0,05% en 1993; ó 0,09% en 1994; e ó 0,012% en 1995. E distribuídos

* Páxinas 85-101.

por provincias, as porcentaxes foron sistemáticamente moito máis baixos nas provincias interiores e predominantemente rurais que nas da costa, máis urbanas e supónse que mellor informadas.

Sen negarlle valor á lei como un primeiro paso e un recoñecemento oficial da obrigación dos poderes públicos de loitar contra a pobreza e a exclusión social, sen embargo a súa aplicación hai que cualificala de fracaso sen paliativos. Pois a abrumadora maioría dos fogares que deberían ter dereito a se beneficiar dela, de feito non chegaron a acceder ós seus beneficios.

O mesmo informe do Consello Económico e Social avalía nun 4,76%, uns cuarenta mil fogares, os que en Galicia están por debaixo do nivel legal de pobreza severa segundo a mesma RISGA. E iso pensando só nos fogares socialmente excluídos, é dicir, os máis pobres. (¿Qué sucedeu para que a inmensa maioría destes “posibles beneficiarios da RISGA” nin sequera chegasen a solicitalo?. Sobre esta cuestión crucial intentaremos ir facendo luz un pouco máis adiante do noso informe.

1.6.8. Mentras tanto, o número de excluídos seguía crescendo sen parar.

E mentras a Lei de Reinserción Social aplicábase como con contagotas, o número dos excluídos sociais seguía crescendo sen parar entre os segmentos de poboación afectados pola pobreza severa. Nos anos 92-93, como efecto principalmente da crise económica. Pero tamén, despois, porque o sistema demostrou, en Galicia e en tódalas partes, que é capaz de aumentar ó mesmo tempo o volume global da riqueza e o número de pobres e excluídos sociais. E porque os Servicios Sociais non están dotados dos medios suficientes -medios legais, personais e económicos-; nin funcionan dentro dun verdadeiro plan estratéxico de loita contra a pobreza e a exclusión social.

Os excluídos crecen, en parte porque a mesma lei os exclúe da súa axuda como xa vimos: os que aínda non cumpriron os cinco anos de residencia e empadroamento en Galicia; os inmigrantes clandestinos sen papeis; os que non se puideron poñer a vivir nun fogar independente ou nin sequera teñen fogar (os “sen teito”); os que teñen familiares que teóricamente estarían obrigados a atendelos...

Pero tamén seguiu crescendo o número de excluídos polo inexorable paso do tempo. Porque o tempo fai ós anciáns máis vellos, máis inválidos e máis sós, e as prazas en residencias e demais servizos para eles non crecen na mesma proporción. (Galicia é a comunidade autónoma de toda España que conta con menor número de prazas en residencia en proporción ó número de anciáns). Porque o número de parados aumentou, e o tempo convirte a moitos deles en parados crónicos ou de longa duración. Porque os mozos en paro aumentan a un ritmo tan dramático como desmoralizante e, sobre todo se pertencen ás clases máis modestas, xa nin poden recibir axuda eficaz das súas familias nin tampouco poñerse a vivir en fogar independente para adquirir dereito legal ás axudas da RISGA.

E tamén porque son moitos os factores de diverso orde que conspiran para que os excluídos sociais segan sendo excluídos; porque non teñen sequera conciencia de que foron excluídos (autoconsidéranse “pobres” a secas, ou vítimas do “destino” ou da desgracia: algo “natural”, do que non se atreverían a culpar a ninguén). Unha mezcla de resignación, sensación de impotencia, falta de información elemental, difíciltalles creer que ninguén, nalgunha oficina, nalgunha parte, se preocupe realmente por eles.

Os medios de comunicación social pola súa parte, de vez en cando facíanse eco das investigacións dos expertos, segundo os cales en Galicia hai ó redor de 450.000 pobres, 270.000 pobres, 145.000 pobres, segundo os baremos que se utilicen para contalos. Estes estudos son ás veces producidos polas organizacións non gubernamentais, e outras veces

financiados pola mesma Administración. En ocasións son estudos moi serios e rigurosos; pero ata o de agora non foron utilizados para artellar unha verdadeira política integral de loita contra a pobreza e a exclusión social.

E mentres tanto a sociedade, da que a súa boa votade maioritaria non nos cabe a menor dúbida, debátese entre o desconcerto e a impotencia. Moitas persoas quixeran axudar en algo, o que dependa delas; pero non saben ben cómo facelo. Uns teñen a sensación de que xa se pagan demasiados impostos, e que deberían se-las Administracións públicas as que resolveran estes problemas. Outros, imbuidos de valores -ou contravalores- que se puxeron en boga- a “competividade” asociada ó “caia quen caia”- refúxianse nos insolidarios e falsos tópicos de sempre: “o que no traballa é porque non quere”; “bastante teño con me preocupar do meu”; “se está metido na droga é problema seu”, etcétera. Incluso ós dispostos a colaborar, cando alguén chama á súa porta ou lles tende a man na rúa en solicitude de axuda, tenden a asaltalos coa consabida pregunta de se será un “pobre de verdade” ou un drogadicto (sen reparar tampouco en que poden se-las dúas cousas: non son excluintes).

Pola nosa parte, tanto por intuición como polo contido de certas queixas que recibíamos no Valedor do Pobo, xa no informe anual ó Parlamento correspondente a 1992 (epígrafe 4.6.3.) formulábamo-la seguinte recomendación á Dirección Xeral de Servicios Sociais, daquela integrada na Consellería de Traballo:

“Que se estudie a posibilidade de dar prioridade, no traballo dos asistentes sociais, a efectuar antes de nada un censo de marxidados (persoas ou colectivos) que existan en cada municipio; de xeito que se lles poida informar das axudas ou prestacións ás que teñen dereito en cada caso e inicia-los trámites de oficio cando sexa necesario.

Que se axilien en canto sexa posible os trámites das solicitudes de prestacións e servizos sociais, para a súa concesión ou denegación en cada caso”.

Como ningunha resposta oficial recibíramos a esta recomendación, e as queixas que seguíamos recibindo constatábanos que os problemas que a motivaran continuaban igual, reiterámoslle esta mesma recomendación dous anos máis tarde. Entón contestóusenos que esas responsabilidades eran xa de incumbencia dos municipios. Uns municipios, engadíamos nós, que en moitos casos carecían de medios suficientes e de persoal preparado.

1.7. POR UNHA VERDADEIRA POLÍTICA DE LOITA CONTRA DA EXCLUSIÓN SOCIAL

Hoxe, tódolos que queren abordar en serio o problema da pobreza e a exclusión coinciden en que, para iso, é necesario establecer unha verdadeira política integral sobre estes problemas. Alomenos a nivel de exposición teórica, as mesmas Administración públicas parecen coincidir nesta necesidade.

O Ministerio de Asuntos Sociais mentras existiu (1988-1996), anunciou o primeiro proxecto de Plan Concertado para o Desenvolvemento de Prestacións Sociais. A idea nuclear deste proxecto era establecer unha Rede Pública de Servicios Sociais en coordinación coas diversas Administracións.

A lei galega de Medidas Básicas para a Inserción Social (Lei 9/1991, de 2 de outubro) prevía (Título III) a elaboración dun Plano Estratéxico de loita contra a Exclusión Social. E anunciaba a creación na Xunta dunha Comisión Interdepartamental de Loita Contra a Exclusión Social. Comisión que só acabaría constituíndose tres anos e medio máis tarde, o 20 de marzo de 1995.

Os informes institucionais sobre a pobreza e a exclusión, tanto o estatal do Consello Económico e Social como o autonómico do Consello Económico e Social, ámbolos dous de 1997, seguen insistindo na imprescindible necesidade de contar con estes plans integrais e tomalos como pautas de actuación.

Nas XII Xornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo, celebradas en Sevilla do 1 ó 3 de outubro de 1997, os Comisionados parlamentarios tivemos éste como un dos temas

centrais. Concretamente, foi o Sindic de Greuges de Catalunya o que desenvolveu a ponencia “A Exclusión no Marco dun Estado Social”. Unha vez exposta e admitida por todos, a doutrina desta ponencia pasou a ser doutrina común dos Comisionados Parlamentarios. Pola súa claridade de ideas e espírito constructivo, incluímos neste nforme algúns das súas pasaxes integrándoas nunha reflexión dende a nosa realidade galega. Reflexión que imos centrar sobre todo na loita contra a exclusión social e a vontade política de reinsertar ós excluídos sociais. Xa que a pobreza é un termo máis xeral e relativo, máis relacionado directamente coa política de distribución das rendas; e se pretendemos abranguilo todo corremo-lo perigo de non centrarnos en nada. Diríamos que a loita por diminuí-los niveis de pobreza relativa está máis relacionada coa loita por unha diminución das desigualdades. Pero a loita pola reinsertión dos máis pobres e os excluídos entronca máis directamente co combate pola dignidade da persoa e os dereitos humanos.

1.7.1. Como tende a actuar e cómo debería actua-la Administración.

Por Administración entendemos aquí ó conxunto de poderes públicos actuando nos diversos niveis: central, autonómico e local. E por suposto, máis alá das siglas ou partidos políticos que en cada caso podan configura-la maioría gobernante. Pois é a eles ós que refírese a Constitución (artigo 9.2) cando dí:

“Corresponde ós poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.”.

“Promove-las” condicións para unha liberdade e igualdade efectivas. *“Remove-los”* obstáculos que se opoñen a elas. Facilita-la *“participación de tódolos cidadáns”* . Veláí todo

o contario da exclusión social. Pero a exclusión social existe, e no caso de Galicia impide a ducias de milleiros de cidadáns a participa na “vida política, económica, cultural e social”. ¿Cómo se produce este fracaso tan rotundo da Administración en cumprir este deber constitucional respecto a tan elevado número de cidadáns?. É o que eiquí intenta analiza-lo Valedor do Pobo, seguindo en boa parte a metodoloxía que o Síndic de Greuges presentounos en Sevilla ó conxunto dos Comisionados Parlamentarios.

1.7.2. Cómo tende a actua-la Administración.

Na súa actuación máis habitual, e en canto xestora do interés xeral, o primeiro que fai a Administración é defini-lo que ela considera que é o interés público ou xeral. Defíneo a través da normativa legal, o establecemento das prioridades presupostarias e demais. Esta definición do interés xeral inscríbese, necesariamente, dentro do modelo económico e político que se adoptou. Leva pois implícita sempre unha proposta social e de convivencia, e vai condicionar tamén a aquelas persoas e grupos nos que o seu intrerés particular non se corresponde co interés xeral así definido.

Ante esta actuación da Administración ven a resposta dos cidadáns, e aquí podemos distinguir dous grupos:

a) Os cidadáns que teñen conciencia de tales. Coñecen os seus dereitos e deberes. Saben os canles para defende-los seus intereses no caso de discrepancia coa Administración: reclamación ante a Administración, recursos ante o contencioso-administrativo, presentación de queixas ante o Valedor do Pobo e demais.

b) Os cidadáns que non teñen conciencia de selo. Non teñen conciencia de pertencer a unha sociedade organizada, cunhas regras de xogo a través das que poden participar directa ou

indirectamente na súa xestión, a cuí as prestacións poden acollerse como un verdadeiro dereito. Viven ou sobreviven á marxe, por unha mestura de razóns obxectivas e subxectivas: precariedade económica extrema, falta de escolarización, minusvalías, carencia de documentación, sentirse diferentes e non integrables dentro do que a maioría estatística tende a considerar como “normal”, medo ás represións de diverso orde; carencia da información imprescindible.

Este segundo grupo de cidadáns non acostuma a acceder ás prestacións que a Administración ten establecidas pra eles, a pesar de ser os que máis as necesitan. O primeiro deber da Administración é aquí **detectalos**, enterarse das súas **verdadeiras necesidades** e tratar de **darlles respostas axeitadas**. Pois eles por sí mesmos non entrarían a nutrí-la demanda de servizos; pero a súa soa existencia constitúe a **demanda tácita** e a evidencia de que os procedementos da Administración deben cambiar. Son os excluídos do sistema, e o seu número tende a aumentar coas crises e transformacións do sistema mesmo (crisis económicas; introducción de novas tecnoloxías e saberes; destrución dos postos de traballo e supervivencia tradicionais, migracións, refuxiados, minorías étnicas...).

Moitos dos cidadáns deste segundo grupo acostuman a quedar fora dos servizos sociais da Administración, incluso daqueles que teóricamente estarían destinados a axudar ós máis necesitados. Ben porque a Administración **esíxelles tales condicións que eles non poden cumprir** (como vimos coa mesma Lei de Medidas Básicas para a Inserción). Ben porque, voluntaria ou inconscientemente descoñece **as verdadeiras necesidades** destes cidadáns e nin siquiera cantos son. Ou porque destina uns **presupostos demasiado baixos** a dar satisfacción a estas necesidades que o seu volume comenza por ignorarse, co que logo boa parte destas solicitudes de axudas denéganse co único razonamento de que **xa está esgotado o presuposto**.

Pero hai dous factores básicos que son os que poden desnaturalizar máis sustancialmente o proceder da Administración en canto prestadora de servicios sociais para os máis débiles e excluídos.

O primeiro é que a Administración non acabe de concebi-los servicios sociais como un **verdadeiro dereito dos cidadáns**, especialmente necesitados; nin polo tanto, como xeneradores dun **verdadeiro deber de presta-los por parte da Administración**.

No fondo e na práctica, a Administración segue mantendo no seu proceder os elementos básicos da antiga beneficencia, quizais non dunha forma consciente ou expresa, pero si como concepción e actitude latentes. E isto pese á terminante claridade coa que a Constitución proclama os chamados **dereitos sociais**. Dereitos que o seu cumprimento é o que configura a España coma un verdadeiro “*Estado social*” (artigo 1 da Constitución).

Outro dos factores ós que aludimos como desnaturalizadores do Estado social é que a Administración acostuma a partir do suposto de que as leis e normativa sociais chegan ó coñecemento dos cidadáns polo simple feito de ser publicadas nos Boletíns oficiais e polo eco que podan ter a través da prensa. Suposto que resulta especialmente falso cando se trata de cidadáns en boa parte analfabetos (totales ou funcionais) con baixo ou nulo poder adquisitivo, con coñecemento moi insuficiente do noso idioma, quizais sen contacto con un asistente social que lles informe ou lles tramite as axudas disponibles . Actúa así a Administración pretendendo descoñecer unha verdade que hoxe resulta obvia: que **a maior pobreza é a ignorancia e a falta de información elemental**, así como a **falta de acollemento no sistema** (“exclusión”).

Pero si é totalmente insuficiente o esforzo informativo que a Administración realiza cara os cidadáns destinatarios dos servicios sociais, a política informativa que leva a cabo cara a sociedade en xeral acostuma adolecer de **sesgada e propagandística**. Tende a **anunciar a**

bombo e platillo o que fai e silenciar o que queda por facer. Anunciar repetidamente que se constrúe ou inaugura unha residencia de anciáns, e silenciar que Galicia segue sendo en España a comunidade autónoma con menos prazas en residencias en proporción ó número de anciáns que ten. Airear en forma triunfalista unha lixeirísima diminución do paro, aínda que sexa claramente estacional, e pasar como sobre ascuas cando a Enquisa de Poboación Activa (EPA) amósanos trimestre tras trimestre que o paro estrutural segue aumentando. O mesmo coa apertura dalgún centro de rehabilitación de drogodependentes, de acollemento para menores ou mulleres maltratadas, etc.

1.7.3. Cómo debería procede -la Administración.

A forma na que a Administración **deberá proceder** xa quedou indirectamente suxerida alo menos en parte, ó describir como tende de feito a actuar. Non obstante, debemos aquí referirnos a isto máis directamente. Algúns dos pasos que, ó xuízo do Valedor do Pobo, debería dar para configurar unha verdadeira política integral de loita contra a pobreza, e sobre todo contra a exclusión social, son os seguintes.

a) A primeira obrigación que a Administración debería asumir é a de **coñecer a fondo a realidade de pobreza severa e a exclusión social**, concebindo como un **deber constitucional** o de arbitra-las medidas necesarias para erradicalas. Medidas que se resumen en lexislación axeitada e presupostos suficientes con establecemento de prioridades xustas. Destina-lo persoal suficiente (equipos de estudos; asistentes sociais e demáis) a traballar neste campo. Asignarlles como **primeira prioridade a de detectar e manter ó día un censo dos mesmos**.

En realidade, hoxe non podemos dicir que a Administración ignore globalmente éstas realidades. Entre uns organismos e outros, efectuaron xa os estudos xerais suficientes. Nós

mesmos vímos utilizando neste informe. O que non se deu ata o de agora é a elaboración dun plan de respostas axeitado.

b) Para articular un sistema xusto e eficaz de servizos sociais, parece convinte que o lexislador comencese por definir cales son os **servizos esenciais ou imprescindibles** que é obrigado asegurar a tódolos cidadáns. O que definiría dunha parte aqueles servizos que a Administración ten obrigación de proporcionar gratuítamente a aqueles cidadáns que non poden adquirilos por sí mesmos. Só centrando os seus esforzos e prioridades en prestar estes servizos definidos como esenciais ou imprescindibles, poderá logo decidir tamén qué medios pode destinar a outros servizos non tan imprescindibles ou aqueles que a súa prestación debe ser encomendada á iniciativa privada.

De forma que, se é certo que en Galicia temos uns 40.000 fogares (arredor dunhas 150.000 persoas) que son vítimas da exclusión social, neles deberían volcarse con absoluta prioridade os esforzos deste Plan Integral para erradicala.

c) A Administración debera considerar obrigación súa a de **divulgar e dar a coñecer, tanto a realidade da pobreza e a exclusión como os servizos sociais necesarios para facerlles fronte**. E isto en dúas direccións: **cara os excluídos**, ós que hai que presta-las axudas para unha vivenda digna de persoas e para a súa reinserción social; e **cara os cidadáns en xeral**, para formar e mante-la súa conciencia de que, sobre todo a través dos impostos, é obrigación de todos colaborar nesta tarefa.

Se a Administración gasta o diñeiro en campañas para educar no respecto ás leis de tráfico, para cumprir co pago dos impostos, para previr contra o sida ou vacunar á poboación contra a gripe, ¿cómo poderá sorprender a ninguén que se gasten cartos en dar a coñece-las situacións de maior pobreza e exclusión e mentalizar sobre as axudas para facerlles fronte?.

d) En relación co apartado anterior, consideramos que a Administración debiera cambiar sustancialmente a súa política informativa. Loitar contra a pobreza e a exclusión (comenzando pola súa causa principal: a falta de traballo) constitúe unha verdadeira tarefa do Estado. Quizáis a primeira gran tarefa do Estado que debiera plantexarse nun verdadeiro “*Estado social e democrático de dereito*”. Como todo problema de Estado, para ser eficazmente abordado necesítase contar cun amplo consenso social (dos partidos políticos, as familias, o voluntariado, os contribuíntes en xeral...). Pero esta corresponsabilización xeral, **conséguese cunha información transparente e exenta de arrogancia**, e se pon en perigo cada vez que a Administración intenta utilizala partidisticamente. Se isto acostuma a aplicarse a problemas como a loita contra o terrorismo, a política exterior en canto ás súas tarefas básicas, e ata foi o que fixo posible o chamado “*Pacto de Toledo*” sobre as pensións, tamén cabe aplicalo á loita contra a pobreza severa e á exclusión social.

e) Estes e outros cambios necesarios no proceder da Administración, deberían levar ésta a redefini-lo interés xeral e, polo tanto, traducirse tamén no establecemento das prioridades presupostarias. Aportaría elementos para unha redefinición do que hoxe vense denominando “*Estado do bienestar*”, equivalente aproximadamente ó que na nosa Constitución se define como “*Estado social*” e a reformula-lo papel que no mesmo correspóndelle tanto á iniciativa pública como á privada. E neste aspecto parece que tal redefinición debería ir máis cara a unha variación do orde de prioridades por parte da Administración que a un aumento do tamaño mesmo do Estado. Pois pode resultar perfectamente compatible un tamaño máis modesto do Estado (se isto se considera desexable) con un orde de prioridades diferente e máis xusto por parte da Administración. Noutras palabras, un orde de prioridades distinto e máis xusto non ten por que significar necesariamente un maior gasto do Estado.

Como exemplo disto que decimos, os analistas sociais observan hoxe que os cidadáns máis pobres e con menos estudos (cos que o Estado gastou menos no seu día en educación) son os que hoxe consumen proporcionalmente máis servizos sanitarios (en hospitais, medicinas e demais). Parte polo tanto do que hoxe se gasta en Sanidade pública podería aforrarse invertindo máis no seu día en educación (*) (*Vide “La pobreza y la Exclusión Social en España” (CES), páxinas 22-23”*). E o exemplo doutros Estados (algúns dos EE. UU., poñamos por caso), indícanos que aqueles que menos invirten en prevención e reinserción social, son logo os que máis se ven obrigados a investir en policía e cárceres.

1.7.4. Propostas de nivel estatal vistas desde Galicia.

O tantas veces citado informe do Consello Económico y Social, establece no seu capítulo IV (*) (*Páxinas 85-94*) unha especie do que considera liñas básicas dun plan integral para erradicar a pobreza e a exclusión. Ó tratarse dunha visión para o conxunto de España, estas propostas afectarían por suposto a Galicia. Considerámolas interesantes, tanto naqueles aspectos que compartimos sen reservas como naqueles outros que, desde unha perspectiva galega, consideramos convinte matizar.

E comencemos por dicir que unha das cousas que compartimos sen reserva algunha son os obxectivos proclamados para toda política integral contra a pobreza e a exclusión: *“Dotar a la sociedad de aquellos mecanismos que favorezcan la integración social de la población excluída, incorporándola a los circuitos de educación, trabajo, vivienda y salud básicos para cualquier persona, evitando que se produzcan grietas que deterioren las relaciones sociales e impidan la integración y aportación de todos al bien común”*.

Dito isto, pasamos a comentar algunhas das propostas concretas.

1.7.4.1. Plan Xeral. Lei Básica marco de Servicios Sociais.

O Consello Económico y Social menciona en primeiro lugar a conveniencia de elaborar a nivel estatal un *Plan General de Lucha contra la Pobreza y la Exclusión Social*. E como marco legal do mesmo, comenzando tal vez por promulgar unha *Ley Básica Marco de Servicios Sociales*, tamén estatal.

Desde Galicia, esta proposta pode verse, dunha parte como convinte se se puxese en práctica antes de que as competencias sobre servicios sociais fosen traspasados ás comunidades autónomas e éstas promulgasen xa as súas propias lexislacións . Pero parece moi difícil de levar á práctica agora, cando cada comunidade foi abríndose o seu propio camiño en política social.

Por outra parte, Galicia é unha das comunidades autónomas con nivel de desenvolvemento económico inferior á media española. Unha comunidade da que unha parte considerable da súa poboación activa se vé obrigada a traballar noutras comunidades máis desenvolvidas, e que sen embargo moitos retornan a Galicia despois da xubilación, cando máis necesidade teñen de servicios sanitarios e sociais. Neste sentido, Galicia ten a necesidade e o dereito de recibí-la solidariedade do conxunto do Estado para desenvolve-los seus servicios sociais. É polo tanto unha das que máis poden sufrir da falta de articulación dunha rede estatal de servicios sociais asegurados ó conxunto dos españois.

Creemos sen embargo que, no punto ó que chegaron as cousas, ésta iniciativa estatal só podería levarse a cabo previo consenso de tódalas Comunidades Autónomas. Pois calesquera

fórmula que intentase incorporarse desde “arriba” suscitaría probablemente todo tipo de recelos e resistencias, dun modo semellante ó que un día sucedeu coa LOAPA.

De aí que nesta liña, nos parezca máis realista o camiño que tamén se propón neste informe do Consello Económico y Social e que ven formulado como segue:

“El CES considera necesario promover en el seno de la Conferencia Sectorial de Asuntos Sociales, un acuerdo entre todas las Comunidades Autónomas, para establecer unos estándares mínimos en servicios sociales que todos los gobiernos autónomos se comprometan a respetar, asegurando una cobertura básica común para todos los españoles”.

1.7.4.2. Necesidade de mellora-los estudos e estatísticas sobre a pobreza severa e a exclusión.

Facenos nosa sen reservas a apreciación que fai o informe do CES, sobre a necesidade de mellorar e estar sempre actualizando a información estatística sobre a pobreza. Critica que a información estatística actual adoleza de falta de periodicidade e carencia de certas variables que son esenciais para adoptar políticas concretas axeitadas. A Enquisa de Presupostos Familiares, principal fonte estatística disponible, é de periodicidade decenal. Así, a última disponible é do ano 1990-1991. Por outra parte, esta EPF céntrase na liña de pobreza relativa, a dos que non acadan o 50 por cen da renda media e que, polo tanto, constitúen os menos pobres entre os pobres. Non ofrece información sobre a pobreza severa (menos do 25 por cen) nin sobre os verdadeiros excluídos sociais. Tampouco se ten en conta nesta enquisa as diferencias en canto a niveis de prezos entre as distintas comunidades autónomas, necesarias para establece-la distribución territorial da pobreza. Finalmente, ó ser unha enquisa que se realiza nos fogares, non

ten en conta ás persoas sen fogar (os “sen teito”) como son unha parte considerable dos “excluídos sociais”.

De aí que fagamos nosas algunhas das liñas que o CES propón para mellora-la información da Enquisa de Presupostos Familiares, e engadamos algunhas pola nosa parte.

Creemos que a periodicidade da EPF debería ser polo menos quinquenal; e que como complemento, se realizen enquisas periódicas sobre as persoas sen fogar.

Pero consideramos ademais que debería incorporarse o análises da pobreza severa ou persoas que están por debaixo do 25 por cen da renda media; e que, tratando de afinar máis cara os excluídos, se analizasen os niveis de pobreza por decilas (dividindo a poboación en dez partes iguais e determinando a proporción de renda que realmente percibe cada unha destas decilas, con atención especial cara ó 10 por cento inferior).

Os datos así obtidos deben ser suficientemente divulgados, en orde a formar tanto a conciencia dos seus dereitos por parte dos máis necesitados como a conciencia da sociedade en xeral como contribuínte.

1.7.4.3. Sobre o emprego como elemento básico para a integración social.

Compartimos plenamente co *Consejo Económico y Social* a idea de que o emprego, sobre todo o emprego regular, é “*el elemento básico para la integración social*”. En relación coa importancia que se lle concede ó traballo para evita-la exclusión social ou saír dela, facémonos eco aquí dalgúns medidas que o infomre do CES propón:

“Optimiza-las posibilidades de emprego existentes dirixidas ó heteroxéneo colectivo de persoas en situación de paro de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres subrepresentadas, etc.”. Engadimos pola nosa parte ós mozos que xa non estudian e levan máis dun ano buscando emprego; ou dos agricultores que tiveron que pecha-las súas minifundistas explotacións por imposibilidade de competir no mercado.

Propón asimesmo o CES estatal que se inclúa “ós beneficiarios ou titulares de rendas mínimas de reinserción como un dos colectivos beneficiarios das medidas de fomento do emprego”. E que para isto, se suavice durante un prazo determinado a incompatibilidade actual entre ser perceptor de rendas mínimas e estar traballando; que se estableza un sistema de desconto parcial e progresivo destes ingresos de rendas mínimas. Pois a retirada brusca e total das axudas de rendas mínimas polo feito de atopar un traballo, poden resultar desincentivadoras da búsqueda de emprego e permanencia no mesmo.

Tamén propón que se estableza unha “regulación legal das Empresas de Inserción Social”, ou empresas que teñen por obxecto a integración laboral das persoas afectadas pola marxinação (discapacitados, desarraigados sociais, ex-presidarios, ex-drogadictos....).

Pola nosa parte, no capítulo deste informe adicado especificamente ó desemprego como causa fundamental de pobreza e exclusión, deterémo-nos máis a fondo sobre este problema.

1.7.4.4. Rede de servizos sociais básicos; dereito á percepción de rendas mínimas.

O informe do Consello Económico e Social considera necesario, entre outras medidas, as seguintes:

“Xeneraliza-la rede de servicios sociais básicos adicados a ofrecer orientación e información ós cidadáns sobre o acceso a recursos, a prestar axuda a domicilio, a proporcionar recursos de aloxamento e convivencia, a desenvolver programas de prevención e inserción social, a abrir foros e espazos para a participación social e impulsa-la acción do voluntariado”.

Esta rede de servicios sociais básicos deberá estar dotada dos recursos axeitados, tanto materiais como humanos, e financeiros. Entre os servicios que debe prestar están os centros de acollida temporal para persoas en situación de grave conflito convivencial ou carentes de medio familiar axeitado, albergues temporais para transeuntes, etc.. Deben ter acceso a estos servicios “tódolos cidadáns que os necesiten, con independencia do seu lugar de residencia”.

Dado que existen varios niveis de protección, o informe do CES propón “establecer redes informáticas” e que os seus datos permitan pasar duns niveis a outros ós usuarios que deixan de reuní-las condicións regulamentarias esixidas nalgún nivel pero seguen tendo grave necesidade. E dar ó persoal adicado a estos servicios unha formación continúa que lles capacite para informar ós usuarios sobre os distintos tipos de recursos existentes, non só sobre aquel no que prestan os seus servicios.

A tramitación das diversas prestacións e pensións non contributivas debe ser simplificada, de forma que o que deixa de percibir unha pase automaticamente a percibir outra á que teña dereito.

Os beneficiarios das rendas mínimas de cada Comunidade Autónoma deben ser inscritos no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas (creado por Real Decreto 397/1996) ó obxecto de facilita-lo recoñecemento e control das prestacións.

O CES considera indiscutible que percibir uns ingresos mínimos é un dereito inseparable do dereito á inserción social. De aí que o establecemento desta cuantía de rendas mínimas debería vir, dunha parte da fixación dunha cantidade mínima garantizada para tódolos españoles necesitados, e doutra polas melloras complementarias que determine cada Comunidade Autónoma baseada no seu propio nivel de desenvolvemento, renda per cápita, coste da vida no seu propio territorio, etc.

Entre os aspectos nos que deben mellorarse as condicións para percepción destas rendas mínimas garantizadas, o Consello Económico y Social sinala:

“A desaparición dos requisitos de residencia previa e de previa existencia de fogar independente”, así como das limitacións por idade ós menores de 25 anos sen cargas familiares cando se trate de persoas xoves desligadas do ámbito familiar”.

Outra cuestión que sinala e que suporía unha modificación moi importante para Galicia, refírese ás axudas adicionais para as persoas que conviven co titular do fogar. Propón que para determinar estas axudas adicionais “debería seguirse o modelo das pensións non contributivas ou os baseados en consideracións perceptuais, seguindo as escalas de equivalencia”.

O modelo das pensións non contributivas abona o 170 por cen destas pensións cando coinciden dous beneficiarios na mesma unidade convivencial. E en canto o modelo das escalas de equivalencia, o Informe do CES cita por exemplo o caso de Alemania, onde se a unidade receptora consta de dúas persoas adultas, se lle da un 80 por cento máis que se é unha soa persoa; para un fillo de entre 14 e 18 anos, asígnaselle un 90 por cento máis; para un fillo dentre 7 e 14 anos, un 65 por cento; e por cada fillo menor de 7 anos, un 50 por cento.

En canto á Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social (RISGA), expoñemos noutro lugar deste informe a grave discriminación que impón ás familias e fogares pobres máis numerosos. Discriminación que ven imposta no artigo 12 da mesma, ó sinalar como tope máximo de axudas para todo o fogar, (por moi numeroso que éste sexa) que non sobrepase nunca o salario mínimo interprofesional.

“Outra posible alternativa”, segue proponendo o informe do CES, “consistirá en suaviza-lo sistema de incompatibilidades referidas a outras prestacións ou ingresos, no caso daquelas persoas que conviven no mesmo fogar, en moitos casos por ausencia de posibilidades de disfrute de vivenda propia, con familiares a cargo e percibindo unhas rendas mínimas e outras pensións asistenciais de escasa entidade. Non se debería limita-las compatibilidades no caso de que houbese familia a cargo”.

1.8. CARACTERÍSTICAS QUE DEBERÍA CUMPRIR UN SISTEMA DE RENDAS MÍNIMAS DE INSERCIÓN SOCIAL.

Expoñemos aquí algunhas ideas e propostas para mellora-lo sistema galego de renda mínima de inserción social. Parte delas están tomadas do mencionado informe do Consello Económico e Social de Galicia.

1.8.1. Concepción básica e obxectivos.

A concepción básica deste sistema de inserción social só pode partir do pleno recoñecemento de que a inserción **é un dereito** por parte das persoas que sofren exclusión. Promove-la inserción é pois un verdadeiro **deber de solidariedade** por parte da sociedade e os

poderes públicos; non é unha concesión benévola ou limosna, senón simplemente un **deber constitucional**. Só recoñecendo este dereito e éste deber pode a sociedade reconstruí-lo lazo social e de cidadanía que desemboque na reinsertión dos seus excluídos.

En segundo lugar, este sistema de renda mínima de inserción debe estar plenamente integrado co sistema de protección social no seu conxunto. Debe formar parte do debate social e político do país, como medio de crea-la vontade social de afronta-lo problema.

Como consecuencia, os programas concretos de rendas mínimas de inserción, deben ter como obxectivo último a plena integración persoal e social, desembocando nunha verdadeira inserción ou reinsertión laboral.

De forma similar ó que propugna o informe do Consello Económico y Social do Estado, o informe do Consello Económico e Social de Galicia insiste na necesidade ou conveniencia de que o plan galego de rendas mínimas de inserción social sería convinte que se inscribise nun plan máis xeral de ámbito estatal.

O Valedor do Pobo expuso xa antes certas consideracións ó respecto. Volvemos sobre elas, resumíndoas en dúas ideas centrais. Primeiro, que ese Plan Xeral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, de ámbito estatal, pareceríanos moi convinte en canto marco básico e medio para asegurar uns niveis de axuda mínima a tódolos españoles que sofren a exclusión. Segundo, que a inexistencia dese plan básico de nivel estatal, non pode servir de excusa para que Galicia non teña o seu propio Plan de nivel autonómico. Ó fin e ó cabo, fai xa bastantes anos que a nosa Comunidade Autónoma recibiu as competencias sobre servizos sociais. E en terceiro lugar, os representantes de Galicia na Conferencia sectorial de Asuntos Sociais sempre poderán propoñer e promover un acordo entre as diversas Comunidades Autónomas, tanto sobre uns estándares mínimos para tódolos españoles como para que esos

estándares mínimos de protección lles sexan cubertos ós transeuntes que procedan de calqueira outra comunidade.

1.8.2. Modificacións que deberían facerse en canto ás condicións de acceso ás axudas do RISGA.

O Consello Económico e Social de Galicia, no informe que aquí vímos citando, da a coñecer tamén as modificacións por él propostas en canto ós requisitos de acceso ás axudas do RISGA. Estas modificacións formaban parte do Dictamen solicitado ó CES pola Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, sobre o anteproxecto de reforma da Lei 9/1991. Anteproxecto que decaeu ó ser disolto o Parlamento por mor de convocarse as eleccións autonómicas do 19 de outubro de 1997.

O primeiro que o Valedor do Pobo considera necesario é que, dada a urxencia de modificar esta Lei, se lle dé prioridade no calendario da actual lexislatura parlamentaria.

E con isto pasamos a mencionar algunhas das propostas máis significativas do CES, varias das cales facemos nosas, en canto ó seu contido fundamental, en recomendacións e suxerencias propias do presente informe.

En canto ó artigo 9, o CES formula varias modificacións tendentes a reduci-lo período de residencia efectiva en Galicia, así como a idade para poder acceder ás axudas de integración social.

No 10 propón suprimí-la condición de vivir nun fogar independente para que unha unidade de convivencia poda obte-las axudas.

Respecto do artigo 12, propón que se contabilicen as 14 pagas anuais da pensión non contributiva, e que se llas actualice segundo a evolución do IPC, á hora de fixa-la coantía mensual da axuda básica a percibir.

Respecto do artigo 14, propón que os pequenos ingresos que con carácter irregular esté percibindo o solicitante dunha axuda de integración, só se teñan en conta se superan o 60% da pensión non contributiva.

Recoméndase que no artigo 15 se recoñeza o dereito a percibi-la prestación económica (enténdese que se é aprobada) desde o día mesmo no que se solicitou.

Propónse modifica-lo artigo 23, punto 4, suprimindo a prohibición de exercer-la mendicidade ou practica-la prostitución por parte dos perceptores de axudas de inserción. E en canto ó punto 6 (do proxecto de reforma), que se suprima a obriga-ción de reclama-los dereitos económicos que supostamente teñen (como o dereito de alimentos por parte de familiares) cando se sabe que tal reclamación sería inefectiva dados os antecedentes de malos tratos e deterioro nas relacións.

Para o caso de que un beneficiario provisional das axudas da RISGA conseguise que os seus familiares cumprisen co deber de alimentos ó seu cónxuxe (no caso de separados ou divorciados) o de pasarlle a pensión correspondente, o CES propón (artigo 29) que se lle de a este beneficiario maiores facilidades en orde a devolve-la parte da axuda provisionalmente recibida e que deixa de corresponderlle.

En relación á posibilidade de recorrer-las resolucións da Administración referentes á concesión ou denegación das axudas da RISGA (artigos 33 e 34), o CES propón que se aumenten estas posibilidade deixando aberta a vía xurisdiccional social. Esta mesma ampliación

das posibilidades de recurso propona tamén cando se trate de axudas de emerxencia, das que trata o artigo 51.

En canto ás Mesas de nivel provincial e autonómico que a lei prevé formar para leva-lo control e seguimento de aplicación da mesma (artigos 37 e 38), o CES propón que na súa constitución se inclúan tamén representantes dos sindicatos agrarios. Proposta que parece moi idónea, á luz das específicas características que en Galicia ten a pobreza do mundo agrario.

1.8.3. Outras melloras necesarias.

Sinalamos algúns cambios que, ó xuízo do Valedor do Pobo e doutras instancias autorizadas é necesario introducir no texto da Lei 9/1991 se se desexa combatir con eficacia a pobreza extrema e reinsertar socialmente ós excluídos. Pero tamén pódese, e ó noso xuízo se debe, introducir canto antes, determinados cambios noutros aspectos como os seguintes:

1.8.3.1. En canto ós procedementos.

Un destes cambios sería de procedemento e consistiría en manter por un certo tempo as axudas ou salario social áqueles beneficiarios que se trasladan dun concello a outro. O que chega dunha localidade a outra, bastaría que acreditase estar percibindo o salario social na localidade de orixe para que, automaticamente, se lle seguise abonando na nova instalación. E isto se prolongaría mentres o novo profesional dos servizos sociais a quen lle corresponda atendelo investiga se segue reunindo ou non as condicións legais para renovarlle a prestación.

Debería contemplarse incluso a posibilidade de trasladalo expediente dunha localidade a outra, cando se cambia de domicilio.

Por outra parte, debería axilizarse moito máis o cobro deste salario social. E percibirse desde o día mesmo de presentarse a solicitude para o mesmo, sen verse obrigado a agardar á reunión trimestral da Comisión avaliadora.

1.8.3.2. Profundizar na identificación dos destinatarios do salario social.

Hai que ter un coñecemento serio dos destinatarios ou posibles beneficiarios ós que van dirixidas as axudas de rendas mínimas. Comezando por saber cantos son aproximadamente e cal é a súa tipoloxía máis probable. Só así pódese calcular cunha certa fiabilidade a demanda, non só a demanda espontánea, senón tamén a latente e que os funcionarios dos servizos sociais deben axudar a aflorar. Só así pódense coñecer os recursos necesarios para cubrir estas necesidades. E só así pódense articular os programas de reinserción.

En canto á cantidade de fogares que necesitarán ser axudados a reinserirse socialmente, ó Valedor do Pobo parécelle razoable a avaliación feita polo CES no seu informe: arredor de 40.000 fogares, que equivalen ó 4,76 por cento da poboación galega.

En canto ó perfil máis probables destes destinatarios ou gravemente necesitados de recibirlas axudas, os estudos ata agora efectuados permítenos sinalar os seguintes rasgos:

a) Constitúen unha poboación altamente “feminizada”. Abundan máis as mulleres aqueixadas de pobreza severa que os homes. Mulleres en paro de calqueira idade, mulleres maltratadas, nais solteiras, mulleres separadas ou abandonadas...

b) Unha poboación na que abundan hoxe cada vez máis os xóvenes. Pois non esquecesmos que o paro xuvenil en Galicia afecta ó pavoroso porcentaxe de máis do 40 por cento de tódolos xóvenes de entre 16 e 24 anos, gran parte deles pertencentes a familias modestas. Proporción que entre as mulleres de 16 a 19 anos ascende case ó 60 por cento.

c) É tamén unha poboación con frecuencia analfabeta funcional ou con moi baixo nivel de estudos. Así como aqueixada por serias deficiencias de saúde e discapacidades de diverso orde.

d) Os gravemente necesitados ou excluídos sociais, atópanse indistintamente no mundo rural e no urbano.

1.8.3.3. Potencia-los órganos municipais de servicios sociais.

Parece urxente asimesmo, e necesario, potencia-los órganos municipais de servicios sociais. Estes son os que están máis próximos ás necesidades reais das persoas. Os que teñen máis posibilidades de coñecerlas, así como de poñer en marcha programas de inserción e reinserción social que respondan ás necesidades concretas de cada caso. De aí a conveniencia de potencialos, proporcionándolles medios personais, económicos e técnicos para que podan exercer-la súa función.

E en primeiro lugar habería que crear, alí onde aínda non existan, os Consellos Locais de Servicios Sociais.

A Lei 4/1993, de 14 de abril, Reguladora dos Servicios Sociais, prevé no seu artigo 42 que se creen estes Consellos locais, ben con ámbito municipal ou intermunicipal. Encoméndalles unha función de asesoramento e participación en todo o referente ós servicios sociais. Determina que estén compostos por representantes das entidades locais, así como das centrais sindicais, asociacións empresariais, asociacións sociais e veciñais.

O Decreto 336/1994, do 27 de outubro, veu a desenvolve-la lei no que ós Consellos de Servicios Sociais refírese. Determina no seu artigo 17 que a posta en marcha destes Consellos é obrigatoria para os concellos ou mancomunidades de concellos que teñan máis de 20.000 habitantes, e facultativa para os que teñan menos. A Disposición Transitoria Cuarta do mesmo Decreto prevía que os concellos deberían empezar a poñer en marcha os Consellos de Servicios Sociais “no prazo de seis meses”. Pasaron máis de tres anos desde a entrada en vigor deste Decreto. ¿Cantos Consellos Locais de Servicios Sociais se crearon realmente?. ¿Non estamos expoñéndonos a que, tanto as Leis de Servicios Sociais (promulgáronse xa dúas ben distintas na nosa Comunidade Autónoma) como os seus correspondentes Decretos de desenvolvemento vaian, cada vez máis, sonando a retórica burocrática, desbordados pola realidade dos pobres e excluídos, que segue crescendo?.

1.9. OS EXCLUÍDOS DO SISTEMA.

Os analistas sociais usan hoxe con frecuencia o concepto de “excluídos”. Refírense con este termo a toda a serie de persoas que, por unha ou outra causa ou por moitas causas á vez, quedaron excluídas das formas de existencia nas que viven a maioría. En que non só vive unha ampla maioría, senón que ésta mesma maioría foi establecendo e consagrando estas formas de vida como as debidas (vivir “*como é debido*”), as “*normais*”, as que supóñense que están ó

alcance de todos e, dalgunha forma, agárdase que sexan por todos adoptadas. Estas formas de existencia constitúen o “*sistema*” de vida aceptado e que, polo tanto, se lle presupón un plus de lexitimidade. Polo contrario, vivir fóra ou alleo a esas formas de vida é considerado como raro, mal visto e ata dalgunha maneira “*anormal*”. Asíciase con algún tipo de responsabilidade ou de culpa. Os “*excluídos*” veñen a se-los máis pobres de entre os pobres.

A contradición conceptual e, incluso, hipocresía moral intrínseca do sistema está en que, con frecuencia, é o sistema mesmo o que exclúe a non poucas persoas . Todas esas persoas que pola súa propia natureza, non poden aspirar a insertarse no sistema; máis aquelas ás que, aínda querendoo, non se lles proporciona a oportunidade de insertarse ou reinsertarse. Non caben, ou non se lles deixa entrar, nos subsistemas de inserción que o sistema ofrece: a familia, a escola, a cultura, a sanidade, a vivenda, o traballo, a propia legalidade....

Unha parte deles non saben siquera que a Constitución refírese tamén a eles cando proclama os dereitos fundamentais, culturais e económicos de “tódolos” cidadáns. Outros tomaron conciencia delo, pero non atopan camiño para exercitalos. Non coñecen as institucións, ou non confían nelas, ou incluso as temen. Os “*hon cidadáns*” chámaselles tamén hoxe ós excluídos por parte de certos analistas sociais.

O factor fundamental de exclusión é hoxe, na nosa sociedade, o desemprego. A falta de postos de traballo suficientes e elementalmente dignos. As persoas sen posto de traballo empezan por non poder cumprír esa tarefa tan fundamental que se espera de todo ser adulto: “gañarse a vida”. O mozo que leva moito tempo sen atopa-lo seu primeiro emprego, dificilmente pode cultiva-la súa propia autoestima. Non pode demostra-la súa propia valía, contrasta-las súas capacidades, adquirir-las súas propias experiencias de maduración, garantiza-la solidez necesaria para formar parella ou constituir unha familia, non pode aspirar a un crédito para adquirir unha vivenda; non pode facer proxectos serios de cara ó futuro. Se “non se gaña a vida”, tampouco

ten posibilidades de face-la súa propia vida. Ó adulto que leva anos languidecendo no paro de longa duración, os seus proxectos vitais se lle van desmoronando. Coa agravante de que, xeneralmente, ten ademais outras persoas (muller, fillos) a sorte dos cales depende da súa propia.

O mozo en paro pode pertencer, e moitas veces pertence, a unha familia sen posibilidades de axudarlle. O adulto en paro de longa duración e que xa non cobra prestacións, pode ser urxido coa súa familia polo desaloxo do piso alugado que xa non poden pagar ou a execución das letras dun crédito que non poden cumprir.

E non falamos de casos imaxinarios ou supostos. Dos 208.200 parados que había en Galicia a finais de 1996, segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), só o 38,48 % cobraban algunha prestación de paro, e máis do 40% dos xóvenes galegos están sen traballo (60% entre as mozas de 16 a 19 anos) . ¿Cántos destes están condeados a engrosa-las filas dos “excluídos” ?.

De aí que hoxe resulten insultantemente falsas determinadas afirmacións nas que acostuman a instalarse os sectores máis insensibles e romos da sociedade, segundo os cales “o que quere traballar sempre encontra” ou cousas polo estilo. Hoxe existen en Galicia ducias de miles de persoas buscando traballo e que non o atopan. Boa parte deles, que tiñan o seu posto de traballo, bo ou malo pero co que iban vivindo, na agricultura e sector primario máis en xeral. Pero que o sistema destruiu. ¿Cómo?. Establecendo cuotas e precios para o leite (ou para os piensos compostos) que convertían o seu posto de traballo en ruinoso. Outros tiveron que pechar os seus pequenos bares, tendas de alimentación, mercerías, etc, por non poder competir cos grandes almacéns e as modernas cafeterías. Quizais estas e outras transformacións e o ritmo acelerado con que se levan a cabo son necesarios para a modernización do sistema. Pero tamén cabe preguntarse si cando a competitividade se impón como ideal prevalente non está

atropellando outros valores ó menos tan necesarios, como a solidariedade, a cohesión social, un modelo de sociedade suficientemente lexitimado.

1.9.1. Necesidade dunha protección suficiente

Un modelo de sociedade vai deslexitimándose na medida que en ela medra o número de persoas que non o consideran seu. Os cidadáns que teñen a sensación de que “eso” non vai con eles. Que eles alí non teñen un posto. Pois incluso si a Constitución declara (art. 1) que estamos nun “Estado social e democrático de dereito”, ven que iso de “social” non acaba de cobrar sentido para eles. Ou si proclama ós seus dereitos á liberdade e á igualdade (art. 9), á educación (art. 27), ó traballo e ata ó pleno emprego (arts. 35 e 40), á protección fronte ó desemprego, e á enfermidade (arts. 41 e 43), á vivenda (art. 47). Incluso no caso de que estén enterados de que teñen dereito a todo iso e outras moitas cousas, si de feito o sistema non lles ofrece unha esperanza de acceder realmente a eles, seguirán sentíndose fora do sistema. Se sentirán excluídos. E coa súa exclusión, deslexitimarán ó sistema que lles promete todo iso pero logo mostra non ter capacidade ou vontade para proporcionarllo.

Os españois non deberíamos esquencer as experiencias da nosa propia historia. Durante bastantes décadas, o noso sistema político non acabou de conseguir a súa plena lexitimación ante as clases populares, porque de feito privaba á maioría da poboación daqueles dereitos que dicía recoñecer para todos. Recoñecía o dereito ó voto, pero logo o reservaba só para os contribuintes (voto “censitario”); máis tarde proclamaba o sufraxio “universal” (masculino), pero seguía privando de él a tódalas mulleres, ós mozos, etc. Ou mantiña o servizo militar obrigatorio, pero dispensando de él ós que puidesen sustituílo por unha certa cantidade de diñeiro.

Un dos factores que hoxe máis pode contribuir á crecente deslexitimación do noso sistema sociopolítico é a grave falta de emprego. Ó menos si non se logran atopar camiños para reducir o desemprego de forma sustancial. Hoxe poucos poden invocar xa que se sinten excluídos do sistema político. Pero é crecente o número dos que son excluídos e se sinten excluídos do sistema económico social e iso incluso en tempos en que a economía marcha ben a nivel das grandes magnitudes (crecemento do PIB, baixa inflación, control do déficit). Nada pode exasperar tanto ós excluídos como ver que os ricos poden facerse cada vez máis ricos sen necesidade de contar co seu traballo; ou que os políticos poden seguir gañando eleccións sen contar co seu voto.

Pero, ¿pode unha sociedade chamarse hoxe digna si deixa excluídos a unha parte considerable dos seus cidadáns? ¿Pode ésta sociedade manter a súa autoestima colectiva, ofrecerse como modelo a seguir ás novas xeneracións?.

E ó criticar con dureza (cremos tamén que con xustiza) o sistema, que naide entenda mal. Non ignoramos ou menospreciamos os valores do sistema que temos. É incluso, na súa modalidade europea, o que probablemente mellor conseguiu compaxinar niveis moi apreciábeis de liberdade e de equidade. Hoxe nadie pode presumir, sen caer en unha arrogancia impresentable, que ten outro sistema alternativo para sustituílo. O que pasa é que este sistema, sobre todo en tempos de crisis, acentuando demasiado algúns dos seus extremos, produce efectos perniciosos que poden chegar a desnaturalizalo. Como o crecente número de excluídos.

O que si queremos dicir é que si o sistema non pode integrar a todos no traballo (hoxe xa ningún se atreve a prometer o “pleno emprego”), ó menos debe garantir a todos unha protección social suficiente para que non queden privados dos seus dereitos básicos. E ós que xa caeron (ou foron tirados) na sima da exclusión social, debe arbitrar para eles programas de reinserción suficientemente dotados. Fronte á exclusión, a alternativa é unha protección suficiente.

Unha protección que segue permitindo vivir con unha elemental dignidade, que non se acaba co tempo mentras non se consiga insertar ou reinsertar socialmente ó excluído.

CAPÍTULO 2

O DESEMPREGO COMO FACTOR MÁIS DETERMINANTE DA POBREZA, A MARXINACIÓN E A EXCLUSIÓN SOCIAL

2.1. DATOS SOBRE PARO E CRITERIOS DE EVALUACIÓN

Cando queremos analizar as causas básicas das situacións de pobreza, desembocamos inexorablemente en esta conclusión: **hoxe, a causa máis determinante da pobreza en Galicia é a falta de postos de traballo.** O paro nas súas diversas formas, visible ou encuberto. O non conseguir sequera insertase no mercado laboral cun primeiro traballo. O ter quedado sen traballo, e non lograr atopar outro emprego. O verse obrigado a dedicarse a traballiños ou chapuzas ocasionais, pésimamente remunerados e quizáis sen protección da Seguridade Social.

Sobre todo as persoas que, por idade ou falta de preparación básica, máis dificilmente poden efectuar con éxito unha reconversión laboral. Sen contar os pequenos agricultores por conta propia con ó redor dos 60 anos, obrigados aínda a cotizar para poder xubilarse algún día pero xa sen forzas suficientes para gañarse algunhos ingresos que complementen o que non produce unha agricultura de estricto autoconsumo.

Hai sectores de persoas en que a pobreza se convirte xa en verdadeira **exclusión social.** Como os parados de longa duración, ós que apenas lles queda xa esperanza de efectiva reinserción laboral e deixaron de percibir prestación social algunha. Ou as familias enteiras nas que todos ós seus membros se atopan sen traballo. Ou os mozos xa con fillos que non logran atopar traballo nin apenas poden ser axudados polas súas familias.

Todo iso fai da falta de traballo a causa máis determinante para que moitas persoas caigan na extrema pobreza e non logren saír dela.

Por outra parte, para avaliar o volume do desemprego, e sobre todo a súa incidencia na xeneración da pobreza, é necesario afinar suficientemente no manexo dos datos. En primeiro

lugar hai que ter en conta as fontes oficiais sobre datos do paro, que se supón serán os mellores documentados. Pero tampouco pode deixarse de prestar atención directa á sociedade de que se trata, neste caso a galega.

2.2. PARO REXISTRADO E PARO ESTIMADO

Dúas son as fontes oficiais de datos para avalia-lo volume de paro. Unha fonte é o Instituto Nacional de Empleo (INEM), que cada mes soe facer públicas as cifras de parados rexistrados nas súas oficinas. É o que se chama “paro rexistrado”. Outra fonte é o Instituto Nacional de Estadística (INE), que cada trimestre ven publicando tódolos datos da súa Enquisa de Población Activa (EPA). “Paro estimado” é a denominación con que se lle coñece.

As cifras do INEM recontan soamente a aquelas persoas que figuran rexistradas nas súas oficinas. É dicir que, polos motivos que sexan, (xustificar o cobro do seguro de paro, esperanza de atopar traballo a través desas oficinas...) permanecen apuntadas nese organismo. Pero dunha parte o INEM non admite no seu rexistro a colectivos tan importante de desempregados como os que buscan o seu primeiro emprego, os estudantes menores de 25 anos, os traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego, os traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego, ou os que solicitan exclusivamente un emprego de características específicas (traballo a domicilio por horas, poñamos por caso).

As cifras da EPA, polo contrario, son moito máis completas. En primeiro lugar, porque non esixen como condición que a xente vaia a apuntarse. Son os enquisadores da EPA os que se encargan de averiguar por métodos científicos cantas persoas se atopan na idade e condicións de traballar (“poboación activa”) e cantas delas están desempregadas. Ten pois en conta a tódalas

persoas de 16 anos ou máis que, estando dispoñibles para traballar e en búsqueda activa de emprego, se atopan sen traballo. Inclúe ás que, téndose atopado xa a promesa dun emprego, permanecen aínda á espera de incorporarse a él.

As cifras da EPA en materia de emprego son as que se consideran homologadas coas que ofrecen os demais países do noso entorno. O mesmo ministro de Traballo e Asuntos Sociais declaraba fai pouco á prensa que son estas cifras da EPA as máis rigurosas e dignas de terse en conta á hora de medir a nosa taxa de desemprego.

Son pois estas cifras da EPA as que preferentemente tomaremos en conta neste informe, sen excluír que algunha vez poidamos asimismo mencionalas do INEM. Polo demais, os mesmos informes anuais do Consello Galego de Relacións Laborais seguen esta mesma pauta de tomar preferentemente en conta as cifras da EPA.

2.2.1. Evolución do emprego en Galicia

Os datos da última Enquisa de Poboación Activa (EPA, como será citada máis habitualmente) publicada ata o momento de redactar este informe, corresponden ó primeiro trimestre de 1998. Segundo eles, en Galicia había naquel momento un total de 203.200 persoas sen traballo. En conxunto, o número de parados aumentaba neste trimestre en 12.800 persoas con respecto ás do trimestre anterior (o último de 1997) e alcanzaba un porcentaxe do 18,2% de toda a poboación activa, é dicir, a dos maiores de 16 anos e aínda sen xubilar.

O contraste co conxunto de España quedaba dramáticamente claro; pois ese mesmo trimestre de 1998 o paro diminuíu 120.200 persoas. En números absolutos Galicia volveu a ser a

primeira comunidade en subir o número de parados esos tres meses. E isto non constituía por desgracia unha excepción. Incluso nos mellores tempos de crecemento do ciclo económico, o número de parados viña aumentando en Galicia, mentras disminuía no conxunto de España. Para comprobar que esta é a tónica basta repasar os datos que nos ofrece o Consello Galego de Relacións Laborais no seu Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega correspondente a 1996 (non se publicaron os informes de anos posteriores ó momento de redactar o noso informe). Nese informe do Consello Galego de Relacións Laborais se advirte claramente a tendencia do paro a subir proporcionalmente máis que no conxunto de España, ou incluso a subir na comunidade autónoma cando baixa no conxunto do Estado (*Informe citado, páxina 48, cadro 2.1.*). Desde o ano 1993 en que Galicia superou os 200.000 parados (219.200 exactamente) a tónica foi sempre manterse por encima dos 200.000, con lixeiras oscilacións dun ano a outro. E si do paro estimado (EPA) quixéramos mencionar tamén o paro rexistrado (INEM), Galicia ofrece hoxe porcentaxes de paro con ó redor do 15%, fronte ó 12% pouco máis que dan os porcentaxes do conxunto do Estado.

Galicia ven mantendo crónicamente unha tendencia ascendente na destrución de emprego, perdéndo nos dous últimos décadas (1976 e 1996) nada menos que 307.000 postos de traballo. E as previsións dos expertos seguen sendo similares para os próximos anos. Pois ningún outro sector económico logra crear tantos postos de traballo como os que se destruen no sector primario (sobre todo na agricultura).

2.2.2. A comunidade autónoma na que máis veu aumentando o paro .

Tanto o aumento como o descenso do emprego non forman unha liña contínua. O seu trazado lineal conforma máis ben un trazado con dentes de serra. Existe por exemplo moito emprego estacional, sobre todo nas épocas clásicas das vacacións. A época dun verán clásico

soe constituir os meses en que, sobre todo a hostelería e todo o que se relaciona co ocio, producen un súbito ascenso dos postos de traballo nas zonas costeiras. E iso se acusa inevitablemente na EPA do correspondente trimestre. Pero en Galicia o verán é relativamente curto. O emprego que se crea neses meses non compensa en absoluto os postos de traballo que se destrúen durante o resto do ano. Así, Galicia ven sendo probablemente a comunidade autónoma en que máis ven aumentando o paro.

Si tomamos por exemplo o caso do segundo trimestre de 1997, Galicia foi incluso a única comunidade en que aumentou o paro, baixando en tódalas demais. Concretamente, o paro segundo as enquisas da EPA, aumentou nese trimestre en 8.100 persoas en Galicia, mentras no conxunto de España baixou en 130.000 persoas, cifra que logrou beneficiar a todas as demais comunidades autónomas.

Por provincias, Pontevedra é a que presenta unha maior porcentaxe de parados. Este porcentaxe de parados era do 22,5% (81.300 persoas) para esta provincia en 1997; a seguía A Coruña con o 19,3% de parados; Ourense, con un 20% da súa poboación en paro, e Lugo con un 14,3%. Recalcamos unha vez máis que estes porcentaxes se refiren ás cifras oficiais da EPA. Pois si quixéramos aquilatar máis en canto á incidencia que o paro ten sobre a pobreza e a exclusión social (verdadeira perspectiva deste informe) probablemente nos atoparíamos que as provincias de Lugo e Ourense nos darían porcentaxes maiores que as máis desenvolvidas da costa, ó ter un número maior de subempregados ou parados encubertos nos sectores menos productivos da pequena agricultura, a baixa hostelería e demais.

A título complementario podemos citar tamén as cifras do paro rexistrado (INEM). Por razóns que xa expuxemos noutra parte, soen presentar ó redor dun millón de parados menos que as da EPA. En marzo de 1997 daban para Galicia un total de 177.642 desempregados. Pero o máis significativo é que nestos últimos anos Galicia superou en tres puntos ó conxunto de parados

de España: España, ó redor do 12% de parados e Galicia ó redor do 15%. Galicia perdeu 307.000 postos de traballo nas dúas últimas décadas.

Pola súa parte a EPA, ademáis da súa publicación trimestral, da a coñecer cada ano as súas Tablas Anuales da Enquisa de Poboación Activa, publicados anualmente polo Instituto Nacional de Estatística. Con iso ofrece un panorama máis amplo sobre a evolución do emprego e o paro. Publicamos aquí as últimas Tablas Anuais ás que puidemos ter acceso para documentar este informe. A prensa en xeral, cada medio informativo ó seu modo, se fixeron eco desta publicación. Non obstante, polo seu carácter pedagóxico, seleccionamos para este informe o cadro comparativo de ocupados e parados que un diario publicaba para ilustrar a súa información, según eles, extraídos da EPA. (*) (“*El Ideal Gallego*”, 6 de agosto de 1997, pax. 37)

Cadro 5

Nº de ocupados e parados en 1996

OCUPADOS			PARADOS	
	1996	Dif/95	1996	Dif/95
Andalucía	1.822.300	90.800	875.300	-13.100
Aragón	405.600	9.700	72.300	-2.700
Asturias	315.800	4.500	83.600	4.900
Baleares	271.800	7.200	42.200	-1.700
Canarias	492.900	20.700	139.300	-7.600
Cantabria	150.900	-5.500	47.000	2.100
Cantilla-La Mancha	495.800	27.800	120.000	1.800
Castilla León	777.100	23.400	192.700	-1.800
Cataluña	2.159.100	31.500	504.500	-23.100
Comunidade Valenciana	1.293.100	24.400	359.800	-7.100
Extremadura	276.800	9.100	119.000	1.100
Galicia	910.900	-7.200	208.100	12.000
Madrid	1.710.800	87.600	441.300	12.000
Murcia	318.100	1.400	99.800	1.500
Navarra	190.200	10.400	24.300	-2.400
País Vasco	670.900	10.600	181.400	-18.400
La Rioja	88.300	3.700	14.500	-1.700
Ceuta y Melilla	36.100	3.400	14.700	500
Total	12.396.000	354.100	3.540.000	-43.500

Fonte: Tablas Anuais de EPA

Como pode observarse comparando as columnas destas tablas anuais, a finais de 1996 había en Galicia 7.200 persoas ocupadas menos que ó finalizar 1995. Polo contrario, os parados

eran 12.000 máis que no ano anterior. O que contrastaba coa tendencia moito máis positiva xeralizada no conxunto de España. Galicia non só non se acercaba positivamente á corrente xeneradora de emprego neto no conxunto español, senón que camiñaba negativamente en sentido contrario.

A mesma tendencia comparativamente negativa do paro en Galicia en relación do que ten o conxunto de España, obsérvase tamén analizandoo en periodos máis longos de tempo. Así, desde o primeiro trimestre de 1995 ata rematar o primeiro trimestre de 1997, os datos da EPA nos dan que Galicia neses 27 meses aumentou a súa taxa de paro en 0,81 puntos, mentras no conxunto de España a taxa baixou en 2,03 puntos.

2.3. CAUSA PRINCIPAL, A FORTÍSIMA DESTRUCCIÓN DE EMPREGO NO SECTOR PRIMARIO.

O constante aumento do paro en Galicia ten varias causas. Pero a principal é a fortísima destrucción de emprego no sector primario, sobre todo na agricultura. Unha destrucción tan forte e acelerada de postos de traballo, moi superior ós que poden ser substituídos pola creación de emprego na industria e os servicios.

España no seu conxunto e Galicia máis en concreto, están levando a cabo unha acelerada modernización das súas estruturas agropecuarias, para adaptalas a competir no mercado internacional. Modernización inevitable, que tódolos expertos consideran cuestión de vida ou morte para este sector da nosa economía. (O cal, engadiremos, non quere dicir que non quepan diversas maneiras e ritmos para levalas a cabo).

A forma en que esta transformación se ven efectuando arrastra consigo unha acelerada diminución da man de obra no sector agropecuario. España é hoxe o país europeo en que máis aceleradamente ven descendendo o emprego agrícola. E dentro de España, é Galicia a que perde máis man de obra na agricultura.

Para avaliar este descenso, manexamos aquí as cifras oficiais ofrecidas pola Oficina de Estadística das Comunidades Europeas (Eurostat). Segundo elas, a Unión Europea perdeu en 1995 o 3,2% da súa man de obra agrícola. España no seu conxunto, perdeu o 5,9%. Galicia perdeu en só ese ano o 9,06 por cento de todo o seu emprego agropecuario.

Nos últimos quince anos, a ocupación agrícola descendeu un 20 por cento para o conxunto de España, e nun 80 por cento en Galicia. O número de empregos (mellores ou peores, esa é outra cuestión) suprimidos na agricultura da nosa comunidade autónoma durante esa década e media foi de 183.300 postos de traballo.

A pesar de todo, os expertos aseguran que esa substitución de man de obra agrícola galega debe continuar si o noso sector agrícola ten que ir facéndose economicamente competitivo. Pois Galicia aínda tiña en 1995 unha porcentaxe de man de obra agrícola que equivale a multiplicar por 5,3 a media comunitaria europea; multiplicar por 3,18 a media española; e multiplicar por 2,41 a media do norte de Portugal. (Por citar aquí tres áreas básicas onde pode debatirse a nosa competitividade comercial). Vexámolo no seguinte cadro; que nos ofrece a redución do emprego agrícola en España e outros países europeos no ano 1994-1995 e, ó mesmo tempo as porcentaxes de man de obra agrícola empregados no segundo desos anos. (*Vid. "La Voz de Galicia", de 2 de maio de 1997.*)

Cadro 6

EMPLEO AGRÍCOLA		
	1994	1995
(Las cifras expresan el porcentaje sobre el total)		
UE(Media)	5,5	5,3
Bélgica	2,9	2,7
Dinamarca	5,0	4,4
Alemania	3,3	3,2
Grecia	20,8	20,4
España	9,9	9,3
Francia	5,2	4,9
Irlanda	13,1	12,0
Italia	7,7	7,5
Países Bajos	4,0	3,8
Austria	6,9	7,3
Portugal	11,8	11,5
Suecia	3,4	3,3
Reino Unido	2,1	2,1
Galicia		29
Norte de Portugal		12

En estos datos tomados de Eurostat e complementados cos da Fundación FIES, se percibe claramente o alto exceso de man de obra agropecuaria que, ó parecer segue existindo en Galicia.

Nada que obxectar pola nosa parte á substitución de man de obra agrícola si esto resulta necesario para seguir modernizando este sector da nosa economía. O que si cabe preguntarse é

isto: ¿Non cabería levar a cabo un modelo de desenvolvemento máis racional e equilibrado e, conseguintemente máis fácilmente asimilable e menos doloroso para os que o sofren?.

E xunto co sector agrícola debemos falar do pesqueiro, obrigado asimesmo a sufrir a súa propia reconversión. Reconversión que fai necesarios cambios tecnolóxicos, e asimesmo adaptación ós cambios que veñen tendo lugar no Dereito do mar desde fai varias décadas. A prohibición de faenar en caladeiros en que se viña facendo tradicionalmente; a conseguinte redución do número de barcos e postos de traballo. Bástenos con estes datos. O número de galegos ocupados na pesca e na piscicultura era en 1983 de 45.500 persoas. En 1996 eran xa só 33.200 os galegos que traballaban neste subsector.

E o peor de todo isto é que o sector industrial galego, crónicamente débil e forzado a efectuar a súa propia reconversión está moi lonxe de poder substituí-los postos de traballo que se destrúen na agricultura. Os ven substituíndo en parte o sector servizos, que leva medrado notablemente; pero sen evitar que unha parte da man de obra destruída siga engrosando as cifras de desemprego.

2.3.1. Cando nin siquera existe a posibilidade de emigrar

Isto está sucedendo cando xa nin siquera existe a válvula de escape da emigración. Os historiadores da economía galega consideran hoxe como un feito acreditado que os grandes excedentes de man de obra en Galicia estiveron tradicionalmente relacionados cos esforzos de transformación do noso mundo agropecuario. E que en Galicia, como en outras rexións de Europa mediterránea, boa parte destes excedentes encontraron un tubo de escape nas oleadas de emigrantes que saíron para outros países en expansión. Así Ramon Villares (*Vid. “Figuras de Nación”, de Ramón Villares. Edicións Xerais. 1997, capítulo titulado “Emigracións a América e Transformación de Galicia.”*) “Existe unha vinculación moi estreita entre

modernización agraria, incorporación de produción ó mercado e intensidade migratoria”, resume un destes autores (*pax.* 233). E este mesmo historiador fai súa a avalición doutro, segundo o cal, “...Entre 1836 e 1960, calcúlase que a emigración galega a América ten suposto algo máis de dous millóns de persoas” (*pax.* 210). E incluíndo xa fluxos migratorios máis próximos a nós no tempo, di tamén: “...os grandes “picos” da emigración galega, sexa a segunda metade do século XVIII, sexa o primeiro tercio do século XX ou, mesmo, os anos 1950 a 1973 do éxodo combinado cara América e Europa occidental, coincide basicamente con etapas de profunda transformación da sociedade galega, de modernización da súa poboación e, en suma, de diversificación económica e social de Galicia” (*pax.* 233). Proceso que conclúe por resumir coas verbas seguintes: “O proceso migratorio galego forma parte dunha tendencia europea de expulsión dunha porcentaxe (...) da súa poboación en dirección ás “novas Europas”. (*pax.* 243).

Pois ben, a integración en Europa e máis en xeral a mundialización dos mercados, obrigan hoxe a Galicia a facer fronte a un proceso acelerado de transformación económica que expulsa a decenas de miles de persoas do mundo agropecuario. E isto está sucedendo cando nin sequera existe como válvula de escape a posibilidade de emigrar. Posibilidade que, por outra parte, tampouco se instala xa psicolóxicamente nas expectativas existenciais dunhas xeracións xóvenes que estudaron moito máis que os seus maiores. Si para os seus pais ou avós o “sair polo mundo” a gañarse a vida era visto como una posibilidade máis, algo normal, os mozos de hoxe estudian e se preparan pensando en atopar un traballo aquí. E é por outra parte o que con frecuencia lles inculcan os seus pais, que tal vez si foron emigrantes pero agora, ó afronta-lo esforzo económico de poñer ós seus fillos a estudar, aseguran que o fan “para que non teñades que ir polo mundo, a pasar as que nós pasamos”.

De feito, en 1996 regresaron para Galicia 5.942 emigrantes, mentras só 951 galegos emigraron ó extranxeiro. É dicir, os que volveron foron ó redor de seis veces máis que os que se foron.

2.4. NUN MARCO DE CRECEMENTO ECONÓMICO CRÓNICAMENTE INFERIOR Á MEDIA ESPAÑOLA.

Pero o marco de fondo en que se ven producindo este constante aumento do desemprego está constituído, sen dúbida polo escaso crecemento económico de Galicia. Crecemento económico que ven sendo crónicamente inferior á media de España.

A economía galega medra menos que a media española, e o seu porcentaxe de participación no Producto Interior Bruto (PIB) español é tamén cada vez menor. Este é o marco de fondo que en parte xenera e en parte axuda a entender a crónica incapacidade da economía galega para produci-los suficientes postos de traballo. Esta é a realidade gráficamente reflexada no seguinte cadro, elaborado polo catedrático de Estructura Económica da Universidade de A Coruña Julio Sequeiros Tizón.

Cadro 7

TASAS DE CRECEMENTO DO PIB			
ANO	GALICIA	ESPAÑA	PARTICIPACIÓN
	(Valores de tasas interanuales en porcentajes)		
1980	-	-	6,52
1981	-0,22	-0,22	6,52
1982	-2,31	1,20	6,29
1983	-0,18	2,22	6,15
1984	-0,47	1,32	6,04
1985	1,68	2,62	5,98
1986	1,06	3,23	5,86
1987	2,93	5,32	5,72
1988	5,33	4,97	5,74
1989	2,87	4,60	5,65
1990	1,26	3,84	5,51
1991	2,44	1,91	5,54
1992	0,35	0,90	5,51
1993	-0,90	-0,88	5,51
1994	2,70	2,20	5,51
1995	3,40	2,90	5,52
1996	1,30	2,00	5,50

Fonte: Elaboración do autor con datos do Ministerio de Economía e o Instituto Galego de Estatística.

Neste cadro, contrastado a través das fontes máis autorizadas, se mostra como a economía galega veu crecendo sustancialmente menos que a media española durante o conxunto dos 17 anos estudados. E que esa perda de produción foi incluso superior á perda de poboación, que nese mesmo periodo de tempo pasou de representar o 7,47 por cento a só o 6,75 por cento da española. De ahí que, como sinala o mesmo profesor de Economía, durante ese tempo se perdesen en Galicia ó redor de 150.000 empregos. Sendo o sector primario o que máis postos de traballo perdeu, con 225.000, seguido a distancia pola industria, que perdeu 25.000. E aínda que o sector servicios xenerou 100.000 empregos, estes foron totalmente insuficientes para repoñe-los 250.000 destruídos. (*) (*Vid “La Voz de Galicia”, 27 de abril de 1997 (“Galicia crece menos que España”). Como complemento de idéntica valoración poden lerse diversos traballos do profesor Alvarez Corbacho, e en concreto o titulado “O crecemento económico de Galicia”, de 9 de setembro de 1997, no mesmo diario.*

2.4.1. A economía sumerxida, como paliativo da pobreza e como expresión delictiva.

Pero para o obxecto do presente informe hai que ter en conta tanto os índices oficiais do crecemento económico e a forma como se distribue entre as diversas capas da poboación, como outros factores que asimesmo influen en aumentar ou paliar a marxinação social. De ahí que, ademais dos índices oficiais, tampouco debamos perder de vista factores como o paro encuberto ou a economía sumerxida. O paro encuberto aumenta o desemprego real. A economía sumerxida palía en certo grado ós índices de pobreza.

Na primaveira de 1997, a prestixiosa revista británica de temas económicos “The Economist” avaliaba en ó redor dun 20 por cento o peso da economía sumerxida no conxunto

da produción económica española. É a economía que soe realizarse no que chamamos “diñeiro negro”, e que soe efectuar as súas transaccións con diñeiro en efectivo para eludi-los controis de Facenda. Neste aspecto, o 20% de España colocaba ó noso país ó nivel de algúns outros como Bélxica (20% tamén). Por debaixo de Italia (25%). E por encima da maioría dos países desenrolados: Estados Unidos, Xapón, Suíza ou Austria, con niveis de economía sumerxida dun 10 por cento ou menos. Niveis intermedios (entre un 10 e un 20 por cento) se situarían en países como Suecia, Noruega, Dinamarca, Francia, Alemaña, Holanda, Gran Bretaña, Irlanda, Canadá ou Australia.

En relación coa economía opaca ou sumerxida se plantexan diversos problemas, tanto económicos como morales e de educación cívica, que aquí non podemos entrar a tratar a fondo. Problemas de supervivencia nalgúns casos (por falta de postos de traballo legais ou imposibilidade real de cumprir coa máis estricta legalidade). Problemas de insolidaridade cívica, ó eludi-los impostos, e ata de entrada egoísta e incluso criminal no mundo do delito (narcotráfico, por exemplo).

En canto ás comunidades autónomas españolas, Galicia e a Comunidade Valenciana eran sinaladas por “The Economist” como as que movían maiores porcentaxes de economía sumerxida. Referíndose concretamente a Galicia, puntualizaba que aquí o contrabando foi unha actividade tradicional, e que actualmente segue sendo a entrada natural para “case a metade da cocaína” que se consume en Europa. Outro informe, éste español, dado a coñecer a principios de xullo de 1998, e titulado **‘Desigualdades territoriais na economía sumerxida’**, viña a corroborar esta mesma realidade. Elaborado por un equipo de expertos e dirixido polo catedrático de Economía aplicada da Universidade de Zaragoza, José María Serrano, calcula que a economía sumerxida moveu en España, durante 1997 nada menos que 11 billóns de pesetas e está en crecemento. O último ano representaba o 14,1% do Produto Interior Bruto

(PIB) de España. E as comunidades onde alcanzou unha porcentaxe maior eran Baleares, Galicia e a Comunidade Valenciana.

Calquera bon observador da realidade galega sabe que, aquí, a economía sumerxida ven actuando á vez como paliativo da pobreza e como expresión delictiva.

Polo demáis, é obvio que a economía sumerxida se camufla nos diversos sectores da actividade económica. Así o presidente da Confederación de Hostelería de Galicia calculaba a finais do verán de 1997 que esta economía opaca e sen control, tiña absorvido o 30 por cento dos clientes do subsector hosteleiro.

2.5. FÁBRICA DE EXCLUIDOS SOCIAIS

A falta de postos de traballo aparece así, concretamente en Galicia, non só como a principal causa de pobreza, senón como verdadeira fábrica de excluidos sociais. Sobre todo nos casos de parados de larga duración, en que perderon xa ó seu dereito legal a percibir calquera prestación de paro senón tamén, con él, a súa esperanza de volver a atopar un traballo. Entre estos, o sector máis marxinado e excluído é o de aquelas familias nas cales dos seus membros ningún ten un traballo propiamente dito. Logo está o segmento do paro xuvenil, sobre todo aqueles que levan xa anos buscando ó seu primeiro emprego sen conseguilo. E non digamos si éstos son xa pais ou nais con nenos ó seu cargo, e si tampouco poden recibir axuda da súa familia de orixe. Vamos a referirnos brevemente a cada un destes grupos, e ás peculiares formas de marxinación e exclusión social que xeneran.

2.5.1. Os parados de longa duración

Se soe entender por parados de longa duración a aqueles que desde fai máis de un ou dous anos se atopan sen emprego e o buscan. Sobre todo si se lle agotaron xa as prestacións por desemprego ou se son buscadores dun primeiro emprego que aínda no tiveron.

Un dos últimos análises que puidemos consultar sobre características do mercado de traballo na Unión Europea e Estados Unidos nos informaba que a porcentaxe de parados de longa duración sobre o conxunto das persoas sen emprego era de 54,9% por cento no conxunto da Unión Europea, e do 60,7% por cento en España; e a tendencia en canto ós parados de longa duración é aumentar, incluso cando disminue o do conxunto de parados.

A mesma fonte pero de datas un pouco posteriores (*“Informe sobre a probeza en Galicia”*. Editado pola Dirección Xeral de Servicios Sociais, 1995, pax. 326)., ó distribuir por sectores económicos o número de parados en Galicia, desde os anos 1991 ata 1996 inclusive, o número maior de desempregados os situaba como “inclasificables”; pero advertindo nunha nota ó pe de cadro que baixo ese término estaban incluídos “os que buscan o primeiro emprego e os que perderon o emprego fai máis de tres anos. Estes sumaban 101.700 no ano 1996, dun total 208.200 parados na nosa comunidade. E o “Informe sobre a pobreza en Galicia” publicado pola Xunta, recoñecía que xa no ano 1991-1992 os parados de larga duración constituían en Galicia o 52,3% sobre o total de parados, estando a nosa comunidade neste aspecto, peor ou “por encima de case tódolos países da OCDE e do conxunto de España (46,8%)”

En abril de 1997, o 54,5% dos parados de Galicia non recibían xa ningunha prestación ou axuda oficial, superando en cinco puntos á media estatal dos que se atopaban privados de toda protección.

A Enquisa de Poboación Activa correspondente ó primeiro trimestre de 1997 nos informaba que no conxunto de España había 908.000 familias (7.100 máis que no trimestre anterior) nas que tódolos seus membros en idade de traballar se atopaban sen emprego. ¿Cantos en Galicia?.

2.5.2. O degradante drama do paro xuvenil

Outro dos aspectos sobre os que hai que chamar moi especialmente a atención é o degradante drama que constitúe o paro xuvenil. Como fonte de pobreza, a veces camuflada mentras a protección familiar se prolonga, pero desde logo en canto camiño cara a exclusión social.

Un informe oficial do Consello Económico e Social (CES) corespondente ó ano 1996, nos facía ver que a metade dos desempregados en España eran mozos menores de 30 anos; e que dos mozos entre os 20 e os 29 anos a metade levaban en 1996 máis dun ano buscando traballo. Dos mozos entre 16 e 19 anos, a metade viñan atopando traballo ós seis meses de buscalo. Do total de mozos españois sen traballo, o 35,6 por cento levaban xa dous anos ou máis buscándoo.

Por outra parte, incluso unha alta proporción dos mozos que teñen algún traballo ou veñen exercendo con contratos temporais ou en labores que nada teñen que ver coa preparación profesional recibida. E o mesmo informe do CES sinalaba que incluso a experiencia profesional non constitúe garantía de atopar emprego, xa que entre o 30% e o 65% dos mozos en paro, segundo tramos de idades, contaban xa con experiencia profesional.

O CES, constituído como se sabe por representantes da Administración, os sindicatos e a patronal, advertía das graves consecuencias que acarrexaba o paro xuvenil. Entre elas, sinalaba as seguintes: “ O paro e o subemprego dos mozos non só representan un despilfarro de recursos humanos, senón que poden constituir unha ameaza para a cohesión económica e social”, afirmaba o CES. E referíndose sobre todo ós efectos sociais advertía: “Ten efectos sociais moi altos, especialmente de exclusión social, que levan parellos a falta de participación e recoñecemento, o aislamiento e a perda de autoestima, o que pode derivar en delincuencia, drogadicción ou xenofobia”.

Pero si o perigo de desembocar na exclusión social ameaza ó conxunto dos mozos sen traballo, este perigo se acrecenta cando se trata de mozos pertencentes a familias das clases humildes, que non poden xa seguir axudándolles economicamente. Entón, o risco de perder toda autoestima, deixarse atrapar pola drogadicción ou iniciarse na delincuencia como medio para sobrevivir, se multiplican.

Por sorte (ó menos neste aspecto é unha sorte), a gran maioría das familias españolas participan da sensibilidade e a tradición cultural que os sociólogos atribuen ó prototipo de “familia dos países do Sur”. Familias *colchón*, con solidariedade de portas adentro que funciona aínda con gran efectividade. É esta solidariedade económica e de apoio do conxunto familiar a que, a xuício dalguns especialistas, ven facendo “que o sistema funcione sen que a sociedade se rompa e sen que haxa tensión social excesiva”. De feito, un 82 por cento dos mozos españois desocupados seguen vivindo cos seus pais.

Pero ademáis da cara solidaria, esta maior permisividade dos pais encerra asimesmo aspectos negativos. O acostumbrarse a vivir demasiado tempo baixo a protección dos pais e avós, tende a prolongar tamén a inmadurez dos fillos. A madurez só se adquire se se van

asumindo progresivamente responsabilidades a través do traballo, a familia, o desempeño de servizos á comunidade.

Sobre todo por medio do traballo, se adquire a seguridade en si mesmo, a autoestima contrastada coa realidade, a autonomía económica que posibilite o exercicio real das liberdades. Polo contrario, a precariedade laboral e a falta de traballo vai acostumando ós mozos á dependencia da súa familia de orixe, a veces máis alá do necesario ou conveniente. Esta especie de deformación era acusada fai pouco por un informe do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), segundo o cal o 60% dos mozos españois con traballo, de entre 25 e 30 anos, seguen vivindo no fogar familiar. Porcentaxe éste que triplicaba ó que sucede noutros países europeos. Un cariño mal entendido por parte de non poucos pais de economía desafogada, que os leva a prestarlle unha protección máis alá do que é realmente educativo. É unha coartada en parte inconsciente dos fillos, que dilatan así a hora de enfrontarse á vida. É o mal que denunciaba o verán pasado un investigador do instituto de Ciencias da Familia da Universidade de Navarra. Fronte a este problema, que constituiría a estos mozos en verdadeiros *cautivos da adolescencia*, este mesmo investigador propoñía ós pais emprazar ós fillos á independizarse a prazo fixo. Por exemplo, dándolles un prazo fixo para buscarse algún tipo de traballo e abandoa-lo fogar; ou comenazar por reducirilles a protección, proporcionándolles por exemplo a habitación e a comida, pero non o diñeiro para diversións e outros gastos prescindibles.

É todo un problema de deformación o que se plantexa incluso nos fogares que, aínda que sexa con esforzo adicional, poderán seguir axudando ós seus mozos sen emprego. Pero o problema se multiplica nas familias en que tamén os adultos están en paro ou sobreviven con un traballo moi precario. Nestes casos, a tentación de non buscar traballo por parte dos fillos ou rexeitar os traballos que non lles gustan, queda descartada. Pero o problema, cando levan tempo buscándoo e non o atopan nin tampouco poden recibir axuda da familia, é de verdadeira

destrucción da personalidade. A humillación constante, as necesidades básicas que non poden cubrirse; a falta de autoestima e de estima social; as tentacións de buscar refuxio na droga e de roubar para poder consumila; a carencia de razóns para respectar a un sistema de vida e unha sociedade que non lles ofrece oportunidades efectivas, comezando por un traballo. Todo isto constitúe o itinerario ou o disparador para desembocar no mundo dos socialmente excluídos.

2.5.3. Drama que as mulleres sofren con especial dureza

Con ser un terrible drama para calquera persoa ou fogar que o sofre, o paro azouta hoxe con especial dureza en Galicia ás mulleres e ós mozos. Como nolo reflexa o seguinte cadro que reproducimos tomándoo dun informe do Consello Económico e Social (CES) (*Vid. Pax. 45 do “Informe sobre a Pobreza e a Exclusión en Galicia”, abril 1997*).

Cadro 8

Taxas de paro por sexo e grupos de idade

(4º Trimestre de 1996)

	De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 54 anos			De 55 e máis anos			Total		
	H o m e s	M u l l e r e s	T o t a l	H o m e s	M u l l e r e s	T o t a l	H o m e s	M u l l e r e s	T o t a l	H o m e s	M u l l e r e s	T o t a l	H o m e s	M u l l e r e s	T o t a l
A Coruña	25,3	41,4	31,2	34,1	36,9	35,4	13,9	22,6	17,3	11,7	7,1	9,8	15,7	22,6	18,5
Lugo	37,5	44,6	39,2	34,2	57,5	44,9	9,5	19,7	13,9	6,5	2,5	4,6	11,9	19,0	15,0
Ourense	30,1	78,7	45,4	35,1	42,1	37,9	14,1	18,5	18,3	10,1	6,4	8,3	16,6	23,4	19,6
Pontevedra	31,6	69,9	45,5	38,0	53,2	44,3	13,0	29,6	19,6	9,1	3,1	5,5	16,1	29,7	21,7
Galicia	30,3	59,6	40,3	35,8	46,1	40,3	13,0	24,5	18,3	9,1	4,7	5,6	15,4	24,4	19,1

Fonte: IGE, Enquisa de poboación activa, 1996

Este cadro ofrécenos a distribución do paro en Galicia á finais de 1996. Nel vemos que si o número de parados alcanzaba xa entón ó 19,1% por cento da poboación galega en idade de traballar, no caso das mulleres ascendía ó 24,4% por cento do total, sendo o dos homes 9 puntos menos. Pero onde se cebaba máis o paro era contra as idades xuvenis, sendo tamén aquí as mulleres as máis castigadas.

Así, entre as persoas de 16 a 24 anos, o paro afecta ó 40,3% por cento. Pero as mulleres en paro alcanzan ó 59,6 por cento no tramo dos 16 ós 19 anos, dobrando así ó porcentaxe dos mozos en paro; e superan en casi 11 puntos ós varóns en paro no tramo dos 20 ós 24 anos.

Só existe unha excepción, a primeira vista sorprendente, no tramo das persoas maiores de 55 anos. Aquí son os homes os que superan ás mulleres en porcentaxe de paro. Pero a sorpresa non é tanta para quén coñezca de cerca a realidade socioeconómica de Galicia. Non é difícil adiviñar aquí que moitas mulleres dos sectores autónomos e de rentabilidade mínima (agricultura, pequena hostelería), polo que retrasan o mais posible a súa afiliación como activas a unha Seguridade Social que apenas poden pagar, se afilian agora ó obxecto de ter cotizados ó menos os quince anos obrigatorios antes da xubilación. É a partir dos 50 anos cando se afilian a maioría destas mulleres en idade activa, deixando así de engrosa-los porcentaxes de paro da EPA.

2.6. DESEMPREGADOS SEN COBERTURA CONTRA O PARO

A incidencia do desemprego na xeración de pobreza e exclusión social é evidente. Sobre todo naquelas persoas que, por non ter podido traballar, tampouco teñen cotizacións que lles den dereito legal a cobra-lo seguro de paro; pero tamén os que, tendo quedado sen traballo, se lles agotaron xa as prestacións por desemprego a que tiñan dereito. No primeiro caso poden

atoparse moitos mozos sen emprego, e no segundo moitos adultos que sofren o paro de longa duración.

O cadro seguinte, dado a coñecer polo sindicato UGT- Galicia indícanos cómo foron evolucionando en Galicia as cifras de paro, así como os porcentaxes de desempregados que cobran algún tipo de seguro contra o paro.

Cadro 9

Beneficiarios de prestacións por desemprego en Galicia

ANOS	PRESTACIÓNS					PARO			
	Contributivas		Asistenciales ⁽¹⁾		TOTAL	Rexistrado INEM		Estimado EPA*	
	Nº	%	Nº	%		Nº	% (2)	Nº	% (2)
1992	39.905	41,24	56.853	58,76	96.758	178.457	54,22	186.100	51,99
1993	44.315	39,35	68.316	60,65	111.631	191.128	58,93	208.400	54,05
1994	40.023	39,31	61.784	60,69	101.807	198.426	51,31	220.200	46,23
1995	36.275	43,08	47.927	56,92	84.202	187.084	45,01	196.100	42,94
1996	36.227	45,22	43.894	54,78	80.121	175.811	45,57	208.200	38,48
1997	32.652	44,18	41.250	55,82	73.902	169.455	43,61	203.600	36,30

(1) A cuantía da prestación asistencial é o 75% do Salario Mínimo Interprofesional. No ano 1998, a prestación asistencial é do 51.030 pts.

(2) A porcentaxe de cobertura indica que parte de parados recibe prestación de desemprego.

Fonte: Gabinete Técnico UGT-Galicia *INE. Enquisa de Poboación Activa. Medias anuais.

Este cadro, tomado do diario “Faro de Vigo” (19 de xuño de 1998), que cita o informe da UGT, ofrécenos datos dos seis anos anteriores. En canto ás cifras de paro, ofrécenos as publicadas polas dúas fontes oficiais: as do paro rexistrado nas oficinas do INEM, e as do paro estimado polas Enquisas de Poboación Activa (EPA). Como sabemos, os datos do INEM se publican mensualmente e os das EPA se dan a coñecer cada trimestre. Son considerados máis

significativos e completos os da EPA, porque teñen en conta a toda a poboación en idade de traballar, non só as persoas que dan o paso de ir a rexistrarse unha oficina pública. Son por eso as cifras da EPA as que van a ser obxecto dun breve comentario pola nosa parte.

En primeiro lugar constátanos que o paro en Galicia ven, afectando a máis de 200.000 persoas ano tras ano, e que incluso tende a crecer. Polo contario, o número dos desempregados que reciben algunha prestación de paro tende constantemente a diminuír. Dos seis anos analizados só en dous deles o paro se puxo lixeiramente por debaixo das duascenas mil persoas, e paro iso ó ano seguinte volveu a superar esa barreira. Pero a proporción dos protexidos polo seguro de paro baixou constantemente desde o ano 1994, inclusive.

Si tomamos como base de análise o último ano completo de que temos datos, o de 1997, vemos que as cifras de desempregados alcanzan ese ano a 203.600. Polo contrario, o número dos parados que cobraban algunha prestación ou seguro baixou a 73.902, o que significaba un 36,30% do total. O que é o mesmo, 129.698 de nosos parados, equivalentes ó 63,7% dos desempregados galegos, xa non percibían prestación algunha. Signo evidente de que o número dos parados de longa duración segue aumentando en Galicia, ó parecer imparablemente, e que as prestacións de paro, se as tiveron, se lles agotaron xa. E desa minoría de parados que recibían algún tipo de axuda, só 32.652 percibían unha prestación contributiva, é dicir, proporcionais ás cotizacións que tiñan cando estaban en activo. Outras 41.250 percibían só unha prestación asistencial ou subsidiio de paro, equivalente a nada máis que o 75% do salario mínimo interprofesional.

Para todos estos 129.698 desempregados galegos que xa non tiñan en 1997 cobertura ou axuda social algunha, a situación é sin dúbida dramática. Sobre todo para os que teñen detrás de sí unha familia que manter e non digamos nada si forman parte de fogares en que ningunha persoa ten traballo. Pero a súa situación tampouco é máis halagüeña si, sendo mozos e aínda sen

cargas familiares propias, pertecen a familias modestas que tampouco poden seguir manténdoos. A súa caída na sima da pobreza severa e aínda para non poucos, da auténtica exclusión social é un feito practicamente inevitable. Cando non, para unha parte deles, no precipicio da droga e/ou a delincuencia.

2.7. NON BASTA O SIMPLE CRECEMENTO ECONÓMICO

Con demasiada frecuencia se afronta o pavoroso problema do paro cunha rixidez ideolóxica raiana no dogmatismo. Se dí e se repite, sen fundamento contrastado na realidade, que o único que fai falta é conseguir un crecemento económico suficiente. Que deste crecemento virá a competitividade das empresas e, como por engadida, a creación dos novos postos de traballo. E o extaño é que quen proclaman ás súas teorías con tal dogmatismo, seguen aferrándose a él por moito que éste, un ano tras outro, siga dándose de fociños coa realidade de que o paro continúa aumentando ou baixa en proporcións tan modestas que para millóns de persoas non ofrece esperanza algunha a medio prazo.

Precisamente na segunda semana de outubro de 1997, a publicación das cifras do paro rexistrado correspondentes a setembro coincidían no tempo coa publicación tamén do informe trimestral da Central de Balances do Banco de España.

As cifras de paro daban un aumento do desemprego en 51.050 persoas para o conxunto de España, 4.505 desempregados máis para Galicia. Pois ben, precisamente o día anterior, o informe do Banco de España referente ós seis primeiros meses do ano facía público que o conxunto das empresas non financeiras españolas aumentaran ós seus beneficios nun promedio do 4,9% pero, pese a iso, as súas plantillas diminuíran nun promedio do 0,8% nese

mesmo período de tempo. É dicir, mentras os beneficios aumentaban, o emprego seguía diminuindo.

Isto se comprende perfectamente coa lóxica empresarial. Pois todos sabemos que a lóxica empresarial é conseguir beneficios a base de diminuír gastos e aumentar a súa competitividade no mercado. E unha forma de diminuír gastos é substituír man de obra por novas tecnoloxías. Pero o que non se comprende é que quen ten a obrigaón de gobernar procurando o ben común, indentifiquen a súa propia lóxica coa empresarial.

A capacidade das nosas empresas para competir nos mercados en calidade e precio, é unha condición imprescindible para que poidan crear emprego. Pero non é unha condición suficiente. Sempre serán os gobernantes elexidos polo pobo os reponsables de encauza-la economía cara o ben común dos cidadáns. É un dos capítulos básicos deste ben común, quizáis o máis importante, é hoxe garantir ós cidadáns o dereito e a posibilidade real de traballar. Explorando tódolos camiños para crear emprego rentable (pois o non rentable sería pan para hoxe e fame para mañá). Explicando ó pobo as grandes dificultades que hoxe existen para crear emprego suficiente, e recoñecendo sen dogmatismos nin arrogancias que nadie ten panaceas para iso. Recoñecendo e practicando como un verdadeiro dereito a protección contra o paro involuntario.

2.7.1. Nen sequera nos períodos longos de boanza económica.

Tódolos datos e análises máis rigurosos nos poñen en evidencia que ninguén ten fórmulas máxicas ou atopou a pedra filosofal para diminuír significativamente e de forma sostida as cifras de paro. Incluso nos ciclos prolongados de bonanza económica como ven sendo o

actual, nin sequera nestos periodos máis prósperos parece que o paro poida diminuírse practicamente a corto e medio prazo. Ó menos manténdonos dentro dos parámetros considerados ortodoxos pola maioría dos economistas actuais. Como nos fixeron ver unha vez máis as Perspectivas Económicas Mundiais dadas a coñecer nas últimas assembleas do Fondo Monetario Internacional (FMI) e o Banco Mundial.

Ó reunirse en setembro de 1997 en Hong Kong (xa oficialmente integrado en China) este prestixioso foro fixo públicas as súas análises sobre a marcha da economía mundial e as súas perspectivas para os próximos anos. Este informe vaticinaba que o actual ciclo de crecemento económico mundial podería prolongarse incluso ata o ano 2002. Cinguíndonos ó conxunto dos países industrializados, entre os que se atopa España, o seu crecemento económico medio previsto era do 2,9 por cento para 1997 e de 2,7 por cento para 1998. A media prevista de crecemento para o conxunto da Unión Europea era de 2,5 e 2,8 por cento respectivamente para esos anos. E para España, o crecemento económico previsto era do 3,1 e 3,4 por cento.

En canto ás taxas oficiais de desemprego sobre poboación activa, o informe do FMI e o Banco Mundial prevía que nos anos indicados éstas fosen respectivamente do 7,1 e 6,9 para o conxunto dos países industrializados; do 11,1 e o 10,7 de media para a Unión Europea no seu conxunto; e do 20,8 e 19,9 por cento para España.

É dicir, España, experimentaba un crecemento económico superior á media do conxunto dos países industrializados e que á media comunitaria. Sen embargo, a taxa de paro española se preveía seguise sendo ó final de 1998 case o dobre que a media eurocomunitaria, e case tres veces máis que a media do conxunto dos países industrializados.

Na hora de redactar o presente informe, non sabemos aínda ata qué punto pode empeorar estas perspectivas o cambio de clima económico provocado pola crisis iniciada nos

países asiáticos. Pero desde logo, no que toca a Galicia, o último informe publicado polo Consello de Relacións Laborais xa emitiu o seu pronóstico. Pronóstico tan autorizado como alexado de todo optimismo. Neste informe oficial se asegura que a relación entre crecemento económico e aumento do emprego “vai seguir estando en Galicia nos vindeiros anos bastante por debaixo da media española”.

Cadro 10

PREVISIONS DO FMI

	CRECEMENTO ECONÓMICO			PORCENTAXES DE DESEMPREGO		
	1996	1997	1998	1996	1997	1998
Países industrializados	2,4	2,9	2,7	5,4	5,1	5,3
Unión Europea	1,7	2,5	2,8	11,4	11,1	10,7
España	2,2	3,1	3,4	22,2	20,8	19,9

Fonte: Fondo Monetario Internacional

Por suposto que as previsións do FMI, nada din expresamente sobre Galicia. Pero todo nos indica que a tendencia a aumentar as taxas de paro proseguiría por bastante tempo. Como nos advertía claramente no seu informe anual o Consejo Superior de Cámaras de Comercio, ó informar que o crecemento do PIB en Galicia non levaría consigo un crecemento paralelo do emprego. Ou das aseveracións de organismos da propia Administración Pública

cando aseguran que no campo galego existe aínda un excedente de man de obra que ronda as cen mil persoas.

A mesma Unión Europea, cando se refire oficialmente ás posibilidades de chegar a establecer un plan de emprego de nivel comunitario, os obxectivos que establece son relativamente modestos. Como é o de rebaixar no prazo de cinco anos a actual base media de paro do 10,6% ó 7%. E iso, deixando á competencia de cada Estado membro o arbitrar as medidas que considere máis convintes a este fin. E si estes cálculos tan modestos se fan para o conxunto da U.E. ¿cales habería que facer España, que parte de porcentaxes de paro casi dobles? ¿Cales para Galicia?.

2.7.2. Sistema enfermo.

E isto non sucede nun país pobre ou tercermundista. España non o é. Esta parte de España que é Galicia, tampouco pode considerarse pobre. España forma parte dos países desenvoltos, aínda que o nivel de desenvolvemento sexa diferente duns a outros. España, e dentro dela Galicia, estamos crecendo en canto o noso produto interior bruto.

Sen embargo, o desemprego dunha parte considerable da poboación é un dos novos azoutes e desafíos con que se atopan os países industrializados. O noso en maior medida que ningún. O que pasa é que o modelo de desenvolvemento en que nos movemos é capaz de producir ó mesmo tempo máis riqueza e maior número de pobres e excluídos. Galicia está medrando economicamente, e ó mesmo tempo segue aumentando o número de pobres. Así o poñen de manifesto múltiples signos visibles, e así coinciden en detectalo tódolos estudos a fondo sobre a pobreza na nosa sociedade.

É aquí onde se evidencia un dos efectos máis perversos do modelo de sociedade en que nos movemos. Os pobres son cada vez máis. O número dos socialmente excluídos crece constantemente. En tempos de boanza económica, porque o sistema lles deixa fora. En tempos de crisis, son os primeiros en ser sacrificados a través da diminución do gasto social nos capítulos que máis lles afectan.

Un sistema así, é un sistema evidentemente enfermo. E o historicamente novedoso desta situación é que non afecta só ás persoas que naceran na pobreza. É que fai pobres a moitas persoas, sobre todo das xeneracións de mozos, que nunca o foran. Co que fará cada vez máis difícil ás xeneracións adultas lexitimar este sistema ante ós seus propios fillos. Tal situación constitue unha verdadeira bomba de relojería, cun perigo social do cal non se ten aínda suficiente conciencia a noso xuicio. É facilmente previsible que os mozos sen traballo, aínda aqueles con pais que están dispostos a seguir manténdoos, se cansarán de ser protexidos. Esixirán ter as súas propias oportunidades para independizarse, para facer a súa propia vida. E nesta “guerra entre xeneracións”, irán descubriendo tamén a parte de responsabilidade dos adultos. Sobre todo dunha clase dirixente que non soupo ou non tivo o coraxe de estar á altura das circunstancias. Que non soupo buscar alternativas a un sistema tan contradictorio, nin puxo en marcha unha protección suficiente contra as súas patoloxías.

2.8. ¿PODEMOS AFRONTAR CON EFICACIA ESTE GRAVISIMO PROBLEMA?

Chegados a este punto, é inevitable xa que nos plantexemos decididamente esta pregunta. ¿Somos capaces de afrontar con eficacia este gravísimo problema do desemprego? ¿Só cabe ante él que nos limitemos á mentalo con impotencia? ¿Por canto tempo vai a resistir a sociedade que os seus dirixentes recoñezcan que o paro é o problema máis grave da nosa sociedade, pero non acabou de atoparlle solución clara e a prazo razoable?. ¿Poden os millóns

de parados de longa duración ou de mozos sen emprego (ducias de miles en Galicia) atopar algún aliciente para integrarse nun sistema social que os exclúe.?

2.8.1. Un problema de tódolos países

O paro é un problema do mundo enteiro, e ningún país atopou para él solucións definitivas. A diferenza está nas diversas formas de manifestarse este problema duns países a outros.

Nos países economicamente menos desenvolvidos, soe revestir sobre todo a forma de paro encuberto. Se supón que cada familia debe traballar para sobrevivir. O problema social máis perceptible reviste as formas da fame, a miseria, o sufrimento producido polas epidemias e as grandes catástrofes naturais. O dereito ó traballo non soe estar aínda recoñecido nin, polo tanto, a protección contra o desemprego. O paro, tal como o entendemos nos países desenvolvidos, non está cuantificado nin figura nas estatísticas oficiais. Ou só se cuantifican neles os desempregados de certos sectores económicos, sobre todo da incipiente industria. E así se observa a paradoxa que estatísticas oficiais de paro dan porcentaxes máis abultadas nas rexións máis desenvolvidas dos mesmos, mentras os índices de paro menores aparecen nas zonas que aínda se moven en economías de autoconsumo. Pero o que si é seguro é que, se avaliásemos o paro do mundo subdesenvolvido cos parámetros que usamos nos países desenvolvidos, veríamonos obrigados a recoñecer que o paro, rexistrado ou encuberto, afecta no conxunto do planeta a centos e aínda miles de millóns de persoas.

Alusión analítica aparte merecen asimesmo os países que ata tempos recentes vivían baixo o sistema comunista ou do chamado “socialismo real”. Alí, oficialmente non se recoñecía que existisen parados. Se supoñía que o Estado, dono de tódalas empresas debía asegurar a

todo o mundo un posto de traballo e, na súa falta, un salario. Cando o sistema se desplomou tan estrepitosamente quedaron en evidencia as súas carencias, e que a solución dada ó problema do desemprego era máis semántica e propagandística que real e eficaz. Mención aparte entre estos países merece China. O seu sistema se caracteriza hoxe por seguir proclamándose comunista no político e estar adoptando cada vez máis os métodos económicos do mundo capitalista, incluído o recoñecemento dun crecente número de desempregados.

O noso país, como a maioría dos que integraron o sistema democrático se caracteriza hoxe por ter adoptado un sistema de economía mixta con forte preponderancia da libre empresa. Ten recoñecido constitucionalmente o dereito de todos ó traballo, e á protección social dos que non teñen emprego. Se soe dar por suposto que estos países son comparativamente, os que foron máis eficaces en crear riqueza e poñer en pe un Estado de benestar con considerables parámetros de equidade e seguridade social.

Non obstante, tampouco país algún do sistema ó que pertencemos demostrou ata agora ter atopado a panacea para acabar co paro. Hoxe de feito xa non existe ningún Goberno ou partido político que se atreva a incluír o “pleno emprego” entre as súas promesas electorais serias. Non sería creíble. En tempos de economía global e mercados de nivel planetario, o problema do desemprego xa nin siquiera podería abordarse con medidas exclusivamente nacionais; moito menos, con medidas exclusivamente autonómicas.

Incluso as economías máis poderosas do mundo, como Estados Unidos, Xapón, ou Alemaña, contan con millóns de parados. O conxunto dos países da Unión Europea contabilizan hoxe ó redor de 18 millóns de desempregados. España contabiliza máis de 3 millóns de desempregados segundo cifras da EPA. Galicia supera desde fai tempo os 200.000 e segue aumentando, segundo dixemos.

O que si lograron ata agora os países desenvolvidos, entre eles o noso, é poñer en marcha un sistema máis ou menos aceptable de protección ós desempregados, así como de asistencia social ós que se lles agotou o seguro de paro.

2.8.2. Pero sí podemos e debemos seguir buscando medidas máis efectivas.

Pero si o paro constitúe hoxe un problema de tal magnitude, e que ningún país logrou resolvelo de forma satisfactoria, a primeira conclusión que temos que sacar é que debemos achegarnos a él con gran **rigor e modestia**. E a segunda, que non podemos descansar no esforzo por mellorar e facer máis efectivas as políticas de emprego. Ninguén dispón de fórmulas máxicas para acabar co desemprego; pero ninguén estamos tampouco dispensados de aportar o noso gran de area a esta tarefa.

É desde esta actitude de modestia e rigor, que o Valedor do Pobo se atreve desde aquí a aportar as súas suxerencias. Nas liñas seguintes:

a) Empezar por mellorar cada vez máis a política informativa sobre o problema.

Para iso, renunciar a todo atisbo de triunfalismo ou demagogia ó anuncia-las cifras periódicas de emprego e de paro. Como son, **selecciona-las fontes (INEM, EPA...)** ou presentalas **de forma sesgada** que resulten favorables ós Gobiernos de turno. Ou dalas cifras de aumento do emprego, silenciando quizais que medrou menos que en idéntico periodo (mes, trimestre, ano) de anos anteriores.

A sociedade debe saber que o desemprego é cousa de todos. Máis aínda, debe saber que a solución só pode vir do esforzo concertado de todos, incluídos se é necesario **os recortes**

no nivel de vida dos que xa traballan para que todos poidan chegar a traballar (moderación salarial; supresión de horas extra; reparto do traballo existente...)

Unha pedra de toque para demostrar efectivo amor ós fillos e ás xeneracións de xovenes, pode estar constituída por ver ata que punto as xeneracións adultas estarían dispostas a traballar menos (e consumir menos) para que os mozos poidan traballar e atopa-la forma de ser economicamente independentes. Millóns de familias españolas están demostrando hoxe que son capaces de seguir “protexendo” ós seus fillos sen emprego. ¿Estarían dispostas a gañar un 15 ou 20 por cento menos, para que ós seus fillos poidan conseguir un emprego e deixar de necesitar a súa protección?.

Algo semellante cabe dicir do emprego a tempo parcial. España, con só un 8% dos seus asalariados a tempo parcial, é un dos países da Unión Europea que menor porcentaxe de persoas ocupa baixo esta modalidade. Holanda, cun 38%, Gran Bretaña (24%), Suecia (23%) e Dinamarca (21%), son as que máis. Esta modalidade se adapta mellor sobre todo ó emprego feminino, por resultar máis compatible con outros traballos que, hoxe por hoxe, recaen principalmente sobre a muller.

Pois ben, todo isto e outros aspectos só poden plantexarse constructivamente na sociedade na medida que ésta esté informada a fondo sobre os diversos aspectos do problema.

b) Supera-lo falso dilema sector público-sector privado

Como pode ser o dar apriorísticamente por suposto que é a iniciativa pública ou é exclusivamente a iniciativa privada a responsable de crear emprego. Ou que unha delas é sempre máis eficaz que a outra. Ambas demostraron historicamente ser necesarias, segundo o momento

e a actividade económica de que se trate. Ningunha delas demostrou superioridade sobre a outra en tódolos sectores e en tódolos momentos do desenvolvemento económico-social.

c) Facer un seguimento serio das axudas oficiais para creación de emprego

Tódalas axudas ou incentivos económicos que oficialmente se conceden para crear emprego, deben ser obxecto dun seguimento serio en canto a súa efectividade seguimento e inspección que deben levar consigo a correspondente sanción, e esixencia de responsabilidades , cada vez que se comprobe picaresca ou irresponsabilidade.

E isto debe valer igualmente para as axudas ou incentivos concedidos ás empresas, como para as prestacións de paro entregadas dunha soa vez ós traballadores que cesan no emprego co compromiso de que intenten xenerar ó seu propio posto de traballo.

d) Explorar tódalas experiencias que xa deron resultado

De calquera país que sexan, e calquera sexa o signo do Goberno que as promovera. Todo aquilo, en calquera parte, se considere que tivo éxito na creación de emprego, debe ser analizado a ver si é adaptable ás condicións de España, ás posibilidades de Galicia.

e) Tratar de detecta-las necesidades emerxentes

Este concepto “necesidades emerxentes”, é un dos máis orixinais e básicas en que se inspira o Plan de Emprego Xuvenil que se está tratando de levar a cabo en Francia. Se refire ás novas necesidades que a sociedade xa reclama pero que o mercado aínda non as descubriu como rentables (“necesidade solventes”) nin, polo tanto, pode esperarse aínda que a iniciativa privada as cubra. Pode animarse a responder a elas a prazo máis longo.

Como son boa parte das necesidades relacionadas coa ensinanza, a sanidade, a vellez, a protección do medio ambiente, a animación do ocio. Sobre todo cando estas necesidades se as concibe como **dereitos de todos** os cidadáns, e non só aspiracións máis ou menos lexítimas **dos que podan pagalas.**

Por exemplo. ¿Cánto tempo tardaría a iniciativa privada ou o libre mercado en poñer ó alcance de todos bens como a ensinanza ou a sanidade? e ¿acaso non está hoxe de acordo todo o mundo civilizado en que a cultura e a saúde son, ademáis de dereitos cívicos de todos, dúas columnas básicas da riqueza e competitividade dun país?.¿Existe rentabilidade máis segura para un país que a inversión en capítulos como estos?. E por suposto que son asimesmo fontes creadoras de postos de traballo. Un traballo non só rentable para os que o executan, senón de servicio indiscutible para a comunidade.

Por iso, unha tarefa propia das políticas de emprego debera ser, hoxe, a de detectar tanto as “necesidades” artificiais ou supérfluas, a demanda das cales logra manterse só a base de multiplica-las presións da publicidade, como as necesidades reais aínda “emerxentes”, que a inversión privada non descubriu aínda. As primeiras para suprimilas ou ó menos desincentivalas; as segundas, para responder á elas.

f) Dentro do posible, procurar acompañar a supresión de postos de taballo coa substitución por outros novos.

Decimos “dentro do posible”, conscientes do difícil que é isto respectando ó mesmo tempo a liberdade de empresa e de mercado. Pero supoñemos que algo poderán e deberán face-las Administracións públicas para influir por exemplo en que o ritmo de transformación das

estructuras agrarias galegas non sexa indefinidamente tal que os postos de traballo destruídos non resulten en medida aceptable asumibles por outros postos creados nos demais sectores económicos.

A nosa Constitución reconece (art. 38) “a liberdade de empresa”; pero matizando que ésta ten que compatibilizarse” coas esixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación”.

2.9. DISXUNTIVA DE FONDO NA QUE SE ATOPA O ESTADO DE BENESTAR

Diversos factores contribuíron a que, no noso século, xurdise e se articulase o que agora ven denominándose “Estado de benestar”. Un maior desenvolvemento económico fixo posible pensar en asegurar para tódolos cidadáns uns niveis básicos de bens sin os cales a vida non se considera “*digna*”. Simultaneamente, a conciencia contemporánea foi medrando no sentido de que todos somos corresponsables uns dos outros, pero máis alá do que cada un pode procurarse cos seus propios medios. Así, foi considerándose que determinados niveis de sanidade, de educación, pensións e demais debían estar ó alcance de todos. Neste proceso de construción do Estado de benestar tampouco foi alleo o factor cultural e moral referente ó tipo de sociedade que desexamos construír. E as opcións que se foron adoptando estiveron xeralmente na liña de mellor asegura-la cohesión social e a convivencia. A igualdade como valor foi abríndose paso en canto complemento da liberdade.

No caso de España, este tipo de Estado é definido pola nosa Constitución (art. 1) como “Estado social e democrático de dereito”, que entre os “valores superiores” do seu ordenamento xurídico propugna precisamente a liberdade e a igualdade.

Hoxe, sobre todo a partir da última crise económica, o concepto de Estado do benestar entrou en discusión. No orde teórico, algúns chegaron a poñer incluso en dúbida se debe existir ou non. Sen embargo, no nivel das opcións políticas ninguén se atreve a propugnar a súa destrucción. O debate rematou por centrarse non na súa existencia, senón no seu **tamaño**. E aquí se plantexan dous tipos de cuestións: qué tipo de bens debe hoxe asegura-lo Estado a tódolos cidadáns, e cales de estos bens convén que sexan directamente xestionados polo mesmo Estado.

Quizais a nota que mellor nos serva para valora-lo grado de xustiza dun sistema económico é a relación que nel exista entre crecemento e equidade. Unha vez superadas as primeiras fases do desenvolvemento económico deberá existir unha relación directa entre crecemento e equidade redistributiva. Si a riqueza medra, pero non se redistribúe, entón se converte en acumulación en mans das minorías, facendo que as desigualdades aumenten e, con elas, o número de excluídos sociais. Un sistema económico en que medra ó mesmo tempo o volume global de riqueza e o número de pobres, é claramente un sistema enfermo, radicalmente inxusto.

E é pois claramente falsa a afirmación de que basta preocuparse polo crecemento económico global, e que a expansión do benestar se dará por engadidura. A observación da realidade social nos dá máis ben a evidencia de que é imprescindible unha seria vontade política para facer que a sociedade camiñe cara unha maior xustiza.

2.9.1. España e a Unión Europea

Os niveis de benestar e protección social acadados ata agora por España, son máis ben modestos si se os compara coa media da Unión Europea á que pertencemos.

Basta recoñecer que os nosos niveis de paro son aproximadamente o dobre que os da Unión Europea no seu conxunto; ó redor do 20 por cento, fronte a un pouco máis do 10 por cento. E si o ideal neste aspecto se establece en acadar o pleno emprego, en España este horizonte aparece casi imposible de acadar a medio prazo. Pois aínda que o volume de creación de emprego se acrecentase durante un certo tempo (e non sabemos canto poderá durar o ciclo de crecemento), hai que ter en conta que a nosa taxa de actividade é aínda demasiado baixa en comparación coa da Unión Europea; entre o 48 e o 49 por cen, fronte ó 60 por cento da UE.

Outro punto de comparación España- Europa pode ser o porcentaxe do Producto Interior Bruto dedicado a gastos corrientes de protección social. Pois ben, si temos en conta os porcentaxes deste último ano que dispoñemos de datos comparativos, o de 1991, vemos que España dedicou ese ano a protección social o 21,4 por cento do seu PIB, mentras a medida da UE era do 26 por cento. Por debaixo de España só estaban Portugal (19,4%), Irlanda (21,3%) e supoñemos que Grecia (desta última nons dispoñemos de datos). Os países comunitarios que invertían porcentaxes maiores da súa riqueza en protección social eran Holanda (32,4%), Dinamarca (29,8%), Francia (28,7%), Luxemburgo (27,5%), etc. España quedaba, pois, a 4,6 puntos por debaixo da media comunitaria, pese a que o seu aumento en canto a porcentaxe anual do PIB adicado a protección social foi constante na década de 1980.

Obsérvase así a pequeníssima razón que lles asiste, si é que lles asiste algunha, a quenes entre nós viñeron bramando contra os gastos sociais. Sobre todo se se ten en conta que, ó ter porcentaxes sustancialmente máis altos de parados, España vese tamén obrigada a adicar ó seguro de paro a proporción máis alta dos seus gastos sociais. Co que o gasto adicado a outros capítulos (pensións, sanidade, etc.) resulta aínda máis reducido do que globalmente parece.

É pois de todo punto necesario seguir facendo esforzos por mellora-la protección social dos nosos cidadáns. Non sería nin xusto nin presentable estar máis preocupados de que cadren

as contas (as grandes magnitudes económicas) en orde a formar parte da primeira ronda de países da moeda única, que de si as nosas clases populares viven con elemental dignidade. Sen olvidar que a tan traída e levada “competitividade” se está conseguindo, en non poucos casos, a base de aumentar tamén o número dos excluídos sociais.

2.9.2. Por unha política europea de emprego

O antigo Tratado de Roma polo que se puxo en marcha ó núcleo central do que, hoxe de denomina Unión Europea (UE), estableceu como obxectivo esencial “a constante mellora das condicións de vida e de traballo dos seus pobos”. Este proxecto dunha Europa unida foi dando pasos moi importantes cara a súa configuración como realidade. Daqueles 6 países que asinaron o Tratado de Roma pasou a estar hoxe integrada por 15 e camiña cara ós vintetantos. Símbolo do seu éxito pode constituilo o feito de que siga habendo candidatos na lista de espera para ser aceptados, e que ningún país se haxa separado. Significativo da constante evolución do proxecto cara formas superiores de integración poden selo os diversos nomes que viñeron dándose: Mercado Común Europeo (MCE), Comunidad Económica Europea (CEE), Unión Europea (UE).

Ainda que máis lentos do que se soñara desde un principio, os pasos dados para ir avanzando cara a integración foron impresionantes. Sobre todo para armoniza-las grandes magnitudes da economía. Conseguiuse crear un espacio comercial económico para máis de 300 millóns de consumidores. Reducíronse de forma moi importante a inflación, o déficit público e os tipos de interés dos países. Conseguiuse un crecemento económico máis estable. Logrouse dar un crecente sentido ó “ser europeos”.

Pero o gran déficit deste proxecto veu sendo “o social”. A “Europa social” é a gran carencia que os cidadáns acusaban. Parecía como si os gobernantes europeos non acabasen de

enterarse que para millóns de cidadáns o gran problema está hoxe en conseguir un posto de traballo. Un posto de traballo que lles permita sentirse útiles e dar un pouco de estabilidade as súas vidas. Nunha palabra, que o afán elemental de poder “gañarse a vida” por sí mesmos pasara a ser prioritaria para millóns de mulleres e homes de Europa. E que se ese non se consegue, é moi difícil que poidan tomar en serio a proclamación fundacional e xenérica de “mellorar constantemente as condicións de traballo dos seus pobos”.

O chamado europesimismo foi medrando en diversos países. Empezou a poñerse en evidencia na perda de algún referendun de integración, ou na falta de entusiasmo con que os cidadáns participaban nas eleccións para o Parlamento. Moitos parecían preguntarse: ¿Qué significa Europa para min si en problemas como o emprego -o meu principal problema- parece non ter nada que dicir, e se remite ó Goberno do meu país que non o da resolto?. Paradóxicamente, España foi un dos países menos contagiado polo europesimismo, pese a ser con moito o país con maiores porcentaxes de paro.

O anterior presidente da Comisión Europea, o francés Jacques Delors, foi o primeiro en percibi-la gravidade deste posible divorcio entre cidadáns e institucións europeas. De ahí que baixo a súa presidencia se chegase a elabora-lo primeiro plan europeo de loita conxunta contra o desemprego. Non logrou que fose aprobado.

2.9.2.1. A Cumbre de Luxemburgo

Pero o problema lonxe de desaparecer seguiu medrando. E foi baixo a presidencia do luxemburgués Jacques Santer cando ó fin se celebrase un Consello de Xefes de Goberno monotemáticamente adicado ó problema do paro e de cómo crear emprego. Foi a chamada cumbre de Luxemburgo, celebrada os días 20 e 21 de novembro de 1997. Prova da importancia que o problema fora gañando acollida nos gobernantes europeos é que, das 68 ocasións en que

ata agora se reunira en Consejo de Europa, era a primeira vez que se adicaba a un só tema. E este tema era o emprego.

O primeiro éxito desta cumbre foi o feito de que se celebrase. O segundo, que dela salisen as liñas do que pode e debe chegar a ser unha verdadeira política comunitaria de emprego. E o terceiro, que lograrse poñer ós Gobiernos de cada país ante as súas propias opinións públicas e conseguintemente ós seus votantes (“sanciones morales”), como xuíces últimos das súas políticas de emprego.

A importancia da Cumbre de Emprego en Luxemburgo estriba en ter sentado as bases dunha verdadeira política comunitaria de emprego. E en ter dito dunha vez que a “converxencia” monetaria non basta; que é necesaria a *converxencia social*. Que Europa non pode limitarse a ser só un mercado unificado. Que as institucións europeas non poden ser insensibles ó que hoxe constitúe a principal preocupación dos seus cidadáns; ter un posto de traballo digno, como base esencial para construír as súas propias vidas.

2.9.3. Propostas para repartir-lo traballo existente

Entre as propostas para facer fronte ó problema do paro, foron cobrando forza estes últimos anos as que propugnan repartir-lo traballo existente a fin de que poidan traballar un maior número de persoas. Dalgunha maneira, a idea en parte ven de moito antes. Así, os sindicatos reivindicaron tradicionalmente a redución sustancial, ou incluso simple prohibición das horas extra, co fin de aumenta-los postos de traballo.

Outra fórmula que vai abríndose camiño é a da xornada a tempo parcial, especialmente indicada para persoas que tratan de compaxinar este traballo con outras ocupacións non remuneradas: amas de casa, estudantes...

Nalgúns países, como Holanda, son xa porcentaxes elevados de traballadores e traballadoras os que se acolleron a esta fórmula. E o que é moi significativo, Holanda pasou por ser hoxe o país occidental que compaxina o maior número de traballadores a tempo parcial cos menores índices de paro e un alto grao de competitividade das súas empresas.

Outro intento por reducir o paro, é o chamado “pacto de emprego” anunciado polo Goberno Francés, con suxerencias tan interesantes como a de facer aflora-los “xacementos de emprego”, aínda latentes pero susceptibles de converterse en empregos permanentes do mercado de traballo. Este proxecto en principio interesantísimo, conta por agora con unha notable limitación: non está aínda contrastado en canto a súa efectividade.

Pero nestes últimos anos entrou de cheo no debate socio-laboral unha proposta máis radical de reparto do traballo. Voces diversas empezaron a propoñer que se reparta o traballo existente, sé é preciso impoñéndoo por lei, a fin de que todos poidan traballar. Ata agora, esta proposta non logrou facerse realidade en ningún país, nin parece que sexa viable en algún só por separado. Pero non por iso se debe deixar de analizala a fondo. Sobre todo si temos en conta que o paro é quizáis o problema máis dramático, de efectos potencialmente máis explosivo a que se enfrontan as sociedades industrializadas do noso tempo; e que ninguén responsablemente pode dicir que ten solución para él a medio prazo.

2.9.3.1. Duas cuestións de fondo

Diminui-las horas de traballo para pode manter e aumenta-los postos de traballo é unha fórmula que ata agora só resultou viable nalgunhas empresas ou sectores cunha crise que era evidente. Por iso, os traballadores aceptaron traballar menos e gañar menos para evitar despidos.

Pero as verdadeiras dificultades de fondo con que se atopa a discusión desta fórmula son as seguintes:

En primeiro lugar, que ningún país (e moito menos Galicia) podería implantala por si só sen poñer en perigo a súa competitividade e equilibrio económico. Sería necesario o acordo entre grandes áreas económicas: a Unión Europea, Estados Unidos e a súa área de influencia latinoamericana, Xapón e demais países do Pacífico.

En Segundo lugar está un problema que parece ninguén se atreve a plantexar, pero que é o verdadeiro núcleo da cuestión. Que o traballar menos horas levaría consigo, na gran maioría dos casos, gañar menos diñeiro e, probablemente, cotizar menos á Seguridade Social. E o seu corolario sería aprender a vivir consumindo menos. Esixiría un cambio de costumes. Requeriría en último término, optar por un modelo bastante distinto de sociedade.

¿Aceptarían os pobos, o noso pobo en concreto, os cambios necesarios?. Dependería da forma en que se lles explicase, da gradualidade con que se tratase de levalo a cabo; do grao de lexitimación con que se elaborase a proposta: apoio político e sindical, xusticia na distribución dos sacrificios...En último término, de que o vexan como realmente necesario e máis convincente que a situación actual. Se se leva á conciencia da xente que os seus fillos (familiares, veciños, as xeneracións futuras...) poidan ter un traballo depende en boa parte de que eles acepten repartir o traballo que agora teñen, posiblemente o aceptarían.

O Valedor do Pobo non evita comprometerse en cuestión tan transcendente. A súa opinión é que, en principio, todos deberíamos estar dispostos a asumir-la parte que nos toca si iso aparece como a fórmula adecuada para reducir sustancialmente o drama social do paro. Un drama que para moitos dos nosos cidadáns se convirte en traxedia, ó encerralos nun horizonte que para eles non ten seguridade nin esperanza.

Unha sociedade menos consumista non ten necesariamente por qué ser unha sociedade menos feliz; podería incluso ser unha sociedade máis solidaria e que facilitase a convivencia. Tampouco tería por qué ser unha sociedade menos rica globalmente, xa que serían máis persoas a traballar e a producir. ¿Acaso cabe pensar en algún factor máis ruinoso que, por exemplo, manter na desocupación casi masiva á xeneración de mozos máis preparada que tivemos nunca?.

O que aquí propoñemos e, polo tanto, que esta fórmula do reparto do traballo existente, non se rexeite por principio. Que se a estudie a fondo, xunto con outras fórmulas de loita contra o paro, e que desde Galicia - ¿por qué non?- se promova un estudio a fondo en ámbitos máis amplos que o galego.

CAPÍTULO 3

A DISCRIMINACIÓN DA MULLER NO AMBITO LABORAL

3.1. O longo camiño cara a igualdade.

En véspera do ano 2000 e malia ós avances rexistrados en tódolos ordes da vida social nos países do denominado “*primeiro mundo*”, aínda se continúan producindo situacións de inferioridade e discriminación das que son vítimas as mulleres. Se iso é así nos Estados do noso contorno, ¡qué dicir da situación das mulleres nos países que integran o “*terceiro mundo*”! onde a carencia dos dereitos máis elementais fai moi ilusoria a concepción da dignidade da persoa humana como tal, e das mulleres, en particular. O camiño cara a igualdade entre homes e mulleres aínda non ten estación de término, está erizado de dificultades, e preséntase longo, a pesares dos logros obtidos nos últimos tempos. Iso é así porque na consecución da igualdade real entre as persoas, sen ter en conta o sexo, con ser importantes as leis favorecedoras desa paridade, -condición necesaria- sen embargo, non son suficientes para acadalo obxectivo indicado xa que éste ten que se insertar no código de valores e conviccións dos homes e plasmarse logo en comportamentos concretos que, dalgún xeito, ratifiquen a vontade de non discriminar á muller. É máis fácil cambialas leis que as mentalidades sociais.

Sen desdeñar outros feitos, circunstancias e épocas históricas, cómpre lembrar algúns momentos culminantes na loita pola igualdade sostida polas mulleres. En 1791 e mercede a *Olimpe des Gouges* coñécese a “*Declaración dos Dereitos da muller e a cidadanía*”, na que se manifesta que os dereitos naturais da muller están limitados pola tiranía da situación que debe ser reformada segundo as leis da natureza e a razón; en 1792 publicouse a “*Vindicación dos Dereitos da Muller*” de *Mary Wollstonecraft*, que por moitos foi considerado o primeiro gran manifesto feminista e que recollía a idea de ca feminidade era unha construción artificial, unha imposición da cultura patriarcal; en 1848 e convocada por *E. Cady Stone* reuniuse en Seneca Falls a primeira asemblea dos dereitos da muller que tivo moita importancia porque a partir de entón o sufraxismo comezou a se estender. En efecto foi o movemento das *sufrajistas* o que en 1890 conseguiu *o voto para a muller* no Estado de Wyoming, que en 1920 faríase

extensible a todo o territorio que comprende os EEUU de América. A partir de aí, as reivindicacións feministas no tempo víronse incrementadas nos seus postulados e contidos ata o punto de que o espertar da muller orientouse a súa incorporación á vida cultural, política e profesional dos homes. Desta forma o ideario feminista foise enriquecendo co transcorrer dos tempos con novos obxectivos e propósitos como son a igualdade de oportunidades, a consecución de dereitos económicos sen restricción nin discriminación cos que o home detenta a traballo de igual valor e capacitación profesional, a planificación racional da natalidade, o acceso a cargos públicos, as novas formas de cumprir os fins familiares, as posturas ante o divorcio e o aborto, a educación común cos varóns etc., moitos das cales xa se conseguiron nas sociedades das que formamos parte. Pero “*a igualdade social práctica*” que constitúe o desideratum do feminismo, dista de se ter acadado e aínda que se construiu moito nesa liña, quedan tramos importantes por concluir.

Agora ben, malia a persistencia de actitudes discriminatorias da muller, sobre todo no concerniente ó mundo do traballo, sen embargo non podemos esquecer o progreso rexistrado na igualdade de sexos, medible en termos de avance social, que se experimenta hoxe en día nas sociedades do noso entorno socio-económico e cultural, máxime se temos en conta as condicións das que partía a muller.

En efecto, se procedemos a mirar cara atrás, conviremos en que a muller viuse desposuída dos máis elementais dereitos (no orde privado e público) e cando logrou o recoñecemento dalgúns deles -por exemplo o dereito a traballar por conta allea-, en moitas ocasións exercitounos en condicións infrahumanas. Para corroboralo dito é abondo recordar como era no século pasado o traballo e a posición social da muller.

3.1.1. A muller traballadora en Europa: unha aproximación histórica.

Coas limitacións que supón resumir nunhas breves liñas toda unha etapa histórica non exenta de complexidade, sen embargo é posible -e ata necesario- enumerar unhas constantes que se rexistraron no S. XIX referentes á situación familiar, social e laboral das mulleres na dita época. Antes de calquer outra precisión hai que destacar un feito: o pasado século é o periodo no que, en diferentes países europeos, organízanse os sistemas educativos nacionais -paso do súbdito ó cidadán- e conságrase o dereito á instrucción pública. Pois ben, as mulleres quedan excluídas do dereito á educación e non se lles considera dentro do estatuto de cidadanía. A partires de dito dato, atopan explicación moitas cousas que logo se dirán sobre as mulleres

Como está escrito no importante documento “*O traballo das mulleres a través da Historia*” (Mº de Cultura - Instituto da Muller 1985), o S. XIX contempla en Europa profundas transformacións socio-económicas que se concretan na instauración da revolución industrial. Pásase dunha sociedade rural, onde unha alta porcentaxe de persoas vive da agricultura, a unha sociedade industrial caracterizada porque nela dáse cabida á produción de bens manufacturados e de servizos. A produción agraria -sometida a un réxime de servidume- é substituída, en gran parte, pola produción en réxime de asalarización.

Este proceso non repercutiu da mesma forma nos homes e nas mulleres xa que soamente unha minoría destas últimas participaron directamente na produción industrial e, cando o fixeron, foi en condicións inferiores ó traballo desenvolto polos homes. É verdade que a revolución industrial propiciou que as mulleres traballasen en sectores novos como oficinistas, traballadoras fabrís pero, a maioría, debido ós valores vixentes na dita etapa da historia, permaneceron no fogar familiar.

No plano laboral, as mulleres eran obxecto de discriminación retributiva con respecto ó home e sufrían un ríxido segregacionismo ó se dividi-lo traballo en función do sexo: así as mulleres realizarán traballos de criadas, camareiras, lavandeiras, pasadoras, entre outros.

No plano familiar e social as mulleres casadas van depender do marido e viven -vala a expresión- emparentadas cunha especie de *morte civil*, xa que ante a lei necesitan autorización marital para calquera actividade. Ó se xeneraliza-lo traballo asalariado e concentrarse a poboación nas grandes urbes, a muller vaise a especializar nas tarefas domésticas. Chégase así a instaurar unha política contraria ó emprego feminino, que ten unha arma ideolóxica que a sustenta, e que non é outra ca de que a muller debe permanecer no fogar para coidar ós fillos e atender as obrigacións familiares mentras o home traballa na fábrica.

Nese contexto tamén entre as mulleres existe división de clases. As mulleres dos estratos máis baixos realizan os labores máis duros no fogar (prepara-la comida, lavado da roupa, vestido, limpeza, etc.); as mulleres de clase media válense de servientas e da institución da nodriza que no campo atenden ós fillos daquelas e aliméntanos, aínda que a finais de século esta figura decae; as mulleres de estratos altos dedícanse a actividades sociais e están eximidas de calquera traballo doméstico que levan a cabo diversas criadas, as cales serven tamén para reflecti-la riqueza dos señores, que utilizan ademais nodrizas dentro do propio fogar familiar para poder controla-la súa función.

Nese mundo, as organizaciós sindicais xogaron o seu papel. En principio excluían da súa militancia ás mulleres e opoñíanse a que traballasen fóra do fogar, e iso non tanto pola competencia na loita por un posto de traballo, coma polo feito de que se as mulleres traballaban non podían cumprir entón coas súas obrigacións domésticas, que era o rol principal que tiñan asinado segundo os valores imperantes da época. A postura dos sindicatos de tipógrafos en Europa, limitando o traballo da muller na imprenta, é significativa.

Agora ben, a liña seguida polos sindicatos para obstaculiza-lo acceso da muller ó mercado laboral, foi tratar de instaurar unha lexislación protectora que reducira a xornada de traballo das mulleres para que, deste xeito, o empresario optáse pola contratación masculina. En Inglaterra esta actitude concretouse na creación do “*Short Time Movement*” que tiña por finalidade conseguir para as mulleres unha xornada laboral de 10 horas.

Pero o Século XIX é tamén o período do surdimento dos sindicatos femininos, como por exemplo en Inglaterra, co integrado por traballadoras da industria do algodón. Cómpre recordar como nese país, poñendo un exemplo, alá polo ano 1840, o salario medio da muller era de oito chelins á semana cando os seus gastos ascendían á cifra de catorce chelins. A diferenza compensábase coa mendicidade e a prostitución o que nos dá unha idea das condicións de vida da muller traballadora e da necesidade de se organizar para defende-los máis elementais dereitos laborais e sociais.

Seguindo co apunte histórico, logo do ano 1874 no que se creou a “*Women’s Trade Unions League*”, é cando, por aquel entón, a muller participaba no sector comercial (dependentas), en industrias como a textil e o papel (onde realizaba o labor de recollida e clasificación de trapos vellos), e en fábricas de porcelana, calzado, canteiras e minas nos que, en moitas ocasións, as mulleres arrastraban as vagonetas con carbón, traballo sometido a todo tipo de riscos e que cumpría, entre outros fins, o de proporcionar man de obra barata ó patrón. A finais do século pasado, xurdiron, ademais, os traballos de enfermeira, oficinista, camareira, mestra e iníciase a longa peregrinaxe ás profesións liberais. Nese momento e época, adquire gran desenvolvemento a industria da confección, levada a cabo no domicilio das propias mulleres mediante o denominado sistema de suor. Os sindicatos femininos, a pesares de obter algúns éxitos, axiña foron absorvidos polo movemento obreiro xeral.

No ano 1919 fundouse a Organización Internacional do Traballo (OIT) que fixou como un dos seus obxectivos *“acabar coas discriminacións, das que eran obxecto as mulleres no traballo asalariado e crear condicións máis propicias para que tódolos seres humanos calquera que sexa a súa raza, a súa crenza ou o seu sexo teñan o dereito de prosegui-lo seu progreso material e o seu desenvolvemento espiritual dentro da liberdade, e a dignidade, completa seguridade económica e con iguais oportunidades”*.

Desde os seus inicios a OIT, no concerniente á muller traballadora, orientouse por medidas proteccionistas e así adoptou, en 1919, o *Convenio núm. 3 relativo ó emprego das mulleres antes e logo do parto* e o *Convenio núm. 4 relativo ó traballo nocturno das mulleres* no que, no seu *art. 3* dispónse que *“as mulleres, sen distinción de idade, non poderán ser empregadas durante a noite en ningunha empresa industrial pública ou privada, nin en ningunha dependencia destas empresas, con excepción daquelas en que estean empregados unicamente membros dunha mesma familia”*.

Logo da crise acontecida con motivo da I Guerra Mundial e o periodo de entreguerras, hai que esperar á finalización da II Guerra Mundial para chegar ó periodo en que a muller vai poder ocupar progresivamente maiores cotas de presenza nos diversos sectores laborais e o seu status na sociedade vai supera-los vellos dogmas que lle asignaban papeis subalternos e a mantiñan no fogar familiar. E iso pola necesidade acuciante de conseguilo maior crecemento económico posible, para o que resulta esencial a máxima utilización dos recursos dispoñibles de cada país que se traduce na creación dun maior número de postos de traballo e a necesidade de que alguén os ocupe. Con diferencias significativas entre os países occidentais, pódese dicir que o Estado do benestar -o *Welfare State*- posibilitou que a muller se fora incorporando a unha diversidade de ocupacións, sendo significativo o incremento de empregos femininos no sector terciario onde se fai común ver á muller-oficinista. Nesta sociedade a estrutura do traballo asalariado feminino rexistra outras particularidades, fundamentalmente a que indica que o número

de mulleres no sector agrícola diminúe, e aquela que constata un desprazamento das mulleres de estratos máis baixos desde a prestación de servicios domésticos á industria. Á súa vez, cada vez máis se eleva a idade media das traballadoras asalariadas debido a que se prolonga a escolaridade e acúdense a un aumento do número de mulleres casadas que exercen un emprego, as cales tamén soportan os labores e cargas do fogar coas consecuencias que iso carrega. Este é un tema no que as mulleres están en desventaxa con respecto ós homes e que está de máxima actualidade. Xa desde 1981 existe, neste sentido, o *Convenio da OIT núm. 156, sobre a igualdade de oportunidades e de trato entre traballadores e traballadoras: traballadores con responsabilidades familiares*.

3.1.2. A muller traballadora en España: un bosquejo histórico.

A finais do S.XIX Emilia Pardo Bazán dirá que a distancia social entre homes e mulleres é maior que na España antiga, porque o home gañou dereitos (sufraxio, etc.) e as mulleres non. Hai que pensar nalgúns feitos de especial importancia. En 1857 publícase a *Lei de Instrucción Pública* (“*Lei Moyano*”) que declara obrigatoria a ensinanza primaria e establece que en tódolos municipios existiran dúas escolas, unha para nenos e outra para nenas; o problema residía, en maior grado, no feito de que a educación das “nenas” tiña contidos diferentes á dos nenos. En 1876, os krausistas baixo a Institución Libre de Ensinanza defenderon novos métodos de ensinanza e o dereito de educación para as mulleres. En 1871 créase por Dn. Fernando de Castro Rector da Universidade Central de Madrid, a “*Asociación para a ensinanza da muller*”. En 1915, e ó abeiro da Xunta de Ampliación de Estudios, creouse a “*Residencia de Señoritas*”, centro cultural que chegou a contar con máis de 500 mulleres cada ano. No plano laboral, en 1883 abríuse a *Escola de Correos e Telégrafos* que preparaba ás mulleres para o ingreso no Corpo.

Agora ben, a inferioridade da muller naquel entón, que consagraba a lexislación civil foi denunciada por Concepción Arenal cando dixo: *“Se a Lei Civil mira á muller como un ser inferior ó home, moral e intelectualmente considerada, ¿por qué a lei criminal lle impón iguais penas cando delinque? ¿Por qué para o dereito é mirada como inferior ó home, e ante o delito se lle ten por igual? ¿Por qué non se lle mira como ó neno que obra sen discernimento, ou cando menos como ó menor? Porque a conciencia alza a súa voz poderosa e sublévase ante a idea de que o sexo sexa un motivo de impunidade, porque o absurdo da inferioridade moral dunha muller toma aquí tais porporcións que a ven todos: porque o erro chega a un deses casos en que necesariamente ten que limitarse a sí mesmo, que transegrir coa verdade e optar pola contradicción. É monstruosa a que resulta entre a lei civil e a lei criminal; a unha dinos: -eres un ser imperfecto; non pode concederche dereitos. A outra: -considérote igual ó home e impoñoche os mesmos deberes; se faltas a eles incurrirás en idéntica pena-”*

En efecto, o Código Civil na súa edición de 1889 (con antecedentes no proxecto de Código Civil de 1851 con clara influencia do “Code” francés), patentiza a inferioridade xurídica da muller con respecto ó home. Así, no seu art. 57 (fiel traducción do art. 213 do Código francés) dise literalmente que *“o marido debe protexer á muller, e ésta obedecer ó marido”*; a súa vez no art. 154 e seguintes estipúlase que dentro do matrimonio *a patria potestade ou autoridade paterna sobre os fillos pertence ó pai e, no seu defecto, á nai.*

Polo demais ó noso país, no S.XIX aínda está inmerso nunha economía basicamente agrícola e no que, laboralmente, as mulleres concéntranse no campesiñado, o traballo a domicilio e o servizo doméstico. As mulleres campesiñas situábanse en sectores non asalariados, familiares e de escasa consideración social levando a cabo tarefas que se consideraban “femininas” como carrega-la auga ata a casa, prepara-los alimentos, coidar de animais domésticos e atender ós nenos, anciáns e enfermos.

Nesa tesitura aínda resoan as palabras escritas en 1890 por Emilia Pardo Bazán cando dicía o seguinte:

“...No meu país, Galicia, vése á muller encinta ou criando, cava-la terra, sega-lo millo e o trigo, pisa-lo toxo, corta-la herba para os bois, desfollar, bate-lo liño, tercelo, fialo, texelo... carga sobre os seus ombreiros pesados sacos cheos de centeo ou maía e lévaos ó muiño... amasa a fariña, encende ela mesma o forno e coce nel o tosteirón ou o molete... Fai de ama, apacenta os bois, moxe as vacas...; marcha ó mercado coa cesta na cabeza para vende-los seus productos: leite, polos, ovos, follas de berza, queixos... Esta muller, que traballa sen tregua, vai ser criada e escrava de todos: do avó, do pai, do marido, do neno, dos animais que coida...”

Por outra parte, desde os comezos da industrialización o traballo a domicilio, na casa, considerouse moi apropiado para a muller e así se incrementou o seu traballo como costureiras, encadernadoras de libros, pasadoras, etc. o que lles permitía compaxina-las obrigacións familiares -indeclinables para o código de valores vixente- e o traballo asalariado. Desta forma o colectivo feminino ocupado neses mesteres non entraba en competencia co home para obter un emprego. Nin que dicir ten que as condicións dese traballo (a destaxo e sen contrato), non reunían os mínimos esixibles para un traballo remunerado no concepto que se ten del na actualidade. Neste contexto cabe citar ás *cigarreiras*, que se adicaban ós labores do tabaco, quizáis pola súa maior habilidade manual, e que constituíu un colectivo importante ata o punto de que en 1847, na fábrica de tabacos da Coruña, traballaban 2.810 mulleres dun total de 2869 persoas.

Nos comezos do S. XX prodúcese o acceso das mulleres de modo significativo ó mercado de traballo asalariado, así como ás cualificacións profesionais e a ensinanza universitaria, aínda que nestes últimos casos o proceso transcorre con máis lentitude.

Coa chegada da II República prodúcese a gran esperanza para as mulleres e a posibilidade real de que se transformen as estruturas sociais que retardaban a incorporación da muller ó traballo nun plano de igualdade co home. A actividade sindical e política conseguiron o aumento dos salarios das mulleres aínda que cabe sinalar que, pola curta duración da República, quedaron frustradas moitas posibilidades de equiparación da muller con respecto ó home, e por iso durante o quinquenio republicano o papel da muller, concebido de acordo cos cánones tradicionais, continuou vivo en diferentes capas da sociedade.

Agora ben, debemos á *Constitución da II República, de 9 de decembro de 1931* algunhas declaracións importantes e fundamentais para o tema que nos ocupa. En efecto, *proclamouse a igualdade de tódolos españois ante a lei (art. 2)*, así como que *nin a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas e as crenzas relixiosas poderían ser fundamento de privilexio xurídico (art. 25)*; así mesmo o *art. 36 recoñeceu que os cidadáns dun e doutro sexo maiores de vintetrés anos terán os mesmos dereitos electorais e o art. 52 recolleu o sufraxio universal, igual, directo e secreto.*

Ó chega-lo réxime totalitario xurdido da Guerra Civil, prodúcese un retroceso no camiño da igualdade entre homes e mulleres e nas reivindicacións femininas por razóns facilmente comprensibles. Nunha primeira etapa, e como consecuencia do baleiro demográfico que deixou tras de si o período de guerra, a muller quedou encasillada no rol de esposa e nai que lle foi asignado, primando a súa función reproductora. Os gobernos de turno, ó implanta-lo modelo de autarquía económica, propiciaron o alonxamento da muller do mundo laboral e, nos supostos en que a muller casada iniciara un traballo, necesitaba da autorización marital para celebra-lo

contrato laboral correspondiente como esixía o art. 11-d) da vella *Lei de Contrato de Traballo de 26 de xaneiro de 1944*.

Ademais, diversas regulamentacións de traballo impoñían á muller a excedencia forzosa por contraer matrimonio, situación que, nalgún caso, foi examinada polo actual Tribunal Constitucional, por exemplo na *Sentencia 7/1983, de 14 de febreiro*, referida ó persoal de Telefónica, e na que declarou inconstitucional a cláusula que establecía a suspensión do contrato de traballo para o persoal feminino por causa do matrimonio, e concedéndolles o dereito de reingreso ás afectadas. No mesmo sentido algunhas normas sectoriais establecían a concesión dunha dote destinada ás mulleres que cesaban na prestación laboral ó contraer matrimonio, circunstancia que tamén foi obxecto de pronunciamento xudicial, en concreto, por parte do *Tribunal Central de Traballo* que, por exemplo, en *Sentencia de 2 de decembro de 1987* declarou que esta clase de disposicións eran nulas por discriminatorias. Hai que sinalar que nesa época as mulleres non podían acceder -entre outros- ós postos de avogados do Estado, axentes de cambio e bolsa, diplomáticos, xuíz. E todo iso malia a que o *Fuero dos Españois de 17 de xullo de 1945* proclamaba no *art. 3* que “*a lei ampara por igual o dereito de tódolos españois, sen preferencia de clases nin acepción de persoas*”.

Nin que dicir ten que as limitacións de participación política eran evidentes e así o *art. 10* do *Fuero dos Españois* manifestaba que “*tódolos españois teñen dereito a participaren nas funcións públicas de carácter representativo a través da familia, o municipio o sindicato sen perxuízo doutras representacións que as leis establezan*”.

A partir da década de 1960 a situación foi evolucionando e revisáronse algunhas prohibicións que tiñan por obxecto á muller. Con carencias significativas e esenciais, publicáronse a *Lei de 27 de xullo de 1961* sobre dereitos políticos, profesionais e de traballo da muller, a *Lei de 28 de decembro de 1966* que permitiu o acceso da muller á carreira xudicial, e o *Decreto de*

21 de abril de 1966 que posibilitou que as mulleres litigaran nas Maxistraturas do Traballo sen o permiso do marido.

Logo do Plan de Estabilización de 1959, produciuse un cambio substancial no económico, non exento de serias contradicións. En efecto, fronte ó desenvolvemento económico, industrial, a expansión do turismo e a apertura comercial rexistrados no noso país, o proceso modernizador quedou freado polo anquilosamento das estruturas políticas que non evolucionaron a un sistema democrático de corte occidental como o instaurado con posterioridade pola Constitución de 1978. Nese tesitura a muller dos anos 60 non foi unha gran beneficiada da expansión económica. En moitos casos permaneceron no campo, noutros emprenderon o camiño da emigración cos seus maridos que foi un dos custos sociais do desenvolvemento de aqueles anos, aínda que non hai que desdeña-la súa incorporación ó mercado laboral produto do desenvolvemento da época. Pola contra, esa etapa foi o comezo dunha contínua concienciación da clase traballadora que reivindicaba melloras de todo tipo nas relacións laborais e a apertura a un sistema democrático, obxectivos que suscribían sectores sociais progresistas ligados ás profesións liberais, universidade, etc. Pois ben, esta sucinta -e, por ende, limitada- referencia histórica ata a chegada da Constitución, apórtanos unha idea do dificultoso que resultou -e continúa nalgúns sentidos resultando- o papel activo da muller nas sociedades de corte occidental dos nosos días. Porque foi lento o proceso gradual de emancipación e de igualdade co home desde os seus inicios aínda que, co transcorrer dos tempos, ese proceso de cambio social profundo que constitúe a participación das mulleres no ámbito político, social, económico, cultural e laboral se tornou irreversible.

3.1.3. Obter un traballo digno.

Fronte ós usos, costumes e mentalidades imperantes en tempos pretéritos, que tiñan como fundamento o feito de que a muller -sobre todo a muller casada- debíase recluír no fogar

familiar e desempeñar alí as funcións encomendadas polos valores sociais vixentes no sentir dunha época, xa desde o Século XIX alzáronse voces significativas en contra da segregación sexual e en defensa de que a muller traballase fóra de seu domicilio, xa que diso soamente se derivarían beneficios e vantaxes de todo tipo.

Resulta ilustrativo mencionar a Stuar Mill porque os seus escritos traslucen a súa posición de defensor do acceso da muller a toda clase de traballos, como se pode constatar transcribindo o que deixou escrito en 1869:

“O segundo beneficio que reportaría o conceder á muller o libre uso das súas facultades, a libre elección do seu posto de traballo, abrírlle os mesmos campos de actividade e ofrecerlle os mesmos premios e incentivos cós demais seres humanos, sería o de duplica-lo continxente de facultades mentais para servir á humanidade”.

No mesmo sentido e a finais do século pasado Concepción Arenal defende a igualdade de salarios e traballo para homes e mulleres coas seguintes palabras escritas en 1891:

“Igualdade ante o traballo, dereito tan sagrado e necesidade máis imperiosa que a igualdade ante a lei... Posto que se suprimiron os gremios de oficio que non subsistan os de sexos, con exclusións especialmente inxustas, posto que os homes poden facer e fan todo o labor de mulleres, e éstas véñse excluídas de case tódolos traballos delas”.

Con independencia do acerto da ilustre ferrolá ó incidir na igualdade máis real que proporciona o traballo, fronte á igualdade formal ante a lei, e da visión, un tanto idílica, de que os homes *fan todo o labor de mulleres*, que como máis adiante se indicará, é precisamente aí, na

ausencia dun verdadeiro reparto das cargas familiares e do traballo doméstico, onde na actualidade persiste un dos focos de discriminación da muller, o que non cabe dúbida é do feito de que progresivamente as mulleres *reivindicaron incorporarse ó mercado do traballo* como fórmula de dignificación e realización personais, autoafirmación, así como medio de lograr independencia económica que serva para materiliza-la súa liberdade, sen esquecer que con iso se contribúe ó sostemento económico da familia que, en numerosas situacións, esixe como auténtica necesidade, o traballo e conseguinte remuneración de ámbolos dous cónxuxes.

3.1.4. No cincuentenario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Cando estamos no ano que conmemora o cincuentenario da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, proclamada pola 183 Asemblea Xeral da *ONU o 10 de decembro de 1948*, é un bo momento para traer a colación os dereitos recollidos en tal capital documento que afectan á muller: igualdade de dereitos e liberdades sen distinción de sexo (art. 2); igualdade ante a lei e dereito á protección contra a discriminación (art. 7); dereito a se casar e fundar unha familia (art. 16); igualdade de dereitos en canto ó matrimonio, durante o matrimonio e en caso de disolución do matrimonio (art. 16); dereito de acceso, en condicións de igualdade, ás funcións públicas do seu país (art. 21); dereito ó traballo e a percibir, sin ningunha discriminación, igual salario por traballo igual (art. 23); protección especial na situación de maternidade (art. 25); dereito á educación (art. 26); e dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade da que se forma parte (art. 28).

Malia a citada proclamación, os dereitos da muller requiriron novas formulacións plasmadas en documentos internacionais que iremos coñecendo ó longo desta exposición. O que interesa subliñar, aquí e agora, é o feito de que, logo dos anos transcorridos desde a Declaración de 1948, aínda non se levaron á práctica na súa totalidade os principios que se acaban de enumerar, polo que a igualdade entre homes e mulleres dista aínda de ser total e efectiva.

Agora ben, isto require algunha matización porque non cabe efectuar xeneralizacións sen ter en conta o contexto político, social, económico e cultural onde se inserta a muller. En efecto, os problemas das mulleres dos países desenvolvidos son distintos ós que posúen nos países de Africa e Asia xa que, nestes últimos, aparte dos comúns ó xénero, únense en moitas ocasións ós ligados á propia supervivencia. Nalgunhas destas sociedades do continente africano ou asiático ademais, a muller é obxecto de cosificación e de claros comportamentos vexatorios.

Por todo iso a situación da muller non pode ser obxecto dun tratamento xeneralizado, o cal está acorde coa idea de que nos procesos sociais é moi difícil a extracción de leis xerais. Non obstante, sequera brevemente, imos efectuar algunha indicación de tendencias e rexistros que nos sinalan cal é a situación da muller nos países desenvolvidos. Aínda que a dita situación tamén é variable, atendendo á clase social, nivel cultural, relixión dominante, espacio xeográfico, desenvolvemento político etc. podemos en principio extraer algunhas conclusións.

En principio pódese afirmar que o camiño á igualdade prosperou con pasos firmes e decididos nos países do noso entorno onde os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos a tódalas persoas, quedaron plasmados nas Constitucións respectivas. Finalizouse así unha primeira etapa, esencial, e que non se conquistou aínda en moitos países do planeta.

Nas sociedades de corte occidental, a muller síntese que é igual ó home no tocante ós dereitos civís, políticos e sociais pero, instalada na realidade de cotío, contempla como nalgúns ámbitos, existe aínda un treito por recorrer para que eses dereitos proclamados constitucionalmente os poida disfrutar de forma efectiva en igualdade de condicións có home. Bótase en falta maiores doses dunha “*ética da igualdade*” que invada tódolos segmentos sociais capaz de xerar actitudes para incorporar á muller a máis postos de representación política e á diversidade de ocupacións. En terminoloxía feminista existen “*teitos de cristal*” nos países

desenvolvidos e democráticos que impiden, por exemplo, que, hoxe en día, a muller sobrepase determinados límites de presenza nas institucións de representación política onde se toman decisións que lles afectan en materia de educación, emprego, seguridade social e participación en tódolos ordes da vida social.

Se prestamos atención á situación da muller no mercado laboral nas sociedades occidentais democráticas observaremos, como se deduce do informe da ONU sobre “*a situación da muller no Mundo en 1995*”, que é nos sectores da saúde e da ensinanza onde as mulleres posúen unha moi estimable representación, non obstante ó cal, continúan rexistrándose no mundo do traballo desigualdades entre mulleres e homes que se traslucen en diferencias nas remuneracións, á vez que se produce segregacionismo ocupacional e subrepresentación da muller en empregos de alta estimación social e boa retribución económica.

3.1.5. Mirando ó noso país.

A raíz da Constitución de 1978, o noso país incorporouse ó grupo de Estados que recoñecen en normas fundamentais a igualdade entre ámbolos dous sexos. Por outra parte, e a raíz do ingreso de España na Unión Europea, o ordenamento xurídico español enriqueceuse co “*acervo comunitario*” -ó que con posterioridade faremos mención- referido á prohibición de discriminación por razón de sexo.

Como consecuencia do dito, nos últimos anos producíronse importantes cambios na situación xurídica e social das mulleres españolas propiciado, sen dúbida, á vez polas reivindicacións feministas e pola asunción dos principios de igualdade de homes e mulleres incorporados ós programas dos partidos políticos do arco constitucional.

Neste orde de cousas, a mellora da posición da muller no ámbito político, social, cultural e económico foi indubidable, sobre todo debido ó cambio de mentalidade no referente á súa incorporación ó mercado do traballo, verdadeira clave de bóveda para que a muller vexa concretada e realizada a súa liberdade e independencia persoais. O logro dun traballo remunerado constitúe, hoxe por hoxe, unha cuestión que preocupa á muller, máxime cando na chamada sociedade do benestar, preséntase como un ben escaso.

A pesares de todo iso, no noso país o fenómeno do acceso masivo da muller ó mercado de traballo produciuse tardiamente e na actualidade, aínda que rexe no ordenamento xurídico español unha normativa progresista sobre á igualdade de sexos, en diferentes reductos sociais e laborais, continúan persistindo actitudes discriminatorias da muller que irémos contemplando e que frean ou retardan a consecución da igualdade real entre ámbolos dous sexos.

Non obstante e con tódalas limitacións que se rexistran na vida cotidiá en torno á finalidade de chegar á equiparación efectiva entre o home e a muller nos distintos campos de actividade, o que non cabe a menor dúbida é que quedaron atrás e prescritas proclamacións como a contida no Fuero do Traballo de 1938 no que na súa declaración II establecíase que “*o Estado prohibirá o traballo nocturno das mulleres, regulará o traballo a domicilio e liberará á muller casada do taller e a fábrica*”. Este confinamento da muller casada ás tarefas do fogar, respondía ós valores imperantes en España nesa época histórica, onde se lle adoita asigna-lo papel de gardiana do fogar e coidadora da familia á vez de que era obxecto de discriminacións de varias clases. O propio Tribunal Constitucional referíuse con claridade a aqueles momentos cando na súa *Sentencia 3/1993 de 14 de xaneiro*, ó enxuiza-la constitucionalidade dunha axuda da Seguridade Social establecida con anterioridade á vixencia da Constitución, e na que as beneficiarias soamente eran as fillas ou irmás do causante subliñou que “*a medida que se pode calificar como de norma protectora da muller non*

traballadora, descansa na secular discriminación familiar da muller á que tradicionalmente se lle vén confiando funcións domésticas, como se gozase dunha vocación ou predisposición cara elas”.

Nesta liña de razoamento cómpre deixar apuntado a distinta situación da muller no plano da vida pública e no da privada. En efecto, o Estado social de dereito e a sociedade do benestar posibilitaron, mediante unha lexislación laboral pensada na igualdade de sexos, que a muller ó acceder ó mercado laboral teña unha serie de garantías, entre elas, as protectoras da situación de embarazo, maternidade e lactancia, que, en último termo, tradúcense en reaccións xurídicas ante os Tribunais de Xustiza se son transgredidas polos empresarios ou os poderes públicos. No ámbito da vida pública, a muller foi conquistando maiores cotas de igualdade co home.

Sen embargo no ámbito da vida privada as cousas non transcorren do mesmo xeito. A muller casada, que ten un traballo extradoméstico, pola sobrecarga de tarefas no fogar familiar, está nunha situación de desigualdade e, malia a toda unha lexislación favorable á compatibilidade do traballo extramuros do domicilio familiar co desenvolvemento dentro del, o certo é que as obrigacións domésticas operan como un serio *handicap* material para o emprego, para se formar ou simplemente para a reanudación dun traballo logo da maternidade.

Anticipando algunha impresión que máis adiante merecerá especial atención, pódese sostener que en moitos casos a muller que posúe un emprego atopa na súa vida privada -pola presenza de fillos, pais anciáns, enfermos- serias dificultades para desenvolvelo satisfactoriamente, ó non estar eximidas do cumprimento das responsabilidades familiares. Temos aquí, no ámbito doméstico, unha clara posición desfavorable e de desvantaxe da muller con respecto ó home.

En efecto, a muller traballadora que sostén un fogar co home, soporta unha xornada de traballo duplicada (laboral e doméstica) e, con iso, sitúase nunha posición que, á vez que é desigual en relación co home, tórnase inxusta. É certo tamén que non existe un único modelo e que as novas xeracións parecen moito máis predispostas a compartirlas responsabilidades domésticas. As mulleres xoves que colocaron entre as súas prioridades acceder a un emprego, e fixeron da súa proxección social e profesional un obxectivo irrenunciado, na actualidade educan os seus fillos na corresponsabilización das tarefas que conleva o fogar.

Sen embargo, polo peso das tradicións e dunha cultura de subordinación ó xénero masculino que aínda pervive en diferentes sectores da sociedade, resulta evidente que o reparto de cargas domésticas para as mulleres nadas nos anos corenta e cincuenta, ó estar desequilibrado, operou na súa contra. Para reequilibrar a situación faise preciso que o conxunto da colectividade e especialmente os homes que a integran, asuman decididamente a distribución equitativa das obrigacións doméstico-familiares, e iso non só no plano dos principios -necesario como paso previo- senón sobre todo no das actitudes e comportamentos, pois doutra forma, as posibilidades reais da muller no ámbito laboral -acceso, promoción, ascenso no traballo- vólvense ilusorias. A igualdade entre os dous xéneros pasa inexcusablemente por este aspecto e, en definitiva, pola interiorización e posta en práctica por parte do home, da *cultura da cooperación* nas tarefas do fogar familiar.

Nesta liña de razoamento, pode resultar esclarecedor reproducir os termos en que se pronunciou o Tribunal Constitucional na *Sentencia 128/1987 de 16 de xullo*, cando á hora de enxuizar se a medida de conceder unha cantidade mensual en concepto de garderías soamente ás mulleres (solteiras, casadas e viúvas con fillos menores de 6 anos) era discriminatoria sostivo que: “*Non se pode admitir, como xustificación da diversidade de trato, que as donas dos traballadores casados poden atender ós fillos pequenos, polo cal eses traballadores non precisarán que se lles subvencione os gastos de gardería, mentres que as traballadoras con*

*fillos si o precisarán, para compensa-la imposibilidade de prestar tal atención debido o seu traballo. Iso suporía partir da premisa de que, mentras as mulleres dos traballadores terán que permanecer no fogar familiar atendendo ós fillos menores e iso sen excepción algúnha (de forma que, en ningún caso, procederá, respecto destes traballadores, a mencionada prestación por gardería), no caso da muller traballadora os pais dos fillos menores non realizarán actividades domésticas de coidado deles (polo que, en todo caso, procederá, respecto a esas traballadoras a mencionada prestación polo concepto de gardería). Obviamente, esta perspectiva que exclúe, aparte de situacións de separación ou enfermidade, a posibilidade de actividades extradomésticas da muller casada (laborais ou de calquer outro tipo), e a prestación de colaboración no coidado dos fillos da traballadora por parte do pai, non se pode considerar xustificación suficiente, pois non se adecua as previsións igualitarias entre homes e mulleres contidas na Constitución, contrarias á discriminación por razón de sexo, tanto en forma xeral (art. 14) como en áreas específicas, tales como o matrimonio (art. 32.1), o traballo (art. 35.1) e o coidado de fillos comúns (art. 39), **convirtindo en inadmisibile unha posición que parte da dedicación exclusiva da muller ás tarefas domésticas e da exclusión absoluta do home delas,...**”*

3.1.6. Supera-las causas da discriminación.

Como sostivemos anteriormente é un feito constatable, o que a muller desexa acceder a un posto de traballo mercede ó cal poida desenvolverse en liberdade e con independencia. Sen embargo tradicionalmente, no noso país, concitáronse unha serie de factores que discriminaron á muller á hora de participar no mercado de traballo.

En primeiro lugar existiron unhas causas *socio-familiares* que propiciaron o retraimento da muller da esfera laboral e a súa conseguinte permanencia no fogar familiar.

Existiron na sociedade actitudes patriarcais que se plasmaron nunha patente subordinación da muller con respecto ó home no referente ó traballo e que tiveron o seu reflexo tamén na persistencia dunha división ríxida de roles na esfera social e familiar. Á muller -con este esquema funcional- asignouselle o traballo dentro do fogar familiar, concretado en actividades domésticas e de coidado dos membros da familia, que, nalgúns casos (-medio rural-) facíase extensible a traballos nas explotacións agrícolas, non remuneradas na maioría das ocasións (axudas familiares). Nos supostos das mulleres que traballaban fóra do fogar (nuns primeiros momentos con porcentaxes moi baixas), sempre tiñan a consideración de man de obra secundaria necesaria para supri-la falta ou escaseza de man de obra masculina. Polo contario, nese sistema de valores, o rol dos homes consistía no traballo fóra do fogar e retribuído porque con iso sustiña economicamente á familia.

Non cabe a menor dúbida de que este factor de discriminación da muller que practicamente lle impedía adicarse a un traballo por conta allea fóra do ámbito doméstico, foi superado, aínda que quedan reductos por conquistar.

A iso contribuiu, por unha banda, o feito de que as mulleres españolas cada vez estudian máis, de tal forma que se pode sinalar que a matrícula das mulleres na Universidade en 10 anos (1975-86) creceu un 142%, pasando a ser feminino máis do 50% do alumnado universitario. Esta circunstancia propiciou un cambio cultural extraordinario que incide en toda a sociedade na evolución das actitudes das mulleres en relación co traballo e a familia. Por outra banda, a participación da muller no mercado laboral foi outra das circunstancias que contribuiu a arrumba-los vellos valores de asignación de funcións do home e á muller no fogar e na sociedade da que forman parte.

Outra das causas que posibilitaron a discriminación da muller son as *culturais*. Ata non hai moito tempo a educación que recibían homes e mulleres eran distintas xa que as materias

obxecto de estudio tiñan diferente contido en función dos papeis socialmente asignados a ámbolos dous sexos, o que desembocaba nunha discriminación legal en canto á adquisición de coñecementos, existindo certas profesions nas que a súa entrada estivo vetada á muller como por exemplo o seu acceso ás Academias Militares, situación de desigualdade que declarou discriminatoria a *S.T.C. 216/1991 de 14 de novembro*. Ademais de todo iso, o nivel de estudos da muller e, en liñas xerais, o súa bagaxe cultural, era inferior ó dos homes o que repercutía negativamente na participación no mercado laboral.

Non resulta ocioso recorda-la correlación existente entre o aumento no nivel de estudos, o emprego e a substitución dos valores tradicionais que subsumían á muller en papeis meramente de coidado e atención do fogar familiar.

Por último outro dos factores que coadxuvaron no mantemento da muller subordinada ó home é o *económico*. Nos países menos evolucionados en orde á nivelación social da muller, ésta veu constituindo un colectivo de reserva de man de obra que irrompíria no mercado laboral cando a man de obra masculina fora insuficiente. Así ocorreu en períodos de guerra e de forte expansión económica como a rexistrada en España nos anos 1960 e posteriores, onde a man de obra feminina se intensificou, tamén motivado polo feito da forte emigración dos homes a Europa en busca de soldos máis altos cos que poder aforrar para investir na súa terra.

Este feito pódese constatar con soamente comproba-las taxas de actividade feminina que se incrementan en 1969 (á redor do 23 por 100) e continúan aumentando ata 1974 (aproximadamente ata o 28 por 100) o que traducido a números supuxo un crecemento de case un millón de mulleres activas nese curto periodo de tempo. A crise do petróleo iniciada nos anos 1973-74 truncou ese ciclo que volvería a se recuperar anos logo.

Todo este cúmulo de cousas, correron parellas a unha normativa laboral que nun principio foi de claro matiz proteccionista e tutelar da muller para evita-la sobreexplotación de man de obra feminina, e compensar as súas inferiores condicións de traballo. Os traballos prohibidos á muller e certas vantaxes en determinadas prestacións atopan acomodo nese primeira etapa de lexislación laboral. Na época actual, polo contrario, o que prima é unha lexislación social e laboral que ten a igualdade como norte xa que se constatou que, en moitas ocasións, as normas protectoras do traballo feminino poderon supoñer un obstáculo para o acceso real da muller a un emprego en igualdade de condicións de traballo cos varóns e en tal sentido pronunciouse o Tribunal Constitucional na *Sentencia 28/1992, de 9 de marzo*.

3.2. Uns datos reveladores en Galicia.

Constitúe unha esixencia ineludible, siquera brevemente, facer mención ó panorama do mercado de traballo en Galicia á luz dos últimos datos estatísticos que posuímos. Se prestamos atención ó *Cadro 11* (pax. 152) podemos destaca-los seguintes puntos:

- A poboación activa galega, é dici-lo conxunto de persoas que, nun periodo dado, subministran man de obra para a produción de bens e servicios económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción (definición do INE con base nas recomendacións da OIT aprobadas na decimoterceira Conferencia Internacional de Estatísticos do Traballo- Xinebra, 1982), presenta un descenso continuado, aínda que cabe apuntar que a poboación activa feminina experimentou un lixeiro aumento no conxunto. En 1997 prodúxose unha caída de arredor de 16.000 persoas, cando en 1996 foran 2.800 e en 1994 6.000 persoas. Se observamos o *Cadro 12* (pax. 153) constataremos o feito, de sinalada importancia, consistente en que existe un crecemento da poboación activa feminina no grupo de idade intermedio (de 25 a 54 anos) de modo

continuado, mentras que, á inversa, rexístrase unha contracción da poboación activa masculina, tamén de forma constante, nese mesmo grupo de idade.

Á vista destes datos podemos extraer unhas conclusións iniciais. A incorporación da muller ó mercado de traballo, e a súa saída do ámbito doméstico, é unha constante nos últimos anos o que repercute na estrutura e dinámica familiar á vez que posibilita novos papeis da muller na sociedade. As mulleres galegas representan, no conxunto da poboación activa, aproximadamente un 41 por cento, no período que se corresponde con 1997 (*Cadro 11*), o que supón un aumento considerable con relación a períodos anteriores dos aquí contemplados. Este cambio social ten tanta máis importancia se se consideran dous tipos de causas: por un lado, unha certa ralentización ou tardía entrada da muller galega no mercado de traballo; e polo outro, a persistencia -aínda perceptible nalgún núcleo- do concepto tradicional da muller, cinguida ó ámbito familiar sen asumir plenamente os novos papeis no entorno social en que se integra.

- A taxa de actividade, que é a porcentaxe de activos respecto á poboación de 16 e máis anos, experimentou unha tendencia decrecente *Cadro 13* (pax. 154), sendo máis intensa a caída da taxa de actividade masculina nos últimos tres anos (1995, 1996 e 1997). Maior importancia merece o *Cadro 14* (pax. 155) onde constatamos un feito singular: a taxa de actividade feminina no grupo de idade de 25 a 54 anos experimenta un continuo ascenso, mentras que, polo contrario, a taxa de actividade masculina, para ese mesmo grupo de idade, experimenta un decrecemento aínda que a diferenza entre ámbalas dúas sexa de ó redor de 30 puntos.

Neste orde de cousas pode tamén chamar a atención o feito de que a taxa de actividade feminina no grupo de idade de 16 a 19 anos decreceu en 7 anos, ó redor de 11 puntos (a masculina soamente experimentou nese período unha caída de cerca de 5 puntos), o que

pode ter como explicación, por un lado, o abandono do sector primario, do campo, pola mocidade, e polo outro, pola incorporación masiva á educación superior e a prolongación dos períodos formativos.

- A poboación galega ocupada, se atendemos ós datos dos anos 1993-1997 que se reflexan no *Cadro 11*, veu descendendo, rexistrándose un repunte en 1997 e no primeiro trimestre de 1998, onde se incrementaron os ocupados en 3.500 persoas con respecto ós que se atopaban nesa situación a finais do cuarto trimestre de 1997 - *Cadro 15* (pax. 156). Do total de poboación galega ocupada o 61 por cento corresponde a homes e o 38 por cento a mulleres. A caída da poboación ocupada (coa significativa salvidade apuntada) acada a tódolos grupos de idade e a ámbolos sexos, sendo máis perceptible no sector agrícola-pesqueiro. Cabe destacar que a primacia do emprego feminino de forma moderada sobre o masculino, como se pode observar no *Cadro 16* (pax. 157), dáse no sector agrario e soamente no grupo de idade de 55 e máis anos, o que fai reflexionar sobre a vinculación aínda da muller ó campo e a estratexia seguida para disfrutar das prestacións do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social. Por outro lado, o principal sector de ocupación feminino o constitúe o sector servicios (un 62,1 por cento do total das mulleres ocupadas en Galicia en 1997), e que foi crecendo (un 58,2 por cento en 1996 e un 53,8 por cento en 1995), o que ven a demostrar o descenso do sector primario -tan tradicional en Galicia- como fonte de ocupación. En concreto, no sector servicios as mulleres ocupadas acadaron en 1997 a cifra de 217.100 persoas (13.300 máis que en 1996 e 23.600 máis que en 1995), o que indica ás claras unha tendencia crecente *Cadro 16*.
- Se prestamos atención á situación profesional dos ocupados -*Cadro 17*- (pax. 158), poderemos observar como o colectivo dos asalariados é o que integra máis ocupados, (un 64,2 por cento do total en 1997), feito que ademais ven incrementándose sucesivamente xa que en 1995 representaba o 58,6 por cento e en 1996 o 60,2 por cento. Este proceso

crecente -un cambio estrutural importante- que podemos denominar de salarización da poboación galega ocupada, tamén se rexistra con relación ás mulleres. Así, seguindo cos datos do cadro citado anteriormente, contemplamos que as mulleres que están na situación profesional de asalariadas, representan o 35,4 por cento do total de asalariados en 1997 (en 1996 representaban o 33,7 por cento), que lles sitúa aínda moi por debaixo das cotas dos homes asalariados que supoñen un 64,5 por cento en 1997 (un 66,3 por cento en 1996). Estes datos parecen constatar unha evidencia: a tendencia alcista da poboación galega ocupada feminina, na súa situación de asalariada, o que en parte ven a xustifica-lo crecemento da poboación galega asalariada en termos absolutos.

- Interesa prestar atención, pola súa importancia en Galicia, ós datos referidos á axuda familiar que se contén no *Cadro 17*. O peso que posúen entre as mulleres as axudas familiares non pode equipararse co que teñen para os homes. Aínda que desde 1994 caera o número de mulleres na situación profesional de axuda familiar (entre 1994 e 1997 perdéronse 15.700 ocupacións), continua sendo elevado o número no sector primario (o que demostra o peso do campo en Galicia) xa que do total de mulleres ocupadas en “axuda familiar” en 1997, o 72,5 por cento intégranse no sector agrícola (un 73,6 por cento en 1996).
- A taxa de emprego -*Cadro 15*- que expresa a porcentaxe de ocupados con relación á poboación de 16 ou máis anos, rexistra un lixeiro aumento no primeiro trimestre de 1998 con respecto a 1997 e 1996. A taxa referida ós homes experimentou un aumento máis significativo (catro décimas en 1998), manténdose constante a taxa de ocupación da muller, o que fai pensar nas dificultades que posúe o sistema productivo galego para absorber-los recursos humanos que se posúen, aínda que parece iniciarse unha tendencia de incremento neste sentido.

- O paro estimado descendeu a finais de 1997 en 22.500 persoas -*Cadro 11*-, circunstancia a ter moi en conta, máxime cando en 1996 rexistrara un aumento de 11.900 persoas con respecto a 1995. O paro feminino, no período 1993-1997 (coa única excepción de 1996), veu decrecendo lixeiramente, aínda que as mulleres rexistran taxas de paro moi superiores ós homes. Como é coñecido a taxa de paro, que é a porcentaxe de parados sobre a poboación activa, presenta unhas cifras desfavorables nas mulleres con respecto ós homes. Pois ben, a taxa de paro feminino supuxo en 1997 un 22,7 por cento, cando en 1996 foi un 24,4 por cento, aínda que o diferencial coa taxa de paro masculino representou 9 puntos en 1997 o que é moito (8 puntos en 1995 e 9 puntos en 1996).

- Unha vez máis, cos datos rexistrados, e a pesares do esforzo que se está levando a cabo polos axentes económicos e sociais e a intervención dos poderes públicos, constátase as dificultades do mercado de traballo para incorporar, a un ritmo rápido, ás mulleres que están en condicións de introducirse no mundo laboral. Cabe dicir que este fenómeno de forte presenza da taxa de paro feminino, corre parello coa crecente presenza da muller en moi diferentes sectores da vida social.

- Merece destacarse un feito. Na poboación de maiores de 55 anos, a taxa de paro masculino en Galicia é superior á feminina, tal como se rexistra no *Cadro 18* (pax. 159). Dito doutra forma: as mulleres presentan taxas de paro moi superiores ás dos homes excepto no grupo de 55 e máis anos de idade (un 4,6 por cento fronte a un 9,1 por cento en 1996 e un 3,4 por cento fronte a un 8,7 por cento en 1997). Con maior precisión se pode comprobar dito dato no *Cadro 16* no referente ó sector de agricultura e pesca, xa que mentres nese grupo de idade, en 1996, había 16.500 mulleres máis que homes e 14.200 en 1997, no conxunto de ocupados no dito sector os homes superaban ás mulleres neses anos.

- Neste orde de cousas é oportuno significar como a taxa de paro feminina no grupo de idade de 16 a 19 anos -*Cadro 18*- decrecera en 1997 para situarse case ó nivel do mesmo grupo en homes quenes incrementaron o paro nese segmento da poboación, o que é unha mostra das dificultades que aínda posúen os mozos para incorporarse ó mercado laboral.

CADRO 11

**Evolución das variables básicas do mercado de traballo
Por sexos. Galicia. 1993-1997***

	Homes	Mulleres	TOTAL
Poboación de 16 e máis anos			
1993	1.097,7	1.199,8	2.297,4
1994	1.084,4	1.206,2	2.290,6
1995	1.084,3	1.199,4	2.283,7
1996	1.094,8	1.198,5	2.293,4
1997	1.099,0	1.206,6	2.305,6
Poboación activa			
1993	682,5	481,1	1.163,6
1994	657,9	463,2	1.121,1
1995	649,7	465,4	1.115,1
1996	649,3	462,9	1.112,3
1997	644,1	451,8	1.095,9
Poboación ocupada			
1993	569,8	374,6	944,4
1994	554,1	354,7	908,8
1995	554,5	359,6	914,1
1996	549,5	349,8	899,4
1997	556,4	349,2	905,6
Paro estimado			
1993	112,7	106,5	219,2
1994	103,8	108,5	212,3
1995	95,2	105,8	201,0
1996	99,8	113,1	212,9
1997	87,7	102,7	190,4
Poboación inactiva			
1993	406,0	718,6	1.124,6
1994	417,1	743,0	1.160,1
1995	425,5	734,0	1.159,5
1996	437,3	735,6	1.172,9
1997	445,2	754,8	1.200,0

* Datos en miles do 4º trimestre

Fonte: INE (EPA)

CADRO 12.**Evolución da poboación activa. Por sexos e grupos de idade. Galicia. 1991-1997***

Poboación activa							
	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997
Ambos sexos	1.149,2	1.161,4	1.163,6	1.121,1	1.115,1	1.112,3	1.095,9
de 16 a 19 anos	42,6	47,2	38,3	35,6	30,9	34,2	32,1
de 20 a 24 anos	125,2	119,7	116,0	112,5	112,1	117,8	120,5
de 25 a 54 anos	767,6	773,3	799,6	786,3	786,4	784,8	783,8
de 55 e máis anos	213,8	221,2	209,7	186,7	185,7	175,5	159,6
Homes	668,5	687,8	682,5	657,9	649,7	649,3	644,1
de 16 a 19 anos	24,1	27,6	24,3	22,0	17,5	22,6	22,5
de 20 a 24 anos	69,4	71,6	67,0	58,7	63,0	65,8	68,3
de 25 a 54 anos	473,0	466,0	480,7	469,4	464,4	464,7	459,5
de 55 e máis anos	121,9	122,6	110,4	107,8	104,8	96,2	93,8
Mulleres	460,7	473,7	481,1	463,2	465,4	462,9	451,8
de 16 a 19 anos	18,5	19,7	14,0	13,7	13,4	11,6	9,6
de 20 a 24 anos	55,8	48,1	49,0	53,8	49,1	51,9	52,2
de 25 a 54 anos	294,6	307,3	319,0	316,9	322,0	320,1	324,3
de 55 e máis anos	91,9	98,6	99,2	78,9	80,9	79,3	65,8

* Datos en miles do 4º trimestre
Fonte: INE (EPA)

CADRO 13.

**Evolución da taxa de actividade. Global e por sexos
Galicia. 1991-1997***

Galicia	Homes	Mulleres	Total
1991	63,9	38,6	50,6
1992	63,2	39,6	50,8
1993	62,2	40,1	50,6
1994	60,7	38,4	48,9
1995	59,9	38,8	48,8
1996	59,3	38,6	48,5
1997	58,6	37,4	47,5

* Datos do 4º Trimestre
Fonte INE (EPA)

CADRO 14.

GALICIA: Taxas de actividade por sexo e distintos grupos de idade

POBOACIÓNS	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997*
Homes								
De 16 a 19 anos	29,4	28,3	29,0	26,0	23,3	19,8	24,2	25,0
De 20 a 24 anos	68,9	67,7	65,6	62,1	60,8	56,6	58,7	58,6
De 25 a 54 anos	93,4	92,9	91,9	92,1	91,9	91,3	90,0	89,6
55 e máis anos	35,0	33,0	32,6	31,5	29,3	28,2	25,7	24,7
TOTAL	65,4	64,4	63,4	62,4	61,2	59,6	59,3	58,6
Mulleres								
De 16 a 19 anos	22,7	20,3	20,5	16,2	13,1	15,1	13,4	11,8
De 20 a 24 anos	51,9	49,0	48,9	44,0	47,7	48,2	46,2	46,6
De 25 a 54 anos	56,7	57,4	60,3	61,0	61,9	62,7	61,6	62,0
55 e máis anos	22,1	20,2	19,4	20,3	18,3	17,0	16,5	13,4
TOTAL	39,7	38,8	39,7	39,5	39,1	38,3	38,6	37,4
Ámbolos dous								
De 16 a 19 anos	26,2	24,2	24,7	21,3	18,3	17,0	19,0	18,8
De 20 a 24 anos	60,8	58,5	57,2	53,0	54,0	51,8	52,5	52,7
De 25 a 54 anos	74,8	75,0	76,0	76,5	76,8	77,0	75,7	75,6
55 e máis anos	27,6	25,8	25,2	25,2	23,1	21,6	20,5	18,3
Total	51,8	50,9	50,9	50,5	49,6	48,6	48,5	47,5

* Datos do 4º trimestre.

Fonte INE (EPA)

CADRO 15**GALICIA**

	HOMES	MULLERES	TOTAL
Poboación activa			
* 1997	644,1	451,8	1.095,9
** 1998	650,4	461,8	1.112,2
Poboación ocupada			
* 1997	556,4	349,2	905,6
** 1998	556,7	352,4	909,1
Taxa de ocupación			
* 1997	50,6	28,9	39,2
** 1998	51,0	28,9	39,3

Elaboración propia.

* Datos en miles do 4º trimestre

** Datos en miles do 1º trimestre

Fonte INE (EPA)

CADRO 16

Evolución dos ocupados. Por sectores económicos, sexos e grupos de idade. Galicia 1994-1997*

	Total				de 16 a 19 anos				de 20 a 24 anos				de 25 a 54 anos				de 55 e máis anos			
	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997
Ambos sexos	908,8	914,1	899,4	905,6	21,0	18,9	20,4	18,9	68,2	70,5	70,3	81,7	646,5	652,3	645,7	655,9	173,1	172,4	163,0	149,1
Agric. e Pesca	246,6	246,3	216,6	185,8	4,2	5,9	4,3	3,9	10,8	8,6	8,8	6,4	139,2	137,1	123,0	113,5	92,4	94,6	80,5	62,0
Industria	129,3	138,5	146,4	152,2	5,6	2,6	4,8	4,0	10,8	14,0	15,7	19,7	99,3	106,9	108,1	111,0	13,6	14,9	17,8	17,5
Construcción	94,7	95,9	97,2	101,3	3,3	3,5	5,4	5,7	9,1	11,5	9,6	13,6	72,7	72,5	74,5	73,6	9,5	8,5	7,6	8,4
Servicios	438,2	433,4	439,2	466,3	7,9	6,9	5,9	5,3	37,6	36,4	36,1	42,0	335,2	335,8	340,0	357,9	57,6	54,4	57,1	61,1
Homes	554,1	554,5	549,5	556,4	14,2	11,5	15,7	13,2	40,2	45,1	42,2	50,2	402,5	402,9	404,1	407,4	97,3	95,0	87,4	85,5
Agric. e Pesca	117,9	118,0	108,0	93,1	2,3	3,5	3,5	3,0	7,6	5,9	6,2	4,1	67,9	69,6	66,3	62,1	40,0	39,0	32,0	23,9
Industria	96,4	103,2	111,6	114,9	4,4	1,7	3,0	2,4	6,3	9,5	11,5	13,7	73,8	79,3	81,7	84,0	11,9	12,6	16,4	14,9
Construcción	93,3	93,3	94,6	99,2	3,3	3,5	5,4	5,7	8,9	11,0	8,7	13,5	71,6	70,4	72,9	71,6	9,5	8,5	7,6	8,4
Servicios	246,5	239,9	235,3	249,2	4,1	2,8	3,8	2,1	17,4	18,8	15,8	19,0	189,2	183,5	183,2	189,8	35,8	34,9	32,4	38,3
Mulleres	354,7	359,6	349,8	349,2	6,8	7,4	4,7	5,6	28,1	25,4	28,0	31,6	224,0	249,4	241,5	248,5	75,8	77,4	75,6	63,5
Agric. e Pesca	128,8	128,3	108,6	92,6	1,9	2,4	0,8	0,8	3,2	2,7	2,6	2,4	71,3	67,5	56,7	51,3	52,4	55,7	48,5	38,1
Industria	32,9	35,3	34,6	37,3	1,2	0,9	1,8	1,6	4,5	4,5	4,1	6,1	25,5	27,6	26,4	27,1	1,7	2,3	2,4	2,6
Construcción	1,3	2,6	2,6	2,1	--	--	--	--	0,2	0,5	0,9	0,1	1,1	2,0	1,7	2,0	--	--	--	--
Servicios	191,7	193,5	203,8	217,1	3,8	4,1	2,1	3,2	20,2	17,6	20,3	23,0	146,1	152,3	156,8	168,1	21,8	19,5	24,7	22,8

*Datos en miles do 4º trimestre

Fonte: INE (EPA)

CADRO 17

Evolución dos ocupados. Por sectores económicos, sexos e situación profesional. Galicia 1994-1997*

	Situación profesional																			
	Total				Empresario ou membro de cooperativa				Axuda familiar				Asalariado				Outra			
	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997
Ambos sexos																				
Total	908,8	914,1	899,4	905,6	297,3	278,3	278,7	258,0	91,9	98,5	78,6	65,0	517,4	536,0	541,5	582,1	2,2	1,3	0,7	0,6
Agric. e Pesca	246,6	246,3	216,6	185,8	147,0	142,7	131,3	112,0	69,9	77,1	59,1	48,4	29,5	26,5	26,2	25,5	0,2	--	--	--
Industria	129,3	138,5	146,4	152,2	17,6	20,6	22,1	20,5	1,5	1,5	2,6	1,4	110,2	115,9	121,7	130,3	--	0,5	--	--
Construcción	94,7	95,9	97,2	101,3	29,9	22,4	22,7	23,5	0,3	0,8	1,3	0,7	64,4	72,7	73,2	77,0	--	--	--	--
Servicios	438,2	433,4	439,2	466,3	102,8	92,5	102,6	102,0	20,1	19,1	15,5	14,5	313,3	321,0	320,4	349,2	2,0	0,8	0,7	0,6
Homes																				
Total	554,1	554,5	549,5	556,4	172,9	162,9	161,7	161,3	29,9	36,5	28,0	18,6	349,5	354,7	359,5	375,9	1,8	0,5	0,4	0,6
Agric. e Pesca	117,9	118,0	108,0	93,1	66,6	65,2	61,6	54,8	24,1	29,5	21,9	14,7	26,9	23,3	24,5	23,6	0,2	--	--	--
Industria	96,4	103,2	111,6	114,9	13,1	15,2	16,0	16,2	0,8	0,5	1,5	0,9	82,5	87,3	94,1	97,7	--	0,2	--	--
Construcción	93,3	93,3	94,6	99,2	29,7	22,2	22,7	23,3	0,3	0,2	0,4	--	63,3	70,9	71,6	75,9	--	--	--	--
Servicios	246,5	239,9	235,3	249,2	63,4	60,2	61,4	67,0	4,6	6,2	4,3	3,0	176,8	173,2	169,3	178,7	1,6	0,3	0,4	0,6
Mulleres																				
Total	354,7	359,6	349,8	349,2	124,4	115,4	117,0	96,7	62,0	62,0	50,5	46,3	167,9	181,3	182,0	206,2	0,4	0,8	0,3	--
Agric. e Pesca	128,8	128,3	108,6	92,6	80,4	77,6	69,7	57,2	45,8	47,5	37,2	33,6	2,6	3,2	1,7	1,8	--	--	--	--
Industria	32,9	35,3	34,8	37,3	4,5	5,4	6,1	4,2	0,7	1,0	1,1	0,5	27,7	28,6	27,6	32,6	--	0,3	--	--
Construcción	1,3	2,6	2,6	2,1	0,2	0,2	--	0,2	--	0,6	0,9	0,7	1,1	1,8	1,6	1,2	--	--	--	--
Servicios	191,7	193,5	203,8	217,1	39,4	32,3	41,2	35,1	15,5	12,9	11,2	11,5	136,4	147,8	151,1	170,6	0,4	0,5	0,3	--

* Datos en miles do 4º trimestre

Fonte INE(EPA)

CADRO 18

Evolución das taxas de paro. Por sexos e grupos de idade. Galicia. 1994-1997*

Taxas de paro (1)

	1994	1995	1996	1997
Ambos sexos				
Total	18,94	18,02	19,14	17,37
Menores de 25 anos	39,77	37,43	40,33	34,09
de 25 e máis anos	15,76	15,17	15,79	14,67
de 16 a 19 anos	41,09	38,68	40,30	41,29
de 20 a 24 anos	39,35	37,09	40,34	32,17
de 25 a 54 anos	17,78	17,05	17,73	16,31
de 55 e máis anos	7,26	7,18	7,11	6,58
Homes				
Total	15,77	14,65	15,37	13,62
Menores de 25 anos	32,64	29,63	34,41	30,24
de 25 e máis anos	13,42	12,53	12,37	10,90
de 16 a 19 anos	35,45	34,12	30,34	41,22
de 20 a 24 anos	31,59	28,38	35,80	26,58
de 25 a 54 anos	14,26	13,23	13,04	11,33
de 55 e máis anos	9,75	9,43	9,13	8,78
Mulleres				
Total	23,42	22,73	24,43	22,72
Menores de 25 anos	48,30	47,50	48,57	39,80
de 25 e máis anos	19,19	18,89	20,59	20,02
de 16 a 19 anos	50,15	44,64	59,64	41,46
de 20 a 24 anos	47,82	48,28	46,09	39,50
de 25 a 54 anos	23,00	22,56	24,54	23,38
de 55 e máis anos	3,87	4,28	4,65	3,46

(1) Porcentaxe de parados respecto da poboación activa de cada grupo de idade

*Datos do 4º Trimestre

Fonte: INE (EPA)

3.3. O principio de igualdade na Constitución.

A igualdade é unha referencia constante na nosa Norma Suprema e, como tal, aparece contemplada e citada en numerosos preceptos constitucionais. Para empezar o art. 1.1 da C.E. eleva a igualdade a valor superior do Estado social e democrático de Dereito ó que debe atender, sen dúbida, o poder lexislativo. Nalgúns dereitos do Título I do texto constitucional a igualdade cítase de modo explícito: dereito dos cidadáns a accederen en condicións de *igualdade* ás funcións e cargos públicos (art. 23.2); dereito do home e a muller a contraeren matrimonio con plena igualdade xurídica (art. 39.2) ou, simplemente figura de forma implícita como cando se empregan as expresión “todos teñen dereito” ou “tódalas persoas teñen dereito”: así, todos teñen dereito á educación (art. 27.1); todos teñen dereito a se syndicar libremente (art. 28.1); todos contribuirán ó sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade (art. 31.1); todos teñen dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado (art. 45.1); tódalas persoas teñen dereito a obter a tutela xudicial efectiva (art. 24.1). Tamén a igualdade aplicada no ámbito da organización territorial do Estado emprégase no art. 139.1 da C.E. como obrigación de parificación entre os españois residentes nas distintas Comunidades Autónomas cando indica que “*tódolos españois teñen os mesmos dereitos e obrigacións en calquera parte do territorio do Estado*”.

Nesta mesma liña de razonamento, a Constitución residencia en mans do Estado exclusivamente a responsabilidade de “*a regulación das condicións básicas que garanticen a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais*”. (art. 149,1,1º C.E.)

3.3.1. O principio de igualdade e a interdicción da discriminación.

A Constitución española refírese ó principio de igualdade na lei e na aplicación da lei no art. 14.1 cando sostén que *“os españois son iguais ante a lei”* que se completa co *mandato de igualdade real ou substantiva contemplado no art. 9.2 da Norma Suprema* -precepto capital para a consecución dos postulados do Estado social e democrático de Dereito- cando sinala que *“correspóndelle ós poderes públicos promover-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude...”*

Agora ben, o *principio de non discriminación* -que non é idéntico ó de igualdade- aparece recollido no segundo inciso do art. 14 cando, logo da formulación xeral, se engade *“sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquer outra condición ou circunstancia persoal ou social”*.

A interdicción da discriminación como principio, ten unha proxección máis profunda que a mera parificación a que se refire o art. 14 cando indica que *“os españois son iguais ante a lei”*, de contido formal, e iso debido a que aquél entronca co art. 9.2 da C.E. que, como afirmamos, preconiza a *“igualdade real”* a leva-la cabo pola actuación dos poderes públicos.

No plano internacional, ademais dos pronunciamentos acerca da igualdade contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e sobre os que nos referimos con anterioridade, cómpre sinala-lo que en torno ó principio indicado recollen diversos textos internacionais:

- *O Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais de 4 de novembro de 1950* establece que o goce dos dereitos e

liberdades recoñecidos nel ha de ser asegurado sen distinción ningunha, especialmente por razóns de *sexo*, raza, cor, lingua, relixión, opinións políticas ou outras, orixe nacional ou social, pertenza a unha minoría nacional, fortuna, nacemento ou calqueroutra situación (art. 14).

- *O Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos de 19 de decembro de 1966* determina que tódalas persoas son iguais ante a lei e teñen dereito sen discriminación a igual protección da lei, e a ese respecto, a lei prohibirá toda discriminación e garantizará a tódalas persoas protección igual e efectiva contra calquera discriminación por motivos de raza, cor, *sexo*, idioma, relixión, opinións políticas ou de calquera índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calqueroutra condición social (art. 26).

Nesta orde de cousas procede tamén traer a colación as formulacións efectuadas pola Organización Internacional de Traballo (en adiante OIT), da que cómpre suliñar, pola súa importancia, á efectuada na súa vixésimo sexta reunión en 1944 (Declaración de Filadelfia) cando sancionou o principio de igualdade de trato para homes e mulleres e de igualdade de oportunidades nos seguintes termos: *“tódolos seres humanos, con independencia da súa raza, crenza ou sexo teñen dereito a perseguir o seu progreso material e o seu desenvolvemento espiritual na liberdade e a dignidade, na seguridade económica e con iguais oportunidades”*.

Pola súa parte o *Tratado da Unión Europea, no seu art. 2*, (modificado polo Tratado de Amsterdam) establece que a Comunidade terá por misión promover -entre outros obxectivos- *a igualdade entre o home e a muller*.

3.3.2. A igualdade e discriminación da muller na relación de traballo: enfoque global.

A temática da muller no traballo é unha cuestión amplamente examinada, de plena actualidade e que esixe novidosos plantexamentos, habida conta das dificultades que existen para conseguirla finalidade da efectiva igualdade entre ámbolos dous sexos no entorno laboral.

Do que se indicou pódese dicir que a partir deste momento a exposición que segue centraráse en toda a problemática que rodea á muller no *mundo das relacións laborais*, onde perduran, a pesares da normativa legal que prohíbe toda clase de discriminación, obstáculos “de facto” que retardan a plena realización do principio de igualdade co varón. Porque é na consecución dun traballo digno, en igualdade de condicións co home, onde a muller, na actualidade, pode levar a cabo un verdadeiro proxecto vital, libre e independente das ataduras que, noutras épocas, a tiñan infravalorada como ser humano en igualdade de dereitos cos homes.

Urxe por iso fomentar desde tódalas instancias públicas e privadas a equiparación entre mulleres e homes na vida económica e social e, para iso, se deben adoptar todas aquelas medidas que garanticen ás mulleres o dereito ó traballo, como un dereito inalienable do ser humano chegando ó punto, se fora necesario, de revisa-las normas, os convenios colectivos, as prácticas e os costumes existentes que limitan a integración plena da muller no mercado de traballo en pé de igualdade co home.

Sostido o que antecede resulta conveniente como premisa previa, e inicial punto de partida, mencionalo que ó respecto do art. 14 da C.E., na súa dimensión de prohibición da discriminación por razón de sexo, reseña a *Sentencia do Tribunal Constitucional 128/1987, de 16 de xullo, fundamento xurídico 5 (en adiante S.T.C.)*:

“O art. 14 da C.E. vén a establecer, no seu primeiro inciso, unha cláusula xeral de igualdade de tódolos españois ante a lei. Pero, a continuación, procede a se

referir expresamente a unha serie de prohibicións de motivos de discriminación concretos, entre os que se atopan os derivados do sexo das persoas. Esta referencia constitucional ... representa unha explícita interdicción do mantemento de determinadas diferencias historicamente moi arraigadas e que situaron, tanto pola acción dos poderes públicos, como pola práctica social, a sectores da poboación en posicións non só desvantaxosas, senón abertamente contrarias á dignidade da persoa que recoñece o art. 10 da C.E.. Neste sentido non se debe certamente esquecer que a expresa exclusión da discriminación por razón de sexo atopa a súa razón concreta, como resulta dos mesmos antecedentes parlamentarios do art. 14 C.E., e é admitido unanimemente pola doutrina científica, na vontade de rematar coa histórica situación de inferioridade en que, na vida social e xurídica se colocara á poboación feminina, situación que no aspecto que aquí interesa, tradúcese en dificultades específicas da muller para o acceso ó traballo e a súa promoción dentro del. Non é necesario, ante o cúmulo de datos e probas que subministra a historia da nosa sociedade, facer referencia en extenso a tales dificultades, pero a súa persistencia tradúcese, aínda hoxe, e innegablemente, nunha menor incorporación da muller ó traballo.”

Esta longa cita do Alto Tribunal sitúanos en inmejorables condicións para comprenderlo tema que nos ocupa e que merecerá a maior dedicación. Para situar as cuestións nos seus xustos termos parece oportuno facer referencia ós instrumentos internacionais que xeneralizaron o concepto de discriminación para reaccionar fronte ós fenómenos de desigualdade e marxinação social en materia de emprego. É significativo, neste punto, o alcance que posúe o termo discriminación no *Convenio núm. 111 e na Recomendación núm. 111 da OIT, de 25 de xuño de 1958, relativos, ámbolos dous, á discriminación en materia de emprego e ocupación* pois dentro del compréndese: “*calquera distinción, exclusión ou preferencia baseada en motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, ascendencia nacional ou*

orixe social que teña por efecto anular ou altera-la igualdade de oportunidades ou de trato no emprego e a ocupación”.

Aínda con maior precisión a *Convención sobre a eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller de 18 de decembro de 1979*, explica que esa expresión denotará toda distinción, exclusión ou restricción baseada no sexo que teña por obxectivo ou por resultado menoscar ou anula-lo recoñecemento, goce ou exercicio pola muller, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural e civil ou en calqueroutra esfera” (art. 1)

Nesta liña de razoamento pódese manifestar que a idea de igualdade está presente desde as mesmas orixes do Dereito do Traballo, xa que este xorde como ordenamento tuitivo dos traballadores e compensador da desigual posición económica en que se atopan con respecto ós seus patróns ou empresarios na contratación laboral por conta allea. O ordenamento xurídico laboral configúrase como un *dereito de garantías* que se plasma na máxima “*in dubio pro operario*” de ampla tradición e asunción laboral, aínda que hoxe en día, pódese falar dun dereito do traballo da crise, na medida en que a busca e obtención dun emprego estable constitúe un verdadeiro problema da sociedade que afecta en maior intensidade a diversos colectivos como o das mulleres que, en numerosas ocupacións, están subrepresentadas. Fálase así dun *dereito laboral cautivo da economía* porque ésta impón os seus dictados á hora de xerar posibilidades de ocupación e de melloras nas condicións de traballo.

Agora ben, volvendo ó tema inicial, hai que sinalar que o principio de igualdade non é similar ó principio de non discriminación como se indicou con anterioridade. Aínda que os dous se contemplan no art. 14 C.E., as súas diferencias son sensibles: o principio de igualdade admite diferencias de trato sempre que teñan unha xustificación obxectiva e razoable esixíndose para que

teñan cobertura constitucional a proba da razoabilidade e ademais que as diferencias “*superen un xuízo de proporcionalidade en sede constitucional sobre a relación existente entre a medida adoptada, o resultado producido e a finalidade pretendida...*” (S.T.C. 110/1993). O principio de non discriminación ten un alcance e contido que excede da simple parificación, convertíndose nunha específica concreción do principio de igualdade real recollido no art. 9.2 da C.E.. De aí que o principio de igualdade se dirixa a tódolos poderes públicos -cláusula xeral de igualdade-, mentras que o principio de non discriminación vincula non só a éstos, senón que tamén ós suxeitos privados. Con palabras elocuentes díxoo o Tribunal Constitucional: “*o respecto da igualdade ante a lei impónse ós órganos do poder público, pero non ós suxeitos privados, ós que a súa autonomía está limitada só pola prohibición de incorrer en discriminacións contrarias ó orde público constitucional, como son entre outras, as que expresamente se indican no art. 14 da C.E.*” (S.T.C. 108/1989).

Na realidade, a problemática preséntese na tensión existente entre a uniformidade de trato entre os sexos, entendida como igualdade formal, e a igualdade efectiva entre mulleres e varóns no traballo, e que cómprende tamén a igualdade real de oportunidades. Nese sentido, a Constitución integrou o mandato de parificación e a tutela antidiscriminatoria a prol da muller (art. 14) pola súa peor situación de partida e por iso recolle a imposición ós poderes públicos de promover-las condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexa real. (art. 9.2).

Sen abandoa-lo *espacio europeo* hai que facer mención á *Carta Social Europea, de 18 de outubro de 1961* xa que no seu preámbulo quedou dito que “*o goce dos dereitos sociais debe quedar garantido sen discriminación por motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, procedencia nacional ou orixen social*”.

No ámbito do *dereito comunitario*, a referencia á discriminación por razón de sexo conténse no *art. 119* de Tratado da Unión Europea (modificado polo Tratado de Amsterdam, de 2 de outubro de 1997) se ben referido á igualdade retributiva entre sexos. En efecto, o dito precepto sinala que *“Cada Estado membro garantizará a aplicación do principio de igualdade de retribución entre traballadores e traballadoras para un mesmo traballo ou para un **traballo de igual valor**”* (o art. 4.3 da Carta Social Europea pronúnciase en similares termos). En desenvolvemento do citado artigo existen as seguintes normas de dereito derivado:

- *Directiva 75/117/CEE/, de 10 de febreiro, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas á aplicación do principio de igualdade de remuneracións entre traballadores masculinos e femininos.*
- *Directiva 76/207/CEE/, de 9 de febreiro, sobre a posta en práctica do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que concierne ó acceso ó emprego, á formación e promoción profesionais e ás condicións de traballo.*
- *Directiva 79/7/CEE/, de 19 de decembro, sobre a aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na materia de Seguridade Social.*
- *Directiva 86/378/CEE/, de 24 de xullo, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres nos réximes de profesionais de Seguridade Social.*
- *Directiva 86/613/CEE/, de 11 de decembro, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exerzan unha actividade autónoma, incluídas as agrícolas, así como sobre a protección da maternidade.*

Neste mesmo sentido tanto o *Convenio núm. 100 da OIT, de 29 de xuño de 1951* como a *Recomendación núm. 90* do mesmo organismo e adoptada nese ano versan sobre a igualdade de remuneración entre a man de obra masculina e a man de obra feminina por un traballo de igual valor.

Aínda que o art. 119 do Tratado da Unión Europea soamente se refire á remuneración discriminatoria entre os xéneros, prohibíndoa, progresivamente foise xeneralizando a discriminación a outros comportamentos e así se recolleu en sucesivas normas. Hoxe en día a interdicción de discriminación no ámbito do dereito comunitario europeo abarca á remuneración, o acceso ó emprego, promoción e formación profesionais, as condicións de traballo e a seguridade social.

O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (en adiante T.X.C.E.) acolleu un concepto de discriminación entendido en termos amplos e, a súa vez, interpretando o art. 119 do Tratado atopou nel un compoñente social. En efecto na *Sentencia de 8 de abril de 1976 "Asunto Defrenne II"* dito Tribunal chegou á conclusión de que co citado precepto inténtase conseguir unha dobre finalidade: por un lado, un obxectivo económico que consistiría en evitar que na competencia intercomunitaria colóquese en situación de desvantaxa ás empresas que non discriminan; por outro, un obxectivo social concretado en asegura-lo progreso social e a mellora das condicións de vida na liña co art. 117 do Tratado. Segundo o citado Tribunal, a igualdade de remuneración forma parte dos fundamentos da CEE y o artigo mencionado con anterioridade, é de aplicación directa naqueles supostos de discriminacións directas, constatadas por simples criterios de identidade de traballo e de igualdade de remuneracións, ó propio tempo que enxendra dereitos que os xuíces nacionais deben garantir.

Neste orde de cousas aínda convén efectuar dúas puntualizacións. Unha primeira, sería recolle-lo que dispón o *art. 118.1 do Tratado da Unión Europea*, na redacción dada polo

Tratado de Amsterdam no sentido de que para conseguir-los fins previstos no art. 117, a Comunidade apoiará e completará a acción dos Estados membros no concerniente “*a igualdade entre homes e mulleres polo que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ó trato no traballo*”. Unha segunda, vería dada polo interese que a *Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores* (non subscripta polo Reino Unido) pón na eliminación da discriminación calquera que fose a súa forma de aparición, e no seu compeñente social, de maneira que no seu preámbulo se menciona a necesidade de combatir “a exclusión social” cun espírito de solidariedade.

3.3.3. A discriminación positiva

Chegamos así á consideración de que resulta lícito e ata constitucionalmente obrigado, *promover accións positivas ou afirmativas* por parte dos poderes públicos en beneficio de determinados colectivos *-sinaladamente ás mulleres-* que ó longo da historia estiveron marxinados e desprotexidos, e iso ca finalidade de que mediante a concesión de certas vantaxes ou cun trato máis favorable vexan compensada a súa situación de desigualdade, historicamente constatada. (nese sentido expresouse a *S.T.C. 216/1991*).

O noso Tribunal Constitucional deu cabida na súa doutrina á posibilidade, constitucionalmente admitida pola interpretación sistemática dos arts. 9.2 e 14 da C.E., de que os poderes públicos instrumenten *medidas positivas* que rompan a desigualdade de feito que padecen as mulleres no ámbito laboral. Así polo Alto Tribunal considerouse que o tratamento diverso de situacións distintas “*pode incluso vir esixido, nun Estado social e democrático de Dereito, para a efectividade dos valores que a Constitución consagra co carácter de superiores do ordenamento, como son a xustiza e a igualdade (art. 1) a cuio efecto atribúe ademais ós poderes públicos que promovan as condicións para que a igualdade sexa real e efectiva S.T.C. 34/1981, de 10 de novembro, fundamento xurídico 3, doutrina reiterada,*

entre outras, na S.T.C. 3/1983, de 25 de xaneiro, fundamento xurídico 3º-” (S.T.C. 128/1987, de 16 de xullo, fundamento xurídico 7) e engadindo a S.T.C. 16/1995, de 24 de xaneiro, no seu fundamento xurídico 3 que “poñer fin á histórica situación de inferioridade da muller”, “o seu desigual punto de partida” (S.T.C. 3/1993, fundamento xurídico 4), é un obxectivo constitucionalmente plantexado na actuación dos poderes públicos, en orde á consecución das condicións de igualdade que propugna o art. 9.2 da C.E. e a este respecto, entre os posibles elementos xustificadores do distinto tratamento normativo, atoparánse indubidablemente aquelas “medidas de acción positiva en beneficio da muller” (S.T.C. 3/1993, fundamento xurídico 3), en virtude das cales a persoa de sexo feminino, como suxeito protexido delas (S.T.C. 229/1992, fundamento xurídico 2) pero sobre todo como axente ou suxeito activo da súa propia realización persoal poidan contribuir a poñer fin a unha situación de inferioridade na vida social e xurídica, caracterizada pola existencia de numerosas trabas de toda índole no acceso ó traballo e na promoción ó longo da actividade laboral e profesional.

Por iso, o propio Tribunal Constitucional, na citada S.T.C. 128/1987, fundamento xurídico 7 sinala que “a actuación dos poderes públicos para remedia-la situación de determinados grupos sociais definidos, entre outras características polo sexo (e, cabe afirmar, na inmensa maioría das veces, pola condición feminina) e colocados en posicións de innegable desvantaxe no ámbito laboral, por razóns que resultan de tradicións e hábitos profundamente arraigados na sociedade e dificilmente eliminables, non se pode considerar vulneradora do principio de igualdade, aínda cando estableza para eles un trato máis favorable, pois trátase de dar tratamento distinto a situacións efectivamente distintas”, e matizando aínda máis a súa postura na S.T.C. 229/1992, de 14 de decembro, fundamento xurídico 2 establecerá que “a consecución do obxectivo igualatorio entre homes e mulleres permite o establecemento dun “dereito desigual igualatorio”, é dicir, a adopción de medidas reequilibradoras de situacións sociais discriminatorias preexistentes para lograr

unha substancial e efectiva equiparación entre as mulleres, socialmente desfavorecidas e os homes para asegura-lo goce efectivo do dereito á igualdade por parte da muller...”.

Polo demais foi a *xurisprudencia do Tribunal Supremo dos EEUU* a que deu orixe ó establecemento de accións positivas non só dirixidas ó colectivo feminino senón tamén a minorías étnicas e relixiosas. Neste sentido nese país cumpren os seus cometidos de loita contra a discriminación a denominada Comisión da igualdade de oportunidades de emprego que ten funcións inspectoras, conciliatorias, de recepción de queixas e promotora de procedementos xudiciais baseados na discriminación, e tamén o organismo encargado de examina-los contratos federais. Naquel país, os instrumentos de acción afirmativa contribuíron a potencia-la contratación das mulleres e a súa promoción en actividades distanciadas do papel social ó que a tradición lles recluira.

Agora ben, aínda que o Tribunal Supremo dos EEUU foi pioneiro no recoñecemento das medidas de discriminación positiva, co transcorrer do tempo vú impondo determinadas esixencias á hora de consideralas conformes á Constitución daquel país. En concreto a xurisprudencia dos EEUU entende que unha medida integrada no concepto de discriminación positiva adecúase ós principios constitucionais cando resiste a proba da proporcionalidade concretada nos seguintes parámetros: *que se constate con estatísticas verdadeiras que no sector laboral en que se aplique a medida positiva existe discriminación contra a muller; que a dita medida non supoña un dano grave para os homes; e que a mesma teña vixencia nun período de tempo de tal forma que remate no momento no que se conseguen uns niveis de integración da muller satisfactorios.*

En realidade, todo iso obedece ó feito de que dentro do conxunto de instrumentos xurídicos ideados para combati-la discriminación de que poida ser obxecto a muller no ámbito laboral, nos últimos tempos, por algúns estudiosos destes temas, distinguíuse entre as chamadas

accións afirmativas e as propiamente denominadas *discriminacións positivas ou inversas*. As primeiras integraríanse -e sería a súa sinal de identidade- por un conxunto de medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre os dous xéneros e eliminar as desigualdades do grupo social feminino que parte dunha inicial situación de desventaxa no mundo laboral, e entre elas poderían mencionarse aquelas que se dirixen a paliar os déficits de presenza da muller no mercado de traballo e tamén as orientadas a que a muller poida compatibilizar as súas obrigacións laborais coas responsabilidades familiares, mediante o favorecemento das condicións e tempo de traballo.

Pola contra, as accións de discriminación inversa (así citadas por algúns autores) consisten na reserva de cotas no acceso a bens escasos e apreciados da sociedade (postos de traballo, postos de dirixentes en partidos políticos e sindicatos, postos en listas electorais, na Universidade, etc.) ós integrantes de determinados colectivos (sinaladamente, no caso que merece esta reflexión, o colectivo feminino), que están en condicións desvantaxosas e precisamente para favorecerlos, e equilibrar a situación desfavorable que rexistran.

Esta sutil distinción, que non é pacífica, introduce certa controversia. En efecto, para os que sosteñen a diferenciación entre accións afirmativas e discriminación inversa, ésta revistiría caracteres de ilexitude xurídica xa que, ó consistir nunha reserva de cota ou unha porcentaxe no acceso ó emprego, por exemplo, perxudicaría ós que non compoñen o grupo beneficiado por iso, xa que se introduciría na selección un criterio distinto ó mérito individual.

Cabería, neste punto, apostillar unha cuestión: non é o mesmo prever “*cotas por decisión*” -que poderían ser inconstitucionais- que “*cotas por resultado*” que fixan obxectivos de igualación, a acadar nun período de tempo, entre homes e mulleres no mercado laboral. Neste sentido e sen maiores detementos neste tema, cabe lembrar que o Tribunal Constitucional en

Sentencia núm. 269/1994, de 5 de outubro declarou axustada á Constitución, a reserva porcentual de prazas nunha oferta de emprego público destinada ó colectivo de minusválidos.

Pois ben, sen entrar no fondo do asunto que é discutido entre os que se achegaron ó estudio da discriminación positiva, e que pode conlevar doses de artificiosidade, parece axeitado reseñar que as accións positivas e a aplicación das medidas de discriminación positiva están xustificadas polas razóns que máis arriba quedaron apuntadas. A última ratio de todas elas (con independencia da denominación que se empregue), consiste en acadar que colectivos sociais como o das mulleres, en clara situación de desvantaxe no mercado de traballo, poidan chegar a ter, non só *igualdade de oportunidades senón tamén de probabilidades* á hora de obter un emprego e promocionarse profesionalmente unha vez que o esten a desempeñar. En definitiva, a discriminación feminina positiva trata de corregir un estado de cousas preexistente que, neste tema, vén caracterizado por unha posición social desventaxosa das mulleres que adquire o seu reflexo na desigualdade de oportunidades laborais entre o home e a muller e no descompensado reparto de empregos entre ámbolos dous xéneros productos da mesma organización xeral da sociedade.

Os obstáculos con que se atopa a muller no mundo actual -a pesares dos avances acadados- para incorporarse a calquera traballo e realizalo libremente, esixe unha acción dedicada de todos -axentes sociais e económicos e poderes públicos- para superalos, ó propio tempo que hai que socializar unha cultura da igualdade que supere hábitos, inercias e prexuízos que contribúen a facer inalcanzable o postulado da paridade real entre ámbolos sexos.

Pois ben, os ordenamentos xurídicos europeos contemplan medidas de acción afirmativa, se ben, en diferentes ocasións, optaron por aplicar-lo sistema de *“cotas flexibles”* de mulleres no momento do acceso e promoción no traballo (fundamentalmente nos países nórdicos) obviando o sistema de *“cotas rixidas”* que non resisten o test de proporcionalidade.

No ámbito internacional, a figura das *accións afirmativas* a prol da muller, dada a súa inferioridade de feito ante diferentes ocupacións, contéplase no *Convenio 111 da OIT de 1958*, cando no seu *art. 5.2* non considera discriminatorias “*as medidas especiais destinadas a satisfacer as necesidades particulares das persoas ás que, por razóns tales como o sexo ... xeralmente se lles recoñeza a necesidade de protección ou asistencia especial*”. Á súa vez, a *Declaración da OIT con motivo do Ano Internacional da Muller de 1975*, e as Resolucións do citado organismo de 1975 relativa a un plan de acción con miras a promover a igualdade de oportunidades e de trato para as traballadoras, de 1985 e de 1991, referentes á acción da OIT para os traballadores, aconsellan a adopción de medidas de acción positiva que compensen a tradicional desvantaxe da muller no mercado laboral. En concreto, na última resolución citada exhortase ós Gobernos dos Estados membros da OIT a que “*promovan programas de acción positiva con miras a asegurar o pleno acceso das mulleres ás oportunidades de emprego, ascensos, educación, formación e readaptación profesionais, así como a diversificación das opcións profesionais das mulleres*”.

Neste mesmo sentido cabe cita-lo *art. 4.1 da Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979* que admite claramente que os Estados partes adopten *medidas especiais de carácter temporal encamiñadas a acelerar a igualdade “de facto” entre o home e a muller, que non terán a consideración de discriminatorias, pero que non poderan entrañar, en ningún caso, o mantemento de normas desiguais ou separadas, debendo cesar tales medidas, cando se teñan acadado os obxectivos de igualdade de oportunidade e trato*”. Como se pode observar este precepto introduce dúas limitacións: unha, a temporalidade das accións afirmativas (ata que se consigan os obxectivos de igualdade) que tamén se prevé no *art. 1 da Declaración de 1975 da OIT* (“*non se considerará discriminatorio un trato especial positivo durante un período de transición co fin de lograr unha igualdade efectiva entre os sexos*”); outra, a prohibición do carácter

segregacionista na que puidera desembocar este tipo de medidas (as medidas positivas non poden implica-lo mantemento de normas separadas).

No campo do dereito comunitario hai que citar o apartado 4 do art. 119 do Tratado da Unión redactado de acordo co Tratado de Amsterdam, cando indica que *“con obxecto de garantir na práctica a plena igualdade entre homes e mulleres na vida laboral, o principio de igualdade de trato non impedirá a ningún Estado membro manter ou adoptar medidas que ofrezan vantaxas concretas destinadas a facilitar ó sexo menos representado o exercicio de actividades profesionais ou a evitar ou compensar desvantaxas nas súas carreiras profesionais”*; e tamén a *Directiva 76/207/CEE, de 9 de febreiro*, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ó acceso ó emprego, á formación e á promoción profesionais e ás condicións de traballo no seu art. 2.4 admite a licitude das accións positivas, cando se sinala que *“a presente directiva non obstará ás medidas encamiñadas a promove-la igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, en particular para correxi-las desigualdades de feito que afecten ás oportunidades das mulleres...”*. Con iso trátase de garanti-la realización efectiva do dereito a non ser discriminado, promocionando a igualdade de oportunidades individuais e colectivas.

Así mesmo e nesta orde de cousas, tamén é de recibo menciona-la *Recomendación do Consello 84/635, de 13 de decembro* ós Estados membros para que iniciaran programas de acción afirmativa a prol das mulleres e o *Protocolo 14*, sobre a política social, no entorno do Tratado de Maastricht, que no seu art. 6.3 reconece expresamente as accións positivas ó se indicar que *“o presente artigo non impedirá que cada Estado membro manteña ou adopte medidas que prevexan vantaxes concretas destinadas a facilitar ás mulleres o exercicio de actividades profesionais ou a evitar ou compesar algún impedimento nas súas carreiras profesionais”*. Como é coñecido, o mencionado Protocolo non foi aceptado polo Reino Unido.

Neste punto resulta moi interesante traer a colación a *Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores*, adoptada na reunión de Xefes de Estado ou de Goberno de Estrasburgo de 9 de decembro de 1989, e que aínda que non foi aceptada polo Reino Unido, co cal non se pode considerar dereito orixinario reformado ou dereito derivado comunitario, sí posúe importancia polo feito de que o seu art. 2 sinala como propósito o impulso das accións que garanticen a posta en práctica da igualdade entre sexos.

Por outro lado a Comisión Europea presentou o 19 de xullo de 1995 o seu *cuarto programa* de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (1996-2000), e entre os seus obxectivos fíxase o de fomenta-la igualdade nunha economía cambiante, concilia-la vida familiar e profesional -de importancia capital para as mulleres- e a extensión da información sobre o dereito comunitario en materia de igualdade de trato entre homes e mulleres.

Se nos imos ó campo do *dereito comparado*, tamén aquí temos exemplos que abundan na asunción, como lexítimas, daquelas medidas tendentes á igualdade real entre os sexos no ámbito laboral e social. En Italia e como consecuencia dos postulados do art. 3.2 do seu texto constitucional, atopouse fundamento para a publicación da *Lei 125/1991, de 20 de marzo*, que ten como finalidade favorece-la ocupación feminina e realiza-la igualdade substancial entre homes e mulleres no traballo, incluso mediante a adopción e incentivación de medidas de acción afirmativa que responderían ós obxectivos de, por un lado, elimina-las disparidades de feito no acceso ó traballo, condicións de traballo e promoción profesional que repercuten de modo negativo na man de obra feminina e, doutro, á anulación da segregación do mercado laboral.

Sen esgotar tódolos exemplos dos ordenamentos xurídicos extranxeiros, polo seu interese paga a pena cita-lo caso de Suecia, onde a partir da *Lei de 17 de decembro de 1979*

establecéuse a obrigación empresarial de fomenta-la igualdade e fixouse como finalidade a homoxeneidade na composición da poboación traballadora. A tal fin creóuse como medio de control, un “comisionado da igualdade”, e establecéronse medidas de acción positiva a prol da muller que se plasmaron, con posterioridade, na *Lei de 1 de xaneiro de 1992*. Esta norma prevé as denominadas medidas activas a poñer en marcha nos centros de traballo entre as que se atopan:

- a) A obrigación do empresario con máis de 10 empregados de redactar e desenvolver un plan de igualdade.
- b) Facilita-la compatibilización do traballo coa maternidade/paternidade a través do establecemento de xornadas de traballo reducidas, entre outras, sen que iso repercuta na promoción profesional.
- c) Consegui-la equiparación home-muller na distribución dos traballos dentro da empresa.

Para vixiar e contribuir a que a lei se cumpra, os interesados poden acudir ó *Ombudsman* para a igualdade de sexos, o cal, desenvolve actividades de asesoramento, mediación e impulso da igualdade entre xéneros.

En definitiva, desde hai xa anos, asistimos, por dicilo dalgunha maneira, a unha especie de *activismo das institucións internacionais e dos Gobernos de países democráticos occidentais*, en pro do establecemento de medidas de acción positiva a prol da muller, tanto no que concerne á promoción e maior presenza no mercado de traballo, en condicións de igualdade co varón, como no tocante a facilita-la compatibilización entre as obrigacións laborais e o traballo doméstico.

O ordenamento xurídico español incorporou, en determinadas normas que con posterioridade se mencionarán, esta tendencia xa consolidada a instrumentar medidas de acción positiva a prol do colectivo feminino sobre todo no referente ó acceso ó mercado laboral onde a muller aínda esta subrepresentada en múltiples ocupacións.

De todo o dito poderíamos concluir cunhas acertadas reflexións da *S.T.C. 216/1991, de 14 de novembro fundamento xurídico 5*, cando indica que:

“A incidencia do mandato contido no art. 9.2 sobre o que, en canto se dirixe ós poderes públicos, encerra o art. 14 supón unha modulación deste último, no sentido, por exemplo, de que non se poderá reputar de discriminatoria e constitucionalmente prohibida -antes ó contrario- a acción de favorecemento, sequera temporal, que aqueles poderes emprendan en beneficio de determinados colectivos, historicamente preteridos e marxinados, ó fin de que, mediante un trato especial máis favorable, vexan suavizada ou compensada a súa situación de desigualdade substancial”.

3.3.3.a) A posición do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas: do “asunto Kalanke” ó “asunto Marschall”.¹

¹ Neste apartado seguimos as exposicións de Joaquin Brage Camazano no seu traballo “Discriminación positiva en favor de la mujer en el derecho comunitario (en torno a la S. del T.J.C.E. de 11 de noviembre de 1995)”, e da catedrática de Dereito Internacional Público de Cádiz Lucia Millan no seu traballo “Igualdad de trato entre hombres y mujeres respecto a la promoción profesional en la jurisprudencia comunitaria: igualdad formal versus igualdad sustancial”.

O T.X.C.E. tivo ocasión de pronunciarse en varios momentos, aperto das medidas nacionais de discriminación positiva e a súa compatibilidade coa *Directiva 76/207/CEE do Consello das Comunidades Europeas, de 9 de febreiro* relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ó emprego, a formación e a promoción profesionais e as condicións de traballo. Paga a pena que retomenos esta cuestión dada a importancia actual que encerra.

Como se coñece suficientemente, a citada Directiva ten por finalidade a aplicación nos Estados membros do principio de igualdade de trato entre ámbolos sexos no que se refire, en particular, ó acceso ó emprego e a promoción nel. Segundo o apartado 1º do art. 2 da citada Directiva, este principio de igualdade de trato supón “*a ausencia de toda discriminación por razón de sexo, sexa directa ou indirectamente...*”. Pola súa parte o apartado 4º do art. 2 dispón que a Directiva “*non obstará as medidas encamiñadas a promove-la igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, en particular para correxi-las desigualdade de feito que afecten ás oportunidades das mulleres nas materias contempladas no apartado 1º do art. 1*” (a saber, acceso ó emprego, formación e promoción profesionais e condicións de traballo). Este apartado constitue unha excepción e encádrase na remoción de situacións discriminatorias precisamente para conseguirla igualdade real. Máis en concreto, fai referencia ás medidas de acción afirmativa que tratan de garantir -como se sostivo máis atrás- a realización efectiva do dereito a non padecer discriminación, promovendo a igualdade real de oportunidades de colectivos -como as mulleres- en posición de inferioridade no mercado laboral. Pois ben, nos últimos tempos o TXCE, enxuciou a adecuación de medidas de discriminación positiva adoptada por algún Estado membro, á Directiva 76/207. O caso máis chamativo foi o analizado pola *Sentencia do TXCE de 17 de outubro de 1995*, coñecido como “*asunto Kalanke*”, que concitou críticas doutriniais e de colectivos feministas polas conclusións que se derivaron do fallo dela. Parece boa ocasión para recoller, sequera brevemente, o que na dita sentenza se dilucidaba e con posterioridade continuar co comentario dunha posterior sentenza, o “*asunto*

Marschall” sobre a mesma problemática, que, o noso xuízo, vai a poñer as cousas nos seus xustos termos.

A sentenza sobre o “*asunto Kalanke*” incide sobre unha serie de cuestións referidas ó principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e, de modo concreto, fai mención á licitude dalgunhas accións positivas nacionais adoptadas para mellorar a situación profesional das mulleres confrontadas co dereito comunitario derivado. Como se lembrará o asunto Kalanke consistiu en que nun proceso de selección interno para cubrir un posto de xefe de sección do Servicio de parques e xardíns da cidade de Bremen optábase entre dous candidatos, de igual titulación, distinta antigüidade e distinto sexo. Partindo da base de que ámbolos candidatos posuían a mesma capacitación creúse que era aplicable ó caso un precepto (art. 4º) dunha Lei de 1990 do Land de Bremen referente á igualdade de trato de homes e mulleres na función pública segundo o que ó levar a cabo unha promoción “*concederáse preferencia ás mulleres fronte ós traballadores masculinos coa mesma capacitación se, no sector de que se trate, están infrarrepresentadas*”, entendendo que existe subrepresentación cando as mulleres non cubran alomenos a metade dos postos. Adxudicado o posto á muller, o Sr. Kalanke formulou reclamación xudicial e, unha vez que o caso chegou ó Tribunal Federal Laboral (última instancia xurisdiccional interna), éste órgano xudicial promoveu ante o T.X.C.E. unha cuestión prexudicial para obter unha declaración referida á interpretación que se proporcionaríase ós apartados 1º e 4º do art. 2 da Directiva 76/207/CEE.

Temos que reseñar que a xurisprudencia emanada do T.X.C.E. posúe unha gran significación, xa que, por un lado, vincula no orde interno ó incidir sobre normas comunitarias que formen parte dos ordenamentos xurídicos nacionais dos Estados membros, e polo outro, porque marca os marxes de actuación dos lexisladores nacionais, de sinalada trascendencia no suposto obxecto de reflexión, como é o alcance permitido polo principio de igualdade ás discriminacións positivas.

O T.X.C.E. dictou sentenza no “*asunto Kalanke*” na que sinalou que a norma nacional que establece que, nunha promoción, as mulleres que posúen a mesma capacitación que os seus competidores masculinos gozan de *maneira automática* de preferencia nos sectores nos que están infrarrepresentadas, entreña unha discriminación por razón de sexo (apartado 16 da sentenza) e, por ende, incorre nunha violación do principio de igualdade de trato contemplado no apartado 1º art. 2 da Directiva 76/207. Agora ben, esa norma podería estar cuberta pola excepción establecida no apartado 4º do art. 2 da Directiva pero, nese punto, o T.X.C.E. chega á conclusión de que a medida de discriminación positiva prevista na Lei de Bremen vai máis lexos do que é unha acción de fomento da igualdade de trato e rebasa os límites da excepción que como tal, debe ser interpretada restrictivamente.

O problema fundamental que se plantexou na Sentencia reseñada (de igual forma que a que resolveu o “*asunto Marschall*” que máis adiante examinaremos) é o da compatibilidade, coa normativa comunitaria sobre o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres, de determinadas accións positivas a favor das mulleres discriminadas profesionalmente por razón do seu sexo. Na lexislación comunitaria non existe unha definición de acción positiva, pero a Comisión na súa comunicación referida á Sentencia Kalanke entende que dentro dese concepto compréndense “... *tódalas medidas destinadas a contrarresta-los efectos de discriminación no pasado, a elimina-la discriminación existente e a promove-la igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, particularmente en relación con tipos ou niveis de emprego onde os membros dun sexo están infrarrepresentados...*”. Dentro da variedade de accións positivas, existen algunhas que intentan compensa-las discriminacións da muller que se arrastran de tempos pasados e que se instrumentan a través de medidas como as cotas ou os obxectivos. As cotas poden ser *ríxidas*, ó establecer unha preferencia para o grupo discriminado facendo abstracción dos méritos ou capacitación das persoas, e tamén poden ser *flexibles*, nas

que a preferencia para o grupo discriminado é sempre a igualdade de méritos en relación a un determinado posto de traballo.

Nos casos Kalanke e Marschall vanse a enxuzar este tipo de medidas de acción positiva ou, se se quere mellor, este modelo -entre outros- de accións afirmativas a favor da muller no traballo.

Pois ben, o T.X.C.E. considerou que a lexislación da función pública do Land de Bremen, no asunto Kalanke, no referente a unha acción positiva favorecedora da muller no que respecta á promoción profesional, en concreto a previsión do art. 4 citado anteriormente, era incompatible co dereito comunitario por dous motivos: en primeiro termo, porque a lexislación de Bremen -a xuízo do Tribunal- establecía un sistema de cotas ríxidas (o propio T.X.C.E. expresou que un sistema de cotas como o contemplado na lexislación alemá introducía unha igualdade numérica pero a cambio de dana-lo principio de igualdade de oportunidades que a Directiva recolle no artigo 2.4.); en segundo lugar, porque o seu obxectivo era conseguir a igualdade de resultados e non de oportunidade que é a excepción permitida pola Directiva, criterio que asume o Tribunal do Avogado Xeral.

Nin que dicir ten que estes argumentos foron fortemente criticados, tanto polos colectivos feministas como pola doutrina especializada. En efecto, a disconformidade coa Sentencia baseouse, por unha banda, no feito de que se decantou por prima-lo principio de igualdade formal en detrimento do principio de igualdade substancial. Por outra banda, en que as medidas de acción positiva da lexislación alemá e que o T.X.C.E. examinou, en puridade, non se correspondían co modelo de cotas ríxidas. Ó fio do pronunciamento Kalanke -que provocou un sennúmero de comentarios-, algún autor eminente, puido afirmar que se ben as oportunidades para homes e mulleres poden ser iguais, sen embargo o que son diferentes *son os resultados* e se estes permanecen intocables para as medidas de acción positiva, a súa eficacia será máis ben

escasa. Velaquí un paso que non pode obviarse: a igualdade entre os sexos, á hora de enfrontarse ó mercado laboral pasa non só pola igualdade de oportunidades para obter un emprego, senón tamén, por ter *probabilidades* de acadalo e, no caso de que se desenvolva un traballo, probabilidade certa de promoción no mesmo. Por iso e volvendo a unha reflexión anterior, pode afirmarse -en palabras dun gran estudioso do tema- que non existe igualdade de oportunidades se non se consegue unha igualdade nos resultados.

Por todo o antedito e como se anticipou, a Sentencia do T.X.C.E. sobre o “*asunto Kalanke*” defraudou, xa que con ela se creíu ver unha postura restrictiva do Tribunal ó alcance das accións positivas en favor da muller á hora de enfrontarse á consecución dun emprego ou á promoción dentro do mesmo. Non obstante iso, recentemente víu a luz un novo pronunciamento do T.X.C.E. que reabre a esperanza. Vexamos os feitos.

En efecto, unha *Sentencia do T.X.C.E.* dictada con data *11 de novembro de 1997*, no “*asunto Marschall*”, e na que enxuízou se unha normativa nacional se axustaba ó art. 2.4 da Directiva 76/207/CEE, vai a supoñer un xiro, ou matización, á doutrina sentada no “*asunto Kalanke*”. A cuestión debatida foi a seguinte. O Sr. Marschall traballaba para o Land Nordrhein-Westfalen como profesor titular e en febreiro de 1994 presentou a súa candidatura para a *promoción* a un posto do centro escolar da cidade de Schwerte. A autoridade competente comunicoulle a súa intención de nomear a unha muller para dito posto, xa que, segundo unha norma do Estatuto de Funcionarios do Land “*cando no sector do organismo competente no que se deba produci-la promoción, haxa menos mulleres que homes no nivel do correspondente posto da carreira, concederáse preferencia na promoción ás mulleres, a igualdade de aptitude, competencia e prestacións profesionais, salvo que concorran na persoa dun candidato motivos que inclinen a balanza o seu favor*”. O Sr. Marschall recurriu ante o Tribunal administrativo de Gelsenkirchen (Alemania) e o Tribunal solicitou ó T.X.C.E. que

interpretara a Directiva e, en concreto, se a medida de discriminación de carácter positivo que se acaba de reflectir, era compatible cos apartados 1º e 4º art. 2 da Directiva 76/207/CEE.

Resulta de todo punto oportuno significar que os Gobernos dos países nórdicos manifestaron que a norma nacional controvertida favorecía o acceso das mulleres a postos de responsabilidade e contribuía a reequilibrar os mercados de traballo, que, no seu estado actual, seguen estando compartimentados en función do sexo, concentrando o traballo feminino nos postos inferiores da xerarquía profesional. Segundo o goberno finlandés, a experiencia demostra que as accións que se limitan a intervir na orientación e a formación profesionais das mulleres, ou no reparto de responsabilidades profesionais e familiares, non bastan para poñer fin a esa compartimentación.

A súa vez a sentenza -segundo os argumentos do Land e de varios gobernos- indica que, incluso no caso de igual capacitación, existe a tendencia a promover preferiblemente ós candidatos masculinos, en prexuízo das candidatas femininas, debido, particularmente, a determinados prexuízos e ideas esterotipadas sobre o papel e as capacidades da muller na vida activa, e ó temor, por exemplo, a que as mulleres interrompan máis frecuentemente a súa carreira, a que debido ás tarefas do fogar e familiares, organicen a súa xornada laboral de forma menos flexible ou a que se ausenten máis a míudo debido a embarazos, partos e periodos de lactancia.

Neste tesitura e depois do exame do tema debatido, o T.X.C.E. vai considerar que a disposición da lei dos Funcionarios do Land atópase incluída dentro da excepción que supón o apartado 4º art. 2 da Directiva. Para chegar a esta conclusión, e no que supón unha *modificación* da doutrina declarada no “asunto Kalanke”, o Tribunal baseouse en que a norma cuestionada -a diferenza da normativa examinada na sentenza de 17 de outubro de 1995- contén unha “*cláusula de apertura*” mercede á cal as mulleres non gozan dunha automática e

incondicionada preferencia (resultado da discriminación positiva) na promoción xa *que se concurren na persoa dun candidato masculino motivos que inclinen a balanza o seu favor o posto controvertido recaera nel.*

A xuízo do T.X.C.E. a disposición debatida da lei dos Funcionarios do Land ó conter esa cláusula de apertura, -poderíase dicir cláusula de salvagarda do principio de igualdade de oportunidades-, non rebasa os contornos e límites do apartado 4º do art. 2 da Directiva se, en cada caso particular, garantiza ós candidatos masculinos con igual capacitación que as femininas, que as candidaturas serán valoradas obxectivamente tendo en conta tódolos criterios relativos ás persoas de ámbolos sexos e ignore a preferencia concedida ás mulleres cando un ou varios deses criterios fagan que a balanza se incline a favor do candidato masculino. Veláí pois o matiz diferenciador coa normativa aplicable no asunto Kalanke e que motivou a Sentencia do T.X.C.E. amplamente criticada.

De todo iso dedúcese -segundo ó Tribunal- que poda estar incluída no ámbito de aplicación do art. 2.4 da Directiva unha norma nacional, conforme a cal, en caso de promoción, as mulleres que presenten igual capacitación que os homes teñan dereito, sen prexuízo da *cláusula de apertura*, a un trato preferente nos sectores en que estén infrarrepresentadas, posto que tal norma pode contribuir a servir de contrapeso ós efectos perxudiciais para as mulleres derivados das actitudes e comportamentos que se rexistran na sociedade (e ós que fixemos mención con anterioridade), e a reduci-las desigualdades de feito que poideran existir na realidade da vida social.

Non cabe dúbida que a sentenza sobre o “*asunto Marschall*”, reconduce os seus xustos termos a doutrina xurisprudencial do T.X.C.E. sobre a discriminación positiva e ó supoñer unha matización da recaída no “*asunto Kalanke*” recupera para o dereito antidiscriminatorio comunitario unha preferencia da muller con base legal cando a igualdade de preparación

profesional concurra cun home para acceder a un emprego ou para promocionarse no mesmo, aínda que esa preferencia nunca terá carácter absoluto porque mediante unha cláusula de apertura pode ser o varón o que incline *a balanza o seu favor* atendendo a criterios relativos a súa persoa.

3.3.4. A proscripción da discriminación indirecta.

Fronte á discriminación directa, proscriba polos ordenamentos xurídicos dos países democráticos de corte occidental consistente en utiliza-lo sexo como criterio de diferenciación nas relacións laborais, tamén está prohibida a denominada discriminación indirecta ou oculta que é máis sutil.

Como ocorrera coas accións positivas o súa orixe é norteamericano, o denominado *impacto desigual* que con posterioridade foi asumido polo dereito comunitario e os ordenamentos dos Estados democráticos como o noso. Foi a *Sentencia do Tribunal Supremo americano “Caso Griggs V. Duke Power Co.”*, 1971, a que mellor resumiu a doutrina da discriminación indirecta (“*disparate impact*”) que consiste en considerar como discriminatorias aquelas conductas ou actos, que aplicando aparentemente criterios neutros, producen, sen embargo, efectos perxudiciais na práctica a persoas integradas en certos colectivos, polo que aquí e agora interesa, ó colectivo feminino.

A indicada Sentencia -que non contemplou un asunto no que estaban presentes as mulleres- considerou como discriminación indirecta, ou se se quere mellor, que producía un impacto desigual, a medida que esixía para o acceso a un traballo ter concluído a ensinanza secundaria, cando iso non era necesario para desempeñalo, xa que perxudicaba ós cidadáns de raza negra, porque practicamente lles impedía o paso á contratación, tendo en conta que os ditos

cidadáns tiñan moitas dificultades para iniciar e finaliza-la ensinanza en xeral e, dentro dos correspondentes niveis, a secundaria de modo particular.

Gran importancia, neste mesmo orde de cousas, tivo a *Sentencia do Tribunal Supremo americano “Caso Wards Cove Paxking V. Antonio” de 1989* que aínda que referida a un suposto de discriminación racial no acceso ó emprego, aplicouse tamén á discriminación por razón de sexo. Aínda que o Tribunal non considerou a existencia de impacto desigual sentou as bases para a súa auténtica conceptualización. Tratábase de enxuizar se había unha práctica discriminatoria por parte dunha empresa que contrataba máis minorías doutras razas que non eran brancos, para os traballos peor remunerados. A partir deste pronunciamento quedou configurado todo un sistema para aprecia-lo impacto desigual e que, en síntese, ía ter en conta a estrutura da poboación e da contratación que se leva a cabo nun momento determinado e a composición do cadro de persoal da empresa. A teoría do impacto desigual contemplouse polos Tribunais norteamericanos nos casos de acceso ó emprego, promoción, retribucións e demais condicións de traballo de mulleres e minorías, ata o punto que se instrumentou un procedemento moi minucioso para constata-la existencia de discriminación indirecta baseado na utilización de datos estatísticos comparativos da man de obra feminina dispoñible na área da empresa de que se trate, e a proporción de mulleres contratadas que forman parte do cadro de persoal. Máis alá de certos desfases, os Tribunais ó aprecia-la existencia de impacto desigual no colectivo feminino van a leva-la cabo a *inversión da carga da proba*: o empresario terá que demostrar que non contratou a maior número de mulleres ben por necesidades do negocio, ben porque non poderían executa-lo traballo correctamente ou ben porque a decisión de non contratar a máis mulleres obedece ó bo desenvolvemento do traballo. Este corpus xurisprudencial norteamericano, así como a utilización nestes supostos da inversión da carga da proba propiciou que moitos empresarios, en evitación de que se poidera apreciar na súa empresa a existencia de impacto adverso, se teñan autolimitado e, por conseguinte, teñan aplicado cotas na contratación de

mulleres. Non obstante, nos últimos tempos, a inversión da carga da proba non está sendo aceptada na súa integridade polos Tribunais producíndose un retroceso nese sentido.

No dereito comunitario a Directiva 76/207/CEE, de 9 de febreiro, veda as discriminacións indirectas, e o propio Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas deixou moi claro desde hai tempo que a prohibición de discriminación que establecen o Tratado e o dereito comunitario derivado inclúe as discriminacións encubertas, camufladas ou de carácter indirecto, considerando que son contrarias ó dereito comunitario europeo aquelas disposicións, prácticas ou criterios aparentemente neutros, que perxudican desproporcionadamente ós membros dun sexo (no caso que nos ocupa as mulleres), e que non se xustifican obxectivamente ou por unha razón ou condición necesaria relacionada coa persoa en cuestión (así Sentencias do *T.X.C.E. de 13 de maio de 1986 “Asunto BILKA”* e de 7 de febreiro de 1991 “*Asunto NINZ*”).

A Xurisprudencia do T.X.C.E. ó longo do tempo foi configurando a delimitación da discriminación indirecta, ou simulada con relación ó sexo e fíxoo a partir da análise da contratación a tempo parcial que é unha modalidade que se residencia principalmente no colectivo feminino porque -entre outras razóns- lle permite compaxina-lo traballo fóra do fogar coas obrigacións familiares e domésticas. Así a *Sentencia do T.X.C.E. de 31 de marzo de 1981, “Asunto Jenkins”* considerou que se estaba en presenza dunha discriminación indirecta ou oculta no suposto dunha inferior retribución da hora traballada en contratos a tempo parcial que en contratos a tempo completo e iso porque tal circunstancia repercutía desfavorablemente (tiña impacto adverso puidérase dicir) no conxunto de traballadores a tempo parcial integrado maioritariamente por persoas do sexo feminino.

Hai que reseñar, tal como se deduce da doutrina do T.X.C.E., que a discriminación indirecta -a diferenza da directa que choca frontalmente co *art. 119 do Tratado da Unión Europea*- non require da intencionalidade ou propósito voluntario de inferir unha desigualdade de

trato con base no sexo, polo que admite que o empresario xustifique razonadamente a aplicación do acto, práctica ou conducta.

O propio T.X.C.E. considerou, nalgúns supostos, que existían fundamentos obxectivos para xustificar disposicións ou prácticas de efectos favorables para os homes e, por contra, desventaxosos para a muller. Así, con base na liberdade dos Estados membros para configurar o sistema de prestacións asistenciais -condicións para o seu disfrute- a *Sentencia do T.X.C.E. de 11 de xuño de 1987, “Asunto Teuling”* atopou xustificada unha lexislación que concedía beneficios ós traballadores con cargas familiares, cando, en realidade, o que nela se establecía repercutía negativamente nas mulleres traballadoras -efecto desigualatorio- por canto que, cotizando igual, esporadicamente elas soas contan con familiares a cargo ou polo menos con bastante menos frecuencia cós homes.

A Lei italiana 125/1991 de forma moi nítida define a discriminación indirecta como “*un tratamento perxudicial consecvente á adopción de criterios que perxudiquen en modo proporcionalmente maior ós traballadores dun ou outro sexo e sexan requisitos non esenciais para o desenvolvemento da actividade laboral*” (art. 4). Puidérase concluir dicindo que o impacto desproporcionalmente desfavorable dunha esixencia ou requisito para un determinado sexo -na presente análise, o sexo feminino- é o que permite considerar discriminatorio ese requisito aparentemente neutro.

Polo tanto, cara á consecución no futuro da igualdade real de oportunidades, da igualdade efectiva entre ámbolos dous sexos e da nivelación das condicións de traballo entre homes e mulleres, a tutela antidiscriminatoria terá que comprender, non só a corrección das discriminacións directas ou abertas, senón tamén as indirectas ou ocultas, xa que ámbalas dúas están vedadas constitucionalmente.

O concepto un tanto complexo e novedoso de discriminación indirecta foi analizado e asumido polo Tribunal Constitucional quen se encarou con esa cuestión na *S.T.C. 145/1991, de 1 de xullo*, con ocasión dun suposto de discriminación na retribución salarial por razón de sexo baixo a aparente cobertura dunha distinta categoría profesional (“*Asunto diferencia retributiva entre limpadoras e peóns no Hospital Provincial de Madrid*”).

No indicado pronunciamento, *fundamento xurídico 2*, o Alto Tribunal deixou dito o seguinte:

*“A prohibición constitucional de discriminación por características personais e en particular polo sexo, como signo de pertenza da muller a un grupo social determinado obxecto historicamente de infravaloración social, económica e xurídica, conéctase tamén coa noción substancial de igualdade. Iso permite ampliar e enriquece-la propia noción de discriminación, para incluír non só a noción de discriminación directa, ou sexa, un tratamento diferenciado perxudicial en razón do sexo onde o sexo sexa obxecto de consideración directa, senón tamén a noción de **discriminación indirecta** que inclúe os tratamentos formalmente non discriminatorios dos que derivan, polas diferencias fácticas que ten lugar entre traballadores de diverso sexo, consecuencias desiguais perxudiciais polo impacto diferenciado e desfavorable que tratamentos formalmente iguais ou tratamentos razoablemente desiguais teñen sobre os traballadores dun e doutro sexo a causa da diferenza de sexo”.*

O Tribunal Constitucional con esta importante Sentencia incorpora e segue o acervo do dereito comunitario referente á discriminación indirecta e no caso arriba citado entendeu que se estaba ante unha verdadeira discriminación da muller limpadora no mencionado centro

hospitalario con respecto ós varóns peóns, xa que realizando traballos idénticos, percibían salarios diferentes porque estaban encadrados en distintas categorías profesionais.

Precisamente o Tribunal Constitucional sinalará nese caso que *“a diferencia por sexo de categorías profesionais entre os que realizan un mesmo traballo non se pode considerar como a xustificación, senón antes ben, como a orixe ou instrumento mesmo a través do cal se formaliza esa discriminación vedada”*.

Con posterioridade o Alto Tribunal tivo ocasión de volver a entrar no espiñoso tema da discriminación oculta e o fixo cando enxuciou diferencias entre homes e mulleres e diversas asignacións de categorías profesionais entre ámbolos dous sexos tendo como criterio a maior penosidade do traballo ou o maior esforzo físico que require, polo que se residenciaban no varón as retribucións superiores.

En efecto, a *S.T.C. 58/1994, de 28 de febreiro* que analizou as diferencias retributivas entre categorías profesionais masculinas e femininas no *fundamento xurídico 4*, pronunciábase da seguinte forma:

“Ha de se examinar se na avaliación dos traballos encomendados ás diversas categorías se produciu unha diferenciación con repercusión no salario en perxuízo dun determinado sexo, neste caso das mulleres, pertencentes maioritariamente á categoría salarialmente infravalorada...”

e, continuando co razonamento engadía,

a) *“nos supostos en que existan categorías predominantemente ocupadas por traballadores dun ou outro sexo, desigualmente retribuídas, e non exista*

transparencia dos criterios retributivos correspóndelle plenamente ó empregador a carga de poñer de manifesto os citados criterios, para excluír calquera sospeita de que o sexo pódese-lo factor determinante da dita diferenza (Sentencia do T.X.C.E., de 27 de outubro de 1993, “Caso Enderby”).

- b) *Para entender cumprida a esixencia a que se acaba de facer referencia non basta con poñer de manifesto a desigualdade das tarefas realizadas. O parámetro de igualdade neste punto non é a identidade de tarefas, senón a igualdade de valor do traballo...*

- c) *Na valoración do traballo, ademais, garantirase e esixírase, polo tanto, que os propios criterios de avaliación do traballo non sexan, por sí mesmos, discriminatorios... .Todo iso porque a prohibición de discriminación por sexo en materia salarial tamén se ignora cando se produce unha hipervaloración de traballos nos que só foron tomados en consideracións para os efectos salariais rasgos inherentes a un dos sexos, en detrimento do outro (S.T.C. 145/1991; Directiva C.E. 75/117, art. 1, parágrafo 2)”.*

Pois ben, o Alto Tribunal considerou discriminatorio o argumento do empresario en cuestión que aplicou o criterio de esforzo físico como único relevante para motiva-la diferenza salarial que estaba en entredito e, en tal sentido, manifestouse coas seguintes palabras no fundamento xurídico 6 da precitada Sentencia:

“As alegacións do empregador centráronse na diversidade de tarefas, destacando o maior esforzo requirido para desenvolve-las encomendadas ós traballadores varóns. O esforzo físico, en canto rasgo da actividade humana que se pode proxectar sobre unha determinada tarefa, pode ser tomada en consideración,

pero a súa clara falta de neutralidade, polo diverso impacto que produce en ámbolos dous sexos, require dos órganos xudiciais un especial rigor ó estima-las alegacións e probas nese sentido por parte de quen pretenda defende-la súa virtualidade para xustificar unha diferenza retributiva. En virtude dese rigor, só sería posible a admisión de criterios desa natureza se se acreditase de forma indubitada que o esforzo físico constitúe un elemento determinante absoluto da aptitude para o desenvolvemento da tarefa, ou ben que se trate dun elemento esencial desta, sendo preciso, aínda nestes casos, que se combine con outros rasgos tipificadores neutros desde o punto de vista que interesa considerar. Fóra dos supostos citados, a prohibición de discriminación exclúe o recurso a criterios de avalización sexualmente caracterizados, imponéndose o uso de criterios neutros, baseados en atributos igualmente predicables de ámbolos xéneros, sen o que a súa utilización real e efectiva a avaliación de tarefas será ilexítima por obstaculialo logro da igualdade de trato na materia salarial (art. 14 e 35.2 C.E.)”.

Neste mesmo orde de cousas a Sentencia do *Tribunal Constitucional 147/1995, de 16 de outubro, no fundamento xurídico 2* estableceu que,

“Non poden ser considerados neutros aqueles factores ou cualidades predominantemente posuídos polo xénero masculino, agás que pola natureza do traballo se requiran os ditos factores e o dito traballo teña un valor específico diferenciado. En principio, polo tanto, non cabe adoptar, como criterio dominante de valoración para os efectos de anudar unha superior retribución, o esforzo físico que se corresponde cos rasgos medios do traballo do varón, descoñecendo outras características máis comúns en canto ó impacto nos dous sexos”.

E, con maior énfase, a *Sentencia do Tribunal Constitucional 198/1996, de 3 de decembro, no fundamento xurídico 2* abondou neste extremo cando se pronunciou nos seguintes termos:

“... este Tribunal reaccionou enerxicamente contra o estereotipo da maior debilidade ou inferioridade física da muller respecto do varón, pois tratase dunha percepción defectuosa, errónea e anacrónica, que responde máis a un prexuízo infundado que a diferencias reais naturais ou biolóxicas e conleva unha división sexista do traballo (SS.T.C. 216/1991, 229/1992 e 286/1994). Polo tanto, a radical exclusión da muller do acceso a aqueles traballos, que obxectivamente existen para o seu correcto desenvolvemento un elevado esforzo físico, é inaceptable á luz do art. 14 C.E., no que a súa prohibición de discriminación por razón do sexo obriga, polo contrario, a adoptar un criterio neutro predicable por igual do home e a muller e a valorar individualizantemente a idoneidade de cada candidato para o adecuado cumprimento das funcións propias do posto de traballo. ... O elemento físico, pois, pode ser tomado en consideración se constitúe un elemento determinante da aptitude profesional para desempeñar certas tarefas, aínda que, na medida na que a configuración do posto de traballo o permita, débese combinar con outros rasgos que en conxunto exclúen calquera determinación por razón de sexo (SS.T.C. 58/1994 e 147/1995)”.

Como se puido constatar, o Tribunal Constitucional recepcionou a doutrina da discriminación indirecta do ordenamento comunitario, singularmente do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e así o tratamos de reflectir neste longo “*excursus*”. A xustificación é obvia. Na actualidade as discriminacións directas, bruscas ou, se se quere, burdas, están en retroceso debido a que existe unha actividade incesante por parte do colectivo feminino, os poderes públicos, entidades e institucións varias, que crearon unha *cultura da paridade entre os*

dous xéneros que se cobrou bos resultados. Pero, sen embargo, na práctica as discriminacións que se presentan hoxe en día son mais sutís, están máis agachadas e por iso hai que extremar as medidas para evita-los seus efectos desfavorables con respecto ás mulleres. De aí que sexa obrigado prestar atención á denominada discriminación indirecta porque é aí onde existen os obstáculos máis actualizados para conseguir-lo mandato de equiparación real entre homes e mulleres no ámbito laboral que se deriva dos arts. 9.2, 14 e 35 da C.E.

3.4. O principio de igualdade no dereito laboral español.

O art. 35 da Constitución indica que *“tódolos españois teñen o deber de traballar e o dereito ó traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo”*. O *Tribunal Constitucional*, nos seus comezos, e en *Sentencia 22/1981, de 2 de xullo*, fixo referencia a este dereito esencial nas sociedades dos nosos días cando sinalou que:

“O dereito ó traballo non se esgota na liberdade de traballar, supón tamén o dereito a un posto de traballo, e como tal presenta un dobre aspecto: individual e colectivo, ámbolos recoñecidos nos arts. 35.1 e 40.1 da nosa Constitución respectivamente. No seu aspecto individual, concrétase no igual dereito de todos a un determinado posto de traballo se se cumpren os requisitos necesarios de capacitación e no dereito á continuidade ou estabilidade no emprego, é dicir, a non ser despedidos se non existe unha xusta causa. Na súa dimensión obxectiva, o dereito ó traballo implica ademais un mandato ós poderes públicos para que leven a cabo unha política de pleno emprego, pois noutro caso o exercicio do dereito ó traballo por unha parte da poboación leva consigo a negación dese mesmo dereito para outra parte dela”.

Enmarcado nos seus xustos termos o dereito a traballar, tal como quedou referenciado, hai que facer mención á normativa básica do ordenamento xurídico laboral español composta polo *Real Decreto-Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en adiante E.T.)*.

En efecto, ó longo do seu articulado, e en relación co tema que está merecendo esta reflexión, sucédense diversos preceptos proscribindo a discriminación por razón de sexo. Así podemos cita-los seguintes:

- *Art. 4.2.c) que contempla como dereito básico de todo traballador o “non ser discriminado para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo...”*
- *Art. 16.2 que ó preve-lo funcionamento de axencias privadas de colocación sen fins lucrativos lles esixe que “deben garantir, no seu ámbito de actuación, o principio de igualdade no acceso ó emprego, non podendo establecer discriminación ningunha baseada en motivos de ... sexo ...”*
- *Art. 17.1 no que se indica que se entenderán nulos e sen efectos os preceptos regulamentarios, as cláusulas dos convenios colectivos, os pactos individuais e as decisións unilaterais do empresario ... que conteñan discriminacións favorables ou adversas no emprego así como na materia de retribucións, xornada e demais condicións de traballo por circunstancias de sexo ... (todo iso sen merma de que se consideren constitucionais as medidas de acción positiva en favor do colectivo en situación de desvantaxe).*

- *Art. 22.4* que determina que *os criterios de definición das categorías e grupos profesionais acomodaránse a regras comúns para os traballadores dun e outro sexo*” (late aquí a preocupación do lexislador polo feito que se discrimine indirectamente á muller establecendo no sistema de clasificación profesional requisitos que “feminicen” ou “masculinicen” determinadas ocupacións en prexuízo da muller e por iso o lexislador incorporou a previsión citada que se contén na Directiva 75/117 CEE, de 10 de febreiro).

- *Art. 24.2* que referencia o feito de que *os criterios de ascenso na empresa acomodaranse as regras comúns para os traballadores dun e doutro sexo*.

- *Art. 28* que establece que *o empresario está obrigado a pagar pola prestación dun traballo de igual valor o mesmo salario, tanto por salario base coma polos complementos salariais, sen discriminación ningunha por razón de sexo*”. Como sinalou unánimemente a doutrina científica, este precepto posúe unha “*clara intención pro muliere*” xa que xorde para poñer fin a situacións de trato desvantaxoso para a muller. Por outro lado, o citado artigo, ó falar de “*traballo de igual valor*” asume o criterio mantido polo art. 4.3 da Carta Social Europea de 1961, art. 2.1 do Convenio núm. 100 da OIT, a Directiva 75/177/CEE, e o art. 11.1.1) da Convención de 1979, mercede ó que a igualdade retributiva débese dar non só cando o traballo sexa igual senón cando posúa similar valor.

Polo tanto e de todo o dito, existe no noso dereito laboral, un principio xeral de non discriminación por razón de sexo que ten un primeiro compoñente: a desaparición de toda prohibición de traballo para a muller e por iso a obsolescencia de preceptos tales como o art. 10.3 da antiga lei de Relacións Laborais cando establecía que por parte do Goberno “*poderán ser excluídos para a muller os traballos especialmente perigosos, insalubres ou penosos para a súa natureza...*”

3.4.1. A evolución da normativa laboral referida á muller: do proteccionismo á igualdade.

Desde un primeiro momento xurdíu unha normativa laboral de amplo contido protector da muller, que se observa nos primeiros pasos dados pola OIT. Nela subxace unha concepción da muller como nai -real ou futura- que motiva o nacemento dunha lexislación que tende a protexer a súa saúde física, xa que no entorno da época había que salvagarda-la integridade física e moral da muller que era considerada peza esencial da unidade familiar e responsable principal das cargas domésticas e familiares. Así os Convenios da OIT núms. 3 e 4 de 1919, sobre protección da maternidade e o traballo nocturno marcan esa etapa, á que nos referimos ó comezo deste traballo.

No mesmo sentido e obedecendo ó mesmo plantexamento, están os seguintes Convenios da OIT: o núm. 45, de 1935, sobre o traballo subterráneo, e que no seu art. 2 establécese que nesa clase de traballos subterráneos non podería ser empregada ningunha persoa de sexo feminino fose cal fose a súa idade; o núm. 89 de 1938, sobre prohibición do traballo nocturno das mulleres (revisado) e o núm. 103 de 1952, relativo á protección da maternidade que chama a atención pola súa minuciosidade. Estes Convenios iniciais, pois, froito duns valores imperantes na sociedade da época, traslucen un papel da muller, hoxe en día superado, e que merecían unha especial protección. Esta tendencia cambia na OIT co Convenio núm. 156 de 1981, sobre igualdade de oportunidades e de trato entre traballadoras e traballadores: traballadores con responsabilidades familiares.

No noso país a tónica é a mesma. Coincidindo coas primeiras manifestacións do Dereito de Traballo, xorde tamén, ó seu abeiro, unha lexislación protectora da muller. Sen ánimo exhaustivo e aínda perto do ano 2000, podemos recordar como na lei de Contrato de Traballo

de 1944 se recollía o dereito da muller a dispoñer dun asento reservado para ela. Así mesmo o Decreto de 26 de xullo de 1957 regulou toda unha serie de traballos prohibidos á muller e que hai que considerar contrario á Constitución por inconstitucionalidade sobrevida, tal como se encargou de sinalar a *S.T.C. 229/1992*.

Esta inicial lexislación, ademais de ter un fin protector da muller servía tamén a outros fins. Con ela perpetuábase unha división social do traballo e ubicaba á muller no punto capital da familia e das responsabilidades domésticas, á vez que se desincentivaba a súa contratación polos empresarios.

A evolución non se fixo esperar. A lexislación protectora da muller no traballo deu paso a unha nova lexislación protectora dun dato biolóxico afectante á muller: o embarazo e, consecuentemente, a maternidade. De aí que se conviñese no feito de que o principio de igualdade de trato non se opón ás disposicións relativas á protección da muller por razón da maternidade. As *Directivas 76/207, 79/7 e 86/378* refírense á licitude das normas protectoras da maternidade e tamén a *92/85, de 19 de outubro*, dictada como consecuencia do *art. 19 da Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores*, e no que o seu propósito é promover a mellora da seguridade e a saúde no traballo das traballadoras embarazadas, que deran a luz ou en período de lactancia.

Neste mesmo orde de cousas, o propio Tribunal Constitucional referíuse, en máis dunha ocasión, a esta cuestión. En efecto, na *S.T.C. 229/1992, de 14 de decembro, fundamento xurídico 4* resaltou que “*ó mandato de non discriminación por razón de sexo do art. 14 da CE, consecuente ó principio de igualdade de dereito entre homes e mulleres, esixe desde logo eliminar aquelas normas xurídicas que (coa salvidade do embarazo e a maternidade) aínda que historicamente responderan a unha finalidade de protección da muller como suxeito fisioloxicamente máis débil, supón refrendar ou reforzar unha división sexista de*

traballos e funcións mediante a imposición ás mulleres de límites aparentemente ventaxosos pero que lle supoñen unha traba para o seu acceso ó mercado de traballo. En moitos casos esta lexislación orixinariamente protectora responde a prexuizos, a opinións preconcebidas que xogan un papel importante na formación e mantemento de discriminacións...”

Esta evolución da normativa laboral sobre á muller *-do proteccionismo xeral a un proteccionismo limitado ás situacións de embarazo e maternidade-* para conseguila igualdade co home, foi propiciada desde a propia *Convención de 1979* referente á eliminación de tódalas formas de discriminación e así no seu art. 11.3 determinouse que *“a lexislación protectora relacionada coas cuestións comprendidas neste artigo (as referidas á eliminación da discriminación contra a muller) será examinada periodicamente á luz dos coñecementos científicos e tecnolóxicos e será revisada, derogada ou ampliada segundo corresponda”*. En similares termos pronunciouse a Directiva 76/207/CEE de 9 de febreiro.

Pódese afirmar que a liña lexislativa que prevalece hoxe nos países democráticos occidentais, incluído claro está o noso, é a que transcorre por unha lexislación laboral parificadora entre ámbolos dous xéneros concedendo soamente dúas excepcións a prol da muller: o embarazo e a maternidade, por un lado, e as medidas de discriminación positiva polo outro.

Para comprender certeiraemente o que se dixo, non resulta baladí traer a colación unha doutrina elaborada polo Tribunal Constitucional referida a esta cuestión.

Na S.T.C. 128/1987, de 16 de xullo, discutíase se era discriminatoria unha norma que establecía un plus laboral de gardería concedido ás traballadoras con independencia do seu

estado civil e ós traballadores soamente no suposto de que foran viuvos, e ó fio do razonamento da sentenza, por parte do Tribunal Constitucional, *fundamento xurídico 6*, díxose:

“A situación de discriminación na que se atopa a muller na sociedade traduciuse en numerosas medidas no orde laboral, que trataron de realizar un labor de finalidade protectora pero neste eido terá que se levar a cabo forzosamente unha distinción. Un conxunto, posiblemente o máis amplo, de medidas adoptáronse desde unha perspectiva que reflicte os mesmos valores sociais que mantiveron á muller nunha posición de relegación no mundo laboral. Partindo de presupostos de inferioridade física, ou dunha maior vocación (ou obrigación) cara as tarefas familiares, diversas disposicións viñeron establecer diferencias de trato entre homes e mulleres no ámbito laboral, que aínda que aparentemente resultan de índole protectora, perpetúan e reproducen na práctica, a posición de inferioridade social da poboación feminina. Este Tribunal tivo ocasión xa de se pronunciar sobre a ilexitimidade constitucional de tales diferencias (así SSTC 81/1982, de 21 de decembro e 7/1983 de 14 de febreiro, como iniciadoras dunha liña xurisprudencial continuada) cando non aparecen fundadas máis que no sexo dos afectados. A protección da muller por si soa, afirmou o Tribunal (S.T.C. 81/1982 fundamento xurídico 1) non é razón de abondo para xustifica-la diferenciación nin é suficiente tampouco que o suxeito beneficiario da protección sexa a muller, en canto tal muller, pois iso, en tais termos, é evidentemente contrario ó art. 14. CE...”

Con maior énfase, a S.T.C. 229/1992, de 14 de decembro, que analizou a prohibición do traballo feminino no interior das minas, no *fundamento xurídico 3* deixou dito o seguinte:

“A existencia de traballos prohibidos para a muller é unha resposta histórica á sobreexplotación da man de obra feminina. Iso explica que, desde os seus inicios, a lexislación laboral establecese medidas de protección da muller, entre as que se incluían a

prohibición de determinados traballos, e dentro de eles, o traballo no interior das minas. Estas medidas nacionais de protección trátanse de xeneralizar no seo da Organización Internacional do Traballo, a través do Convenio 45 de 1935, que é recollido máis tarde no art. 8.4.b) da Carta Social Europea de 1961. Non obstante, teráse en conta que a evolución social que desde o momento no que aquelas normas se xestaron tivo a política antidiscriminatoria, chegou a examinar con particular reserva un tipo de medidas protectoras que parten de prexuízos infundados, que responde a unha división sexista do traballo ou que pola evolución social e productiva e a mellora das condicións de salubridade e seguridade do traballo nas minas, deixou de ter razón de ser. Aínda que son constitucionalmente lexítimas as diferencias nas condicións de acceso ó emprego e nas condicións de traballo baseadas no orde biolóxico natural para as que o sexo non poida ser irrelevante, para que esa diferenza biolóxica poida xustifica-la disparidade de trato é necesario calibrar axeitadamente as razóns da tutela, tendo en conta moi en particular se a protección pode ser actual ou potencialmente lesiva tamén dos dereitos e dos intereses da muller.

Desde logo, non son contrarias á Constitución aquelas disposicións que tenden á tutela da muller traballadora en relación co embarazo ou a maternidade, ós que se refire o art. 2.3 da Directiva 76/207CEE, e que son os factores que principalmente permiten introducir distincións de trato para a protección da muller. Nesta liña insistiu a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades “Sentencias de 12 de xullo de 1984 (Hofmann) e 15 de maio de 1986 (Johnston)”, que xustificou medidas favorables á muller nestes casos para asegurar, dun lado, a protección da condición biolóxica da muller no curso do seu embarazo e puerperio, e doutro, as relacións particulares entre a muller e o recém nacido. Noutros casos, a protección da muller e da súa saúde en función do seu sexo débese examinar con suma cautela e incluso con desconfianza, polas repercusións negativas que directa ou indirectamente poden ter na consecución da efectiva igualdade

entre homes e mulleres. A este respecto non é ocioso recorda-la Convención sobre eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller de 1979, ratificada mediante instrumento de 16 de decembro de 1983 (BOE 21 de marzo de 1984) que no seu art. 11.3 establece que a lexislación protectora relacionada coas cuestións de emprego - será examinada periodicamente á luz dos coñecementos científicos e tecnolóxicos e será revisada, derogada ou ampliada, segundo lle corresponda-. Por outro lado, a Directiva 76/207 CEE, no seu art. 3.2c) ordea ós Estados revisa-las disposicións legais, regulamentarias e administrativas contrarias ó principio de igualdade de trato -cando o desexo de protección que as inspirou nun principio non teña xa razón de ser-.

Nesta liña, destacaráse a recente revisión da prohibición de traballo nocturno da muller, na cal o seu mantemento o Tribunal de Xustiza das Comunidades estimou que non pode atopar xustificación na preocupación protectora que a inspirou na súa orixe, por non existir unha razón de necesidade que xustifique, agás nos casos de embarazo ou maternidade, que os inconvenientes que produce o traballo nocturno sexan distintos no caso dos varóns ou no caso das mulleres “Sentencia de 25 de xullo de 1991 (asunto Stoeckel)”; de modo que, en cumprimento do art. 5 da Directiva 76/207 os Estados membros non poden prohibir lícitamente o traballo nocturno das mulleres se non o fan ó mesmo tempo para os homes.”

Por último, e para pechar este apartado, é conveniente reproducir los termos nos que se pronunciou ó Tribunal Constitucional ó examinar se se axustaba á Constitución o art. 56 da Ordeanza Laboral de Seguros de 1970 que establecía que o persoal feminino que contraese matrimonio, podía rescindi-lo contrato e, a cambio, percibir unha indemnización. Con ocasión de que a unha muller, polo Xuzgado e Tribunal do Social correspondente se lle denegou a dita prestación por considerar que era discriminatoria, e de que o caso chegara en vía de recurso de

amparo perante aquel Tribunal, a *STC 317/1994*, de 28 de novembro, fundamento xurídico 2, declarou o seguinte:

“A necesidade de valorar teleoloxicamente as normas protectoras, ou aparentemente protectoras, da muller como traballadora, xa foi posta de manifesto pola doutrina deste Tribunal (STC 128/1987, fundamento xurídico 6º) e dedúcese explicitamente de normas internacionais, particularmente orientadas a perfila-lo alcance da prohibición de discriminación por sexo. Deste xeito, polo seu carácter intrinsecamente discriminatorio, imponse ós Estados por eles vinculados -a tódolos órganos do Estado- a necesidade de prestar unha particular atención á fundamentación das medidas tutelares da muller, cando, sendo contrarias ó principio de igualdade de trato, o desexo de protección que as inspirou nun principio non teña xa razón de ser (Dir. CEE 76/207, de 9 de febreiro, arts. 3.2 C e 5.2 C).

Esta premisa require, pois, para valora-la lexitimidade da medida unha dobre constatación:

a) Que a medida en cuestión non sexa contraria ó principio de igualdade de trato é dicir, e utilizando a terminoloxía dun tratado internacional de importancia básica na materia, o Convenio 111 da OIT, que (non) teña por efecto anular ou altera-la igualdade de oportunidades ou de trato no emprego e a ocupación- (art. 1.1.a) dos colectivos discriminados.

b) Que non perdera a súa razón de ser. É dicir, que non tenda a perpetuar patróns ou estereotipos culturais xa superados, e que non sexan admisibles en canto, a través deste instrumento, consolidan a situación discriminatoria contra a que se reacciona. Nesta liña, o Convenio sobre eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller, de 18

de decembro de 1979 (Boletín Oficial do Estado- 21 de marzo de 1984)), reitera a necesidade de que os Estados asinantes adopten as medidas necesarias para -modifica-los patróns socio-culturais de conducta de homes e mulleres, con miras a acada-la eliminación dos prexuízos e as prácticas consuetudinarias e de calqueroutra índole que estean baseadas ... en funcións estereotipadas de homes e mulleres- (art. 5.a). Así mesmo e en idéntico sentido, este Tribunal considerou discriminatorias as normas protectoras que perpetúan e reproducen, na práctica, a posición de inferioridade social da poboación feminina, partindo de presupostos como a inferioridade física, ou, polo que agora interesa, dunha maior vocación (ou obrigación) cara as tarefas familiare- de parte da muller (STC 128/1987, fundamento xurídico 6º). Unha forma de tutela, pois, que se impón con carácter xeral fronte a toda manifestación do fenómeno.

A anterior afirmación resulta, neste caso, dunha importancia singular. Precisamente porque a discriminación que se manifesta a través deste tipo de medidas é un fenómeno social, como tal fenómeno social debe ser valorado (STC 269/1994), sen perxuízo de que, nas súas manifestacións concretas, a propia vítima poida estar de acordo, ou aínda desexar a súa aplicación, porque o consentemento do suxeito discriminado non acada a sana-la natureza intrinsecamente inconstitucional do tratamento que lle será aplicado.”

Máis adiante, a propia Sentencia, no *fundamento xurídico 2* estableceu que:

“Como se desprende dos antecedentes desta resolución, a pretensión da hoxe actora, no proceso do que trae causa o presente recurso, consistía en que lle fose recoñecido o seu dereito a percibir unha determinada cantidade de cartos, como contrapartida á rescisión do seu contrato de traballo subseguinte ó seu matrimonio, tal e como se lle recoñecía á muller no art. 56 da Ordeanza de Seguros.

A norma en cuestión, emanada no período preconstitucional, respondía a unha orientación normativa moi concreta, que chegou a ter expreso reflexo nas leis fundamentais do réxime anterior: a de liberar á muller casada do traballo, facilitándoselle a volta ó fogar a través de medidas que desincentivaran a permanencia no emprego cando contraía matrimonio. É claro que unha norma como a que agora se considera reúne tódalas características que se describiron no apartado anterior, como tipificadoras dunha norma aparentemente protectora que será calificada como discriminatoria.

En primeiro lugar, produce como resultado a perda da igualdade de oportunidades e de trato no emprego, pois incentiva a interrupción da carreira profesional da muller, que queda irremediabilmente cortada ata que deveña cabeza de familia, e potencia a desocupación feminina, así como a menor integración da muller no mundo do traballo (STC 128/1987, fundamento xurídico 5º).

En segundo lugar, claramente perdeu a súa razón de ser nunha sociedade como a actual, e nun ordenamento que propugna como valor superior o da igualdade (art. 1 CE), prohíbe a perpetuación ou fomento da desigualdade discriminatoria sequera sexa a través de medidas indirectas (art. 14 CE), e eleva o seu propósito ó máximo nivel de tutela, dispensando no noso Dereito ós dereitos fundamentais.

En atención a todo o anterior, non pode senón chegarse á conclusión de que a norma da Ordenanza Laboral citada quedou derogada pola Constitución, polo que non se pode basear nela ningunha pretensión da natureza da exercitada pola actora, como con acerto apreciaron os Tribunais de instancia.”

Neste contexto debemos facer mención a unha circunstancia que se plasmou nunha primeira doutrina do Tribunal Constitucional. En efecto, froito da normativa protectora da muller, en materia laboral, procedente da etapa preconstitucional, chegouse a falar, logo da Constitución, do *varón discriminado* porque a lexislación laboral herdada da época anterior recollía diversas vantaxes para a muller froito das conviccións e valores que tiñan vixencia na sociedade daquela época e que os poderes públicos facían seus.

Deste xeito o Tribunal Constitucional enfrontouse a disposicións laborais e de seguridade social anteriores ó texto constitucional que lles outorgaban ás mulleres facilidades que non se concedían ós homes e, ante iso, en moitas ocasións o Alto Tribunal efectuou o que se chamou "*igualación por riba*", é dicir, amplia-las medidas ventaxosas tamén ós varóns ó entender que desapareceran os condicionantes sociais que as cinguían unicamente ó colectivo feminino. Algúns exemplos ilustrarán o que se vén manifestando.

a) *STC 81/1982, de 21 de decembro*. Cuestionouse nesta sentenza, unha ordeanza que regulaba o traballo dos ATS da Seguridade Social, organizando de forma diferente o horario de traballo nocturno do persoal masculino e do persoal feminino sen que existise diferenza na cualificación do traballo. Logo de indicar que "*a protección da muller por si soa non é razón suficiente para xustifica-la diferenciación, nin é suficiente tampouco que o suxeito beneficiado da protección sexa a muller como tal muller, pois iso, en tales termos, é evidentemente contrario ó art. 14 CE*", a sentenza restableceu a igualdade mediante o outorgamento ó persoal masculino dos beneficios cos que contaba o persoal feminino.

b) *STC 103/1983, de 22 de novembro*. Examinouse a adecuación á CE do antigo art. 160 da Lei Xeral de Seguridade Social no que se establecía unha diferenza de réxime xurídico entre o dereito á pensión de viuvez das viúvas e dos viúvos, pois mentras ás primeiras para disfrutala só se lles esixía como condición, a convivencia habitual co cónxuxe causante ou en caso

de separación sentenza firme que a recoñecese como inocente, no suposto dos segundos, o dereito a obter a pensión condicionábase ademais, ó feito de que se tratase de persoa que ó momento de falecer a súa esposa estivese incapacitado para o traballo e a cargo da falecida. A Sentencia, constatado o trato desigual, equiparou ós homes coas mulleres nas condicións de acceso á pensión de viuvez.

c) *STC 207/1987, de 22 de decembro.* Enxuízouse aquí, unha disposición dun convenio colectivo que concedía ás auxiliares de voo femininas dunha compañía de aviación o dereito de retiro anticipado con certa idade, previsión que non se contemplaba para os auxiliares de voo masculinos. A sentenza, logo de recoñece-lo dereito dos varóns a non ser discriminados, estende, tamén para eles, o dereito que disfrutaban as mulleres.

d) *STC 3/1993, de 14 de xaneiro.* Analizouse a adecuación á CE do antigo art. 162.2 da Lei Xeral de Seguridade Social que recoñecía en exclusiva a fillas e irmás (e por tanto, a non atribución a fillos e irmáns) do dereito ó percibo das prestacións en favor de familiares. A sentenza estendeu a vantaxe ós homes e declarou inconstitucional o apartado 2º do citado artigo. Agora ben, pola importancia do tema, cómpre reproducir algúns dos razonamentos do dito pronunciamento, entre os que se poden cita-los seguintes: *“a medida pódese calificar como de norma protectora da muller non traballadora (e) descansa na secular discriminación familiar da muller á que tradicionalmente se veñen confiando funcións domésticas, como se gozase dunha natural vocación ou predisposición cara elas”*; *“a norma enxuízada contempla á filla e a irmá como membros subordinados na estrutura familiar con respecto do pai ou irmán...”*; *“o precepto legal participa da tendencia imperante na época en que a lei foi promulgada de manter á muller ... ocupada en tarefas do fogar, coa conseguinte creación dun mecanismo de dereitos compensatorios de protección social da muller especialmente ligados ó varón...”*; *“... na configuración da pensión en favor dos familiares ex art. 162.2 LGSS, a atribución exclusivamente ás fillas e*

irmás do referido dereito, non ten por obxecto a reincorporación efectiva da muller ó traballo, nin a súa emancipación das tarefas domésticas. Polo contrario, trátase dunha medida meramente compensadora dun estado de necesidade na que predomina a visión paternalista e a función substitutiva da pensión perdida...”; “é unha prestación que ... resulta perturbadora para acadar unha igualdade efectiva da muller en relación co varón, en tanto que o privilexio instituído ó seu favor revélase como unha forma encuberta de discriminación que se volve contra ela”.

Más adiante, e con posterioridade, o Tribunal Constitucional comezou a cuestiona-lo criterio da *igualación por riba* (ó que responderon os casos reseñados anteriormente) e simplemente non o aplicou.

Este cambio de criterio pódese advertir na *STC 315/1994, de 28 de novembro*, onde se analizaba un precepto do Regulamento de xubilacións e pensión dos empregados dunha Deputación Foral que concedía un beneficio ás mulleres. Nela, tras pretendese que a vantaxe acadara ós varóns o Alto Tribunal sentenciou: *“preténdese así que o interprete da norma extraia unha solución negada polo texto para conseguir unha igualación cara arriba. Esta é, por suposto, unha das posibles solucións ante a desigualdade de trato na norma, suprimindo as restriccións inxustificadas e arbitrarias establecidas polo seu autor coa conseguinte extensión do beneficio ós discriminados”* engadindo que *“agora ben, o principio de igualdade non sempre é motor dunha xeralización do réxime máis favorable e, moi ó contrario, pode esixi-la supresión do beneficio se este fora inxustifico e non razoable...”* para rematar dicindo que *“(o principio de igualdade) non pode ser un medio para adquirir dereitos alleos en virtude do agravio comparativo...”* *“non resulta posible unha parificación ou equiparación na discriminación mesma...”*

Con este paso a doutrina da igualdade real ven a substituír á doutrina da igualación por riba dos primeiros momentos.

3.4.2. A protección contra a discriminación laboral.

A discriminación por razón de sexo ten un plus de protección no ordenamento xurídico laboral do noso país, xa que se trata dunha das causas que o art. 14 menciona.

A tutela antidiscriminatoria en materia laboral atopa a súa plasmación no *Real Decreto-Lexislativo 2/1995, de 7 de abril* polo que se aproba o *Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral*. Como se recordará o art. 17 do Estatuto dos Traballadores senta a regra de que as normas estatais, cláusulas de convenios colectivos, pactos individuais e decisións empresariais que incorren en discriminación por circunstancias de sexo serán nulas. Pois ben, atendendo á decisión do empresario que provoca a extinción da relación laboral, como é o despido, o art. 108.2 da Lei de Procedemento Laboral castíga como nulo se tivo como móbil algunha das causas de discriminación previstas na Constitución, e na Lei.

Agora ben, no proceso de tutela antidiscriminatoria o que ten gran importancia é o réxime da *proba da discriminación*. Tendo en conta a dificultade que posúe a traballadora discriminada para demostrar ante os Xulgados e Tribunais do Social tal circunstancia, admitíuse a *inversión da carga da proba* en virtude da cal, o empresario corre coa obrigaón de demostrar a existencia dun motivo razoable que xustificou a súa actuación. Este principio, nembargantes, non pode ser entendido de modo absoluto e por iso tanto a Xurisprudencia do Tribunal Constitucional, do Tribunal Supremo e as Sentencias de numerosos Tribunais Superiores de Xustiza veñen sinalando que para que opere o desprazamento ó empresario da carga de probar que a súa actitude foi axustada a dereito e allea a todo móbil discriminatorio, o traballador ten que acredita-la existencia de indicios que xeneran unha razoable sospeita, aparencia ou

presunción en favor de que existíu discriminación (así SSTC 34/1984, de 9 de marzo, 38/1986, de 21 de marzo e 136/1996, de 23 de xullo, Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 4 de xuño de 1992 e Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 2 de febreiro de 1996, entre outras moitas). É dicir, unha vez probados os indicios de discriminación xenérase a presunción de que ésta existe e, a partir dese momento, recae sobre o demandado (empresario, ente público, etc.) a carga de destruír tal presunción demostrando que non existíu trato discriminatorio ou que, se houbo trato desigual, obedeceu a motivos obxectivos e razoables.

Pois ben, esta doutrina foi acollida pola lei de Procedemento Laboral no seu *art. 96* cando dispón que *“naqueles procesos en que das alegacións da parte actora se deduza a existencia de indicios de discriminación por razón de sexo corresponderálle ó demandado a aportación dunha xustificación obxectiva e razoable, suficientemente probada, das medidas adoptadas e a súa proporcionalidade”*. Neste sentido, tamén procede citar o *art. 95.3* da mencionada lei que establece que *“cando no proceso se subscitase unha cuestión de discriminación por razón de sexo, o Xuíz ou Tribunal poderá recaba-lo dictame dos organismos públicos competentes”*. Esta disposición -que ata onde se coñece foi escasamente aplicada polos tribunais- pode constituir un instrumento valioso para detectar discriminacións indirectas, xa que se poden recabar datos estatísticos que demostren, por exemplo, a porcentaxe de contratación feminina nunha determinada empresa ou sector e con iso servir de elemento adicional de proba a ter en conta no fallo que adopte o xulgador.

Polo contrario o *art. 96* da Lei de Procedemento Laboral foi aplicado en numerosos asuntos referidos a discriminación salarial, discriminación por embarazo e acoso sexual.

No ámbito do dereito comunitario rixe a *Directiva 97/80/CEE do Consello de 15 de decembro*, relativa á carga da proba nos casos de discriminación por razón de sexo. Á súa vez o *artigo 4* da *Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores* establece

que “os Estados membros adoptarán de acordo cos seus sistemas xudiciais as medidas necesarias para que, cando unha persoa que se considere perxudicada pola non aplicación, no que a ela se refire, do principio de igualdade de trato presente, ante un órgano xurisdiccional ou outro órgano competente, feitos que permitan presumir-la existencia de discriminación directa ou indirecta, corresponde á parte demandada demostrar que non houbo vulneración do principio de igualdade de trato. Neste sentido hai que sinalar que tamén o TXCE vén esixindo a aportación de probas indiciarias antes de facer recaer no demandado a proba da non discriminación.

Neste orde de cousas a Sentencia do TXCE de 17 de outubro de 1989, “Asunto Danfoss” trasladou ó empresario a carga da proba de que a política salarial que levaba non discriminaba ás mulleres, cando se probara polas traballadoras que a retribución media delas era inferior á dos varóns.

A protección contra a discriminación laboral que teña por causa o sexo, complétase co dereito sancionador no orde social. Neste sentido, cómpre citar á Lei 8/1988, de 7 de abril, sobre infraccións e sancións de orde social (LISOS), na que, no seu art. 28.2 tipifica como infracción moi grave “establecer condicións, mediante a publicidade, difusión ou por calquer outro medio que constituían discriminacións favorables ou adversas para o acceso ó emprego por motivos ... de sexo ...”. Por outro lado, o art. 96.12 do Estatuto dos Traballadores tipifica como infracción laboral moi grave “as decisións unilaterais do empresario ... cando conteñan discriminacións ... na materia de retribucións, xornadas, formación, promoción e demais condicións de traballo, por circunstancias de sexo...”. Asimesmo, o art. 314 do Código Penal establece que “os que produzan unha grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón do seu ... sexo ... e non restablezan a situación de igualdade ante a lei tras requerimento ou sanción administrativa reparando os danos económicos que se derivaran, serán castigados

coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de seis a doce meses. A súa vez, o art. 161 e ss. da Lei de Procedemento Laboral, regulan o procedemento de impugnación dos convenios colectivos cando conculcaran a legalidade vixente (como é a existencia de cláusulas discriminatorias no seu texto).

3.5. Os ámbitos de actuación do principio de igualdade de trato.

No seu día, a *Lei 4/1995, de 23 de marzo* que regulara o permiso parental e por maternidade, en concreto, a súa exposición de motivos, significaba que *“un dos ámbitos nos que a discriminación por razón de xénero se segue producindo, aínda que de forma indirecta, é o correspondente ó de acceso ó mercado laboral na selección de persoal”* e engadía, *“a pesar do avance producido mediante a derogación de disposicións discriminatorias, con obxecto de ir adaptando os códigos legais ós principios constitucionais, a realidade móstranos que continúan dándose situacións que condicionan a situación das mulleres no mercado de traballo. Neste ámbito, é a muller quen recibe as peores consecuencias, debido á división do traballo que por razóns de xénero existe na sociedade”*.

Procede, pois, que abordemos estes temas, sequera brevemente, e contemplemos como tanto no acceso ó traballo, nas condicións de traballo e no momento da extinción do contrato de traballo, a muller, malia a toda unha lexislación igualitaria, pode ser obxecto de trato discriminatorio.

3.5.1. Acceso ó traballo

A consecución dun emprego estable segue constituindo hoxe en día unha aspiración de gran parte da poboación activa feminina. Como teremos ocasión de reflectir, o colectivo de

mulleres é un dos que se soe favorecer polos poderes públicos (en unión ó dos xoves e parados de longa duración) á hora de concederlles vantaxes para o acceso e permanencia no emprego e que se concretan en facilidades outorgadas ós empregadores para que se decidan a contratar a aquelas persoas que se enfrontan a un número maior de obstáculos de partida no complexo mundo laboral. Por outra parte, entre o conxunto de poboación ocupada, as mulleres encóntranse nunha situación mais inestable que os homes pois aproximadamente o 80 por cento dos contratos son temporais fronte ó 20 por cento dos homes. As mulleres ocupan o que se coñece como “*emprego atípico*”, é dicir, aquel constituído polo traballo en xornada reducida, o traballo temporal, a interinidade, o traballo a domicilio, e o de curta duración, entre outros.

Nesa tesitura, a sociedade española debe aproveitarse do potencial laboral e profesional da muller e, nese sentido, cobran especial importancia, ademais dos esforzos incentivadores á contratación por parte das diferentes Administracións Públicas, a actuación dos axentes sociais e económicos.

Sostido o anterior, e deixando aparte a formulación como dereito básico dos traballadores o de non ser discriminados para o emprego, ou unha vez empregados (art. 4.1.c E.T.), e ó que nos referimos con anterioridade, hai que facer mención a diversa normativa internacional na materia.

O Convenio da *OIT* núm. 111 de 1958, no art. 2 establece para todo membro *a obligación de leva-la cabo unha política nacional que promova a igualdade de oportunidades e de trato na materia de emprego e ocupación, con obxecto de eliminar calquera discriminación*, o que inclue, segundo a *STC 173/1994*, *os momentos preliminares á contratación*. A súa vez a *Recomendación* núm. 111, do mesmo ano sobre discriminación en materia de emprego e ocupación, reafirma o sinalado no Convenio ó establecer no art. 2.a), ii) que as políticas nacionais encamiñadas a impedi-la discriminación naquelas materias basarásen -

entre outros- no principio de que a admisión dun traballador nun emprego da súa propia elección fundamentarase na aptitude individual para desempeñalo. Así mesmo, o apartado d) do citado artigo determina que *nas negociacións colectivas e nas relacións de traballo, as partes non deberían practicar nin tolerar discriminacións ó contratar, formar, ascender ou conservar no emprego a calquera persoa ou ó fixa-las súas condicións de traballo; ó levar á práctica este principio os empregadores non deberían ser obxecto de ningunha obstrución ou intervención, directa ou indirecta, por parte de persoas ou organizacións*".

Un exemplo do que non se debe realizar puxoo de manifesto a *Sentencia do Tribunal Central de Traballo, de 23 de setembro de 1985*, cando considerou discriminatoria unha cláusula dun convenio colectivo de empresa que establecía, á hora de contratar persoal laboral fixo, dous turnos: un integrado pola libre designación; outro que o integraban os familiares dos traballadores da empresa en activo, pensionistas ou viúvas ata o 4º grao, e iso con base en que dita previsión introducía unha situación favorable para o acceso ó traballo por vínculos familiares allea a toda razoabilidade.

Por outro lado, o *Convenio da OIT núm. 117 de 1962 relativo ás normas e obxectivos básicos da política social*, no seu art. 14 indica que un dos fins da dita política debe ser o de *suprimir toda discriminación* entre os traballadores fundada en motivos de sexo e referida, ademais doutros, á materia de *admisión ós empregos tanto públicos como privados*.

A maior abundamento, hai que facer alusión ó importantísimo *Convenio da OIT, núm. 156, de 1981 sobre a igualdade de oportunidades e de trato entre traballadores e traballadoras: traballadores con responsabilidades familiares*.. No seu art. 3 contén esta capital previsión: *"Con miras a crea-la igualdade de oportunidades e de trato entre traballadores e traballadoras, cada membro deberá incluír entre os obxectivos da súa política nacional o de permitir que as persoas con responsabilidades familiares que*

desempeñen ou desexen desempeñar un emprego exerzan o seu dereito a facelo sen ser obxecto de discriminación e, na medida do posible, sen conflito entre as súas responsabilidades familiares e profesionais”.

Este é un punto crucial, como se vén advertindo, porque na realidade social do presente, as mulleres, sobrecargadas polas súas obrigacións no fogar familiar, ou ben desisten de traballar ou ben, se continúan a traballar, atópanse con obstáculos de todo tipo. Cómpre recordar que de acordo co art. 19.5 da Constitución da OIT, o Estado que ratifique os Convenios (España así o fixo cos citados) comprométese a adoptar as medidas necesarias para facer efectivas as súas disposicións, tanto no plano lexislativo como na súa aplicación práctica, precepto que, sen dúbida, terá que se relacionar co art. 96 da Constitución española de 1978.

No ámbito do dereito comunitario, a *Directiva 76/207/CEE, de 9 de febreiro*, refírese á aplicación *do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso ó emprego, á formación e promoción profesionais e ás condicións de traballo*. Esta norma do dereito comunitario derivado encerra unha gran importancia para o tema que estamos a tratar e foi obxecto de interpretación por parte do T.X.C.E.. Porque, hai que insistir niso, a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza con sede en Luxemburgo, contén, como unha das súas características máis resaltables, a de que mantén un concepto amplo de discriminación na materia laboral xa que abrangue desde o acceso ó emprego e a contratación, ata as condicións de extinción, pasando pola clasificación profesional, a promoción, a formación profesional chegando incluso ós estadios previos á contratación.

O art. 3.1 da *Directiva 76/207/CEE*, recolle a prohibición de discriminación no acceso ó traballo, incluíndo os criterios de selección. Nun momento determinado discutíuse ante o T.X.C.E. se as ofertas de emprego estaban afectadas pola *Directiva*. O *Tribunal de Xustiza, na Sentencia de 21 de maio de 1985, “Asunto Comisión v. R.F.A.”*, declarou de modo expreso,

que as ofertas de emprego están sometidas ós dictados da Directiva, non aceptando o criterio do Goberno alemán de que aquelas se dan nun momento anterior ó que constitue propiamente o acceso ó emprego.

Agora ben, a igualdade de trato que se debe seguir á hora de entrar no mercado laboral non quere dicir que, nunha empresa ou centro de traballo determinado, exista igual número de empregos masculinos que femininos. Así, e xa no noso país, ante unha solicitude de nulidade dun precepto dun convenio colectivo de persoal de voo dunha compañía de aviación que establecía unha distribución das tripulacións nun 65 por cento para o persoal feminino e un 45 por cento para o masculino, *o Tribunal Central de Traballo, en Sentencia de 24 de abril de 1984* non considerou discriminatoria dita cláusula debido a que *“ninguén pode ser compelido a que a contratación de persoal teña que ser ó 50 por cento para o persoal masculino e feminino, xa que sería levar ó absurdo o principio proclamado na C.E. e reflectido nos arts. 4.2 e 17 do E.T.”*

No ordenamento xurídico español, ante os supostos de discriminación da muller ó acceder a un traballo, non se contemplan medidas puntuais de tutela xurisdiccional. Aplícanse ou pode impetrarse a aplicación das medidas xenéricas de tutela xurisdiccional dos dereitos fundamentais, neste caso, para reaccionar contra a discriminación no acceso ó emprego. Do xogo dos arts. 180 e 181 da Lei de Procedemento Laboral, ante unha discriminación como a aludida, poderíase derivar, non só a nulidade do proceso selectivo, senón tamén, e como fórmula reparadora, a contratación coactiva da traballadora que sufriu a discriminación, como se deduce da *S.T.C. 229/1992*, que declarou o dereito dunha muller a ocupa-la praza de axudante mineiro en igualdade cos varóns, cando fora discriminada para acceder a esa clase de emprego.

Para completa-la análise deste apartado, ímonos referir a diversos pronunciamentos do Tribunal Constitucional acerca da cuestión sobre a que agora reflexionamos.

a) S.T.C. 128/1987, de 16 de xullo.

Nesta sentenza o T.C. admite as dificultades de acceso ó traballo das mulleres con cargas familiares, aínda que a sentenza examinou, ó fio desta cuestión, un réxime de prestacións en concepto de gardería, aplicado polo Instituto Nacional da Saúde, segundo a cal, mentras que tódalas traballadoras, independentemente do seu estado civil, con fillos menores de seis anos, percibían unha axuda por gardería, só os homes viúvos con fillos desa idade recibían tal prestación. Xurde neste asunto a cuestión -atrás mencionada- do “*varón discriminado*”, e neste caso, o Tribunal, considerando as condicións desvantaxosas da muller traballadora para o seu acceso ó mercado laboral ou permanencia nel, considerou que o distinto réxime das axudas do INSALUD non constituía unha discriminación prohibida polo art. 14 da C.E., senón que antes ó contrario, constituía unha medida para paliar-la discriminación sufrida polo colectivo traballador feminino. En concreto o T.C. razonou nos seguintes termos no *fundamento xurídico 10*:

*“Agora ben, resulta patente que, aínda excluindo que exista unha diferenza de obrigacións familiares entre homes e mulleres, a muller que ten o seu cargo fillos menores **atópase nunha situación particularmente desvantaxosa na realidade para o acceso ó traballo, ou o mantemento do que xa ten.** Este Tribunal non pode ignorar que, pese ás afirmacións constitucionais, **existe unha realidade social**, resultado dunha longa tradición cultural, caracterizada pola atribución na práctica á muller do núcleo maior das cargas derivadas do coidado da familia, e particularmente o coidado dos fillos. Iso supón evidentemente un obstáculo moitas veces insalvable para o acceso ó traballo, obstáculo non menos certo e comprobable polo feito de que deriva da práctica social e non de mandatos do lexislador ou outros poderes públicos, e que se manifesta no dato (non por indirecto menos convincente) da extremadamente baixa participación da muller casada na actividade laboral en comparación doutras*

categorias sociais. Se a taxa de actividade da poboación feminina é xa moi baixa en comparación coa masculina, tal diferenza extrémase se se compara a taxa de actividade das mulleres casadas (o 20,9 por 100) coa correspondente de homes casados (o 70,92 por 100), segundo a Enquisa de Poboación Activa para o terceiro trimestre de 1986, dato éste que non pode razoablemente separarse da incidencia que o coidado dos fillos supón na continuación, ou iniciación, da actividade laboral da muller. Non resulta, pois, discutible que a efectos laborais, a diferenza entre homes e mulleres con fillos de curta idade non é unicamente de sexo e, desde logo, tampouco reside en que a muller teña superiores obrigacións, de orde xurídico ou moral, que o home respecto ós fillos. A diferenza reside en que existe unha innegable e maior dificultade para a muller con fillos de curta idade para incorporarse ó traballo ou para permanecer nel, dificultade que ten orixes moi diversas, pero que coloca a esta categoría social nunha situación de feito claramente desvantaxosa respecto ós homes na mesma situación. En tanto, pois, esta realidade perdure, non se poden considerar discriminatorias as medidas tendentes a favorecer-lo acceso ó traballo dun grupo en situación de clara desigualdade social, e que traten de evitar, facilitando o emprego de garderías, que unha práctica social discriminatoria se traduza nun aportamento do traballo da muller con fillos pequenos”.

b) S.T.C. 229/1992, de 14 de decembro

Neste caso enxuízouse a prohibición, contida no Decreto de 26 de xullo de 1957, de que as mulleres traballasen nas minas, aínda cando no asunto examinado polo T.C., unha muller superara as probas de admisión a unha praza de axudante mineiro. Dunha forma clara, no *fundamento xurídico 4*, o Alto Tribunal deixou dito o seguinte:

“O mandato de non discriminación por sexo do art. 14 CE, consecuentemente ó principio de igualdade de dereitos entre homes e mulleres, esixe desde logo eliminar aquelas normas xurídicas que (coa salvidade do embarazo e a maternidade) aínda que historicamente responderan a unha finalidade de protección da muller como suxeito fisioloxicamente máis débil, supoñen refrendar ou reforzar unha división sexista de traballos e funcións mediante a imposición ás mulleres de límites aparentemente ventaxosos pero que lle supoñen unha traba para o seu acceso ó mercado de traballo.

En moitos casos esta lexislación orixinariamente protectora responde a prexuízos, a opinións preconcebidas que xogan un papel importante na formación e mantemento de discriminacións. Neste caso ese prexuízo é a menor fortaleza física e maior debilidade da muller en relación ó varón, como algo que corresponde á natureza das cousas, e é a partir dese prexuízo desde o que se pode chegar a entender infundadamente ca diferenza física que existe entre os homes e as mulleres é suficiente para xustificar unha prohibición do traballo das mulleres no interior das minas. Sexa esta unha percepción defectuosa ou errónea ou sexa unha percepción desfasada tra-la evolución social, o certo é que este tipo de prohibición responde máis a un estereotipo que a diferencias reais naturais ou biolóxicas, e produce en todo caso no mercado de traballo uns efectos claramente discriminatorios ó supoñer para a muller un especial límite ou desvantaxe. A diferenza dos varóns, ás mulleres vedáselles a posibilidade de realizar traballos no interior das minas, establecéndose unha exclusión vinculada directamente ás diferencias de sexo”.

e máis adiante engádese,

“É certo que o mantemento da disposición permitiría evita-lo acceso a este tipo de traballo a mulleres ás que as súas condicións físicas ou a súa saúde as fixese

ineptas para o mesmo, pero existen medios axeitados para que esa necesaria protección se realice de forma sexualmente neutra, a prol tamén dos traballadores varóns máis débiles ou menos fortes, sen chegar a impedir á muller, como fai o Decreto de 26 de xullo de 1957, o acceso a estos empregos. A protección fronte ás consecuencias que para a saúde e a integridade física e para a calidade da vida do traballo representa o traballo no interior das minas, atopa un sólido apoio constitucional (art. 40.2 C.E.) e esixe por iso limitacións, esixencias e controles sanitarios axeitados, sen que resulte necesaria e imprescindible para iso o prohibirlle á muller o traballo no interior das minas, prohibición que reduce ademais as posibilidades de emprego da muller nun ámbito productivo do que ésta non quere ser excluída.

Non é ocioso recordar ó respecto que o propio Goberno parece ser consciente da falta de fundamento actual desta prohibición ó denunciar por Instrumento de 6 de maio de 1991, o art. 8.4.b) da Carta Social Europea relacionado coa prohibición do emprego feminino en traballos subterráneos de mineiría, que deixou de ter efectos para España a partir do 5 de xuño de 1991.

Aínda que esta prohibición obedecía a razóns históricas que puideran xustificala, éstas non son na actualidade xa fundamento abondo para xustificalo seu mantemento. Por iso a mesma non respecta a esixencia constitucional de igualdade de dereitos entre homes e mulleres, e por iso, darase razón á actora en que se lle aplicou unha disposición regulamentaria que os órganos xudiciais deberan estimar derogada pola Constitución, por incompatible coa interdicción de discriminación por razón de sexo do art. 14 CE.”

c) S.T.C. 173/1994, de 7 de xuño

Esta sentenza é particularmente importante porque trata dun suposto en que non se contratou a unha traballadora por razón do seu embarazo. Como xa tivemos ocasión de expoñer, a situación de embarazo e maternidade xustifican medidas de protección e favorecemento da muller no orde laboral e, por iso, calquera decisión que teña como motivo último a situación de embarazo da muller, entra de cheo na discriminación por razón de sexo proscrita polo art. 14 da CE.

Os feitos examinados foron os seguintes: nun determinado Departamento Ministerial varias mulleres tiñan suscrito senllos contratos temporais que se ían renovando e nun determinado momento a unha delas deixou de renovárselle o contrato. Cando o marido da interesada solicitou unha explicación ó responsable de contratación recibiu como resposta que non se prorrogara o contrato da súa muller por encontrarse embarazada. O Tribunal Constitucional, cando o caso chegou as súas portas, dixo o seguinte no *fundamento xurídico 3*:

“Respecto deste aspecto da cuestión prantexada, debe terse en conta que a conducta discriminatoria cualifícase polo resultado peiorativo para o suxeito que a sofre, que ve limitados os seus dereitos ou as súas lexítimas expectativas pola concurrencia nel dun factor do que a súa virtualidade xustificativa foi expresamente descartada pola Constitución, polo seu carácter atentatorio á dignidade do ser humano (art. 10.1 CE).

Neste contexto, non se pode soste de ningún modo que só cando está en curso unha relación laboral poida xenerarse unha conducta desta natureza, e, moito menos, cando esa relación laboral podería ter continuado normalmente, a través da oportuna prórroga ou nova contratación sucesiva, e iso non se produce a consecuencia do feito do embarazo sobrevido da muller.

De sosterse a postura anterior, quedarían ó marxe de tutela algunhas das máis notorias consecuencias da discriminación como mal social a erradicar polo mandato constitucional (as especiais dificultades no acceso ó emprego dos colectivos discriminados ou, no caso da muller, a continuidade da súa propia carreira profesional pola maternidade) e, ademais, quedarían virtualmente vacíos de contido compromisos internacionais adquiridos por España nesta materia, de cuia virtualidade interpretativa do disposto no art. 14 CE non cabe dúbida (art. 10.2 CE). Así sucedería co establecido no Convenio núm. 111 da OIT, que prohíbe tamén as discriminacións -no emprego e a ocupación- (o que, obviamente, inclúe os momentos preliminares á contratación). E así sucedería co establecido no Convenio sobre eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller, de 18 de decembro de 1979, no que o seu art. 11 estende o compromiso dos Estados asinantes a establece-los mecanismos adecuados de tutela contra a discriminación da muller en relación co emprego e o exercicio do -dereito ó traballo, como dereito inalienable de todo ser humano-”,

para engadir máis adiante,

“Non se pode manter que no presente caso non se produciu unha discriminación polo só dato de que o empresario se limitou a exercitar un acto de liberdade ó marxe do contrato de traballo. A conducta empresarial, fundada en motivos expresamente prohibidos como o sexo, non pode ser valorada como un mero acto de liberdade indiferente para o Dereito. A trascendencia do acceso ó emprego como vehículo de superación da situación social peiorativa dos colectivos discriminados non pode ser negada, como o ratifican los instrumentos internacionais citados. E por iso mesmo, a mera negativa a renovar un contrato ou a contratar por parte do empresario, é

xuridicamente relevante desde o momento en que á luz dos feitos declarados probados, foi un motivo prohibido por discriminatorio o que obstou á reanudación da relación laboral, porque entra de cheo no ámbito de aplicación do art. 14 CE, e deben serlle aparexadas as consecuencias lóxicas que derivan desta calificación.”

Tamén no ámbito do Tribunal Supremo e dos Tribunais Superiores de Xustiza, rexistráronse pronunciamentos declarando discriminatorios actos dos empresarios nos cales impedíase á muller acceder a un traballo por causa do seu embarazo. Resulta procedente, neste sentido, traer a colación a Sentencia do *Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de 16 de outubro de 1997*, que encontrou como discriminatorio o acto dun empresario que non renovou un contrato de fomento de emprego a unha muller que estaba embarazada, cando o resto do grupo feminino (traballadoras da limpeza) viu como se prorrogaban os seus contratos. O Tribunal considerou que *“é un acto contrario a dereito, que non se pode entender lexitimado pola liberdade coa que conta o empresario para decidi-la renovación ou non dun contrato de traballo, pois a mera negativa do empresario a renova-lo dito contrato, é xuridicamente relevante cando á luz dos feitos probados queda acreditado que foi un motivo prohibido por discriminatorio o que obstou á reanudación da relación laboral porque entra de cheo no ámbito de aplicación do art. 14 da CE.”*

d) S.T.C. 7/1983, de 14 de febreiro

Neste suposto, o Tribunal Constitucional enfrentouse co enxuízamento da constitucionalidade dunha disposición da regulamentación da Compañía Nacional Telefónica de España que regulaba o pase á excedencia forzosa das traballadoras de dita Compañía con ocasión do seu casamento, e coa posibilidade de solicita-lo reingreso cando se constituíran en cabezas de familia. No *fundamento xurídico 2*, o Alto Tribunal declarou que *“o carácter discriminatorio da citada disposición regulamentaria da CTNE non foi posto en dúbida por*

ningunha das partes, nin nesta sede nin ante os Tribunais do orde xurisdiccional social (art. 1 L.P.L.), pois para todos, e desde logo tamén para nós, é evidente que a suspensión do contrato de traballo para o persoal feminino polo feito do seu casamento constitúe unha discriminación por razón de sexo, pois non se fai derivar idéntica consecuencia en relación co persoal masculino da mesma empresa que se casase.”

Se nos imos ó dereito comunitario europeo, tamén nos atopamos con algún fallo do T.X.C.E. que tildou de discriminatoria a negativa a contrata-la prestación dunha muller embarazada. Un dos supostos máis rechamante foi o que motivou a *Sentencia do T.X.C.E. de 8 de novembro de 1990, “Asunto Dekker”*, no que ós seus feitos máis significativos foron os que se indican a continuación. A Dna. Dekker solicitou un emprego nun centro educativo, e deu a coñecer que estaba embarazada de tres meses. Aínda que a comisión a seleccionou para o posto, non foi contratada polo centro docente porque o réxime do seguro de enfermidade aplicable non concedía prestacións económicas a quen se daba de alta en situación de embarazo, sen que o réxime orzamentario do centro docente, baseado en subvencións, lle permitira contrata-lo seu cargo a un sustituto docente a ausencia por maternidade. Ante o Tribunal de Xustiza da Comunidade a interesada mantivo a súa tese de que se trataba dunha discriminación directa, fronte ó argumento do centro que alegaba -como razón para non contratala- a falta de cobertura social do correspondente permiso e non no embarazo. O Tribunal de Luxemburgo deu a razón á Dna. Dekker cun razoamento impecable: *“Un empresario que se nega a celebrar un contrato de traballo cunha candidata á que considerara apta para desenvolver unha determinada actividade, viola directamente o principio de igualdade de trato, segundo se define nos arts. 2.1 e 3.1 da Directiva 76/207/CEE ... cando dita negativa a contratar se basea nas posibles consecuencias, perxudiciais para o empresario, da contratación dunha muller embarazada e derivadas de normas que, promulgadas polas autoridades públicas competentes na materia de incapacidade para o traballo, asimilan a imposibilidade de desenvolver unha actividade por causa de embarazo ou parto á imposibilidade de desenvolver unha actividade por causa de enfermidade...”*

3.5.1.a). As medidas de favorecemento da contratación.

A falta dunha lei xeral de accións positivas a prol da muller, referida ó ámbito laboral, os poderes públicos, en concreto o Estado e as Comunidades Autónomas, articularon unha serie de axudas que, como instrumentos dunha política activa de emprego, contribúen ó fomento do traballo das mulleres. Como ó longo deste traballo se veu sostendo son aínda moitas as ocupacións nas que as mulleres teñen escasa presenza. Serva para corroboralo dito, a Orden de 16 de setembro de 1998 para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino. No artigo único desta norma indicase que se considera que as mulleres están subrepresentadas en tódalas profesións e oficios da clasificación nacional de ocupacións, excepto os que aparecen relacionados no anexo da dita Orden (por exemplo, profesoras, enfermeiras, graduadas sociais, secretarías administrativas, empregadas domésticas, camareiras, cociñeiras, dependentas de tendas, perruqueiras, auxiliares de enfermería e outras).

Pois ben, sucintamente hai que facer referencia á *Lei 63/1997, de 26 de decembro*, de medidas urxente para a mellora do mercado de traballo e o fomento da contratación indefinida e a *Lei 64/1997, de 26 de decembro*, pola que se regulan incentivos en materia de Seguridade Social e de carácter fiscal para o fomento da contratación indefinida e a estabilidade no emprego.

O conxunto de axudas que recollen estes textos legais, enmárcanse dentro do Acordo Interconfederal para a Estabilidade do Emprego, e axústanse ás directrices do Consello Europeo Extraordinario de Luxemburgo. No dito acordo, e para xustificar as medidas de fomento do emprego estable, indícase que o mercado de traballo se caracteriza -entre outras notas- pola temporalidade (34 por 100) e a rotación da contratación laboral o que acarrega graves efectos sobre a poboación traballadora, o crecemento económico, o funcionamento das empresas e o

sistema de protección social. A normativa sinalada regula os incentivos fiscais e de Seguridade Social á contratación indefinida e á transformación en indefinidos dos contratos temporais, e complétase con normas específicas que teñen en conta circunstancias persoais concurrentes en determinados colectivos de traballadores (por exemplo as mulleres) con especiais dificultades de acceso ó emprego. Os incentivos concréntanse en bonificacións nas cotas empresariais á Seguridade Social. Desta forma podemos menciona-los incentivos estatais á contratación indefinida de mulleres, *de forma moi resumida*:

- Contratación indefinida de mulleres desempregadas, inscritas na Oficina de emprego, por un período alomenos de doce meses, para que presten servicios en profesións ou oficios nos que o colectivo feminino se atope subrepresentado: bonificación da cota empresarial á Seguridade Social, por contingencias comúns dun 60 por cento durante un período de 24 meses seguintes a súa contratación.
- Transformación en indefinidos de contratos temporais e de duración determinada vixentes o 17 de maio de 1997, cando a transformación afecte a mulleres en profesións ou oficios nos que estén subrepresentadas: bonificación da cota empresarial á Seguridade Social, por contingencias comúns, dun 60 por cento durante os 24 meses seguinte á transformación.
- Contratación indefinida de mozos desempregados menores de 30 anos: bonificación da cota empresarial á Seguridade Social, por contingencias comúns dun 40 por cento durante un período de 24 meses.
- Contratación indefinida de desempregados maiores de 45 anos: bonificación da cota empresarial á Seguridade Social, por contingencias comúns dun 60 por cento durante os dous primeiros anos, e dun 50 por cento durante o resto da vixencia dos contratos.

Estas contratacións gozan, a súa vez , de incentivos fiscais.

Neste orde de cousas merece ser destacada, pola importancia que supón para novas contratacións, a recente regulazón polo *Real Decreto-Lei 11/1998, de 4 de setembro*, (convalidado por acordo do Congreso dos Diputados do 24 de setembro de 1998) das bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de interinidade que se celebren con persoas desempregadas para substituír a traballadores durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento. En efecto, tal como se indica no preámbulo da norma citada, as directrices aprobadas polo cume de Xefes de Estado celebrado en Luxemburgo o 15 de decembro de 1997 obrigan ós países membros da Unión Europea a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso ó emprego. Nese sentido recoñécese que un dos motivos que poden frear a contratación das mulleres son os custos adicionais que para a empresa pode ter se, contratada unha muller ésta queda embarazada con posterioridade. De aí que o Plan Nacional de Acción para o Emprego prevíu, para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, a asunción polo Estado dos custos da Seguridade Social a cargo do empresario derivados das situacións de maternidade ou paternidade, cando os traballadores se atopan en períodos de descanso por tal causa, por adopción ou por acollemento de menores.

Con tal motivo, o *artigo 1* da normativa a que se fai referencia máis arriba establece que *“os contratos de interinidade que se celebren con persoas desempregadas para substituír a traballadores que teñan suspendido o seu contrato de traballo durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento, nos termos establecidos no número 4 do artigo 48 do Estatuto dos Traballadores, terán dereito a unha bonificación do 100 por 100 nas cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e nas aportacións empresariais das cotas de recadación conxunta...”*

Ditos beneficios non serán de aplicación ás contratacións de interinidade celebrados polas Administracións Públicas e os seus organismos autónomos e aqueles que se subscriban co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive do empresario ou daqueles que sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade. Tampouco se poden beneficiar das citadas bonificacións os denominados contratos de posta a disposición.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, e a través da *Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude*, realizouse un esforzo moi notable por incentivar lo emprego da muller, e o respecto, compre lembrar que esta vixente o III Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres Galegas 1998-2001. Neste mesmo orde de cousas e sen ánimo exhaustivo poden citarse as seguintes normas referentes ó tema en cuestión:

- Orde de 3 de marzo de 1998, polo que se convocan bolsas de especialización para a realización de estudos sobre a muller e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Galicia.
- Orde de 3 de marzo de 1998, pola que se regulan axudas e subvencións para actividades realizadas por entidades destinadas á promoción da muller.
- Orde de 13 de marzo de 1998, pola que se establecen liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres naquelas profesións ligadas a sectores e actividades considerados prioritarios en Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.
- Orde de 20 de abril de 1998, pola que se regulan axudas e subvencións para a creación de empresas e a integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras de Galicia (programa Emega).

- *Orde de 27 de abril de 1998*, pola que se establece a convocatoria pública para participar nas acción do servicio de área do autoemprego.
- *Orde de 27 de abril de 1998*, pola que se regulan os programas de fomento da contratación da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 1998.

Sen esgotar tódolos supostos imos consignar algún tipo de axudas que se contén nesta última disposición:

- Axudas á contratación indefinida a tempo completo, de mulleres desempregadas que se reincorporen á actividade laboral despois dunha ausencia dun mínimo de tres anos, ou que sexan contratadas en profesións ou oficios nos que están subrepresentadas, ou desempregadas menores de 30 anos que busquen o seu primeiro emprego: subvención de 700.000 pts.
- Transformación de contratos de duración determinada ou temporais en indefinidos que afecte a mulleres que prestan servizos en profesións ou oficios nos que están subrepresentadas: subvención de 500.000 pts.

Estas axudas son compatibles coas bonificacións ás cotas da Seguridade Social ás que nos referimos anteriormente.

Da mesma forma que se contempla no Estado, na precitada Orde recóllese unha medida incentivadora do emprego *pioneira e novedosa*, que é a consistente na concesión de axudas ás substitucións en permisos parentais. No Capítulo IV da norma arriba citada instrumentase un programa de apoio á substitución de traballadoras por causa de maternidade,

adopción ou acollemento, que ten por obxectivo favorece-la cobertura daqueles postos de traballo que quedan vacantes temporalmente como consecuencia da suspensión do contrato de traballo da muller traballadora por maternidade, adopción ou acollemento de menores de 5 anos, en virtude do estipulado nos arts. 45.1 e 48.4 do E.T.. As empresas que realicen un *contrato de interinidade*, pola causa sinalada anteriormente, con traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego, poden obter unha axuda económica en contía equivalente ás cotas empresarias á Seguridade Social correspondentes á traballadora con suspensión da relación laboral por causa de maternidade e durante o período da substitución.

Ó longo desta reflexión víuse sostendo -en liña coa doutrina e xurisprudencia especializada- que unha das brechas polas que se introduce a discriminación por razón de sexo nas relacións laborais, dáse cando a muller está embarazada. A Lexislación máis progresista e á que se uniu España, vén outorgando protección xurídica a todo o que rodea á maternidade, xa que constitue un factor diferencial que, por razóns obvias, incide de forma exclusiva sobre as mulleres, e que xustifica incluso, un plus de atención por parte dos poderes públicos.

3.5.2. Condicións de traballo.

Unha vez que a muller desempeña o seu traballo por conta allea tamén rixe -siquera cunha maior intensidade- o principio de igualdade de trato co home. Non obstante, como teremos ocasión de reseñar, é no desenvolvemento da prestación laboral onde aínda se rexistran discriminacións en contra do colectivo feminino o que motivou unha lexislación protectora que ten a súa máxima xustificación na situación de embarazo da muller traballadora.

En unión dos preceptos da Constitución e do Estatuto dos Traballadores referidos á igualdade, nas súas múltiples facetas, entre homes e mulleres, existe normativa internacional que vai referida a garanti-la igualdade de trato nas condicións en que se realiza a prestación laboral

correspondente. Neste sentido pódense cita-la *Directiva 75/117/CEE, de 10 de febreiro, relativa á aplicación do principio de igualdade de retribución entre os traballadores masculinos e femininos, a Directiva 76/207/CEE, de 9 de febreiro, sobre a posta en práctica do principio de igualdade no que concerne o acceso ó emprego, a formación e promoción profesionais e as condicións de traballo, a Directiva 92/1985/CEE, de 19 de outubro relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e a saúde no traballo da traballadora embarazada que dera a luz ou en período de lactancia, a Recomendación da Comisión de 27 de novembro de 1991 relativa á protección da dignidade da muller e do home no traballo e os Convenios da OIT núms. 100, 111, 117 e 156.*

Pois ben, procedendo sistematicamente, imos a reflexionar sobre algúns aspectos das condicións de traballo, sobre os que se detectaron actitudes discriminatorias.

En primeiro termo cómpre dirixi-las nosas miras ás *remuneracións* polo traballo realizado. As retribucións constitúen o obxectivo da discriminación por razón de sexo máis antigas. Tanto a CE (art. 35) como o ET (arts. 17 e 28) e o Tratado da Unión Europea (art. 119), como é coñecido, introducen o principio de igualdade de salario sen discriminación por razón de sexo, pola prestación dun traballo de *igual valor*. Esta matización empregouse por primeira vez no Convenio da OIT núm. 100 (art. 2), logo incorporada á Directiva 75/117/CEE.

Unha das cuestións máis problemáticas subscitadas en torno ó principio de igualdade salarial é qué se entende ou qué abrangue este concepto. Neste sentido podemos valernos da xurisprudencia do T.X.C.E. que se ben nun principio actuou con criterios restrictivos distinguindo partidas salariais das que non gozan desa consideración, con posterioridade, evolucionou cara un *concepto amplo de retribución* no concerniente ó principio de igualdade de trato neste tema.

Un punto de inflexión supuxoo a *Sentencia do T.X.C.E. de 17 de maio de 1990, “Asunto Barber”* no que se prantexaba a licitude dunha cláusula contractual que concedía, nos supostos de extinción do contrato, unha indemnización a disfrutar polas mulleres traballadoras con idade mínima de 50 anos e polos homes cun mínimo de 55 anos. A setencia declarou discriminatoria dita cláusula (“*contra varón*”) e entendeu ca dita indemnización incluíase no máis xenérico concepto de remuneración.

Existen exemplos na xurisprudencia do T.X.C.E. que expresan o carácter extensivo que se veu dando ó concepto de retribución, de forma que o principio de igualdade retributiva aplícase non só ó salario base e complementos salariais senón tamén a tódalas vantaxes en cartos ou en especie, actuais ou futuras, sempre que sexan pagadas polo patrón pola causa do emprego. Así consideróuse que forman parte das remuneracións, as contribucións empresarias a fondos de pensións (*S.T.X.C.E. de 11 de marzo de 1981- “Asunto Worringham”*), as vantaxes especiais en materia de transporte (*S.T.X.C.E. de 9 de febreiro de 1982 “Asunto Garland”*) e as indemnizacións por xubilación (*S.T.X.C.E. de 16 de febreiro de 1982 - “Asunto Burton”*).

No noso país viñéronse producindo numerosos pronunciamentos xurisdiccionais nos que se analizou a cuestión da discriminación retributiva. Un dos temas analizados foi a distinta retribución entre empregados fixos e temporais cando desenvolvían traballos de igual valor. A *Sentencia do Tribunal Supremo de 15 de xullo de 1995* entendeu dunha diferenza retributiva nuns grandes almacéns entre traballadores fixos e temporais, consistente en que éstos, a diferenza daqueles, non percibían un complemento por cada domingo ou festivo que traballaban. O Tribunal, seguindo a *doutrina sentada pola S.T.C. 177/1983, de 31 de maio*, entendeu que “*a modalidade de adscripción non pode por se mesma, xustifica-lo distinto tratamento retributivo destes dous grupos de traballadores, xa que o seu impacto ou resultado destrúe a proporcionalidade derivada da duración dos respectivos contratos, proporcionalidade que é un dos aspectos da igualdade. Faise así de peor condición artificialmente a quenes*

xa o son pola eventualidade do emprego intensificando a súa situación menesterosa coa que en definitiva se enmascara unha infravaloración do seu traballo...”.

A cuestión de fondo do indicado pronunciamento xurisdiccional encerra enorme importancia se reparamos nun dato: *a taxa de temporalidade do emprego feminino é alta* polo que se a iso se anuda a percepción de salarios inferiores, por traballos de igual valor, a discriminación faise patente.

Tamén a *Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 15 de decembro de 1992* considerou que existía discriminación retributiva por razón de sexo nun caso no que nunha empresa de cosméticos os complementos retributivos a postos de traballo desempeñados por varóns eran superiores ós das mulleres, cando tódos eles tiñan por finalidade despachar pedidos.

Agora ben, fronte ás discriminacións retributivas por razón de sexo directas, existen outras diferenciadas, máis sutís, camufladas, menos patentes, e que son as denominadas discriminacións indirectas das que xa falamos máis atrás. Unha das variantes de discriminación indirecta é a derivada da existencia dun sistema de *clasificación profesional* que concede un plus de valoración ás cualidades características dun sexo sobre o outro. O Convenio da OIT núm. 100 e a Recomendación da OIT núm. 90, de 1951, sobre a igualdade de remuneración refírense a este problema e tamén a Directiva 75/177/CEE, cando no seu art. 1 se establece que *“cando se utilice un sistema de clasificación profesional para a determinación das retribucións, este sistema basearase sobre criterios comúns ós traballadores masculinos e femininos, e establecerase de maneira que exclúa as discriminacións por razón de sexo”.*

A Xurisprudencia do Tribunal Constitucional tivo ocasión de entrar nesta problemática e resulta exemplar acudir ós dictados da *S.T.C. 145/1991, de 1 de xullo* onde, con especial brillantez, examinóuse o tema que nos ocupa.

A cuestión de fondo que debatiu o Alto Tribunal -para rematar que había discriminación retributiva por razón de sexo- foi a seguinte: nun determinado Hospital, unhas traballadoras realizaban un traballo igual ós traballadores, pero a pesares de realiza-las mesmas funcións percibían menos retribucións porque no Convenio Colectivo aplicable, as primeiras encadrábanse na categoría profesional de “limpadoras” mentres que os segundos figuraban na categoría profesional de “peóns”, con base na maior penosidade e esforzo físico que conlevaba o seu traballo con respecto ás limpadoras.

Para comezar o T.C. *-fundamento xurídico 2-* admite que a prohibición constitucional de discriminación abrangue a directa e a indirecta *“que inclúe os tratamentos formalmente non discriminatorios dos que derivan, polas diferencias fácticas que teñen lugar entre traballadores de diverso sexo, consecuencias desiguais perxudiciais polo impacto diferenciado e desfavorable que tratamentos formalmente iguais ou tratamentos razoablemente desiguais teñen sobre os traballadores dun e doutro sexo a causa da diferenza de sexo”*.

E a continuación engade, *-fundamento xurídico 3-* *“Resulta claro que nunha materia como a discriminación nas condicións de traballo -nunha correcta interpretación conxunta dos artigos 14 e 35.2 C.E.- é o traballo mesmo, e non a súa denominación, o factor esencial para a comparación a efectos de non discriminación por sexo na materia salarial, sendo a categoría profesional un elemento secundario cando se constata esta esencial identidade na prestación laboral dos traballadores afectados e daqueles cos que se comparan. Por iso a diferenza por sexo de categorías profesionais entre quen realizan*

un mesmo traballo non poden considerarse como a xustificación, senón antes ben, como o orixe ou instrumento mesmo a través do cal formalízase esa discriminación vedada”

A maior abundamento e para darlle unha precisión maior, o T.C. matizará -*fundamento xurídico 4-* que: “*O principio constitucional de non discriminación na materia salarial abrangue así tamén a todos aqueles supostos nos que se produza unha desigual valoración de traballos non estrictamente iguais, pero equivalentes ou de igual valor desde o punto de vista da natureza e condicións de prestación, nos que a súa desigual valoración sexa o elemento determinante o sexo ou factores vinculados ó mesmo, exclue que a valoración de forma diferente do traballo realizado teña lugar por criterios vinculados ó sexo dos traballadores, e en particular á condición de muller, por reflectir infravaloracións sociais ou económicas do traballo feminino.*”

E conclue no *fundamento xurídico 5* co seguinte:

“*O órgano xudicial considerou obxectivamente xustificada a diferenza de tratamento económico entre Peóns e Limpadoras -en atención á maior penosidade e esforzo físico que caracteriza á categoría de Peón-. Nembargantes, a utilización exclusiva e irrazoable deste criterio obxectivo produciu consecuencias desiguais e perxudiciais para a muller. Partíuse dunha premisa non demostrada, a maior penosidade e esforzo físico, dando máis valor así inxustificadamente a unha cualidade predominantemente masculina, descoñecéndose outras características do traballo (atención, coidado, asiduidade, responsabilidade, etc.) máis neutras en canto o seu impacto en cada un dos sexos.*

O órgano xudicial para excluí-la existencia de discriminación por razón de sexo non se debeu limita-la constatar que as regras en materia de clasificación profesional establecían funcións distintas (sen ter en conta ademais que os varóns que realizaban

tarefas de limpeza foran calificados como Peóns), e debeu entrar a analizar se as mesmas poderían encubrir unha discriminación indirecta por razón de sexo (art. 1.2 Directiva 75/117/CEE). O artigo 14 CE impoñíalle valorar se as diferentes funcións previstas nas normas sectoriais para as categorías de Peóns e Limpadoras efectivamente implicaban ou non desenvolver un traballo de distinto valor, empregando para cuantificar ese valor criterios que non se poidan considera-la súa vez discriminatorios”...

“Unha vez definida a categoría de Peón atendendo só á falta de coñecementos especializados e á aportación de esforzo físico -que non resulta especialmente tipificado, e que ben pode ser equivalente de <traballo manual>- a segregación dunha determinada serie de traballadores, tipificada pola simple definición das tarefas que lles incumben, e que substancialmente poden ser asimiladas á moi xenérica descripción da categoría de -peón-, en canto os seus ragos caracterizadores, resulta discriminatoria, pois a esta substancial similitude dos factores de avaliación do traballo engádense os datos que, neste contexto resultan sumamente significativos: A feminización da categoría segregada (que demostra incluso o feito de que sexa denominada en feminino) e a asignación a esta última dun nivel retributivo inferior. Iso permite supoñer, máis aló de toda dúbida, que non se persegue outro obxectivo ou resultado que minusvalora-lo traballo prestado nun área de servizos con dominante ocupación feminina, sen que existan razóns obxectivas que permitan soste-lo -desigual valor- respecto doutras categorías nas que a participación feminina é menos acusada.”

Velaí a encomiable doutrina do Tribunal Constitucional que afondando na análise dunha cuestión fáctica chega a descubrir unha discriminación retributiva por razón de sexo, prohibida polo ordenamento xurídico e que *estaba solapada nunha diferente clasificación profesional*. Nunha posterior declaración, en concreto na *S.T.C. 58/1994, de 28 de febreiro*, e nun caso parecido, chegouse á mesma conclusión, ó manifestarse nela que o só enunciado de tarefas

diversas é un argumento descriptivo, imprescindible pero que non prexuzga en absoluto a razón pola que unas tarefas -as desempeñadas predominantemente por homes- foron máis valoradas coutras -as desempeñadas predominantemente por mulleres- a efectos salariais.

Tamén dos termos derivados da *S.T.C. 145/1992, de 13 de outubro* (aínda que non se entrou no fondo do asunto debido as razóns procedimentais) pódese observar como se estaba nun caso de discriminación retributiva indirecta. En efecto, os feitos reflectiron que no departamento dunha empresa había dous grupos de traballadores: un grupo de mulleres clasificadas como oficiais de 1ª e 2ª e un grupo de homes clasificados como axudantes especializados e peóns. A pesares de que os varóns posuían unha calificación profesional inferior ás mulleres, percibían un complemento salarial en razón a súa categoría que daba como resultado unha maior retribución dos homes sobre as mulleres. A integración a diversas categorías de homes e mulleres tomouse como pretexto para unha diferenza retributiva superior dos traballadores masculinos.

Tamén noutras sedes xurisdiccionais producíronse sentencias neste mesmo sentido. A título de exemplo paga a pena traer a colación a *Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, de 10 de outubro de 1995*, onde se examinou unha diferenza na percepción dun complemento salarial entre homes e mulleres por un traballo igual, na industria do caucho. Nela, o Tribunal declarou que *“aínda que (o complemento salarial) varia dunha persoa a outra, incluso aínda que efectúen o mesmo traballo e teñan idéntica categoría, concurre a circunstancia de que o seu importe, no caso de calquera dos varóns, é superior ó máis alto dos asignados ás mulleres, a pesares de que éstas realicen un traballo de igual valor, o que revela a existencia dunha discriminación indirecta por razón de sexo...”* (os homes e as mulleres posuían distinta clasificación profesional).

Para completa-la visión do que vimos expoñendo, resulta ilustrativo volve-la mirada á Xurisprudencia do T.X.C.E. para observar cales foron as regras que elaborou na materia de discriminación salarial. Pódense indicar tres grupos:

- a) Nos sopostos en que existan categorías predominantemente ocupadas por traballadores dun ou outro sexo, desigualmente retribuídas, e non exista transparencia na determinación dos criterios retributivos, corresponde ó empregador a carga de xustifica-los citados criterios que excluan a sospeita de que o sexo puido se-lo factor determinante da diferenza (*así S.T.X.C.E., de 27 de outubro de 1993, “Asunto Enderby”*).
- b) Para entender cumprida a esixencia anterior non é abondo con poñer de manifesto a desigualdade das tarefas desenvoltas. O parámetro da igualdade non é, neste punto, a identidade de tarefas senón a igualdade de valor do traballo, único relevante para comproba-la razoabilidade ou non dunha diferenza retributiva.
- c) Na valoración do traballo os propios criterios de avaliación non deben ser, por eles mesmos, discriminatorios. Deberá, en consecuencia, evidenciarse que se recurriu a criterios neutros de avaliación que garanten a igualdade de condicións dos traballadores de ámbolos sexos.

Pois ben, existen múltiples exemplos de discriminación retributiva enmascarada, que se poden extraer da Xurisprudencia do Tribunal de Luxemburgo. Sen afan de amplitude referirémonos a algún deles.

- *S.T.X.C.E. de 1 de xullo de 1986 “Asunto Rummels”*.

Nesta sentenza examinouse un suposto de discriminación indirecta por razón do sexo, consistente no feito de que unha clasificación de postos de traballo vixente nunha empresa valorara o criterio do esforzo e a fatiga que beneficiaba ós traballadores masculinos. O Tribunal declarou que se ben a Directiva 75/117/CEE non se opón á adopción do esforzo físico como criterio valorativo, nembargantes iso é a condición de que se tomen en conta outros factores que en conxunto (por ser máis neutros) afasten toda discriminación baseada no sexo.

- *S.T.X.C.E. de 31 de marzo de 1981 “Asunto Jenkins”*.

Este pronunciamento é moi interesante, porque examinou o caso en que nunha empresa existían dúas modalidades retributivas que se correspondían a contratación por tempo completo e a tempo parcial. Nunha primeira aproximación ó asunto, nada facía sospetiar que a dita diferenza retributiva tivera que ver cos traballadores masculinos ou femininos e, nembargantes, o Tribunal encontrou unha discriminación por razón de sexo xa que, baixo a ropaxe dunha diferenza inócua entre traballadores a tempo completo e a tempo parcial, escondíase unha división entre homes e mulleres con consecuencias salariais inferiores para éstas últimas. A diferenza retributiva desfavorable para os traballadores a tempo parcial, derivaba nunha discriminación retributiva indirecta por razón de sexo, debido a que o grupo de traballadores con contratos a tempo parcial estaba constituído *maioritariamente por mulleres*.

En consecuencia do sostido, pódese manifestar que habería que prestar moita atención ós sistemas de clasificación profesional que, en moitos casos, tenden a minusvalora-los traballos realizados polas mulleres, e tamén hai que estar precavidos coas diferenzas remunerativas ligadas ós contratos a tempo completo e a tempo parcial porque, en numerosas ocasións, encubren auténticas discriminacións por razón do sexo.

Agora ben, e reiterando algunha consideración que se efectuou con anterioridade, hai que insistir nun feito: as mulleres atopan dificultades para compatibiliza-lo seu traballo profesional coas obrigacións familiares das cales aínda se responsabilizan maioritariamente. Por iso, en tódalas lexislacións nacionais do noso entorno e, por ende, tamén no dereito comunitario, contémpnanse toda unha serie de previsións e medidas de favorecemento para que a muller traballadora poida compaxina-las obrigacións laborais e familiares.

O Convenio da OIT, núm. 156 de 1981, establece no seu art. 3 que “con vistas a crea-la igualdade efectiva de oportunidades e de trato entre traballadores e traballadoras, cada membro deberá incluír entre os obxectivos da súa política nacional o de permitir que as persoas con responsabilidades familiares que desempeñen ou desexen desempeñar un emprego exerzan o seu dereito a facelo sen ser obxecto de discriminación e, na medida do posible, sen conflito entre as súas responsabilidades familiares e profesionais”.

Nese orde de cousas, tódolos Estados democráticos occidentais -en maior ou menor grao-, puxeron en marcha medidas de acción positiva para facilitar á muller traballadora a súa atención ás obrigacións familiares, esencialmente -claro está- as derivadas da maternidade. Unha das mais empregadas foi as *axudas a garderías*.

O Tribunal Constitucional na *Sentencia 128/1987, de 16 de xullo* considerou xustificada, e por iso non discriminatoria, unha prestación por gardería que o INSALUD recoñecía ás traballadoras independentemente do seu estado civil, con fillos menores de 6 anos, con base en que constituía unha medida de acción positiva que ía destinada a favorece-la compatibilidade das obrigacións laborais e familiares, xa que éstas, aínda, na realidade circundante as asumen con maior intensidade as mulleres.

Igual ocorre coas garderías laborais que se definen no artigo 1 da *Orden de 12 de febreiro de 1974* como aquelas que sen ánimo de lucro teñan por finalidade esencial a custodia e coidado dos fillos da *muller traballadora* por conta allea, menores de 6 anos, durante a xornada de traballo daquela e, potestativamente, a educación preescolar deles. Con independencia de que nalgún sector se considere que no caso das garderías asístese a unha discriminación “*contra o varón*”, o certo é que, no último caso, aínda se mantén a regulación favorable á muller traballadora. A *Resolución de 18 de febreiro de 1998* (BOE do día 4 de marzo) dá publicidade ó Acordo do Consello de Ministros de distribución territorial dos créditos orzamentarios destinados a subvencións para a realización de programas de servizos sociais, entre o que se atopa o relativo á subvención de garderías infantís laborais que para Galicia ascende a case 71 millóns de pts.

Agora ben, é con motivo do embarazo e subseguinte situación de maternidade, onde existe unha auténtica batería de medidas de protección da muller traballadora e ás que brevemente imos a referirnos.

No ámbito internacional cabe cita-los *Convenios da OIT, núm. 3 de 1919* relativo ó emprego das mulleres e *núm. 103 de 1952* (que completa ó anterior) sobre a protección da maternidade e a *Recomendación da OIT núm. 95 de 1952* no mesmo sentido, que abrangue facilidades á nais lactantes, protección do emprego (cómputo como antigüidade do período de ausencia legal, ilegalidade do despedido durante o período, antes e despois do parto, que comprenda o permiso) e protección da saúde das mulleres durante o período da maternidade (deberían estar prohibidos o traballo nocturno e as horas extraordinarios ás mulleres embarazadas ou lactantes).

No ámbito do dereito comunitario, ademais das que se viñeron citando, procede que mencionemos a *Directiva 92/85/CEE, de 19 de outubro, sobre a aplicación de medida para*

promove-la mellora da seguridade e da saúde no traballo, da traballadora embarazada, que dera a luz ou no período de lactancia, dictada como consecuencia do establecido no art. 19 da Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores. Aparte doutras consideracións, esa Directiva indica cos Estados membros deberán adoptar primeiramente medidas para que as traballadoras embarazadas, as que deran a luz ou en período de lactancia, non se vexan obrigadas a realizar traballos nocturnos durante o embarazo ou o permiso consecutivo ó parto; en segundo lugar incluír, xunto ó permiso de maternidade os denominados permisos para exames prenatais; e en terceiro lugar e como garantía para as traballadoras, prohibi-lo despido durante o período comprendido entre o comezo do embarazo e o final do permiso de maternidade (criterio incorporado do T.X.C.E.). Nesta mesma liña temos que menciona-la Directiva 96/34/CEE, de 3 de xuño, relativa ó acordo marco sobre o permiso parental celebrado pola UNICE, o CEEP e a CES.

No noso ordenamento xurídico laboral contéñense numerosas previsións que tratan de protexer á muller traballadora no desenvolvemento da prestación laboral, algunha delas tendo como referente o feito diferencial do embarazo e a maternidade.

Imos a reflectir algunhas normas que regulan o dito anteriormente. Para proceder de forma sistemática distinguiremos:

1.- Protección da seguridade e a saúde das traballadoras.

- Cando a avaliación dun posto de traballo desempeñado por unha traballadora embarazada ou en situación de parto recente revelase un risco para a saúde e seguridade da muller empregada, o empresario virá obrigado a adoptar aquelas medidas necesarias para evita-la exposición a dito risco a través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo e entre as que cabe a non realización do traballo nocturno. Se non fora

posible dita adaptación, a muller traballadora, naquelas circunstancias, debería desempeñar outro posto de traballo ou función diferente compatible co seu estado (*art. 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais*).

- As mulleres “xestantes”, ou en “condicións de procrear” teñen prohibido o traballo en postos con posibilidades de exposición a radiacións por enriba de determinada dose en determinadas partes do corpo (*Real Decreto 53/1992, de 24 de xaneiro que desenvolveu a lei de enerxía nuclear*).
- Esta prohibido fumar en calquera área laboral onde traballen mulleres embarazadas (*Real Decreto 192/1988, de 4 de marzo limitativo da venda e uso de tabaco*).

2.- Protección da maternidade e da crianza dos fillos.

- O art. 48.4 do ET contempla o *permiso de maternidade* que ten como fundamento, por un lado, a saúde da nai e, polo outro, o benestar e a crianza do fillo. Durante ese período (16 semanas ou 18 no caso de parto múltiple) o contrato de traballo suspéndese con reserva do posto de traballo (art. 45.1.d en relación co art. 48.4 ET), co cal fáise factible a compatibilización do traballo co exercicio da maternidade. No suposto de adopción se o fillo adoptado é menor de nove meses o período de suspensión terá unha duración de 8 semanas e se é maior desa idade durará 6 semanas. Cando o pai e a nai traballen, ésta ó se iniciar o período de descanso por maternidade, poderá optar porque o pai disfrute de ata 4 das últimas semanas, sempre que sexan ininterrumpidas e ó final do citado período, salvo que no momento da súa efectividade a incorporación ó traballo da nai supoñe un risco para a saúde.

Como se ve, en determinadas condicións e con límites temporais, o permiso pode ser disfrutado polo pai. Na situación de maternidade -hai que indicalo- continúa a obrigaón de cotizar á Seguridade Social, de aí a importancia das accións que consisten en subvencionar-la contratación de interinos durante o tempo de duración do permiso.

- O art. 37.4 do ET recolle o denominado *permiso de lactancia* dun fillo menor de 9 meses que poderá ser disfrutado, polo pai ou a nai indistintamente, se ámbolos dous traballan, e que consiste na ausencia de 1 hora do traballo (con posibilidade de fraccionala en dúas medias horas) ou, a súa substitución, a petición da muller, pola redución da xornada normal en media hora. Como se pode constatar tamén aquí obsérvase o paso dunha normativa protectora da muller traballadora en exclusiva a unha que contempla as responsabilidades familiares dignas de atención.
- O art. 37.5 do ET contempla a redución da xornada laboral -e, en parello- das retribucións por razóns de garda legal para o coidado dun menor de 6 anos (ou diminuído).
- O art. 46.3 do ET concede ós traballadores o dereito a un período de excedencia, non superior a 3 anos, para atender ó coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, establecéndose que cando o pai e a nai traballen só un deles poderá exercitar ese dereito. E, importante destacar en torno a este dereito o seguinte: o período en que o traballador permaneza nesa situación será computable a efectos de antigüidade; durante o primeiro ano reservaráselle o posto e teráselle como período de cotización efectiva; e durante a excedencia o traballador ten dereito a asistir a cursos de formación profesional. Como se pode seguir observando, este tipo de excedencia serve ós fins familiares das traballadoras e eliminou moitos dos efectos discriminatorios de tipo indirecto que se rexistraban na normativa anterior. Neste orde de cousas, e como medida

de fomento do emprego, resulta procedente significar que os contratos de interinidade que se celebran para substituír ó traballador que esté nesta clase de excedencia terán dereito a unha redución nas cotizacións empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, cando os ditos contratos se leven a cabo con beneficiarios de prestacións por desemprego que leven como perceptores mais dun ano (95 por 100 durante o primeiro ano, 60 por 100 durante o segundo e 50 por 100 durante o terceiro de excedencia do traballador que se substitúe).

- O art. 37.3.b) regula un permiso consistente no tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ó parto que se deban realizar dentro da xornada de traballo (un dereito que se recoñecía da mesma maneira no art. 26.4 da Lei 3/1995, de 8 de novembro citada con anterioridade).

3.- Protección contra o acoso sexual

Entre os dereitos básicos que posúe o traballador na relación de traballo figura o do respecto a súa intimidade e á consideración debida a súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual (art. 4.2.e E.T.). O art. 184 do vixente Código Penal, por outra parte, introduciu o delito de acoso sexual. Neste orde de cousas, cómpre lembrar que o art. 96.11 do ET considera como infracción moi grave “*os actos do empresario que foran contrarios ó respecto da intimidade e consideración debida á dignidade dos traballadores*”.

A muller traballadora que sexa obxecto de acoso sexual laboral, deixando a un lado a vía penal, pode acudir ó procedemento especial de protección dos dereitos fundamentais (arts. 175 a 181 da L.P.L.), no que se se acredita que houbo violación dalgún desos

dereitos, cabería, entroutros contidos do fallo, indemnización por dano moral (así *Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 17 de febreiro de 1995*).

Asimesmo, a muller pode reaccionar fronte o acoso pretendendo a extinción do contrato de traballo con base no artigo 50.c) E.T.

Neste sentido, hai que sinalar que no dereito comunitario existe a *Recomendación da Comisión de 27 de novembro de 1991*, relativa á protección da dignidade da muller e o home no traballo.

4.- Outras formas de protección

Antes de concluir este apartado debemos facer referencia a unha última cuestión. A interdicción de discriminación da muller no traballo tamén comprende aquelas accións ou omisións que lle privan das súas posibilidades de ascenso cando disfruta da correspondente licencia por embarazo e maternidade. En efecto, no sentido indicado resulta paradigmática acudir a xurisprudencia do T.X.C.E.. En efecto, a recente *Sentencia do T.X.C.E., de 30 de abril de 1998, “Asunto Evelyne Thibault e Caisse Nationale”*, declarou incompatible co dereito comunitario a normativa nacional que exclúe do beneficio da promoción profesional a unha muller con permiso de maternidade. Interpretando a Directiva 76/207/CEE, o Tribunal sostivo a opinión de que ten por obxecto conseguir unha igualdade material e non meramente formal, e, nese sentido, asiste a todo empregado o dereito de poderse beneficiar dunha promoción profesional como parte integrante do seu contrato de traballo. O caso que recolle a sentenza versou sobre os seguintes feitos: unha muller traballadora que estaba encinta e fixera uso do permiso por maternidade, víuse excluída da calificación anual que a empresa realizaba a tódolos traballadores -tanto varóns como mulleres-, e que constituía un paso esencial para unha posible promoción profesional. O Tribunal considerou que o dito comportamento (privación da calificación)

constituía unha discriminación baseada directamente no sexo, prohibida nese supostos polos arts. 2.3 e 5.1 da Directiva xa que, se non hubese disfrutado do permiso ó que tiña dereito, entón, haberíasele calificado no ano de referencia por parte da empresa.

Máis recentemente a *Sentencia do T.X.C.E. de 22 de setembro de 1998 “Asunto Coote”* enfrentouse a un suposto verdadeiramente interesante. Unha muller, a Sra. Coote, demandou o seu antigo empresario (Granada Hospitality) porque se negou a proporcionar referencias a empresarios potenciais da dita señora. Esta muller estivo empregada no citado hospital dende decembro de 1992 a setembro de 1993 e nese ano exercitou unha acción legal contra Granada Hospitality alegando unha discriminación por razón de sexo consistente en que fora despedida polo seu embarazo. En xullo de 1994, a Sra. Coote, que buscaba novo emprego, dirixíuse a dúas axencias de colocación, e a antiga empresa non proporcionou referencia súas a unha delas o que, o seu xuízo, provocou dificultades para atopar traballo. O T.X.C.E., analizando a Directiva 76/207/CEE considerou que ésta obriga ós Estados membros a adaptar a súa normativa e impedir que as empresas adopten represalias contra traballadores que iniciaran procedementos xudiciais para que se respecte o espírito da Directiva, de maneira que éstos queden protexidos incluso cando a relación laboral se extinguiña.

En definitiva, e resumindo o ata aquí descrito, ben se pode manifestar que a muller traballadora sofre a miúdo discriminación, tanto no acceso a un emprego en igualdade de condicións co home e no ascenso profesional, como á hora de percibir os salarios que son inferiores ós dos traballadores masculinos.

3.5.3. O despido discriminatorio por razón do sexo.

Se como vimos constatando prodúcese discriminacións por razón do sexo no acceso ó traballo, no desenvolvemento da prestación laboral e nas condicións de traballo, tamén existen á

hora de remata-lo contrato de traballo. A muller traballadora que está embarazada foi -e continua sendo- obxecto de despidos por atoparse nesa situación o cal está prohibido polo ordenamento xurídico laboral. É máis, tamén a normativa internacional que *ex. art. 10.2 CE* serve de fonte interpretativa á española así o corrobora. En efecto, o *Convenio da OIT núm. 158* (art. 5-d) prescribe que o embarazo non constituirá causa xustificada para a terminación da relación de traballo; o *Convenio da OIT núm. 103* (art. 6) reputa como ilegal que por e durante a ausencia ó traballo por dita causa, o empregador comunique á muller o seu despedido e en similares termos pronúnciase o *Convenio da OIT núm. 3* (art. 4). A súa vez outro *Convenio da OIT, o núm. 156* (art. 8) conclúe que a responsabilidade familiar non debe constituir de por sí unha causa xustificada para poñer fin á relación de traballo. Abunda no mesmo, a *Recomendación da OIT núm. 95* na que se di que o período durante o que será ilegal para o empregador despedir a unha muller debería comezar a se contar a partir do día no que fose notificado o embarazo por medio dun certificado médico.

Se acudimos ó dereito comunitario atopamos unha previsión análoga nas *Directivas 76/207/CEE e 92/85/CEE*. Froito diso é que a Xurisprudencia do T.X.C.E. considerou que o despedido dunha traballadora por razón do seu embarazo constitue unha discriminación directa baseada no sexo (*Sentencia do T.X.C.E. de 8 de novembro de 1990, “Asunto Hertz”*), como tamén que a ruptura do contrato nin sequera se pode xustificar polo feito de que unha prohibición legal, imposta por causa do embarazo, impida temporalmente á traballadora desempeñar un traballo nocturno (*Sentencia do T.X.C.E. de 5 de maio de 1994, Asunto Habermann-Beltermann*).

Neste orde de cousas, debemos menciona-la moi recente e importante *Sentencia do T.X.C.E., de 30 de xuño de 1998, “Asunto Mary Brown”*, referida a un tema de despedido da muller embarazada e no que os seus feitos foron os seguintes: a Sra. Brown traballaba para a empresa Rentokil como conductora, e despois de comunicar que estaba encinta á empresa a

primeiros de agosto de 1990, o día 16 de dito mes deixou de traballar como consecuencia das dificultades do seu embarazo. O problema xurdíu porque de acordo coa regulación laboral da empresa, en caso de ausencia por enfermidade superior a vinte e seis semanas, o traballador sería despedido, fose home ou muller. Iso sucedeu coa Sra. Brown que foi despedida o 8 de febreiro de 1991, data na que aínda non se incorporara o traballo. O seu fillo naceu o 22 de marzo de 1991. O Tribunal despois de interpretar as Directivas 76/207/CEE e 92/85/CEE, declarou que o despido dunha muller en calquera momento do seu embarazo por ausencias debidas a unha enfermidade causada polo dito embarazo é contrario ó dereito comunitario. Para iso tivo en conta o art. 10 da Directiva 92/85/CEE que prevé unha protección particular para a muller, ó establece-la prohibición de despido durante o período comprendido entre o inicio do embarazo e o final do permiso de maternidade. O Tribunal de Luxemburgo, neste pronunciamento, lembra que o despido por embarazo ou por unha causa fundada esencialmente nese estado só pode afectar ás mulleres e constitúe unha discriminación baseada no sexo. Fundamenta así mesmo a súa decisión no feito de que durante o embarazo pódense producir trastornos e complicacións que poden obrigar á muller a seguir un control médico e, no seu caso, gardar reposo durante ese período. Esos trastornos -dixo o Tribunal- que poden implicar unha incapacidade laboral, son riscos inherentes ó embarazo e, por ende, participan da especificidade dese estado. Por iso, *o despido dunha traballadora producido durante o seu embarazo* e motivado por ausencias debidas a unha incapacidade derivada do embarazo, na medida en que só pode afectar ás mulleres, supón unha *discriminación directa por razón de sexo*.

A lexislación española, pola súa parte, non contén normas específicas dirixidas a protexer á muller traballadora que se atope na situación de embarazo ou parto contra o despido de que pode ser obxecto. Aplicaranse neses casos as regras sobre a tutela antidiscriminatoria por razón de sexo.

Se prestamos atención ós casos resoltos polos Tribunais españois, contemplamos un número importante de sentencias nas cales o empregador extingue ou non prorroga o contrato de traballo de carácter temporal ou ben pon fin ó mesmo durante o período de proba, estando a muller encinta. Imos a distingui-los distintos supostos:

- *Falta de prorroga ou extinción anticipada do contrato temporal da traballadora embarazada.*

Neste apartado podemos traer a colación a *Sentencia do T.C. 173/1994, de 7 de xuño* que enxuízou o seguinte suposto de feito. Unha traballadora, vixilante de museos, con sucesivos contratos de traballo subscritos polo Ministerio de Cultura viu como éste non prorrogaba o último deles de seis meses, a diferenza do que se fixera con outras traballadoras. O responsable de contratación da entidade empregadora comunicara verbalmente ó esposo da traballadora que a razón de non renova-lo contrato era o seu embarazo, xa que este motivaría unha baixa médica e non sería posible supli-la súa ausencia con outro traballador temporal. O Tribunal sostivo que non se estaba en presenza dun acto de liberdade do empregador, e ante a falta de elementos aportados pola Administración que desvirtuaran a discriminación defendida pola traballadora, concluiu dicindo que a mera negativa a renovar un contrato ou a contratar por parte do empresario é xuridicamente relevante desde o momento en que, á luz dos feitos probados, foi un motivo prohibido por discriminatorio o que obstaculizou a reanudación da relación laboral.

Nesta liña cabe cita-la *Sentencia do Xulgado do Social núm. 28 de Barcelona, de 5 de abril de 1994* e na que os seus feitos máis significativos foron os seguintes. A unha traballadora non se lle renovou un contrato de fomento de emprego que tivera unha duración de trinta meses. A traballadora estivo de baixa case catro meses por incapacidade laboral transitoria a causa do seu embarazo e despois iniciou a baixa por maternidade.

A empresa comunicoulle que o seu contrato quedaba extinguido e nos feitos probados recóllese que o seu representante legal comentou á traballadora que “*non podía permitirse o luxo de pagar 40.000 pts. ó mes de Seguridade Social*”.

O Tribunal entendeu que o motivo da extinción foi o de evita-la carga de ter de baixa a unha muller embarazada e concluíu que o empresario incorrira nun abuso de dereito ó discriminar por razón de sexo e conculca-lo art. 39.2 da CE que regula a protección integral dos fillos.

- *Resolución do contrato de traballo en período de proba que afecta á traballadora embarazada.*

Neste apartado paga a pena destaca-la *Sentencia do T.C. 166/1988, de 26 de setembro* na que se examinou o suposto dunha enfermeira que fora contratada interinamente polo INSALUD sendo destinada á sección de diálisis. Cando estaba no período de proba, a traballadora comunicou que estaba embarazada e por esa circunstancia solicitou o traslado a outra sección na que non existise incompatibilidade entre o seu estado e as esixencias ligadas ó posto de traballo. Cando aínda non transcorrira o período de proba, o INSALUD decidiu resolver o contrato de traballo sen motiva-la súa decisión. O Tribunal declarou que o despido debía de calificarse como nulo por vulnera-lo art. 14 da CE xa que a empresa debeu explicar que os motivos da súa resolución eran alleos ó embarazo, coa finalidade de xustifica-lo razoable da súa conducta, cousa que non fixo.

- *Despido dunha traballadora embarazada con contrato estable.*

Neste punto temos que traer a colación a importante *Sentencia do T.C. 136/1996, de 23 de xullo*. En efecto, como feitos máis decisivos hai que rexistrar que se estaba na presenza dunha traballadora que prestaba os seus servizos nun determinado partido político e por causa debida a ausencias inxustificadas do posto de traballo e reiteradas faltas de puntualidade foi despedida. Antes do despido, a traballadora participara ó empregador o embarazo e o seu risco mediante o oportuno certificado médico. O Tribunal declarou a nulidade radical do despido, por apreciar que existira discriminación por razón de sexo. É oportuno que nos deteñamos nalgún dos razoamentos esgrimidos polo Tribunal Constitucional.

En primeiro termo o Alto Tribunal manifestou que *“a discriminación por razón de sexo comprende aqueles tratamentos peiorativos que se fundan non só na pura e simple constatación do sexo da vítima, senón na concurrencia de razóns ou circunstancias, que teñan co sexo da persoa unha conexión directa e inequívoca. Tal sucede co embarazo, elemento ou factor diferencial que ... incide de forma exclusiva sobre as mulleres ...”*, e, nese sentido declarou que *“os tratos desfavorables baseados no embarazo, ó afectar exclusivamente á muller, constitúen, polo tanto, unha discriminación por razón de sexo proscrito polo art. 14 CE”*. Máis adiante e abondando no feito de que incumbe ó empresario probar que o despido tildado de discriminatorio obedeceu a motivos razoables e alleos a todo propósito atentatorio a un dereito constitucional (cuestión que non levou a cabo), previa acreditación por parte do traballador de *indicios ou sospeitas* dunha actitude discriminatoria por parte do empregador, o Tribunal Constitucional deixou dito que *“a prohibición (de despedir) por razón do embarazo pretende evitar á traballadora embarazada calquera risco de despido por motivos relacionados co seu estado, e polo que aquí interesa, comprende a hipótesis das ausencia ó traballo debidas a unha enfermidade ou transtorno fisiolóxico causados polo embarazo e que impiden desenvolve-la prestación laboral convenida, as cales, polo tanto, non poden xustificar un despido”*.

Na Sede dos Tribunais Superiores de Xustiza, viñéronse rexistrando numerosas sentencias que declararon nulos os despidos ou as extincións dos contratos de traballo de mulleres en situación de embarazo ou parto. Sen esgotalos exemplos limitarémonos a reflectir algunhas delas:

- *Sentencia do T.S.X. de Madrid, de 4 de xuño de 1992.*

Nulidade do despido da traballadora embarazada realizado no período de proba ó ser discriminatorio por razón de sexo.

- *Sentencia do T.S.X. de Andalucía, de 2 de febreiro de 1996.*

Nulidade do despido da traballadora embarazada, ó ser discriminatorio por razón do sexo.

- *Sentencia do T.S.X. do País Vasco, de 19 de marzo de 1996.*

Nulidade do despido da traballadora embarazada, por discriminatorio ó comunicarselle o cese nun contrato temporal xusto antes de finaliza-la última prórroga e de dar a luz.

- *Sentencia do T.S.X. de Cantabria, de 21 de xaneiro de 1997.*

Nulidade da extinción dun contrato de traballo suscrito por catro meses cunha traballadora que estaba embarazada cando, con anterioridade e coa mesma persoa durante varios anos, se subscribiran contratos por oito meses, na condición de traballadora fixa discontinua.

3.6. A igualdade de trato no Sistema da Seguridade Social.

O sistema español de Seguridade Social, que ten como lexislación de cabeceira o *Real Decreto-Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño*, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social incorporou o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres dentro do seu campo de aplicación. Para iso seguíuse, por un lado, o mandato constitucional derivado do art. 14 CE, en relación co art. 41 da CE, e por outro, as directrices do dereito comunitario e a doutrina do Tribunal Constitucional que, na materia de seguridade social, en ocasións, aplicou a “*igualación por riba*” para poñer-lo home nas mesmas condicións ca muller á hora de acceder-las determinadas prestacións e que analizamos noutro momento deste traballo.

Neste contexto temos que citar ás seguintes normas do dereito comunitario:

- *Directiva 79/7/CEE, de 19 de decembro*, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres nas materias de seguridade social.

- *Directiva 86/378/CEE, de 24 de xullo*, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres nos rexímenes profesionais da seguridade social.

- *Directiva 86/613/CEE, de 11 de decembro*, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exerzan unha actividade autónoma incluídas as agrícolas, así como sobre a protección da maternidade.

Pódese pois manifestar que as discriminacións directas, máis burdas, desapareceron do mapa da Seguridade Social española, aínda que se poden detectar algunhas ocultas, indirectas ou encubertas que as iremos analizando. Nesta tesitura, imos a prestar atención a unha serie de prestacións, que afectando moi directamente á muller, quedaron estruturadas de forma igual para todas aquelas comprendidas nos diferentes réximes da Seguridade Social.

Como xa tivemos ocasión de reflectir, na actualidade o noso ordenamento xurídico ofrece instrumentos diversos de *protección da maternidade e da paternidade*. Así, existe un descanso por maternidade que a efectos laborais, como se dixo, supón un suposto de suspensión de contrato de traballo; prevéese unha excedencia específica para coidar fillos; hai a posibilidade de reduci-la xornada para os traballadores que teñan o seu cargo a un menor de seis anos ou a un diminuído físico ou psíquico e ademais a maternidade atópase protexida a través da asistencia sanitaria, existindo atencións específicas que van destinadas á muller traballadora embarazada.

Pero ós efectos que aquí interesa, cómpre que nos deteñamos na nova configuración da maternidade, como situación protexida pola Seguridade Social española, a raíz da súa regulación nos arts. 133 bis, 133 ter e 133 quater do *Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño* polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. En efecto ditos preceptos no seu conxunto introduciron unha importante modificación da maternidade. De entrada esta situación para a seguridade social quedou totalmente desvinculada e desconectada do que eran os procesos de ILT (agora incapacidade temporal). Coa nova normativa a maternidade ten autonomía propia dentro do cadro da acción protectora da Seguridade Social. En torno a esa situación paga a pena destaca-los seguintes puntos:

- a) A efectos da prestación por maternidade considéranse situacións protexidas a propia maternidade, a adopción e o acollemento previo.
- b) Serán beneficiarios do subsidio por maternidade os traballadores por conta allena, calquera que sexa o seu sexo (*introducción do principio de igualdade*) que disfruten dos descansos e reúnan os requisitos de estar afiliados e en alta e os períodos de carencia na cotización establecidos ó efecto. A referencia á indiferencia de sexos para ser beneficiarios da prestación se ben respecta o principio de igualdade, nembargantes choca un pouco coa

realidade porque o descanso dificilmente poderá ser disfrutado polo pai alleo ó proceso de alumbramento. Nembargantes, iso non é así -ou pode non ser así- nos supostos de adopción ou acollemento previo.

- c) A prestación por maternidade rixe, coa mesma extensión e nos mesmos termos e condicións que os previstos para os traballadores do Réxime Xeral, para os traballadores por conta allea e propia incluídos nos distintos Rexímenes Especiais da Seguridade Social (*asunción do principio de igualdade de trato*).
- d) Os traballadores a tempo parcial, incluso aqueles os que a prestación de servizos sexa inferior a 12 horas á semana ou 48 ó mes, teñen dereito á prestación económica por maternidade.
- e) Durante os descansos por maternidade mantense a obrigaón de cotizar, estando o cargo do empresario e o traballador na súa correspondente cuota.
- f) A prestación económica por maternidade consiste nun subsidio do 100 por 100 da base reguladora equivalente á que corresponda a contingencias comúns, a contar desde o inicio do descanso e durante os períodos de descanso. Existe un subsidio especial para o suposto de parto múltiple.
- g) A prestación económica por maternidade xestionaa directamente a Entidade Xestora da Seguridade Social (INSS, ISM).

Se volvémola mirada a outras prestacións que concede o sistema de Seguridade Social do noso país, veremos que tamén alí se lle deu acollida ó principio de igualdade entre homes e mulleres. Así referíndonos á *asistencia sanitaria* que está incluída na acción protectora da

Seguridade Social, podemos constatar que no caso de separación ou divorcio conservará a condición de beneficiario o cónxuxe do titular do dereito *-xa sexa marido ou muller-* sempre, claro está, que por título propio non teña dereito á asistencia sanitaria e non realice traballo remunerado ningún, nin perciba renda nin pensión superiores ó dobre do salario mínimo interprofesional.

Neste mesmo orde de cousas, pódese dicir que o principio de igualación na materia de protección das continxencias recoñecidas na Seguridade Social introducíuse para beneficio dos traballadores que teñen subscrito contratos a tempo parcial, con duración de poucas horas de traballo efectivo. En efecto, o art. *1 do Real Decreto 489/1998, de 27 de marzo* establece que os traballadores que foran contratados a tempo parcial cunha duración da súa prestación de servizos inferior a 12 horas á semana ou 48 horas ó mes, quedarán protexidos *-en igualdade de condicións co resto de traballadores a tempo parcial- fronte á totalidade de situacións e continxencias* que se teñan previstas con carácter xeral no respectivo réxime da Seguridade Social no que figuran encadrados. Esta normativa dictouse como consecuencia do disposto na disposición transitoria cuarta da *Lei 63/1997, de 26 de decembro*, na que se establecía que *“no prazo máximo de tres meses ... o Goberno procederá, previa consulta ás organizacións sindicais e asociacións empresarias máis representativas, a adopta-las disposicións necesarias para facer efectivo o dereito á ... cobertura da totalidade das continxencias dos contratos a tempo parcial por duración inferior a doce horas á semana ou corenta e oito horas ó mes”*. Se temos en conta que a contratación a tempo parcial é un *campo clásico do emprego feminino*, podemos darnos conta da trascendencia do que se indicou.

Todo isto ten o seu antecedente próximo no Convenio da OIT núm. 175 de 24 de xuño de 1994 sobre o traballo a tempo parcial, que no seu artigo 4 insta ós Estados a adoptar medidas tendentes a garantir ós traballadores a tempo parcial a mesma protección que se proporciona ós traballadores a tempo completo, en materia de dereito de sindicación,

negociación colectiva, representación dos traballadores, seguridade e saúde no traballo e discriminación en materia de emprego e ocupación.

Tamén constitúe un precedente máis inmediato o ano 1997, no que a Unión Europea e os Estados membros decidiron aborda-la renovación do contrato a tempo parcial, para que servira de instrumento na creación de emprego. Froito diso foi a *Directiva 97/81/CEE, do Consello, de 15 de decembro*, relativa ó acordo marco sobre o traballo a tempo parcial concluído pola UNICE, o CEEP e a CES. Esta Directiva pretendía dúas finalidades: por unha banda, “garanti-la supresión das discriminacións contra os traballadores a tempo parcial” (cláusula 1ª). Por outro, facer do contrato a tempo parcial un medio eficaz de acceso ó emprego. Aínda que a Directiva non realizaba ningunha indicación sobre cómo debería se-la protección social dos traballadores a tempo parcial, xa que se entendía que as decisións relativas ós réximes de seguridade social eran competencia dos Estados membros, nembargantes interpretouse por algún destes (entre eles España), que era necesario homologar no posible a situación entre traballadores a tempo parcial e traballadores a tempo completo no referente a cobertura polo sistema de Seguridade Social. E así fíxose como quedou indicado. Neste orde de cousas, é conveniente resaltar que para incentiva-la contratación laboral baixo a modalidade de a tempo parcial, o Real Decreto 489/1998, na súa disposición adicional única, prevé a redución de cotas, nos contratos a tempo parcial nos que a prestación de servicios sexa inferior a doce horas á semana ou corenta e oito ó mes, en función do carácter indefinido ou non do respectivo contrato laboral, coa excepción da cota por desemprego.

Agora ben, é no terreo da *contratación a tempo parcial* onde se rexistran certos efectos negativos para os traballadores que desempeñan as súas tarefas profesionais baixo esta modalidade de contratación. Neste senso cómpre efectuar algunha precisión. Os traballadores a tempo parcial, a teor do que dispón o artigo 19 do *Real Decreto 2317/1993, de 29 de decembro*, teñen os mesmos dereitos que os traballadores a tempo completo, salvo as

peculiaridades que, en función do tempo traballado, estén establecidas por lei ou se poidan determinar pola negociación colectiva. Nesa liña de equiparación esencial vense pronunciando a xurisprudencia da que pode ser mostra a recente *Sentencia do Tribunal Supremo de 11 de maio de 1998* que recoñeceu a aplicación ós traballadores a tempo parcial do seguro de vida e incapacidade previsto nun Convenio Colectivo de grandes almacéns en igualdade de condicións que os empregados a xornada completa. Agora ben, en materia de Seguridade Social a cuestión da equiparación admite matices. En efecto, aínda que a lexislación de seguridade social española directamente non establece un trato de desvantaxe patente e claro para os traballadores a tempo parcial, nembargantes dos requisitos de cotización ó sistema de pensións, e para o acceso a outras prestacións poderíase deducir un efecto desfavorable para ese colectivo de traballadores en comparación con aqueles que realizan traballos a tempo completo. Cómpre insistir no feito da maior afectación feminina ó traballo a tempo parcial para darnos conta do que se vai a reseñar. Hai que pensar, seguindo ó Consello Económico e Social, que o paradigma estatístico da traballadora a tempo parcial é aquela maior de 30 anos, casada con fillos menores de 6 anos, con baixo nivel de estudos e que presta os seus servicios no ámbito doméstico, hostelería ou comercio. Pois ben, a teor do disposto no art. 12.3 e 4 do ET, para determina-los períodos de cotización a Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional e de cálculo das prestacións de Seguridade Social, incluída a protección por desemprego no caso de traballadores a tempo parcial, *computaránse as retribucións percibidas exclusivamente das horas traballadas*. Os arts. 23 e 65 (éste modificado polo Real Decreto 489/1998), do *Regulamento Xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social* aprobado por *Real Decreto 2064/1995, de 22 de decembro*, e a Orde de 26 de xaneiro de 1998, introducen as regras para determina-la base de cotización correspondente. Pois ben, se temos en conta os longos períodos de cotización esixidos para ter acceso ás pensións vitalicias (exceptuando as que se orixinan por accidente de traballo ou enfermidade profesional), podemos darnos conta da dificultade que posúen os traballadores a tempo parcial pata totaliza-los días de cotización que lle darían derecho ás referidas prestacións, porque o tempo real de traballo previo

para causar dereito ás pensións é máis longo cando o traballo se realiza a tempo parcial que a tempo completo. Indirectamente estase poñendo en desvantaxe ó colectivo feminino que, como reflectimos con anterioridade, tanto en Europa como no noso país, traballa en moitas ocasións, baixo a modalidade de contratación a tempo parcial. Sen dúbida, nesta configuración da cotización do traballo a tempo parcial, pesou máis o principio contributivo do sistema da Seguridade Social que o asistencial propiamente dito.

No momento de redactar este traballo, iniciouse unha negociación entre os sindicatos máis representativos e o Goberno para unha regulación detallada do contrato a tempo parcial.

Recentemente e *con repercusión sobre Galicia*, considerouse que existe unha *discriminación indirecta na materia de seguridade social*, que provén do disposto no art. 2.2 do Regulamento Xeral do Réxime Especial Agrario da Seguridade.

Este precepto establece que quedan incluídos no dito Réxime os traballadores españois ca múdo e como medio fundamental de vida realicen labores agrarias, entendéndose que concurren estes requisitos cando o traballador dedique a súa actividade predominantemente a labores agrícolas e deles obteñan os principais ingresos para atende-las súas necesidades e as dos familiares o seu cargo. Agora ben cando se trate de *traballadores por conta propia* presumirase, *salvo proba contraria, que os ingresos agrícolas non constitúen o seu principal medio de vida cando o traballador, o seu cónxuxe ou os parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade que convivan co el sexan titulares dun negocio mercantil ou industrial*. Pois ben, nunha *brillante Sentencia do Xulgado do Social núm. 1 de Pontevedra, de 5 de abril de 1995*, confirmada en suplicación pola *Sentencia do Tribunal superior de Xustiza de Galicia de 30 de xaneiro de 1998*, chegouse á conclusión de que o último parágrafo subraiado do art. 2.2 do Regulamento citado introducía unha discriminación indirecta contraria ás mulleres, porque con base nel, a Tesourería da Seguridade Social denegara

a inclusión en dito Réxime Especial dunha muller que traballaba en faenas agrícolas porque o seu marido estaba de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos e, polo tanto, presumíase que os ingresos obtidos pola actividade agraria non constituían o medio fundamental de vida da unidade familiar.

Na Sentencia do Xulgado, que contén unha impecable fundamentación, indícase que *“se a participación da muller na economía familiar, é na maioría dos supostos, inferior á do home, a esixencia de se-los ingresos derivados das labores agrarias realizados por un membro da unidade familiar superiores ós ingresos derivados do traballo doutro membro desa unidade, aínda sendo unha norma neutra nos seus motivos, determina, na súa aplicación práctica, a expulsión de máis mulleres que homes do campo de aplicación do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social. Dito noutros termos, esa esixencia é un obstáculo para que a igualdade da muller sexa real e efectiva, como quere o art. 9.2 da CE”* engadindo máis adiante, *“por iso non é admisible a exclusión da muller da seguridade social pretendendo fundamentala en que o seu esposo tamén traballa”,* polo que conclúe sinalando: *“admitida a existencia de discriminación indirecta, o art. 2.2 do Regulamento Xeral, é parcialmente inconstitucional e inadecuado o dereito comunitario...”*.

Velaí pois un pronunciamento xudicial de capital importancia para Galicia, cara á consecución da igualdade efectiva da muller, desde o momento que se constata o peso que aínda posúe a afiliación e as prestacións que concede o Réxime Especial Agrario da Seguridade Social.

3.7. Unha referencia á negociación colectiva galega.

Seguindo o interesante e importante documento de traballo sobre *“A negociación colectiva galega e o traballo da muller”* (do 1/1/1997 ó 19/6/1998) elaborado pola área de estudos do Consello Galego de Relacións Laborais, a solicitude do Valedor do Pobo, imos facer

referencia a aquelas cláusulas convencionais que, dalgunha maneira, introducen algunha discriminación da muller traballadora ou recollen categorías profesionais feminizadas.

Do traballo citado despréndense varias conclusións xerais que, sintetizadamente, podemos reflectilas do modo seguinte:

- Na negociación colectiva galega hai unha tendencia definida a introducir preceptos regulamentadores das condicións laborais da muller (cláusulas sobre a non discriminación feminina no traballo, previsión de baixas maternais, percepción do 100% do salario durante a baixa por maternidade, previsión da licencia para acudir as clases preparatorias do parto, etc.).
- Moitas destas cláusulas están redactadas nunha linguaxe non sexista, e nelas a efectos de recoñecer determinados dereitos laborais equipáranse as parellas de feito coas formalizadas legalmente.
- Moitas veces estas cláusulas dos convenios referentes ó traballo feminino non supoñen unha mellora do regulamentado polas disposicións legais laborais.
- Os axentes sociais á hora de redactar os convenios colectivos empregan, cada vez máis, a expresión traballador/a, aínda que tamén ás veces, empregan o termo mais neutro de “persoal”.
- Nembargantes, en determinados convenios, redáctanse en feminino algunhas categorías profesionais que se recollen nas táboas salariais, nas que se reservan postos de traballo concretos ó colectivo feminino, abundando este feito no caso da “limpadora” ou “muller da

limpeza”, que son as que perciben, ademais, o salario máis baixo, en relación coas demais categorías que se atopan nas táboas salariais.

- Existen ámbitos de actividade económica e, polo tanto, de ocupacións, reservadas á man de obra masculina (así traballo no mar, construción, mineiría, siderometal).
- Puidose constatar determinadas actividades laborais cunha presenza feminina importante (hostelería, limpeza, sector textil e confección).

Entrando nun exame máis pormenorizado, a continuación imos a reflectir algunhas peculiaridades que se conteñen nos convenios colectivos analizados polo Consello Galego de Relacións Laborais e así distinguimos:

a) Convenios Colectivos que conteñen cláusulas que redactan predominantemente as categorías profesionais en masculino.

1. No ámbito territorial da Comunidade Autónoma:

- Residencias privadas da terceira idade (sector)
- Pizarra en Lugo e Ourense (sector)
- Editorial Compostela (empresa)
- Gonzacoca (empresa)
- Dos traballadores/as dos Centros Residenciais Docentes da Xunta de Galicia (empresa)

2. No ámbito territorial provincial:

A Coruña

- Establecementos Sanitarios de Hospitalización, Asistencia, Consulta e Laboratorios de Análisis clínicos (sector)

- De Armadores (sector)
- INSESPAL - METAL (empresa)
- MAYRESA, MOLTURACIÓN Y REFINO (empresa)
- Casa Román - Restaurante (empresa)

Lugo

- Elaboración de pastelería, confitería e repostería (sector)
- Transporte de mercadorías por estrada (sector)
- Distribución do butano (sector)
- Comercio de alimentación (sector)
- Panaderías (sector)
- URBASER (empresa)
- Cementos Cosmos S.A. (empresa)

Ourense

- Comercio do metal (sector)
- Transporte de viaxeiros por estrada (sector)
- Limpeza de edificios e locais (sector)

b) Convenios colectivos que conteñen cláusulas que redactan algunhas categorías profesionais en feminino.

Nos convenios colectivos que se van citar aparecen algunhas categorías profesionais “feminizadas” (particularmente as referidas ó traballo de limpeza de dominante ocupación feminina), introducíndose tamén aquí unha definición sexista das categorías.

1. No ámbito territorial da Comunidade Autónoma

- Editorial Compostela (empresa): repartidora
- Gonzacoca (empresa): secretaria

2. No ámbito territorial provincial

A Coruña

- Derivados do Cemento (sector): limpadora
- Transporte de mercadoría por estrada (sector): limpadora
- Oficinas e despachos (sector): limpadora
- Comercio de Peixe e Marisco (sector): empacadora
- Comercio do textil (sector): repasadora, empaquetadora
- Establecementos Sanitarios de Hospitalización... (sector): enfermeira, matrona, cortadora, pasadora, costureira, camareira, lavandeira, cociñeira.
- Convenios de Hosteleiría de empresa (Hotel Atlántico, Finisterre, Peregrino, Tryp): gobernanta, subgobernanta, encargada de lavandeiría e lencería, camareira de pisos, costureira, encargada de lencería e outras.
- Convenio do persoal laboral dos Concellos de Culleredo, Finisterre e Mugaros: secretaria do alcalde, psicóloga, animadora, limpadora, traballadora social

Lugo

- Elaboración de pastelería, confitería e repostería (sector): limpadora
- Transporte de mercadorías por estrada (sector): limpadora
- Distribución do Butano (sector): limpadora
- Comercio de Alimentación (sector): empaquetadora
- Panadeirías (sector): muller da limpeza
- Residencia de Anciáns Nosa Señora do Carmen de Sarria (empresa): tódalas categorías están feminizadas.

Ourense

- Comercio do metal (sector): limpadora
- Transporte de viaxeiros por estrada (sector): limpadora
- Limpeza de edificios e locais (sector): limpadora
- ONYX R.S.U. S.A. (empresa): limpadora
- Augas de Cabreiroá S.A. (empresa): limpadora

Pontevedra

- Derivados do Cemento (sector): muller da limpeza
- Aparcamentos, Garaxes e Parkings (sector): limpadora
- Hosteleria (sector): fregadora, camareira de pisos, zurcidora, lavandeira, limpadora, pasadora.
- Comercio de Alimentación (sector): costureira de sacos, empaquetadora, secretaria.
- Industrias e Comercio Vitivinícolas (sector): embotelladora, etiquetadora.
- Hospitalización e Internamento (sector): pasadora, encargada, costureira, lavandeira, limpadora, camareira, subgobernanta
- Comercio de Bazares e Artículos de Regalo (sector): encaxadora, empaquetadora, muller da limpeza por horas
- Transporte Público de Viaxeiros por estrada (sector). azafata, limpadora por horas
- Comercio polo Múdo do Textil (sector): reparadora de medias, empaquetadora costureira de sacos.
- Frigodis S.A. (empresa): operaria
- Frinova S.A. (empresa): cocineira
- Copo Ibérica S.A. (empresa): oficiala de 1ª, 2ª, 3ª, secretaria, limpadora, auxiliar de limpadora.
- Choco Galicia, S.L. (empresa): degustadora.
- Intercao S.L. (empresa): degustadora.
- Pescanova S.A. (empresa): limpadoras de media xornada
- Gestravisa (empresa): limpadora
- Auxiliar Conservera S.A. (empresa): operaria de fabricación.
- Santaz-CENSA S.A. (empresa): limpadora
- Plásticos de Galicia (empresa): limpadoras

- Circulo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo (empresa): limpadora
- Consorcio da Zona Franca de Vigo (empresa): secretaria de dirección e operadoras de contabilidade de sistemas e de explotación
- Rodman Polyships S.A. (empresa): secretaria de dirección.
- Casino da Toxa (empresa): secretaria
- D.S. Salgado S.A. (empresa): auxiliar administrativa, operadora de máquina contable.

c) Convenios colectivos que recollen nas súas cláusulas licencias para o persoal masculino

- *Convenio do sector de Pintura da Coruña:* Ó regula-las licencias con soldo, recolle unha polo “*falecemento da esposa*” e non se menciona polo falecemento do esposo.
- *Convenio de mármore e pedras do sector correspondente a Pontevedra:* No referente a permisos e licencias, recolle o suposto de enfermidade grave ou morte do cónxuxe ou *compañeira* soamente.
- *Convenio do sector de Industria de Bebidas Refrescantes de Pontevedra:* Incorpora un permiso para o caso de falecemento de pais, fillos e *muller*.
- *Convenio de Construcións Navais Santo Domingo S.A. (empresa):* No referente a permisos e licencias recolle unha cando exista intervención quirúrxica e enfermidade grave da *muller*.
- *Convenio de Envases Metálicos de Vigo S.L. (empresa):* Concede no seu clausulado un permiso de 1 día de duración ó traballador no suposto de casamento do fillo, irmán ou pai (olvídase do xénero feminino).

d) Convenios Colectivos que conteñen cláusulas concedendo premios ou axudas nas que existe diferenciación por razón de sexo:

- *Convenio do Hotel Finisterre da Coruña:* No suposto de falecemento do produtor, concederáse un auxilio para a *viúva* e fillos (non existe referencia ó viúvo).
- *Convenio de SODIGA:* Contémplase un premio de natalidade pero o característico da súa regulación é que, no suposto de que os pais traballen na empresa, terá dereito a percibilo o que acredite a condición de cabeza de familia, condición que tradicionalmente recae no home.
- *Convenio da Compañía de Tranvías da Coruña e de Ferrol:* Na súa regulamentación prevé que sexan beneficiarios de certas prestacións as *viúvas* (non se fala de viúvos) entre as que merecen destacarse o seguro de falecemento e a concesión de pases de libre circulación nese medio de transporte.
- *Convenio de Larsa:* Establece un premio de constancia a disfrutar pola *viúva* e que se concede por falecemento anterior á xubilación.
- *Convenios de Cementos Cosmos:* Recolle unha axuda de estudos da que se poden beneficia-las *viúvas* dos traballadores.
- *Convenio de Nestlé España S.A. de Pontevedra:* Establece unha axuda para gardería que se aboará ó persoal feminino con fillos menores de catro anos o seu coidado e tamén terán dereito o persoal fixo *masculino viúvo* ou separado legalmente, con fillos menores de catro anos.

e) *Convenios Colectivos que conteñen cláusulas referidas ó principio de igualdade e prohibición da discriminación.*

- *Convenio da Industria Siderometalúrxica da Coruña.*
- *Convenio da Industria de Ebanistería e afíns de Lugo (sector)*
- *Convenio de Obradores e Despachos de Confiterías, Pastelerías, Reposterías e Pratos Cociñados de Pontevedra (sector)*
- *Convenio de Alonarti Envases S.A. e a Artística Productos Químicos S.A. de*

Pontevedra (empresa): igualdade retributiva

- *Convenio de Mecanismos Auxiliares Industriais S.A. de Pontevedra (empresa)*
- *DIK MGI - COUTIER S.A. de Pontevedra (empresa)*
- *Convenio de Derivados do Cemento da Coruña (sector)*

f) Convenios colectivos que conteñen cláusulas que regulan a concesión dunha dote no caso de matrimonio da muller traballadora, que por tal motivo deixa de traballar

- *Convenio do sector de Hostelería de Ourense.*
- *Convenio de Hispanomoción S.A. de Pontevedra (empresa).*

Temos que reseñar que este tipo de disposicións considéranse nulas por discriminatorias (así Sentencia do Tribunal Central de Traballo de 2 de decembro de 1987).

g) Convenios Colectivos que conteñen cláusulas contrarias á Constitución.

- *Convenio de Rodman POLYSHIPS S.A. (empresa):* entre as súas disposicións contemplase unha que sinala que no caso de falecemento ou invalidez total por accidente laboral dun traballador da empresa, terá preferencia para ocupa-lo dito posto a *viúva* ou o fillo do traballador de que se trate.

Cláusulas deste tipo foron declaradas discriminatorias por establecer situacións favorables para o acceso ó traballo por vínculos familiares (así Sentencia do Tribunal Central de Traballo de 23 de setembro de 1985).

h) Convenios Colectivos que conteñen cláusulas específicas sobre algunhas cuestións.

- *Convenio de Envases Carnaudmetalbox S.A. de Pontevedra* (empresa): Incorpora unha extensa regulamentación sobre o acoso sexual.

- *Convenio Rías Baixas Comunicación S.A. de Pontevedra* (empresa): Prevé a permuta obrigatoria de posto de traballo para a muller traballadora que está embarazada, a partir do quinto mes de xestación, se existe previa declaración dun facultativo de que o traballo que viña desenvolvendo era perigoso ou penoso (disposición en sintonía co art. 26 da Lei de Prevención de riscos laborais).

3.8. O traballo da muller no fogar familiar.

Para rematar esta reflexión, imos a efectuar unha aproximación ó traballo da muller no ámbito doméstico desde unha dobre perspectiva: por unha parte, analizando as tarefas domésticas da muller que, a súa vez, posúe un emprego e desenvolve unha actividade profesional; pola outra, examinando aquel traballo doméstico que levan a cabo as mulleres por conta do titular dun fogar familiar e que, como relación laboral especial, encóntrase regulada no *Real Decreto 1424/1985, de 1 de agosto*.

3.8.1. Compaxinar traballo profesional e labores domésticas

Como se veu sostendo ó longo deste traballo, hai unha situación de clara desvantaxe da muller traballadora con respecto ó home empregado, e é aquela na que a muller, ademais de desempeñar un posto de traballo fora do fogar familiar, ten, a súa vez, que afrontar-las cargas familiares domésticas. Iso é así porque aínda na actualidade *-a pesar de que é perceptible un cambio nas novas xeneracións-* o maior peso para enfrontarse ás obrigacións familiares de

todo orde, recaen no colectivo feminino. Porque aínda que as mulleres se incorporaron ó mundo do traballo non deixaron de se-las responsables do fogar. A muller é o principal axente socializador dos fillos de curta idade, e, no fogar familiar, realiza unha infinidade de traballos domésticos.

Na práctica, esta suma do traballo *extradoméstico e intradoméstico* constitúese nunha circunstancia moi desfavorable para o xénero feminino no orde a compatibiliza-los mesmos. Resulta desta forma que a muller ve sobrecargada a súa xornada laboral co horario do traballo no fogar e iso, en moitas ocasións, é a causa e o motivo de que a muller renuncie ou desista dun emprego profesional. Estamos aquí ante unha realidade que esixe unha solución para que a igualdade efectiva entre os xéneros chege a ve-la luz de forma plena. Nesta orde de cousas, o cambio desexado pasa necesariamente por unha maior contribución masculina ás tarefas familiares, sobre a base de que a boa marcha dunha casa incumbe por igual a tódolos seus membros. De un tempo a esta parte, tamén hai que remarcalo, estáse producindo unha maior concienciación das parellas de mozos que, baixo as diferentes formas de unión, deciden vivir xuntos, e comparti-los traballos domésticos en pé da igualdade. Agora ben, este novo facer entre os máis xovenes esposos e pais aínda é incipiente, e tanto o reparto das funcións que asumen, como a súa coparticipación nas tarefas do fogar familiar non supliron de todo ó modelo de ama de casa que coñecemos e vivimos.

O problema que se comenta continúa aí, e padéceno moitas mulleres traballadoras, sobre todo de mediana idade. Recentemente nunha investigación sobre o traballo da ama de casa, obtívose un censo de 33 actividades diferentes que levan a cabo.

Fai uns meses, un artigo periodístico publicado nun diario nacional sinalaba que *“Unhas 12,5 millóns de españois na súa maioría mulleres, pasan, lavan a roupa, friten as patacas, coidan dos anciáns e dos nenos, sacan o vaso da auga, preparan as camas, cosen*

un botón, quitan as manchas, repasan o colo da camisa, lustran ós zapatos, fregan os pratos, limpan os cristais, quitan o polvo ó aparador, dan sidol á cubertería, poñen lixivia á colada, ocupanse de que non falta o nescafe, pensan qué vai comer maña, levan ou traen os fillos do colexio, cambian os pañais ó bebé, gardan as sobras da cea nun tupperware, fan gazpacho para o verán, limpan o frigorífico, meten o caldo no microondas, sacuden as alfombras, forran os armarios, ordean os calcetíns, chaman ó electricista, acompañan á nena ó médico, acuden ás reunións da comunidade e á dos pais de familia, dan o aguinaldo ó porteiro, compran os regalos de cumpleaños, vixilan o gas”. Máis alá do seu aspecto anecdótico, o reseñado non deixa de reflectir, en grande medida, a realidade do que pasa.

Desde fai tempo o ideario feminista víu loitando para que as tarefas domésticas non impidan ou dificulten a actividade profesional que poida desempeña-la muller fora do fogar e, por iso, colocaron entre as súas reivindicacións conseguir medidas de apoio que servan para compaxina-lo traballo intra e extradoméstico da muller, porque dese maneira contribuiráse a súa independencia en termos globais. Ben é verdade -todo hai que dicilo-, que os cambios na estrutura familiar e a redución da natalidade propiciaron, en moitos casos, que dito problema diminuíra, pero aínda perdura na realidade da vida cotián.

Neste sentido cabe apuntar que un estudio riguroso do traballo da muller no ámbito familiar, aportaría, sen dúbida, uns datos clarificadores do que iso suporía en termos de contabilidade nacional e, sen embargo, na metodoloxía que utiliza o INE, por exemplo, entre a poboación inactiva, figuran as persoas que se estan a ocupar do seu fogar sen percibir remuneración ningunha.

Pois ben, segindo o documento “*Uso do tempo e desigualdade entre homes e mulleres en España*” (Mº de Asuntos Sociais - Instituto da Muller) que a súa vez analiza os datos aportados por dúas investigacións realizadas en 1987, unha sobre o uso do tempo levada a

cabo polo CIS para RTVE, e outro por ORT/IS para o Instituto da Muller, imos a reseñar algunhas circunstancias cos mesmos reflectiron. Da utilización combinada de ámbalas dúas enquisas dedúxose, como aspectos máis significativos no tema que nos ocupa, os seguintes:

- Por regra xeral a inserción dos varóns no circuito do traballo doméstico-familiar é moi limitado. A súa aportación cífrase nalgo menos de tres cuartos de hora, nun día promedio semanal.
- O traballo doméstico-familiar é un territorio practicamente exclusivo do traballo feminino xa que nun promedio diario semanal as mulleres invirten nesas actividades unha media de 5,07 horas.
- Tódalas categorías de mulleres caracterízanse por ter asignada unha cantidade relevante do tempo dedicado a actividades domésticas aínda que hai significativas variacións en función da idade, estado civil, a súa situación no mercado de traballo e o seu nivel educativo. No caso dos homes é diferente. Practicamente constitúe unha actitude universal a súa relativa exención das labores doméstico-familiares.
- As amas de casa son as que máis tempo empregan nas actividades doméstico-familiares (unha media semanal de 7 horas diarias). Pero tamén *a muller con traballo extradoméstico* dedícalle unha cantidade apreciable do seu tempo total (3,40 horas diarias).
- As mulleres mozas, as solteiras, as que posúen máis cualificacións educativas e as que teñen un traballo extradoméstico, son as que dedican menor cantidade de tempo ó fogar. En calquera caso todos estes grupos están discriminados en relación ós grupos homólogos de varóns.

- Nunha análise máis minuciosa e despois de desagrega-las actividades entre traballo doméstico en sentido estricto, coidado dos nenos, adquisición de bens e servicios e desprazamentos, resulta que é no primeiro caso onde a desigualdade amósase de maneira máis extrema, pois os varóns non lle dedican de media semanal nin tan sequera un cuarto de hora diario mentres que as mulleres acadan as catro horas.
- Os varóns desempeñan no fogar actividades esporádicas e/ou periféricas (mantemento e reparación da vivenda, mantemento dos vehículos) e só se incorporan ás outras timidamente como no caso de preparación das comidas e limpeza do fogar. Pero, nembargantes, son éstas as actividades que máis mulleres ocupan con bastante tempo de dedicación.
- A situación da ama de casa é paradigmática: o 97% dedican ó fogar unha media de 5,77 horas en días laborables. Do resultado das enquisas non parece que haxa unha seria diferenza entre o sistema de actividades e emprego de tempo das amas de casa urbanas e rurais. Máis ben parece que se está ante un papel social que garda unhas señas de identidade e unhas pautas de actividade universais para o conxunto das mulleres españolas.
- A ama de casa é o modelo de administración do tempo doméstico da muller casada en xeral.
- Aínda que *dispoñer dun traballo extradoméstico* ou dunha alta cualificación educativa reduce a implicación no traballo doméstico, faino de *modo moi mitigado*. A inserción da muller no mercado de traballo non lle descarga das súas responsabilidades domésticas. Segundo unha das enquisas realizadas as mulleres traballadoras, en días laborables, acadan

un 75% de participación nas tarefas domésticas en xornadas que teñen como duración tres horas.

- A muller con traballo extradoméstico, nos fins de semana, incrementa o tempo dedicado ó fogar que alcanza as tres horas e tres cartos. A situación mostra que para esa categoría de mulleres o fin de semana é o período no que se compensa -cun aumento de dedicación- a falta de dispoñibilidade para o fogar ó longo dos días laborables. Pódese dicir -segundo as enquisas- que a semana da ama de casa propende á atonía, mentras que a da muller traballadora tende á *sobrecarga e a falta de tempo*.
- Os homes con traballo extradoméstico, en días laborais, estreitan ó máximo o tempo invertido na tarefas domésticas. Ó chega-lo fin de semana crece algo, pero sempre en proporción inferior ás mulleres.
- O que si parece estar ocorrido é que, sen ampliar a súa inversión de tempo, os varóns máis educados tenden a involucrarse máis nas faenas do fogar aproveitando, sobre todo, os fins de semana.
- Do resultado das enquisas despréndese unha gran desigualdade nas aportacións ó fogar de ámbolos sexos.

Recentemente e nun traballo da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude denominado “*Estudio sobre a sociedade galega 1996*”, abórdase -entre outras cuestións- o equilibrio entre familia/traballo e coidado dos fillos. Nel e como resultado da investigación levada a cabo indícase que,

“Aínda é frecuente, no 46,2% das ocasións, que a muller con fillos se dedique ás tarefas do fogar, é máis, xa indicamos que o matrimonio ou o coidado dos fillos segue a se-lo motivo principal de abandono ou renuncia voluntaria ó posto de traballo. Este feito é especialmente típico na muller rural, residente en núcleos urbanos inferiores a dez mil habitantes.

Sen embargo, o 32,9% das mulleres combinan o coidado dos fillos co seu traballo retribuído. As cousas non cambiaron demasiado: O 82,5% das mulleres ocupados coidan a diario ós fillos, fronte ó 71% dos varóns. A circunstancia da súa participación no mundo laboral e polo tanto a aportación de ingresos á familia, non fixo cambia-las concepcións sociais da muller como principal coidadora dos fillos.

A todo o exposto hai que engadir que, tal e como presentamos ó analiza-la discriminación laboral da muller en función do sexo, o feito de ter familia ó seu coidado suponlle un motivo de discriminación a nivel laboral e en tódolos ámbitos da súa realización profesional: O 66% das mulleres ocupadas comparten esta opinión.”

No mesmo estudio, e no apartado correspondente á familia e o coidado dos fillos sinálase o seguinte:

“O 66% das mulleres declara participar diariamente no coidado dos seus fillos, mentres nos varóns esta porcentaxe redúcese ó 57,9%. Este factor, aínda que en descenso, está a ser un dos principais factores a ter en conta á hora de valora-los impedimentos da clase feminina para incorporarse ó mundo laboral.”

Pois ben, ata aquí contéplase o problema enunciado. A muller traballadora con cargas familiares atópase nunha situación de inferioridade ou desvantaxe á hora de compatibiliza-las súas

obrigacións profesionais coas responsabilidades familiares debido a que, aínda na actualidade -e coas salvidades feitas- afronta en primeiro termo, as tarefas domésticas en ausencia dunha contribución decidida do home nelas.

O Convenio do OIT núm. 156 foi consciente desta situación e por iso o *art. 3* dispón que *“con miras a crea-la igualdade efectiva de oportunidades e de trato entre traballadores e traballadoras, cada membro terá que incluír entre os obxectivos da súa política nacional que as personas con responsabilidades familiares que desempeñen ou desexen desempeñar un emprego exerzan o seu dereito a facelo sen ser obxecto de discriminación e, na medida do posible, sen conflito entre as súas responsabilidades familiares e profesionais”* engadindo no *art. 8* que *“a responsabilidade familiar non pode constituír por si mesma unha causa xustificativa para poñer fin á relación de traballo”*.

En definitiva, constituindo un *“hándicaps”* para a muller traballadora compaxina-lo seu traballo extradoméstico coas tarefas do fogar familiar, os poderes públicos deben arbitrar -sequera con maior intesidade a como veñen facéndoo- actuacións de signo positivo favorecedoras desa compatibilidade de traballos aínda que, quizais, as accións máis eficaces neste punto serían a asunción dos valores de coparticipación nas tarefas do fogar entre homes e mulleres, e a educación no ideario da igualdade de xéneros que conduza a unha distribución máis equitativa das cargas familiares entre os cónxuxes ou parellas que convivan xuntos.

3.8.2. O servicio do fogar familiar a exame.

En España a presenza da muller, nas distintas ocupacións, pódese agrupar principalmente nas seguintes ramas de actividade: hostelería, comercio, ensinanza, sanidade, e *servicio doméstico*. Imos a prestar atención a esta última.

O traballo doméstico que se concerta polo titular dun fogar familiar como empregador, con persoas, que dependentes e por conta deste, prestan servicios no ámbito do fogar familiar, realizando todo tipo de tarefas domésticas, tales como o coidado do fogar, atención ós membros da familia etc., está configurado no ordenamento xurídico laboral como unha relación laboral de carácter especial regulada polo *Real Decreto 1424/1985, de 1 de agosto*. A súa vez os empregados de fogar están incluídos nun Réxime Especial da Seguridade Social (así denominado) no que a súa norma reguladora é o *Real Decreto 2346/1969, de 25 de setembro*.

Antes de analizar algunhas peculiaridades desta relación de traballo especial e do contido protector da seguridade social que beneficia a este colectivo, imos a sinalar algúns datos que xuzgamos de interese.

Nos últimos anos descendeu a afiliación ó Réxime Especial de Seguridade Social de empregados do fogar: en 1982 había 372.500 afiliados, 235.800 en 1988, 144.100 en 1995 e 142.600 en 1997. Este decrecemento na afiliación pode obedecer a diversas causas, como por exemplo a cotización (no ano 1998 é de 18.000 pts/mes, das cales 15.000 pts. correspondenlle ó empregado), porque nos traballos por horas corresponde efectualo ó empregado (traballos con carácter parcial ou discontinuo). Nembargantes o dito Réxime rexistra en 1997 203.800 pensionistas, o que en termos actuariais é unha situación catastrófica porque deberán se-los empregadores e empregados dos sectores industrial, de servicios, etc., quenes os financien. Un dato revelador é o da idade media dos afiliados, que están no grupo de idade de 55/64 o que indica unha utilización estratéxica da afiliación para obter unha pensión futura.

O colectivo presenta unha contradicción. Mentras a afiliación á Seguridade Social diminúe, nembargantes, os empregados de fogar aumentan tanto polo lado da oferta como por parte da demanda. Por parte desta debido, sen dúbida, á incorporación da muller ó traballo, xa que esta situación -como se viu sinalando- non leva unha redistribución das tarefas domésticas.

Neste orde de cousas tamén aquí se rexistra un feito singular. Fai anos, se un home axudaba nas labores domésticas e o dicía, víase con malos ollos. Hoxe precisamente o que se ve mal é manifestar que non se colabora nas tarefas do fogar. Nembargantes, o comportamento real do home contradí o que proclama verbalmente, puidérase dicir “para quedar ben”. A incorporación da muller ó mercado laboral provoca a contratación, en numerosas ocasións, dunha empregada do servizo doméstico.

Como feitos a ter en conta merecen destacarse algúns mais. Segundo a EPA (datos de 1997) o 6% das mulleres ocupadas son empregadas de fogar e no grupo de idade de 16-19 anos a porcentaxe ascende ó 9% o que introduce un problema: interrúmpese o proceso formativo. A idade de comeza-la traballar nesa actividade, en moitos casos, é anterior ós 16 anos e os estranxeiros -tamén nunha proporción apreciable- buscan e atopan traballo como servidores domésticos.

Co que se dixo estamos en condicións de entrar nas características propias desa relación laboral especial, así como das diferencias que se atopan, con respecto ó Réxime Xeral, no Réxime Especial da Seguridade Social que acolle ós empregados de fogar.

O fin do traballo a desenvolver na prestación laboral indicada é o doméstico, dirixido a producir valores de uso para o núcleo familiar ó marxe da fábrica propiamente dita.

O traballador do fogar non produce bens de intercambio no mercado. Na medida en que o traballo se desenvolve e localiza no fogar (domicilio, ámbito de privacidade) diso derívanse unhas *notas desfavorables* para esta relación laboral, que lle confiren un carácter de *debilidade* con respecto á relación laboral común (*ausencia de negociación colectiva, carácter personalísimo e de confianza da relación, eliminación das características da estabilidade do emprego* ω *recoñecemento do desestímulo do empregador que extingue o contrato*

verbal ou escrito con anterioridade ó tempo acordado). Por outro lado, ó desenvolverse dentro do domicilio familiar o traballo dos empregados do fogar existe un problema para comprobar e controla-las condicións en que se realiza o mesmo por parte da inspección de traballo, que, para iso, tería que solicitar, se existira oposición do cabeza de familia, o oportuno mandamento xudicial de entrada no domicilio o que resulta complicado nesa situación. Esa debilidade acrecéntase, porque á relación laboral especial do servicio do fogar familiar non se lle aplica a Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais aínda que o *art. 3.4* manifesta que “... *o titular do fogar familiar está obrigado a coidar de que o traballo dos seus empregados se realice nas debidas condicións de seguridade e hixiene*”. Por outra banda, o colectivo de empregados de fogar presenta algunha característica máis a engadir: o traballo que levan a cabo adopta ser a tempo parcial e con soldos máis ben baixos; é polo demais, un colectivo socialmente invisible xa que traballan ailladamente, non están afiliados ós sindicatos (polo xeral) e non empregan medidas de conflito colectivo (folgas, etc.). Se reparamos no feito de que no dito colectivo intégranse moitas mulleres con escasos estudos, e que existe unha porcentaxe alta de empregados de fogar sen contrato por escrito, conviremos na situación de *inferioridade e desigualdade* en que se atopa a traballadora do servicio doméstico como tradicionalmente se denominou a este tipo de prestación laboral.

Chegados a este punto podemos, por último, reflexionar sobre algunhas diferencias - non todas- no contido protector da seguridade social que ampara ós empregados de fogar. En principio temos que sinalar que existe un debilitamento da acción protectora debido a que dito colectivo *non ten cobertura por desemprego*. Agora ben, no referente á *cotización* prodúcese tamén unha situación desvantaxosa -podería tildarse de *discriminatoria*- que pasamos a mencionar. *En primeiro termo* a obrigaón de cotizar está sempre referida a meses completos, calquera que sexa o número de días e horas traballadas durante cada mes, e aínda que o traballador preste os seus servicios mediante contratos a tempo parcial. Se pensamos que nesta relación laboral é máis frecuente e predomina o traballo a tempo parcial, e que no suposto de

prestación de servicios con carácter parcial ou discontinuo o suxeito obrigado a cotizar é o propio empregado, percatarémonos da importancia desa circunstancia tan adversa para este colectivo de traballadores. *En segundo lugar*, na situación de maternidade, a cotización corre a cargo do cabeza de familia e do empregado só o mes correspondente á baixa, porque o resto dos meses, incluído o de alta, é da exclusiva responsabilidade do traballador. Nin que dicir ten as consecuencias do indicado para un colectivo de traballadores maioritariamente integrado por mulleres.

Finalmente cabe referirse a unha cuestión de capital importancia: ¿qué tratamento, e qué consecuencias debe te-lo despido dunha empregada de fogar por estar embarazada?. Sabido é que na relación laboral común, como máis atrás quedou reseñado, o despido dunha muller traballadora motivado polo seu embarazo ten o carácter de despido discriminatorio, coa consecuencia de ser nulo radical, e levando aparelado a readmisión da traballadora. Na relación laboral especial do servizo do fogar familiar, ó estar baseada na confianza, e primar nela a temporalidade, é moi discutible que un despido discriminatorio poda conleva-lo efecto da readmisión da empregada. Non queda clara a solución na regulación legal, si ben ésta podería chegar nesos casos, cun incremento do quantum indemnizatorio á empregada despedida. Pero o que se quere deixar reflectido é que tamén, neste punto -o despido discriminatorio por razón de sexo-, a empregada do fogar está nunha situación de maior desvantaxe que a muller traballadora que é parte dunha relación laboral común.

Pois ben, chegados a este punto so resta concluir. A través deste traballo, o Valedor do Pobo quixo poñer de manifesto cales son e qué dificultades existen -a pesares dos avances-, para conseguir unha igualdade efectiva no mundo laboral entre homes e mulleres, obxectivo ó que deben volca-los seus esforzos tanto os cidadáns, empregados (a través das súas organizacións sindicais) e empregadores (a través das asociacións empresariais) como os poderes públicos.

CAPÍTULO 4

ALGÚNS COLECTIVOS ESPECIALMENTE MARXINADOS E EXCLUÍDOS

4.1. O DURO ESFORZO DA COMUNIDADE XITANA POR FACERSE UN SITIO NA SOCIEDADE GALEGA.

Segundo os datos do estudio monográfico “A Comunidade Xitana en Galicia”, editado pola Dirección Xeral de Servizos Sociais da Xunta, na nosa Comunidade Autónoma viven unhas 6.750 persoas que a súa vez forman unhas 1.350 familias de etnia xitana. Constitúen ó redor de 150 asentamentos localizados en medio centenar de concellos.

Pola súa procedencia ó asentarse en Galicia, os xitanos dividense en tres grupos: os xitanos “galegos” propiamente ditos, que se asentaron en Galicia cara a década dos 60 e constitúen ó redor do 81% dos xitanos que residen. Os xitanos denominados “zamoranos”, que chegaron a Galicia durante a década dos 70, en busca de mercados para a venda ambulante e foron asentándose sobre todo na provincia de Pontevedra (Porriño, Marín, Tui). Veñen a constituir unhas 1.000 persoas, aproximadamente o 16 % dos que viven en Galicia. Finalmente, hai outro pequeno grupo, o dos chamados “portugueses”. Unha parte deste grupo non se consideran a sí mesmos xitanos aínda que adopten en boa parte as súas formas de vida.

Anque non se sabe moi ben ata que punto é aínda riguroso o censo dos xitanos, é obvio que estes constitúen unha pequena minoría dentro da comunidade galega (calcúlase que só un 0,23% dos galegos son xitanos, mentras no conxunto da sociedade española o serían 0,80%, (uns 700.000). En canto ó tempo que levan asentados entre nós, é tamén relativamente curto, se se comparan as catro décadas de permanencia cos case cinco seculos transcorridos desde a súa chegada a España.

Hoxe atópanse asentados en casi tódolos principais municipios das catro provincias galegas. Na provincia de A Coruña, o maior asentamento atópase ó redor da capital, con unhas

1.660 persoas, Ferrol (117), Santiago (58), Riveira (61), Narón (29), Culleredo (40), Mugardos (36), Noia (34) e outros, ata contabilizar no conxunto da provincia unhas 3.280 persoas de etnia xitana. Na provincia de Lugo censáronse un total de 685 xitanos, sendo os asentamentos máis numerosos os de Lugo capital (387 persoas), Viveiro (151) e Ribadeo (81). O censo xitano da provincia de Ourense contabiliza 806 persoas, sendo os asentamentos máis numerosos o da capital (231), Verín (152), Viana do Bolo (65), Maceda (71), Maside (68), O Carballiño (57) e Xinzo da Limia (con 48). Na provincia de Pontevedra contabilízan-se un total de 1.983 persoas de etnia xitana. Os municipios que contan con asentamentos maiores son Vigo (566 persoas), Porriño (405), Poio (282), Pontevedra capital (255), Vilagarcía (169), Tui (140).

4.1.1. Dificultades de integración

En calquera sociedade, o concepto de integración vincúlase co recoñecemento da igualdade de dereitos e deberes. Supón a aceptación do pluralismo social e político. En último término, é un concepto e unha realidade que só poden desenvolverse en democracia. Pero é ben sabido que durante os casi cinco séculos que os xitanos levan establecidos en España, os periodos de democracia foron máis ben cortos e azarosos. E que, como xa dixemos, o seu asentamento en Galicia só foi consolidándose durante as últimas catro décadas.

O caso é que debido as escasísimas facilidades de integración que se lles ofreceron por parte da maioría paia, xunto ó medo instintivo e conseguinte resistencia das minorías étnico-culturais a ser absorvidas e desaparecer como tales, os grupos de etnia xitana tenderon a manterse formando guetos. Segundo a tese que espuxemos no primeiro capítulo de este informe,

no sentido que o factor máis forte de discriminación é a pobreza, as discriminacións castigaron máis ós xitanos pobres que ós de economía folgada (que tamén os hai). Por moi diferente que sexa nas súas costumes privadas ou no cor da súa pel, se un xitano se presenta nun bon coche, vive nun piso aceptablemente bo e dirixe un negocio boiante, é recibido con outro respecto que non se presta ó que habita nunha chavola, é analfabeto, e non se sabe ben de qué vive. O que pasa é que a gran maioría dos xitanos pertencen a este último grupo.

A actual Constitución Española propugna para España “como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xusticia, a igualdade e o **pluralismo político**” (art. 1). E prohíbe toda discriminación “por razón de nacemento, **raza**, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social” (Art. 14). Pero unha cousa é contar cun texto constitucional moderno e progresista, e outra facelo realidade na vida de cada día. Isto último constitúe en bastantes aspectos unha tarefa practicamente inacabable. As maiorías sociais tenden a impoñer as súas costumes e prexucios ás minorías. Impoñerllas como as pautas correctas de comportamento e aínda de **normalidade**. E de feito aínda o concepto de *integración* que hoxe se utiliza por boa parte das persoas (profesionais ou voluntarios) que traballan en favor dos xitanos non carece de certa ambigüedad. ¿Tráta-se de integralos enriquecendo reciprocamente a súa cultura e a dos paícos cos elementos máis positivos de cada unha, ou de absorber e diluir a cultura da etnia xitana borrando a longo prazo a súa diferenciación como pobo?.

Os estudiosos da evolución histórica do pobo xitano distinguen para o caso galego, tres procesos, tratando sempre de adaptarse ós modelos económicos que prevalecían no maioritario mundo paíco. Nun primeiro proceso, os xitanos participan nalgúns traballos temporeiros demandados pola economía de subsistencia. Levan unha vida nómada, vendendo en forma ambulante os produtos dos seus traballos como cesteiros, ferreiros, etc. Unhas veces ofrecéndoos de porta en porta e outras aproveitando as feiras populares e os mercadillos nas rúas. Tamén contribúe a reforzar esta forma nómada de vida a costume tradicional xitana de

desplazarse para visitar ós demais membros da súa linaxe con motivos de bodas, enterros e outros acontecementos propios da súa tradición.

Pero a este primeiro periodo de nomadismo sucedeu outro de sedentarización. Os automovís e estradas que comunican practicamente a tódalas aldeas; a apertura de tendas e pequenos negocios en case que tódolos pobos, coa conseguinte desaparición práctica das feiras e mercadillos. As novas oleadas de campesinos que marcharon en busca de traballo ás cidades e países de emigración; todo iso arrasou tamén coa forma de vida dos xitanos nómadas. Comezaron a asentarse ó redor das cidades, dedicándose á recollida de chatarra, e outras tarefas como o peonaxe, sen renunciar do todo á venda ambulante que agora fan en coches que substitúen ás antigas cabalerías e poden regresar no mesmo día. Fan esforzos por integrar ós nenos mandándoos á escola; por facerse cunha vivenda, propia ou alquilada.

Pero todo este proceso non deixa de tropezar con dificultades especiais en comparación cos paios. Os nenos dos xitanos soen ter que deixar máis pronto a escola para axudar no coidado dos irmáns máis pequenos. No mesmo contido da ensinanza (ou en programas de televisión) apenas atopan símbolos ou exemplos representativos da súa propia cultura e as súas formas de vida. Outras veces son os prexuízos dos pais de familia paios os que se opoñen a que os nenos xitanos vaian ó mesmo colexio ó que asisten os seus fillos. En algúns casos fixéronse experimentos en escolas exclusivas para nenos xitanos; pero os resultados non parecen ter sido moi positivos tampouco. Pois si nestas escolas se poden aplicar métodos máis en consonancia coa cultura que tiveron na familia, o perigo é formar con eles novos guetos que os impidan integrarse cos demais nenos da xeneración á que pertencen. Fai poucos meses convertiuse en noticia periodística o feito de que unha xove xitana, ó parecer a primeira en Galicia, chegase a matricularse na Universidade. O feito mesmo de que se convertise en noticia (cousa moi especial) é xa de por si ben significativo do lonxe que estamos aínda dunha integración entendida como *normalidade*.

Ademáis nos atopamos con feitos como a mesma brevidade do tempo que os cidadáns de etnia xitana levan implantados en Galicia. Isto non lles permitiu facer aportacións importantes á cultura xeral da nosa sociedade, (ó contrario do que sucedeu por exemplo en Andalucía). Outro dato a citar é que xeneralmente os xitanos non falan galego. Cando chegaron a Galicia aprenderan o castelán noutras rexións (ademáis do seu propio idioma, o romaní que falan entre eles). E agora se atopan, se teñen que integrarse, con que teñen que aprender tamén o galego.

Finalmente, a globalización está facendo desaparecer moitos traballos e oficios enteiros. Si esto o sinten en carne propia centos de miles de pequenos campesinos galegos, se pode imaxinala dureza do coste que isto ten para unha etnia xitana na que os seus adultos na súa maioría non poideron sequera ir á escola. (Unha enquisa nos daba fai pouco que o 75% dos xitanos son aínda analfabetos.)

En canto á integración das persoas de etnia xitana na vivenda, as dificultades son, si cabe, maiores aínda que na escola. Aínda demasiados concellos se plantexan o problema, non como unha necesidade de proporcionar unha vivenda digna ós xitanos senón como proxecto de acabar co chabolismo e revalorizalos solares así liberados para que podan construírse máis vivendas de clase media ou alta. Pero como nalgún lado teñen que meterse os xitanos, se atopan con que a maioría da poboación se opón a que vaian a vivir entre eles co pretexto de que fan moito ruído, teñen demasiados nenos, levan consigo algún animal doméstico (cans, galiñas...) e en xeral teñen costumes distintas. Ás veces, un plan de integración excelentemente plantexado por un Concello se estrela contra a oposición de titulares de vivendas ou arrendatarios que se negan a ter por veciños ós xitanos. Como expresaba fai pouco o Alcalde dunha cidade galega: “aquí todos negamos ser racistas, pero ninguén quere que os xitanos se instalen cerca da súa casa”.

Finalmente, aínda quedan autoridades administrativas que borran a unha familia xitana da lista de recipendarios dunha vivenda de protección oficial previamente aprobada, e logo, cando a queixa chega ó Valedor do Pobo e se abre un expediente sobre o tema se intenta xustifica-la exclusión co peregrino argumento de que se excluiu a esa familia por carecer da solvencia necesaria xa que unha parte dos seus ingresos fixos proceden de pensións non contributivas. Como si esos ingresos non fosen máis seguros e fixos para facer fronte ós pagos periódicos que os que poden obter por exemplo tantos xovenes con traballos temporais.

En resumo, que despois de transcorridos case cinco séculos entre periodos de persecución aberta a veces e o mantemento habitual dos prexucios, a integración da etnia xitana (na escola, a vivenda, a vecindade, o traballo) segue sendo unha importante asignatura pendiente para a sociedade española. E menos mal que agora vai tomándose conciencia diso.

4.2. A MARXINACIÓN SOCIAL DOS HOMOSEXUAIS

Nunha enquisa que os seus resultados foron presentados nas XV Xornadas de Ensinantes con xitanos (Facultade de Humanidades da Universidade de A Coruña, 2 ó 5 de setembro de 1995), reflexábase que os homosexuais eran o segundo colectivo máis rexeitado, despois dos xitanos, pola maioría da nosa sociedade. Coincide este dato coas respostas que recibimos á enquisa coa que comenzamos a elaboración deste informe. Boa parte dos colectivos e institucións ós que diriximos a enquisa coincidiron en incluír ós homosexuais como un dos grupos máis marxidados. Pola súa parte o Colectivo Gai de Santiago de Compostela, do que antes recibíramos unha queixa que rematou resolvéndose favorablemente, foi un dos primeiros que nos acusou recibo da enquisa, agradecendo que os tiveramos en conta e anunciando que comenzaban a elaborar un dossier sobre a súa peculiar situación e que nolo farían chegar tan pronto o concluíran. Pero de feito, dito dossier nunca foi recibido no Valedor do Pobo. Vímonos

obrigados a prescindir da súa anunciada aportación e documentarnos pola nosa conta na medida que puidemos.

Por homosexuais entendemos eiquí en xeral a aquelas persoas (homes ou mulleres) que a súa inclinación sexual profunda, as orienta cara á relación con outras persoas do seu mesmo **xénero**: homes cara outros homes e mulleres cara outras mulleres. Outras terminoloxías máis matizadas usan o nome de **gai** cando refírense a homes e reservan o de **lesbianas** para as mulleres. Se se sinten inclinados a relacionarse, máis ou menos indistintamente con persoas de ámbolos dous xéneros, (homes e mulleres) acostuman chamarse **bisexuais**.

A discriminación contra esta clase de persoas, chámase hoxe **discriminación por razón de orientación sexual**. E o que viña chamándose discriminación por razón de sexo, vai sendo cada vez máis substituído pola de **discriminación por razón de xénero**. O longo capítulo que neste mesmo informe dedicamos ás discriminacións que aínda sofren as mulleres no ámbito laboral, é un exemplo de discriminación das persoas do xénero feminino no traballo. Pero no presente subcapítulo referímonos ás discriminacións, menosprecios e malos tratos de que son obxecto as persoas tanto do xénero masculino como do feminino que teñen unha orientación sexual distinta da que prevalece entre a maioría.

Non puidemos atopar enquisas científicas que nos permitan cuantifica-lo número de homosexuais que existen en Galicia. Comenzouse a escribir sobre eles nalgúns artigos de prensa (por exemplo revista “*TEMPOS NOVOS*” “*Homosexuais fóra do armario. Colectivos homosexuais de Galicia*”, número 13, xuño de 1998, páxinas 13 a 18).

Baseándonos en estudos feitos para o conxunto de España e, sobre todo, nos de outros países do mundo occidental, as enquisas afirman que a porcentaxe de homosexuais oscila entre un 7 % e un 11 % do conxunto da poboación. É dicir, no conxunto de España virían a ser

entre 2.800.000 e 4.400.000 (redondeando en 40 millóns a poboación total de España). E en Galicia, se se supón que a súa poboación total é de 2.800.000 persoas, o seu número de homosexuais andaría entre os 196.000 e os 308.000. En calquera caso, constitúen un numeroso colectivo que están e se sinten gravemente discriminados, ben pola normativa legal ou, moito máis frecuente aínda, polos prexuízos das maiorías heterosexuais.

4.2.1. Normativa legal.

É xa de por sí bastante significativo e discriminante partir do feito de que os homosexuais deben ser sometidos a unha lexislación legal específica. O lóxico sería, é, que sexan tratados legalmente como os demais cidadáns. Non obstante é esencial recordar tamén que os dereitos e liberdades das persoas con esta orientación sexual, son moito máis recortados e reprimidos nos tempos de dictadura que nos de democracia.

En plena dictadura franquista, foi promulgada, en xullo de 1954, a Lei de Vagos e Maleantes. Viña a substituír á Lei do mesmo nome promulgada en 1933 (durante o tempo da II República). Nesta reforma de 1954, no seu artigo 2 - 2º, equiparábase ós homosexuais cos rufiáns e proxenetas, e entre as medidas discriminatorias (artigo 6, número 20), figuraba o internalos en institucións especiais “e en todo caso, con absoluta separación dos demais”. (Vid. *“Homosexualidad, Homosexuales y uniones homosexuales en el Derecho español”*, Granada , 1996, citado por Juan Vicente Aliaga y José Miguel Cortés no seu libro *“Identidad y diferencia - Sobre la cultura Gay en España”*, páxinas 28 e seguintes, *Editorial Gay y Lesbiana*, Barcelona - Madrid, 1997). En agosto de 1970 se promulgou a Lei de Peligrosidade e Rehabilitación Social. A novidade desta lei viña a ser que non consideraba perigoso nin punible ser homosexual, senón realizar “actos merecedores de ser catalogados como homosexuais”. Consideraba ós homosexuais como persoas enfermas e perigosas, que habería que someter a rehabilitación.

Entre estos actos considerados como homosexuais, aquela lei enumeraba tales como “a masturbación e os tocamientos lascivos de calquera condición”. Esta lei serviu ó Código Penal entón vixente (artigo 431) para crear o caixón de sastre polo que se penalizaba todo aquilo “que ofendera ó pudor ou ás boas costumes con feitos de grave escándalo ou transcendencia”.

Só unha vez instaurada a democracia e aprobada a Constitución de 1978, por decreto-lei de 4 de xaneiro de 1979, foron eliminados desta lei os chamados “actos de homosexualidade”. Sen embargo só en 1988 se eliminaría do Código Penal o concepto de “escándalo público”.

É coa entrada en vigor do novo Código Penal (25 de maio de 1996), chamado por moitos “código da democracia”, cando a homofobia convírtese en delito, igual que a xenofobia e outros. Nos artigos 510, 511 e 512 do novo Código Penal a discriminación por “orientación sexual” queda tipificada entre os “delictos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidas pola Constitución”.

Ó dar este paso, histórico sen dúbida, o novo Código Penal non facía senón aplicar ó tema da “orientación sexual” a doutrina do artigo 14 da Constitución que consagra a igualdade de dereitos entre tódolos cidadáns e prohibe toda discriminación, entre outras a cometida por razón de “sexo”. Prohibición que comenzara a tomarse en conta ó tratarse do xénero (discriminación entre homes e mulleres), pero que se seguía ignorando se se trataba tamén da orientación sexual (discriminación entre homosexuais e heterosexuais).

4.2.2. Na práctica cotidián

A condición homosexual quedaba pois acollida e protexida pola Constitución. A homofobia ou discriminación dos homosexuais, pasaba a ser prohibida e castigada polo Código Penal. Parecería que a nivel xurídico legal o problema da propia orientación sexual de cada un quedaba resolto. Pero ¿era así na práctica da vida diaria?. De ningunha maneira. Da proclamación constitucional á lexislación positiva, desta á mentalidade e capacidade interpretativa dos xuíces e fiscais; ata facerse costume na sensibilidade e maneira de actuar dos que redactan os libros de texto ou os impresos dunhas oposicións; todo isto constituiría un longuísimos camiño que percorrer.

Cítemos a modo de simple exemplo, unha das queixas que fai anos enviou un grupo de gays organizados ó Valedor do Pobo. Algúns deles preparaban unhas oposicións para un organismo da Administración Pública, e nun dos impresos polos que a Administración os ía examinar, enumerábase a homosexualidade como exemplo das enfermidades sexuais. Certo que ante a intervención e recomendación do Valedor, a Administración actuou con dilixencia corrixindo a pregunta do impreso coma un “erro de imprenta”. Pero a verdade é que pasaran xa vintetantos anos desde que a máxima autoridade mundial na materia, a Federación de Asociacións de Psiquiatras dos Estados Unidos, deixara de considerar á homosexualidade como enfermidade ou anormalidade de ningún tipo. Tratábase pois dun simple anacronismo burocrático. Anacronismo que, probablemente sen mala vontade de ninguén, seguía humillando e rebaixando a dignidade de moitas persoas.

Outro exemplo sacado do mundo xurídico-político destes últimos anos: as interminables discusións acerca dos diversos proxectos de lei sobre parellas de feito. Parece que un dos puntos de maior discrepancia é o de se se lles debe recoñecer ou non ás parellas homosexuais o dereito a adoptar nenos. O Valedor do Pobo non ignora que se trata dun tema delicado, e non vai dar aquí ningunha opinión persoal sobre o mesmo. Trátase sen dúbida de atopar para cada neno ou nena que van ser adoptados aquela parella que parece máis idónea para educalos e acompañalos

na vida. E parece darse por suposto que, para isto, o ideal son as parellas formadas por un pai e unha nai heterosexuais. Pero o problema ten tamén outras caras que ó parecer ninguén quere ver. Comenzando por ésta: ¿Cómo pode darse por suposto que toda parella unida en matrimonio formal está composta por dous membros que son heterosexuais?. ¿Quérese ignorar acaso que non poucos homosexuais e lesbianas foron empuxados a casarse sen a máis mínima vocación matrimonial e para non verse obrigados a seguir aguantando as presións dunha sociedade, supostamente heterosexual na súa totalidade?. Familiares, compañeiros de traballo, veciños, supostos amigos que non os coñecen nin comprenden en profundidade....

Outro aspecto que nunca se ve plantexar nas discusións legais, é a cuestión de **qué é educar**. Porque educar é ante todo, a nivel familiar, ensinar ó neno a ir descubríndose a sí mesmo e a crecer desde o que él realmente é: como homosexual ou como heterosexual, segundo sexa a orientación profunda do seu propio ser. ¿E qué pasa cos nenos que se van descubrindo como homosexuais (ou lesbianas no caso das nenas) e se atopan entregados en adopción a parellas heterosexuais?. ¿Cómo poden os seus pais adoptivos ser capaces de comprendelos e axudalos a crecer desde sí mesmos?.

Pero quizáis a situación máis dolorosamente dramática é a de aquelas persoas homosexuais que, sen ter clara conciencia da súa propia condición ou pensando que co estatus social do matrimonio poderían evitarse as mofas, os chistes machistas do peor gusto e a máis baixa estofa, as impertinentes insinuacións dos propios familiares cós que convive (“e tí, ¿cando pensas botarte novia/o”, da irmá; ou “mira que eu quero coñece-los meus netos antes de morrer”, por parte da nai; ou os menosprecios do pai..; ou no mellor dos casos, a substitución da comprensión e o respecto por unha ambigua compasión...). ¿E se, como é tan frecuente, unha parella da que forma parte un homosexual (ou lesbiana) teñen fillos?. Os que caeron nesta dobre trampa -o matrimonio e a paternidade- son os que están xeneralmente condenados a pasalo peor. A dobre vida ten que soportarse no seo do propio fogar familiar. Co que isto leva consigo

en canto a bloqueo da confianza e a sinceridade. O engano que falseou desde o comenzo a relación coa propia parella ten que extenderse necesariamente ós fillos cando estes van crecendo. O verdadeiro diálogo elúdese. Certas preguntas evítanse e, as respostas falsas multiplícanse ata converti-las relacións de familia nunha verdadeira esquizofrenia. Pois esta é a situación nunha boa parte de decenas de milleiros de persoas e fogares en Galicia. Situacións que non acostuman a verse tanto a simple vista, porque, pese á Constitución, o Novo Código Penal e outras trabas de tipo legal que foron desaparecendo, a realidade da vida diaria é que a gran maioría dos homosexuais seguen véndose obrigados á clandestinidade ou á semi-clandestinidade na súa vida diaria.

Ó tratar das discriminacións que sofren en xeral as persoas da etnia xitana, matizabamos que tal discriminación queda amortiguada ou incluso pode desaparecer cara as minorías desta etnia que acadaron unha situación economicamente desafogada que lles permite vestir ben, ter coche propio, ter ós seus fillos en colexios, mercarse unha vivenda.... Tratándose das discriminacións que se inflíxen ós homosexuais, a situación non é así. Estes pertencen a tódalas clases económico-sociais. E os que acostuman a estar mellor dotados para facer fronte á discriminación, son aqueles que, en primeiro lugar tiveron un ambiente familiar e educacional no que se lles aceptaba con certa naturalidade. E en segundo lugar lograron destacarse profesionalmente no intelectual, o creativo, o liderazgo ou os negocios. Por suposto que estes constitúen a minoría; pero se o lograron obteñen unha confianza en sí mesmos que os axuda a vivi-la súa vida privada con discreción e á vez sen deixarse aplastar polos tabúes, as maledicencias ou as simples incompreensións da maioría, autoconsiderada “normal”.

En resumo, podemos dicir que se a discriminación cara ós homosexuais (e lesbianas) vai sendo desterrada da normativa legal, abunda demasiado aínda no plano social. Acabar con ela é tarefa de longo alcance. E o éxito desta tarefa depende tanto de que vaia elevándose o nivel de cultura e tolerancia da maioría da sociedade (nos ámbitos familiares, escolares, laborales.....),

como da naturalidade coa que as minorías homosexuais e lesbianas vaían aceptándose a sí mesmas e o acerto co que vaían aprendendo a darse a coñecer.

4.3. ALGÚNS EXEMPLOS DE COLECTIVOS MÁIS CLARAMENTE EXCLUIDOS

Referímonos aquí a algúns exemplos de colectivos de persoas nos que a exclusión social é especialmente clara. Aínda que queremos deixar ben patente que éstos non constitúen senón unha minúscula punta do iceberg do conxunto de excluídos. Pois a gran maioría dos excluídos pasan habitualmente desapercibidos á conciencia maioritaria da sociedade. E isto tanto pola propia natureza social do excluído, como polo incómodo que resulta á sociedade o tomar conciencia de que de feito os está excluíndo. De ahí que a presenza dos excluídos tenda a quedar difuminada ou semioculta, e só aflore a través dos análises científicos ou en contacto cos funcionarios dos servizos sociais.

Si un destes colectivos máis visibles é o dos transeuntes sen teito, ou o dos mendigos, un dos menos visibles é o dos inmigrantes ilegais.

4.3.1. Os transeuntes sen teito

Decíamos que o colectivo dos itinerantes sen teito é un dos máis visibles. Típico deste colectivo é que, ó non ter fogar de referencia, tampouco están empadroados en lugar algún. Non votan, non cobran prestacións sociais fixas, non manteñen correspondencia. Os seus centros de encontro e acollida provisional soen ser as cocinas económicas, os alberges de transeuntes de algunhas cidades e demáis.

Certos estudos calculan que en España hai máis de 55.000 transeuntes sen teito. Cáritas de Galicia calculaba fai pouco que na nosa Comunidade Autónoma son uns 1.500 estes transeuntes sen fogar, que circulan polas nosas cidades en demanda de comida, un lugar onde dormir e outros servizos elementais con que ir apuntalando a súa supervivencia. Cáritas sinalaba tamén que entre estes transeuntes abundan cada vez máis os mozos, e que os seus principais lugares de destino son cidades como Santiago, Ferrol, Vigo, Vilagarcía, ou A Coruña, a onde o máis habitual é que cheguen en tren.

Outros datos sobre este colectivo son que está formado en un 95% dos casos por homes; na súa gran maioría non casados e procedentes dunha familia marxinal; a súa idade preponderante é a de 30 a 55 anos, aínda que con tendencia a aumentar o número de mozos; e que o 90% son de nacionalidade española.

Soen ser persoas que carecen de recursos, e só unha mínima parte reciben algún tipo de pensión ou prestación pública. Algúns son axudados por algún familiar en casos moi puntuais. Abundan entre eles parados de longa duración, a quen as prestacións de paro se lles agotaron. A dependencia do alcohol é frecuente entre os sen teito. Soen ser persoas desarraigadas, que romperon coa súa familia ou foron botados da casa. Entre os problemas de saúde que presentan están os de ansiedade, depresión, angustia. Entre os servizos puntuais que demandan figuran prendas de roupa ou calzado, compra de gafas ou muletas, tramitación para renova-lo carné nacional de identidade, e outros semellantes. Unha parte deles mendigan nas vías públicas das cidades por onde pasan.

No seu informe Cáritas afirma que, ó marxe do alimento e albergue puntuais que tamén necesitan, o verdadeiramente importante para estas persoas sería axudalas a saír da situación en que se atopan e superarse; “darlles opción, en definitiva, a que poidan insertarse na sociedade”. Reinserción que debería comenzar, como primeiro paso, por crear para elas fogares e

residencias onde poidan permanecer por máis tempo, recuperar mellores niveis de saúde e de convivencia, con talleres ocupacionais onde poidan efectuar algun traballo remunerado e recuperar a confianza en sí mesmos.

Pero Cáritas tamén sinala que a actual situación é “moi deficitaria en prestacións para estas persoas”.

4.3.2.. Os inmigrantes ilegais

Galicia non é unha Comunidade que teña un alto volume de inmigrantes. Por desgracia, a nosa escasez e precariedade crónica de postos de traballo nunca puido constituir un polo importante de atracción da emigración extranxeira. É ben sabido que o noso caso foi, historicamente o contrario: producir fluxos masivos de emigrantes cara outros países. Pero iso non nos pode facer olvidar que tamén temos un problema de inmigración. E que, aínda que non sexa excesivamente voluminoso, o colectivo de inmigrantes entre nós se leva con frecuencia a peor parte na orde da marxinação e a exclusión social. Sobre todo os inmigrantes ilegais.

Das respostas que recibimos de institucións á enquisa que lles diriximos para a elaboración deste informe, quizais sexan as de Cáritas as que máis profundizan na análise deste problema: a situación dos inmigrantes ilegais.

Segundo datos dados a coñecer polo Centro de Información para Traballadores Extranxeiros (CITE) do sindicato CC.OO en Galicia viven ó redor de 12.000 inmigrantes. Uns 3.600 son de orixe africano. Boa parte deles proveñen de Portugal. Pero hainos tamén oriúndos doutros países, sobre todo latinoamericanos e árabes. Polo seu propio carácter de obrigadamente clandestinos, é difícil determinar ben cantos deles entraron de forma ilegal e aínda

están sen regularizar. Pero é significativo que as oficinas do mencionado sindicato atenderan en 1996 un total de 2.172 consultas e iniciado 439 expedientes de axuda e regularización destes inmigrantes, casi a metade deles senegaleses. Destos expedientes, 81 foron recursos ante o Tribunal Superior de Xusticia contra a Administración, 140 para renovación de permisos de residencia, 35 solicitando a execución de renovación de visado.

Os principais problemas que fan dos inmigrantes un dos colectivos extremadamente vulnerables á exclusión social son resumidos así por Cáritas Diocesana de Santiago:

- “Sen posibilidades de lograr nada estable neste país.
- Desarraigo cultural e social.
- Algúns se están convertindo en transeúntes, pois non poden estar moito tempo nun sitio sen ser fichados, detidos, expulsados.
- Denegación sistemática de exencións de visado, permisos de residencia e traballo”.

Pola súa parte Cáritas Diocesana de Tui-Vigo enviounos unha detallada exposición da que entresacamos algunhas ideas.

A situación de ilegalidade empuxa a estos inmigrantes a actividades encadradas na economía sumerxida como a venda ambulante, a mendicidade, a prostitución, o servizo doméstico clandestino e en condicións de superexplotación laboral. Con horarios agotadores, e ás veces sen cobrar ningún outro salario que non sexa a alimentación e o aloxamento.

En canto ás dificultades, casi insalvables para obter a documentación que lles permita regularizar a súa situación sinala que, por unha parte se lles esixe ter un traballo legal, o que é practicamente imposible estando na economía sumerxida. Por outra parte, a falta de axilidade nas

relacións cos seus respectivos consulados lles retrasa a obtención da documentación que a Administración lles esixe para regularizalos.

Carecen de cobertura sanitaria. Teñen grandes dificultades de escolarización, a veces por rechazo dos mesmos centros ou dos pais dalgúns escolares. Viven constantemente sen apenas poder comunicarse coa nosa sociedade, e baixo a ameaza de expulsión polas autoridades, que a veces a efectúan “sen observar estrictamente o marco xurídico que a regula”

“A consecución do status de legalidade é a única saída dunha situación que lles aparta dos dereitos esenciais que todo ser humano posee”, proclaman os directivos de Cáritas.

E propugna que o permiso de residencia permanente deba concederse a tódolos que levan 5 anos de permanencia nun país europeo. E aínda que a solicitude de residencia deba considerarse concedida “de forma automática ós 6 meses de silencio administrativo”.

Cáritas defende asimismo como necesarios e de xusticia outras medidas como as seguintes:

- “Os fillos menores deben ser escolarizados independentemente da situación legal dos pais”.

- Durante o periodo de espera previo á repatriación debe estar claramente recoñecido polas autoridades ó aloxamento e manutención.

- A asistencia médica e farmacéutica ten que consolidarse como un dereito de tódolos extranxeiros independentemente da súa situación administrativa e ofertarse con total gratuidade

en caso de necesidade económica. Así patoloxías que supoñan un grave risco para a propia vida teñen que conlevar un permiso de estancia mentras dure o tratamento”.

4.3.2.1. Por unha política de inmigración diferente

Establecer leis e liñas de actuación da nosa política cara os inmigrantes, é competencia da Administración Central do Estado. Por outra parte, a situación xeográfica de Galicia non a convirte en fácil punto de chegada dun gran número de inmigrantes ilegais. Unha parte dos que aquí arriban pode supoñese que o fan por barco (“polizóns”, por exemplo); e que Galicia constitúe para eles un punto máis na súa penosa peregrinación en busca de mellor vida, logo de chegar ó sur nalgunha patera ou barco pesqueiro.

Pero unha vez se atopan entre nós, Galicia pode e deber facer algo por eles. Por exemplo, recordar que aínda non están moi lonxe os días en que docenas de miles de galegos emigraban. Non poucos comenzaron así a súa aventura de atopar oportunidades novas de vida. Debemos tratar a nosos inmigrantes de hoxe como quixéramos entón fosen tratados os nosos emigrantes, legais ou ilegais.

Por outra parte, e recordando a nosa propia experiencia, Galicia pode e debe facer oír a súa voz para unha máis racional e máis humanitaria política estatal de inmigración.

España - e a Europa desenrolada no seu conxunto- deben articular unha política informativa cara os habitantes dos países subdesenrolados ou en vías de desenrolo, que os disuada de vir á aventura e ilegalmente. Que lles faga coñecer cal é a situación real do noso país, a falta de postos de traballo cando temos millóns de parados; as dificultades de vivenda, de escolaridade, de servizos sanitarios; sobre todo para quenes intentan acceder a eles desde a

ilegalidade. É esta información verídica a que poderá neutralizar en eles os efectos da publicidade deslumbradoramente consumista con que lles bombardean axencias turísticas e comerciais. Pero tamén as mafias que lles reclutan para explotalles, arriscándolles a perder as súas vidas en pateras inadecuadas ou no dobre fondo de camiós.

Máis que propaganda consumista, o que ós seus países de orixe necesitan é inversións para o desenvolvemento.

Por outra parte, os nosos policías de fronteira deben demostrar o seu celo e os seus éxitos tamén en desmantelar as redes mafiosas que -desde España ou outros puntos- se dedican a reclutar primeiro e explotar despois a estes inmigrantes. Ó menos tanto celo como o que dedican a descubrir ós inmigrantes mesmos. Estes “negreiros modernos” son ó menos tanto ou máis responsables do problema da emigración ilegal que os que caen nela por necesidade ou ignorancia.

4.3.3. Os mendigos

Outro dos colectivos de excluídos sociais é o dos mendigos. Un colectivo máis facilmente localizable e visible que os dous anteriores, aínda que non cabe dúbida que unha parte das persoas que forman os colectivos mencionados tamén se verán obrigados a practicar a mendicidade.

Hoxe, os mendigos atópanse sobre todo nas cidades. Calquera de nós, camiñando por certas vías urbanas, se ve abordado diariamente por persoas de diversas idades que lle tenden a man en solicitude dunhas moedas. Outros adoptan a forma da petición implícita a base de tocar algún instrumento musical ou exercer algunha clase de “mimo”, esperando suscitar a atención e posible simpatía dos transeúntes para que depositen a súa moeda ó pasar. O área de Servizos

Sociais do Concello de Santiago afirmaba a finais de 1997 ter contabilizado un total de 1.878 mendigos só nesta cidade. Son persoas de idades diversas, aínda que abundan cada vez máis os mozos. Quizáis a nota máis insólita en comparación coa mendicidade doutros tempos, é que frecuentemente se trata de mozos varóns que non mostran invalideces visibles. O primeiro que pensarán unha parte dos transeúntes é na posible drogadicción, o que lles retraería de axudarlles. Pero hai unha canteira de mendigos moito máis probable e próxima ó que verifican as enquisas de poboación activa: ese longo 40 por cento de mozos sen traballo que existen en Galicia, e que en moitos casos nin cobran subsidio algún de paro nin contan cunha familia que poida axudarlles suficientemente. Si temos decenas de miles de mozos en paro, ¿como pode sorprendernos que algunha porción de estos acaben incorporándose ó colectivo dos mendigos?

Abordar o fenómeno da mendicidade con sensibilidade humanitaria nos esixe comezar por recoñecer ó mendigo a **presunción de necesidade**; de forma semellante a como ó acusado se lle recoñece a presunción de inocencia. O sano, e o xusto, é dar por suposto que mentras non se verifique o contrario, quen da un paso tan humillante e psicolóxicamente difícil como o de sair á rúa a mendigar, é porque se atopa en grave necesidade.

Pero hai outra presunción que xurídicamente nos obriga a todos: comezar por recoñecer ó mendigo a **presunción de cidadanía**. Non olvidar que o mendigo é unha persoa e, polo tanto, suxeito dos dereitos humanos que a todo cidadano lle recoñece a Constitución.

No outono de 1996 comezaron a aparecer na prensa española diversas informacións, segundo as cales algúns alcaldes de diversos cidadáns parecían querer solucionar o problema da mendicidade polo método de sacarse de diante ós mendigos. Nalgúns casos, a base de pagarlles un billete para a poboación de onde decían ser oriúndos e obligarlles a marcharse. Noutros, encargando á Policía Municipal a tarefa de impedirilles mendigar. Unha destas supostas iniciativas se refería á cidade de Vigo, motivo polo que tanto o Defensor del Pueblo como o Valedor do

Pobo, abriron sendas queixas de oficio. Consideramos convinte reproducir neste informe a queixa que entón abrimos (H.4.Q/1201/96) e a **Recomendación** ó Alcalde de Vigo con que concluimos a nosa intervención. Nela atópase expresada a doutrina do Valedor do Pobo sobre o tema da mendicidade, ó menos desde a perspectiva xurídico-constitucional.

**Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello
de Vigo.
Praza dos Reis, s/n
36202 - VIGO (Pontevedra)**

Expediente: H.4.Q/1201/96

Santiago, 9 de xuño de 1997

Ilmo. Sr.:

No seu día, e a raíz dunha información publicada no diario “Faro de Vigo” mediante a que se daba conta do feito de que por parte desa Alcaldía se proferiran diversas expresións e se ordenaran actuacións á policía local contra a mendicidade que se rexistra nesa cidade, esta institución abriu unha *investigación de oficio* recabando o oportuno informe dese Concello comprensivo, por unha parte, da confirmación ou desmentido da noticia de prensa, e por outra, referente á clase de medidas implantadas ou que se tiñan previsto levar a cabo para afronta-la problemática da mendicidade en Vigo que, segundo os datos que ofreceron os medios de comunicación social, acrecéntase nos días das celebracións de nadal.

No informe remitido polo Concello, no que se manifestaba que as noticias difundidas non se correspondían coa realidade dos feitos, temos que distinguir dúas partes perfectamente diferenciadas. En primeiro lugar, a referente ás actuacións da policía local ante o exercicio da mendicidade onde, a súa vez, cabe apreciar dous tipos de intervencións: unha cando esa práctica vai acompañada da explotación de menores que propicia que os axentes da autoridade instrúan os correspondentes partes para o seu envío á autoridade xudicial coa consecuencia do traslado do menor a un centro adecuado; e outra naqueles supostos de estados de necesidade que aconsellan que os membros da policía local recollan e trasladen ós mendigos ás diferentes institucións de asistencia social encargadas de atender ós indixentes. En segundo lugar, achégase ó informe unha reflexión xeral da concellería que trata o tema de benestar social e na que, como datos máis significativos, cabe cita-los seguintes: no Concello de Vigo practicamente está desterrada a mendicidade infantil e a mendicidade das persoas maiores é similar á que existe noutras cidades, quizáis agravada nesa cidade pola cercanía da fronteira portuguesa, porto comercial, etc. O informe conclúe manifestando que o propio Concello posúe un amplo abano de programas de actuación, tanto de carácter preventivo como asistencial, para se enfrontar á problemática da mendicidade nas vías urbanas.

Resumido o contido do informe municipal e sen poñer en dúbida as medidas que nel se reflicten para tratar de solucionar-lo tema da mendicidade, non obstante iso, esta institución considera oportuno efectuar unhas consideracións concernentes a este asunto, na medida en que poidan contribuir a clarificar-la corrección da actuación dos poderes públicos na problemática que nos ocupa.

Como premisa inicial temos que partir do feito de que a presenza de indixentes e mendigos nas zonas urbanas e, sobre todo, nas vías públicas máis concorridas das cidades, é unha realidade incuestionable e que revela, na sociedade dos nosos días, a existencia de bolsas de pobreza integradas por aquelas persoas excluídas socialmente das formas de vida

minimamente aceptables. Os mendigos, por diversas circunstancias que agora non son do caso analizar, desembocaron nunha situación de pobreza severa caracterizada pola carencia máis absoluta de recursos materiais, sociais e culturais que están na esencia da dignidade da condición humana. É máis, o indixente atópase nun estado de imposibilidade ou incapacidade para satisfacer-lo conxunto de necesidades básicas de bens e servicios configurados como de primeira necesidade (alimentación, vestido, vivenda, etc.).

Desde hai bastante tempo atrás, os gobernantes, nas diferentes épocas históricas, foron abordando o problema da mendicidade pero, en moitas ocasións, para exercer sobre esa práctica prohibicións, descalificacións ou, simplemente, equiparalas a situacións predelincuenciais.

Referíndonos ó noso país, sequera brevemente, paga a pena mencionar cómo se regulaba, desde o poder público, a existencia da mendicidade. En efecto, xa a *Real Orde de 8 de xuño de 1912* do Ministerio da Gobernación impartía instrucións para reprimi-la mendicidade. Na dita norma, á vez que se indicaba ós Gobernadores Civís que tiñan que prohibi-la mendicidade nas respectivas provincias, instabase a que os alcaldes dictasen bandos recomendando ós veciños que se abstivesen de dar limosna na vía pública so pena de “*castigalos que voluntaria e insistentemente infrinxisen esta disposición con multas*”. Entre outras medidas que contiña a citada disposición, contemplábase aquela que facía referencia a que os mendigos forasteiros que se atopasen a disposición das autoridades, debían ser conducidos pola Guarda Civil ás provincias da súa natureza ou ós lugares nos que tivesen familia.

Por outra banda a *Lei de 23 de xullo de 1903* enfrontouse á problemática da mendicidade dos menores e nela dispoñíase -entre outras cuestións-, que os axentes da autoridade deberían deter ós menores de 16 anos que mendigasen, vagasen ou pernoctasen en paraxes públicas, sós ou acompañados por persoas maiores.

Na mesma norma establecíase que calquera persoa podería dete-los menores de 16 anos que mendigasen na vía pública, sempre que os entregasen inmediatamente ós axentes da autoridade. Esta lei foi derogada expresamente pola Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.

Máis recentemente tivo vixencia no noso ordeamento xurídico, ata a publicación do novo Código Penal que tamén a derogou expresamente, o texto da *lei de 4 de agosto de 1970 sobre Perigosidade e Rehabilitación social* e o seu Regulamento aprobado por *Decreto de 13 de maio de 1971*. Nesta norma determinábase que os mendigos habituais e os que vivisen da mendicidade allea ou explotasen con tal fin a menores, enfermos, lisiados ou anciáns, serían declarados en estado de perigosidade e aplicaríase-lles determinadas medidas de seguridade, entre elas, a incautación dos cartos que recibisen, así como outras medidas de rehabilitación. Esta norma, a súa vez, derogara a lei dos *vagos e maleantes de 4 de agosto de 1933* e o seu *Regulamento de 3 de maio de 1935*, onde se consideraba, tamén, como estado perigoso, o dos mendigos profesionais ou explotadores da mendicidade allea, dos menores ou dos incapaces.

Despois deste conciso repaso histórico a través das normas reguladoras da mendicidade, imos a aborda-lo tema á luz da Constitución de 1978. En primeiro termo hai que sinalar que o Preámbulo da Norma Suprema proclama a vontade da Nación española de protexer a tódolos españois no exercicio dos dereitos humanos, promove-lo progreso da cultura e da economía para asegurar a todos unha digna calidade de vida e establecer unha sociedade democrática avanzada. Fiel á denominación de España como un Estado social e democrático de Dereito (artigo 1.1. C.E.), o artigo 9.2 da Constitución determina que “*corresponde ós poderes públicos promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remove-los obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social*” e o Capítulo Terceiro, do Título I da C.E. contén os principios

rectores da política social e económica que, segundo dispón o artigo 53.3 da Norma Suprema, *informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.*

Sostendo o que antecede, e tamén como cuestión de principio, é preciso insistir no feito de que os mendigos ou indixentes son iguais ás demais persoas na súa condición radical de seres humanos e, por iso, posúen os mesmos dereitos e obrigacións que calquera outra cidadán no territorio nacional (artigo 139.1 C.E.). Pola súa condición de indixentes non poden ser discriminados xa que iso está proscrito polo artigo 14 C.E., pero na medida na que se atopen en situación de pobreza severa, é tanto máis esixible ós poderes públicos que emprendan toda clase de actuacións tendentes a paliar-lo seu estado de marxinação que atenta contra a vixencia efectiva dos dereitos fundamentais e impide o libre desenvolvemento da personalidade que, en unión do respecto á lei, ós dereitos dos demais e ó recoñecemento da dignidade da persoa constitúen os pilares fundamentais do orden político e da paz social, de acordo co enunciado do artigo 10 da C.E.. Esta clase de reflexións non resultan supérfluas se consideramos que no ámbito da Unión Europea se puxeron en marcha sucesivos programas de loita contra a pobreza e se atendemos a que 1997 foi declarado *Ano Europeo contra o Racismo, a Xenofobia e o Antisenitismo* precisamente, ó se detecta-lo rebrote de actitudes tendentes a expulsar da propia comunidade a toda persoa allea.

Chegados a este punto é preciso recoñecer que no ordeamento xurídico español non existe disposición con rango legal axeitado que prohiba o exercicio da mendicidade cando se practica sen coaccións ou ameazas e sen que estean implicados menores de idade, xa que neste último caso estaríase ante o delicto previsto e penado no artigo 232 do vixente Código Penal que literalmente establece que *“os que utilizaren ou prestaren a menores de idade... para a práctica da mendicidade, incluso se ésta é encuberta, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano”*. Neste sentido cabe apuntar que a posición da Administración e do cidadán no Estado de Dereito é distinta. Mentres que o particular pode facer todo aquilo que a

lei non prohibe, como consecuencia dos postulados derivados do artigo 1.1 da C.E., segundo se pronunciou o Tribunal Constitucional en Sentencia de 24 de xullo de 1984 (é dicir, todo o que non está prohibido pola lei está permitido), as diferentes Administracións Públicas necesitan do apoderamento ou habilitación legal á hora de intervir na liberdade dos cidadáns. A actividade administrativa de limitación dos dereitos e liberdades está suxeita a diversos principios, entre eles, o de legalidade enunciado nos artigos 9.3 y 103.1 da C.E.. É máis, da lectura conxunta dos artigos 53.1 e 81.1 da Norma Suprema temos que concluir que só por lei orgánica se pode limita-lo dereito á liberdade, ou o dereito á libre circulación das persoas polo territorio nacional. Así mesmo, só a través da lei ordinaria se pode tipificar unhas conductas como constitutivas de infraccións administrativas e determina-las súas correspondentes sancións polas esixencias do artigo 25.1 da C.E.. Nese orde de cousas temos que precisar que a Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro de Protección da Seguridade Cidadán non contempla como feitos merecedores de sanción administrativa aqueles que se idenfitican coa mendicidade.

En definitiva pódese afirmar que a práctica da mendicidade, na medida en que non é obxecto de reproche xurídico en norma con rango de lei, non se pode prohibir, na actualidade, polos poderes públicos, sempre que se leve a cabo sen violencia, coacción ou intimidación e sen que se vulneren os dereitos dos demáis ou estean implicados menores de idade. A posible existencia de ordenanzas municipais, e dos seus actos de aplicación polos policía locais, prohibindo a práctica libre e pacífica da mendicidade, en unión da requisa dos cartos ós mendigos, carece de cobertura legal, non estando fundamentada na lei 7/1985, de 2 de abril onde, precisamente, no seu artigo 84.2, establece que a actividade de intervención das corporacións locais cerca da actividade dos cidadáns deberáse axustar -entre outros principios- ó do respecto á liberdade individual. Por outro lado esa prohibición instalada nunha ordenanza municipal desvinculada da súa correspondente habilitación legal atributiva da competencia non se axustaría ó ordeamento xurídico vixente e, en concreto, iría en contra da Constitución pola súa non adecuación ós principios de legalidade e seguridade xurídica e á súa falta de respecto ós

dereitos fundamentais. Abondando máis no dito, hoxe por hoxe, a actividade das personas que por unha ou outra causa practican a mendicidade, non se pode ver limitada soamente pola circunstancia de que a súa presenza nas rúas poida resultarlle incómoda os cidadáns que teñen maior fortuna que eles, sempre que -insístese- non haxa perturbación ilexítima dos dereitos dos demais, ou esten implicados menores de idade.

Esta institución considera que, en tanto en canto a existencia de mendigos nas cidades representa a constatación palpable dunha realidade como é a pobreza severa, iso debería esixir unha valoración social dos poderes públicos máis alá da referencia xurídica. Neste sentido, consecuentemente coa configuración de España como Estado social e democrático de Dereito, estímase como necesario para erradica-la mendicidade, a permanente posta en práctica de programas de asistencia social e de atención ós marxinados polos servicios sociais coordinados entre as diferentes Administracións Públicas capaces de integra-los indixentes na sociedade facilitándolles, coa súa voluntaria aceptación, as prestacións máis elementais para unha vida digna como son a alimentación, o vestido, o aloxamento y a asistencia sanitaria.

Por todo o que antecede e en consideración ó exposto, esta institución diríxese a V.I., de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte:

RECOMENDACIÓN: Na medida na que a práctica da mendicidade exercida libre e pacificamente, sen violencia ou intimidación sobre as persoas, sen perturba-los lexítimos dereitos dos demais e sen implicación de menores, non está prohibida no ordenamento xurídico vixente por norma con rango de lei, único instrumento xurídico acorde coa Constitución para restringi-la liberdade segundo o artigo 53.1 da Norma Suprema, calquera ordenanza municipal ou intervención da policía local prohibíndoa ou impedíndoa, cando se desenvolva nos termos indicados, non se acomoda ós principios de

legalidade e seguridade xurídica (artigo 9.3 C.E.) e ó respecto debido ós dereitos fundamentais, estimándose que a erradicación da mendicidade como estado de expresión da pobreza severa na sociedade dos nosos días, pasa ineludiblemente, como consecuencia dos postulados do Estado social e democrático de Dereito (artigo 1.1 C.E.), pola permanente posta en marcha e actualización de programas municipais de asistencia social e atención ós marxinados, en coordinación e coa cooperación das demais Administracións Públicas, capaces de integra-los indixentes na sociedade ó poderlles facilitar, coa súa voluntaria aceptación, as prestacións máis elementais para unha vida digna, como son a alimentación, o vestido, o aloxamento e a asistencia sanitaria.

4.3.4. Outros

Repetimos unha vez máis que este informe non pode aspirar a abarcar e analizar a fondo tódolos tipos de marxinación e exclusión que se dan na nosa sociedade. Pero eso nonos impide mencionar alguns colectivos máis que tamén, por uns motivos ou por outros, sofren discriminación ou exclusión especialmente penosa. Como son:

a) Os afectados polo mal de Alzheimer. Con motivo de celebrarse recentemente o Día Mundial del Alzheimer (21 de setembro de 1998) calculouse que son uns 300.000 en España e arredor de 21.000 en Galicia os que padecen esta patoloxía. Enfermidade incurable por agora que, pola súa longa duración, supón unha carga psíquica e física, para os familiares do enfermo, que moitas veces se sinten impotentes sen recibir apoio externo algún.

b) Os enfermos da sída, sobre todo cando a enfermidade avanza e apenas poden xa ser axudadas por nadie. En Galicia deben ser hoxe entre 2.000 e 3.000 os enfermos de sída.

c) Os ex-presidarios, marcados como tales pola sociedade, sen traballo, moitas veces sen familia, sen amigos, con escasísimas posibilidades de integrarse.

d) Os discapitados de toda clase, algúns dos cales fan hoxe esforzos admirables de capacitación para poder exercer algún oficio, pero que rara vez logran despois que alguén esté disposto a contrata-los nun mercado de traballo sempre escaso e extremadamente competitivo.

e) Os maltratados no seu propio fogar, sobre todo tantas mulleres e nenos que, en número crecente, acaban en verdadeiros parricidios.

f) Os que están “enganchados” polas drogadiccións máis difíciles de superar.

g) Os zurdos, cuías familias (ou profesores) aínda consideran esta condición natural como unha deformación ou capricho que hai que obrigar a corrixir. Etcétera, etcétera.

CAPÍTULO 5

CONCLUSIONES E RECOMENDACIONES

5.1. INTRODUCCIÓN

A través da redacción deste informe xa fomos facendo recomendacións e suxerencias sobre os camiños a seguir e sendeiros a explorar para combatir as diversas formas de discriminación e exclusión. Agora, no presente capítulo expoñemos de forma máis sistemática aquelas recomendacións que consideramos procedente dirixir ás Administracións Públicas.

Facemos nosas en primeiro lugar as conclusións que sobre os excluídos foron aprobadas nas XII Jornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo, celebradas en Sevilla do 1 ó 3 de outubro de 1997. Logo incluiremos algunhas recomendacións especialmente relacionadas co capítulo 3 (as discriminacións que aínda sofre a muller no ámbito laboral). E finalmente recollemos outras recomendacións dirixidas á Administración en relación con outros aspectos tratados neste informe.

As conclusións dos Comisionados Parlamentarios nas Xornadas de Sevilla reproducímo-las na lingua castelán en que orixinariamente foron redactadas.

5.2. CONCLUSIONES SOBRE “LA EXCLUSIÓN EN EL MARCO DE UN ESTADO SOCIAL”

Los Defensores del Pueblo coinciden en señalar la creciente presencia de reclamaciones de ciudadanos que no encuentran en los sistemas de protección social la satisfacción de las necesidades más elementales y que demandan a estas Instituciones su ayuda y amparo.

En el tratamiento de estas reclamaciones los Defensores del Pueblo perciben graves deficiencias en el funcionamiento de los sistemas de servicios sociales, sus niveles de cobertura y, finalmente, el grado de eficacia en la satisfacción de las necesidades de este sector de población marginada.

Ante esta situación, los Defensores del Pueblo:

1º.- Entienden que los poderes públicos de un Estado Social de Derecho deben plantearse, como responsabilidad prioritaria, la atención de los ciudadanos excluidos teniendo en cuenta que su propia situación de marginación y exclusión les imposibilita para reclamar sus derechos reconocidos en el texto constitucional.

2º. Abogan por una discriminación positiva hacia los desfavorecidos que se fundamenta en una correcta y justa interpretación del principio de igualdad de todos los ciudadanos que consagra la Constitución.

3º. Consideran conveniente, a fin de articular el sistema público de servicios sociales, que se definan por parte del legislador qué servicios esenciales tiene derecho a recibir todo ciudadano.

Los Defensores del Pueblo recuerdan que esta responsabilidad debe ser afrontada por los poderes públicos con una profunda comprensión de la realidad emprendiendo, con decidido impulso, un camino de transformación hacia una sociedad más justa y solidaria.

5.3. RECOMENDACIÓNS MÁIS DIRECTAMENTE RELACIONADAS CO CAPÍTULO 3.

a) Que por parte das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, se analice a posibilidade de incrementar a súa colaboración, mediante os instrumentos xurídicos que se consideren procedentes e a través da posta en marcha de xornadas, reunións, conferencias ou programas conxuntos de actuación, en orde a promover unha máis intensa formación, información e comprensión do contido que encerra o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres á hora de se enfrontar ó mercado laboral, con especial referencia a aquelas medidas que favorecen a permanencia ou o reingreso ó emprego das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares.

b) Que por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, se estudie o establecemento das medidas que se consideren oportunas para que dentro do currículo que mellor corresponda nos niveis educativos respectivos, se faga fincapé na cultura da igualdade entre os dous xéneros, sobre todo no referente ás cuestións de emprego, e que, a súa vez, se

incida na asunción do ideario de coparticipación dos homes nas tarefas do fogar familiar e a corresponsabilidade nos temas que afectan á familia, para evitar que no futuro continúen vixentes, en determinados reductos sociais, valores que contribuíron no pasado á relegación da muller no ámbito persoal, familiar e laboral e todo iso en atención ó que dispoñen os artigos 14, 35 e 39 da Constitución.

c) Que por parte das Consellerías de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Sindicatos e Organizacións Empresariais máis representativas, se pondere a necesidade de que se afronten actuacións coordinadas para que, nos centros de traballo, sinaladamente naqueles que teñen un número maior de traballadoras, se coñeza suficientemente o que dispoñen os tratados internacionais e as lexislacións comunitaria e española sobre a igualdade de trato de homes e mulleres no ámbito laboral, para desa forma, contribuir ó fortalecemento dunha ética da igualdade entre os traballadores e as traballadoras nas actitudes, comportamentos e decisións laborais que lles afecten.

d) Os Sindicatos e as Organizacións Empresariais máis representativas, deberían adopta-lo criterio de incorporar nos seus órganos de dirección a máis mulleres, na busca dunha representación paritaria, precisamente para solucionar-lo déficit de presenza que padecen nese ámbito, o que contribuiría a facelas partícipes directas das actuacións que se acorden levar a cabo por parte das respectivas organizacións, en todo o concerniente ó mercado de traballo e as relacións laborais en xeral.

e) Que no seno do Consello Económico e Social de Galicia, como ente consultivo da Xunta en materia económica e social, que ten como finalidade facer efectiva a participación dos axentes sociais e económicos na política socio-económica de Galicia, se podería integrar, como membro del, unha muller representativa para a defensa dos dereitos do colectivo feminino, a proposta do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller co consenso da Comisión Autónoma da Muller.

f) Que por parte da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, na medida que lle corresponde a dirección, control e execución das competencias en materia laboral, e no marco da Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social da Comunidade Autónoma, se podería impulsar un programa de actuación concreto, a desenvolver polos Inspectores de Traballo e Seguridade Social, tendente a detecta-las discriminacións das que pode ser obxecto a muller nas súas condicións de traballo (xornada, salarios, promoción, etc.), prestando especial atención a aqueles comportamentos e decisións empresariais que poidan conlevar discriminacións indirectas.

g) Os Sindicatos e Organizacións Empresariais máis representativos, nos procesos de negociación colectiva que inicien no futuro, deberían suprimi-las cláusulas sexistas e as categorías profesionais feminizadas que aínda perduran en determinados convenios colectivos vixentes en Galicia, así como aquelas previsións que contemplan axudas ou prestacións que benefician a un determinado xénero de traballadores para, desa forma, incorporar, na súa plenitude, o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres traballadoras nos acordos que subscriban os interlocutores sociais relativos ás condicións de traballo e emprego.

h) Nos procesos en que se susciten cuestións de discriminación por razón de sexo, debería constituir unha práctica usual, en liña co disposto no artigo 95.3 da Lei de Procedemento Laboral, que o Xuíz ou Tribunal do Social competente para resolver, solicitara dictame dos organismos públicos competentes, entre outros, o Consello Galego de Relacións Laborais, o Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ou a Tesourería Xeral da Seguridade Social, para que mediante os datos e o contido do informe evacuado puideran ter un mellor coñecemento da realidade en que se producen os feitos debatidos e, dese modo, contar con maiores elementos de xuízo que permitan detectar discriminacións laborais por razón de sexo, sobre todo as de tipo indirecto.

i) Que tendo en conta que o traballo por conta allea no fogar familiar é realizado maioritariamente por mulleres, se analice, por parte das Consellerías de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a necesidade de instar do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a modificación da lexislación laboral especial que regula a ese colectivo, na procura de maior estabilidade no emprego, así como da lexislación de réxime especial da Seguridade Social que integra ós empregados do fogar, na liña de suprimir as desigualdades que nela se contemplan con respecto ós demais traballadores por conta allea, aínda que recoñecendo, por unha banda, o acercamento rexistrado nos últimos tempos da acción protectora dos traballadores do servizo doméstico á que posúen os traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, e por outra, que a vertente contributiva e o equilibrio financeiro deben salvagardarse como núcleo central do sistema de Seguridade Social español.

k) Que por parte das Consellerías de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude se inste do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a modificación do artigo 2.2 do Regulamento Xeral do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social que establece a presunción de que os ingresos do traballador agrícola por conta propia non constitúen o seu principal medio de vida (requisito esencial para a súa inclusión

no REA) cando o dito traballador, o seu cónxuxe, ós parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade que conviven con él, sexan titulares dun negocio mercantil ou industrial, o que motiva que, cando iso sexa así e non se probe o contrario, a Tesourería Xeral da Seguridade Social denegue o alta do traballador agrícola no REA, circunstancia que en Galicia perxudica á muller, e constitúe unha discriminación indirecta como se encargou de reseñar algún pronunciamento da xurisdicción social.

5.4. RECOMENDACIÓNS A DIVERSOS ORGANISMOS PÚBLICOS, EN RELACIÓN CON ASPECTOS VARIOS DESTE INFORME.

5.4.1. Ó Parlamento de Galicia (en relación coa reforma da Lei 9/1991).

Que, dada a urxencia de modificar a Lei 9/1991, de Medidas Básicas para a Inserción Social (RISGA), se lle de prioridade a esta reforma no calendario da presente lexislatura parlamentaria. Que concretamente se modifiquen os artigos seguintes no senso que a continuación especificamos:

Art. 9

Que se rebaixe sustancialmente o período de tempo de residencia efectiva en Galicia que se viña esixindo, ou se suprima a condición de estar empadroados, para poder ter acceso ás rendas mínimas de inserción. Que se suprima todo periodo de espera para os españois procedentes doutras Comunidades Autónomas que sexan beneficiarios do salario social e houbesen cumprido xa o periodo de espera na súa comunidade de orixe.

En canto a idade esixida para empezar a beneficiarse destas axudas, que se rebaixe con carácter xeral a 21 anos. Se lles concedan tamén as axudas ás persoas de menos de 21 anos

con menores ó seu cargo. E igualmente se lles concedan ás persoas maiores de 18 anos que teñan recoñecida a condición de minusválidos e non perciban outra prestación ou axuda, así como ás que houberen estado tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en Centros de Protección de Menores antes de acadar a maioría de idade.

Art. 10

Que se suprima a esixencia de convivencia en fogar **independente** para poder recibir a renda de integración social. Pois é evidente que moitos fogares dos máis pobres están formados por varias unidades **diferenciadas** de **convivencia** (fillos casados vivindo cos pais, etc.) precisamente porque aínda non tiveron a posibilidade económica de independizarse con fogar propio.

Art. 12

Que para establecer a contía mensual básica de axuda de integración social se contabilicen as 14 pagas anuais da pensión non contributiva actualizadas según o IPC e divididas por 12 mensualidades.

Art. 14

Que non constituían obstáculo para acceder a unha axuda de integración social, aqueles ingresos que con carácter irregular está a percibir o solicitante desta axuda de inserción se non superan o 60% da pensión non contributiva.

Art. 15

Que cando unha solicitude de axuda da RISGA é aprobada, se reconozca o dereito a percibir a prestación a partir do día mesmo en que se solicitou.

Art. 23

Que se suprima a prohibición ós beneficiarios da RISGA de exercita-la mendicidade ou a prostitución. Eso é desexable que se consiga ó final do proceso de inserción social e como consecuencia do mesmo; pero non que se imponha como condición previa.

Que non se imponha a obrigación de exercitar os dereitos económicos que os beneficiarios supostamente poideran ter (como o dereito familiar de alimentos) cando se sabe que isto é practicamente imposible de conseguir dados os antecedentes de malos tratos, relacións deterioradas e demáis.

Art. 29

Que se mitigue todo o posible a obrigación que a lei da RISGA lles impón ós beneficiarios provisionales de devolver a parte das axudas recibidas ás que deixan de ter dereito, no caso de haber obtido o dereito a alimentos entre parentes ou de percibila pensión correspondente dos ex-conxuxes (se son separados ou divorciados). En todo caso, que se lles den maior facilidades de prazos para devolve-los ou se lle condonen segundo as circunstancias económicas da persoa beneficiaria.

Arts. 33 e 51

Que se fortalezan as posibilidades de reclamación e recurso previstas fronte ás resolucións de denegación ou revocación das axudas da RISGA, deixando expedita a vía xurisdiccional social. Que as mesmas posibilidades de reclamación e recurso se estableza para a concesión das axudas de emerxencia das que tratan os artigos 44 e 51.

Arts. 37-38

Que se inclúan representantes dos sindicatos agrarios nas Mesas, tanto de nivel provincial como autonómico, que a Lei prevé formar para o control e seguimento da aplicación

da mesma. Pois tódalas análises da pobreza en Galicia poñen de relevo as específicas características que a pobreza do mundo agrario reúne na nosa Comunidade Autónoma.

5.4.2. En relación cunha posible Lei de Servicios Sociais Imprescindibles

Que considere a necesidade de aprobar unha Lei de Servicios Sociais Imprescindibles para tódolos galegos e que, por constituir un dereito de tódolos cidadáns, os poderes públicos galegos asumen a obrigaón de prestarlle-los a aqueles que por sí mesmos non teñan posibilidade real de facelos efectivos.

5.4.3. Á Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

Que se faga un estudio a fondo do grave problema de paro que sofre a nosa Comunidade e as posibilidades de aumenta-los postos de traballo. Ese estudio sería necesario que contemplase o problema desde as diferentes perspectivas económico- sociais, e tendo en conta aquelas experiencias de creación de emprego que xa deron resultado positivo en algunha parte. Sobre todo naqueles países nos que as súas condicións económicas e culturais teñen algún parecido con Galicia. Tal vez o Consello Económico e Social sería o organismo apropiado para promover este estudio.

Este estudio debería incluír as posibilidades de crear postos de traballo nos chamados novos xacementos de emprego, na economía social e na protección do medio ambiente.

A título de exemplo, mencionamos para Galicia dous posibles xacementos de novo emprego. No campo da economía social, os empregos que poderían crearse a base de ter

coidadores a domicilio para aquelas persoas anciáns que, por vivir solas e non ter quen os coiden na casa, pasan nos hospitais máis días de convalecencia dos que sería necesario. ¿Canto costa unha cama no hospital, 50.000 pesetas diarias?. Pois con ese diñeiro poderíase-lles pagar a varios coidadores a domicilio que poderían atender a uns cantos anciáns.

A limpeza e coidado dos bosques é outro aspecto, éste no sector do medio ambiente. Pois tódolos expertos están de acordo en que mellor loita contra os incendios é a preventiva, consistente sobre todo en ter os montes limpos de toxos, ramas secas, piñas e maleza en xeral.

Que non teña reparo algún a divulga-los datos reais sobre poboación pobre e excluída. Polo contrario, que considere esta información á sociedade como a mellor maneira de forma-la conciencia cidadana para contribuir cos seus impostos e coa acción directa (voluntariado, etc.) a resolvelo problema.

5.4.4. Á Dirección Xeral de Servicios Sociais

1. Que tome a iniciativa de propoñer e colabore activamente a promover no seo da Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais, un acordo entre tódalas Comunidades Autónomas, para establecer uns estándares mínimos en servicios sociais que tódolos gobernos autónomos se comprometen a respectar, asegurando unha cobertura básica común para tódolos españois.

Que defenda o dereito e deber de tódalas Comunidades a axudarse solidariamente na financiación destes servicios sociais básicos.

2. Que, como base para un verdadeiro Plan Integral de loita contra a Pobreza e a Exclusión, se preocupe ante todo por ter o día a información estadística sobre a pobreza, sobre todo a pobreza das decilas de poboación que perciben os porcentaxes máis baixos de renda.

Que encomende como acción prioritaria ós funcionarios de servizos sociais (asistentes sociais, etc.) colaborar en ter ó día esta información.

3. Que, en colaboración cos Concellos efectúe un esforzo sustancial en promover e por en marcha nas principais cidades residencias temporais para transeuntes sen teito, que complementen a función dos actuais albergues puntuais. De xeito que nestas residencias, dotadas de obradoiros ocupacionais e outros servizos se poidan facilitar a medio prazo a reinserción social destas persoas.

5.4.5. Ós Concellos de máis de 20.000 habitantes

a) Que creen canto antes no seu termo municipal, se aínda nono teñen, o Consello de Servizos Sociais, previsto como obrigatorio no Decreto 336/1994, do 27 de outubro, que desenvolve neste senso a Lei 4/1993, de 14 de abril, Reguladora dos Servizos Sociais.

Que encomenden como actividade prioritaria a estes Consellos a tarefa de detectar aqueles fogares que estén afectados por pobreza severa e sufran dalgún xeito de exclusión social, como primeira medida para unha eficaz labor de inserción ou reinserción social.

b) Que presten unha atención máis sustancial ós transeuntes sen teito.

Que procuren complementar os servizos puntuais que se lles presten nos comedores e albergues de paso, coa creación de residencias temporais onde estas persoas poidan pasar temporadas máis longas, e nos que por medio do traballo en obradoiros ocupacionais e a convivencia cos demais, poidan ir capacitándose a medio prazo para unha verdadeira reinserción social.

5.4.6. Ós Concellos menores de 20.000 habitantes

Que consideren a necesidade ou conveniencia de crear no seu término municipal, ou no seu caso na Mancomunidade Intermunicipal, o Consello de Servicios Sociais, previsto como facultativo no Decreto 336/1994, do 27 de outubro, que desenvolve neste senso a Lei 4/1993, de 14 de abril, Reguladora dos Servicios Sociais.

Que, nese caso, lles encomenden como actividade prioritaria a estes Consellos a tarefa de detectar aqueles fogares que esten afectados por pobreza severa e sufran dalgún xeito de exclusión social, como primeira medida para unha eficaz labor de inserción ou reinserción social.

ANEXO

ENQUISAS ENVIADAS E DESTINATARIOS DAS MESMAS

6. ENQUISAS QUE ENVIAMOS A INSTITUCIÓNS E COLECTIVOS

Cando empezamos a elaborar este informe sobre discriminacións e marxinaçãos que máis se dan en Galicia, para documentarnos seguimos un dobre camiño. Dunha parte, recoller a mellor documentación escrita que nos foi posible cumquerir sobre o tema a estudar; e, por outra, poñernos en contacto coas institucións e grupos sociais que traballan no mundo da marxinação e a exclusión, así como con aqueles colectivos que a sempre vista son máis vulnerables a sufrir marxinação, discriminación ou exclusión por diversos motivos.

6.1. Enquisa ás institucións.

Ás institucións oficiais e agrupacións máis ou menos organizadas que traballan en favor dos marxinaos, enviámoslles a seguinte enquisa:

Como é sabido, o Consello Europeo declarou 1997 ANO EUROPEO CONTRA O RACISMO E A XENOFobia. Con este motivo, o Valedor do Pobo decidíu elaborar un informe especial sobre as formas de discriminación e marxinação que máis se dan en Galicia.

Para iso, por medio desta enquisa tratamos de detectar cales son na nosa Comunidade Autónoma os colectivos sociais máis vulnerables ás diversas formas de exclusión, discriminación ou trato inxusto, ben por parte das institucións ou da sociedade en xeral.

A tal efecto, rógolle que, canto antes lle sexa posible, me envíe a información de que dispoña sobre os seguintes aspectos:

1. Cales son os colectivos sociais máis susceptibles de sufrir discriminación, marxinação ou algunha forma de trato inxusto en Galicia.

2. A qué se debe esa maior vulnerabilidade, e qué problemas especiais sofren os mentados colectivos

3. Que relación se considera nesa institución existe entre sufrir discriminación ou marxinação e o feito de :

a) Ser pobre.

b) Ser discapacitado (psíquico, físico, sensorial,...).

c) Ser estatísticamente minoría nalgún aspecto importante (étnico, sexual, relixioso,...).

4. Cales son, según esa institución, os camiños para axudar a ese colectivos a que poidan acadar unha máis satisfactoria exercitación dos dereitos que a Constitución Española lles garantiza.

5. Documentos que, sobre todo desde a perspectiva galega, considera relevantes para o proxectado informe do Valedor do Pobo.

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, saúdaa/o cordialmente,

Santiago, 23 de abril de 1997.

6.1.2. As institucións e asociacións ás que se lles enviou esta carta-enquisa foron as seguintes:

1. Titular da Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.
2. Director Xeral de Servicios Sociais (da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais).
3. Comisionado do Plan Autonómico sobre Drogodependencias (da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais).
4. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello da Coruña
5. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello de Vigo.
6. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello de Ourense.
7. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello de Santiago de Compostela.
8. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello de Ferrol.
9. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello de Lugo.
10. Concelleiro-responsable de Servicios Sociais do Concello de Pontevedra.
11. Concelleiro-responsables de Servicios Sociais de Vilagarcía de Arousa.
12. Director autonómico da Cruz Bermella Española.
13. Delegado de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.
14. Delegado de Cáritas Diocesana de Lugo.
15. Delegado de Cáritas Diocesana de Ferrol.
16. Delegado de Cáritas Diocesana de Ourense.
17. Delegado de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo.
18. Secretaría Nacional de Acción Social de Comisións Obreiras (sede en Santiago).
19. Secretaría Nacional de Acción Social e Servicios Sociais de U.X.T.-Galicia.
20. Secretaría de Acción Social da Confederación Sindical Galega.

6.2. Enquisa dirixida a organizacións que traballan activamente en favor de determinados colectivos especialmente vulnerables.

Ós grupos que de xeito máis ou menos organizado traballan en favor dos colectivos singularmente vulnerables a sufrir discriminación, na medida en que nos foi posible localiza-los, enviámos-lles outra enquisa adaptada a eles. Velaquí o texto da enquisa e as organizacións a quenes lles foi enviada.

6.2.1. Texto da enquisa.

Como é sabido, o Consello Europeo declarou 1997 ANO EUROPEO CONTRA O RACISMO E A XENOFOBIA. Con este motivo, o Valedor do Pobo decidiu elaborar un informe especial sobre as formas de discriminación e marxinação que máis se dan en Galicia.

Para iso, por medio desta enquisa tratamos de detectar cales son na nosa Comunidade Autónoma os colectivos sociais máis vulnerables ás diversas formas de exclusión, discriminación ou trato inxusto, ben por parte das institucións ou da sociedade en xeral.

A tal efecto, rógo-lle que, canto antes lle sexa posible, me envíe a información de que dispoña sobre os seguintes aspectos:

1. Se ese colectivo que vostede representa se considera obxecto especial de discriminación, marxinação ou trato inxusto na sociedade galega.

2. En caso afirmativo, por parte de quenes consideran os membros dese colectivo que sofren esta marxinação ou discriminación:

a) Por parte das institucións: ¿de cáles principalmente?

b) ¿Por parte da sociedade en xeral?

3. ¿Onde ten lugar máis frecuentemente este trato discriminatorio: na familia, no traballo, no acceso a vivenda ou ó ensino, no trato social, ...?

4. ¿Qué formas reviste máis frecuentemente este trato discriminatorio?

5. ¿Cales considera son as causas principais deste trato discriminatorio?

a) ¿Os prexucios sociais e culturais da sociedade?

b) ¿A tendencia a esconder a súa diferenza por parte dos propios discriminados?

c) O feito de non haber-se aceptado suficientemente a sí mesmos?

6. Dificultades que os membros dese colectivo encontran en sí mesmos (dificultades inxénitas, ou dificultades inducidas por unha inadecuada educación) para poder superar as actitudes discriminantes ou excluintes de que son obxecto.

7. Desde que a Constitución e a democracia se instauraron en España, ¿diría que se leva avanzado moito, pouco ou regular en orden a ir acabando coas diversas formas de discriminación?

8. Qué actividades desenrola ese colectivo en orde a ir conquistando progresivamente una maior igualdade de trato.

9. ¿Pensa ese colectivo que sería necesario que as institucións públicas, desenrolasen formas de “discriminación positiva” a seu favor, en orde a conquistar unha maior igualdade? ¿Cómo?

10. ¿Qué actividades organizadas leva a cabo ese colectivo en orde a ir conquistando unha maior igualdade de trato nos diversos ámbitos da vida? ¿Fai algún tipo de revisión e autocrítica en orde a mellorar o acerto e aceptación das accións que leva a cabo?

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, saúdo/a cordialmente.

Santiago, 23 de abril de 1997.

6.2.2. Organizacións ás que se lles enviou

1. Presidente da Federación Galega de Minusválidos.
2. Presidente da Asociación de Pais de Nenos Autistas e Psicóticos.
3. Presidente da Asociación sociopedagóxica- Chavós (dedicada á étnica xitana).
4. Presidenta da Asociación Galega da Muller.
5. Presidenta da Asociación de Viuvas de Galicia.
6. Presidente do Colectivo Gai de Santiago de Compostela.
7. Presidente do Comité Cidadán Galego Anti-Sida de Santiago.
8. Presidente da Asociación de Axuda ós Presos.

9. Presidente da Asociación para formación e Emprego de Xoves Disminuídos.
10. Presidente da Asociación Xustiza e Sociedade de Galicia.
11. Presidenta de “ERGUETE”
12. Presidente de FEGAFES (Federación Galega de Asociacións de Familias e Enfermos Psíquicos).

6.3. Respostas recibidas.

Tomadas no seu conxunto, a maioría das respostas recibidas a estas enquisas resultaronnos moi valiosas, tanto para documentarnos como para adquirir unha visión concreta e realista dos problemas. Algunhas non contestaron, deixándonos a dúbida de si o enderezo que nos tiñamos delas era ou non correcto. Entre estas mencionamos o Colectivo Gai (de Santiago) que nos acusou recibo agradecendo o envío da enquisa, anunciando que con esa data empezaba a recoller información para enviarno-la tan pronto poidesen; pero de feito nunca foi recibida no Valedor do Pobo. O Colectivo Xitano de Santiago remitiunos a Asociación Sociopedagóxica “Chavós”, de Ferrol, atribuíndolle a ésta unha maior lexitimidade xerárquica para contestar. De feito non nos chegaron respostas. Son dous vacíos que lamentamos especialmente porque, de feito, constitúen dous colectivos -os da etnia xitana e os homosexuais-, que casi tódolos que contestaron as enquisas coincidían en sinalalos como obxecto de especial discriminación. ÉRGUETE, organización tan activa contra o narcotráfico, foi outra da que non recibimos contestación á enquisa. Estas faltas de resposta percuramos suplilas no posible obtendo información por outras vías.

Algúns organismos oficiais mandáronnos abundante e valiosa documentación. Sobre todo a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, así como a Dirección Xeral de Servizos Sociais. Algúns destes estudos levan varios anos publicados, e non se ocuparon de

actualiza-las estadísticas. Pero foron pioneiros e seguen a ser insustituibles para calquera investigación sobre Galicia.

En canto as Organizacións non Gubernamentais, resultáronnos especialmente valiosos os informes enviados por diversas Cáritas Diocesanas, sobre todo respecto a especial problemática dos inmigrantes ilegais, ós itinerantes sen teito, etc.

Outras, como a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Enfermos Psíquicos axudounos a descubrir un mundo de problemática tan grave como xeralmente pouco coñecida.

En conxunto, os colectivos sociais máis comunmente sinalados como susceptibles de sufrir discriminación, marxinación ou exclusión en Galicia foron: os inmigrantes ilegais, os emigrantes retornados pobres, os enfermos de SIDA, os enfermos psíquicos sen apoio familiar; as familias monoparentais, gran parte dos xitanos, os homosexuais, as mulleres e homes maltratados; os drogadictos, os parados de longa duración e que xa non perciben prestación algunha de paro, reclusos e ex-reclusos; enfermos de Alzheimer e os seus familiares, que en moitos casos vense obrigados a soportar en solitario o peso de coidalos sen haber recibido ningunha preparación para iso; anciáns sos, menores abandonados, maltratados, obrigados a practicala mendicidade ou a prostitución...

ÍNDICE XERAL

Páxina

SUMARIO 1

PRESENTACIÓN 2

INTRODUCCIÓN XERAL E METODOLOXÍA 5

CAPÍTULO 1. A POBREZA COMO CAUSA FUNDAMENTAL DE MARXINACIÓN
E DE EXCLUSIÓN SOCIAL 8

1. Introducción a este Capítulo .	9
1.1. A pobreza extrema como agresións ós dereitos humanos	10
1.2. Concepto actual de pobreza	11
1.2.1. ¿Galicia é pobre, ou é rica?	12
1.2.2. En Europa, En España, En Galicia	14
1.2.3. Pobreza e exclusión social	17
1.3. Tipoloxías da pobreza en relación coa súa orixe	18
1.3.1. Os pobres “de sempre”	19
1.3.2. Os que saíron da pobreza, pero logo recaeron nela	20
1.3.3. Os que no naceron pobres, pero caeron na pobreza	21
1.4. Pobreza rural e pobreza urbana	22
1.4.1. A xubilación ten repercusións moi diferentes	25
1.4.2. Outros aspectos diferenciadores	26
1.5. Para a cuantificación da pobreza en Galicia	28
1.5.1. Explicación do Cadro	30
1.5.2. Conclusión valorativa	33
1.6. A protección social fronte á pobreza severa en Galicia	34
1.6.1. Documentos da ONU e obxetivos da Unión Europea	34
1.6.2. Heteroxeneo mosaico de sistemas de inserción no Estado español das autonomías	35
1.6.3. Legalidade teórica e aplicación práctica do sistema galego de inserción social.....	37
1.6.4. A nivel estatal	38
1.6.5. Análise da Lei 9/1991, de Medidas Básicas para a Inserción Social (RISGA) e da súa aplicación de feito	39
1.6.6. Compromisos de forma que nunca se levaron a cabo	42
1.6.7. Cántos, de feito, veñen recibindo as axudas	44

1.6.8. Mentras tanto, o número de excluídos seguía crescendo sen parar	46
--	----

Páxina

1.7. Por unha verdadeira política de loita contra da exclusión social.....	49
1.7.1. Como tende a actuar e como debería actua-la Administración	50
1.7.2. Como tende a actua-la Administración	51
1.7.3. Como debería procede-la Administración	54
1.7.4. Propostas de nivel estatal vistas desde Galicia	57
1.7.4.1. Plan Xeral. Lei Básica marco de Servicios Sociais	58
1.7.4.2. Necesidade de mellora-los estudos e estatísticas sobre a pobreza severa e a exclusión	59
1.7.4.3. Sobre o emprego como elemento básico para a integración social.....	60
1.7.4.4. Rede de servicios sociais básicos; dereito á percepción de rendas mínimas	61
1.8. Características que debería cumprir un sistema de rendas mínimas de inserción social	64
1.8.1. Concepción básica e obxectivos	64
1.8.2. Modificacións que deberían facerse en canto ás condicións de acceso ás axudas do RISGA	65
1.8.3. Outras melloras necesarias	68
1.8.3.1. En canto ós procedementos	68
1.8.3.2. Profundizar na identificación dos destinatarios do salario social.....	69
1.8.3.3. Pontencia-los órganos municipais de servicios sociais	70
1.9. Os excluídos do sistema	71
1.9.1. Necesidade dunha protección suficiente	73

**CAPÍTULO 2. O DESEMPREGO COMO FACTOR MÁIS DETERMINANTE DA
POBREZA, A MARXINACIÓN E A EXCLUSIÓN SOCIAL..... 76**

2.1. Datos sobre paro e criterios de avaliación	77
2.2. Paro rexistrado e paro estimado	78
2.2.1. Evolución do emprego en Galicia	79
2.2.2. A comunidade autónoma na que máis veu aumentando o paro	80
2.3. Causa principal, a fortísima destrucción de emprego no sector primario	84
2.3.1. Cando nin siquera existe a posibilidade de emigrar	87
2.4. Nun marco de crecemento económico cronicamente inferior á media española	89
2.4.1. A economía sumerxida, como paliativo da pobreza e como expresión delictiva	91
2.5. Fábrica de excluídos sociais	93

2.5.1. Os parados de longa duración	94
2.5.2. O degradante drama do paro xuvenil	95

Páxina

2.5.3. Drama que as mulleres sofren con especial dureza	98
2.6. Desempregados sen cobertura contra o paro	99
2.7. Non basta o simple crecemento económico	102
2.7.1. Nen sequera nos periodos longos de boanza económica.....	103
2.7.2. Sistema enfermo	106
2.8. ¿Podemos afrontar con eficacia este gravísimo problema?.....	107
2.8.1. Un problema de tódolos países	108
2.8.2. Pero sí podemos e debemos seguir buscando medidas máis efectivas.....	110
2.9. Disxuntiva de fondo na que se atopa o estado de benestar	114
2.9.1. España e a Unión Europea	115
2.9.2. Por unha política europea de emprego	117
2.9.2.1. A Cumbre de Luxemburgo	118
2.9.3. Propostas para reparti-lo traballo existente	119
2.9.3.1. Dúas cuestións de fondo	120
 CAPÍTULO 3. A DISCRIMINACIÓN DA MULLER NO ÁMBITO LABORAL.....	123
3.1. O longo camiño cara á igualdade	124
3.1.1. A muller traballadora en Europa: unha aproximación histórica	126
3.1.2. A muller traballadora en España: un bosquejo histórico	130
3.1.3. Obter un traballo digno	135
3.1.4. No cincuentenario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	137
3.1.5. Mirando ó noso país	139
3.1.6. Supera-las causas da discriminación	143
3.2. Uns datos reveladores en Galicia	146
3.3. O principio de igualdade na Constitución	160
3.3.1. O principio de igualdade e a interdicción da discriminación	161
3.3.2. A igualdade e discriminación da muller na relación de traballo: enfoque global	163
3.3.3. A discriminación positiva	169
3.3.3.a. A posición do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas: do “asunto Kalanke” ó “asunto Marschall”	179
3.3.4. A proscripción da discriminación indirecta	186
3.4. O principio de igualdade no dereito laboral español	195

3.4.1. A evolución da normativa laboral referida á muller: do proteccionismo á igualdade	198
3.4.2. A protección contra a discriminación laboral	209

Páxina

3.5. Os ámbitos de actuación do principio de igualdade de trato	212
3.5.1. Acceso ó traballo	213
3.5.1.a). As medidas de favorecemento da contratación	225
3.5.2. Condicións de Traballo	231
3.5.3. O Despido discriminatorio por razón de sexo	248
3.6. A igualdade de trato no Sistema da Seguridade Social	254
3.7. Unha referencia á negociación colectiva galega	262
3.8. O Traballo da muller no fogar familiar	271
3.8.1. Compaxinar traballo profesional e labores domésticas	271
3.8.2. O servizo do fogar familiar a exame	278

CAPÍTULO 4. ALGÚNS COLECTIVOS ESPECIALMENTE MARXINADOS E EXCLUIDOS 283

4.1. O duro esforzo da comunidade xitana por facerse un sitio na sociedade galega	284
4.1.1. Dificultades de integración	285
4.2. A marxinação social dos homosexuais	289
4.2.1. Normativa legal	291
4.2.2. Na práctica cotidián	293
4.3. Algúns exemplos de colectivos máis claramente excluídos	296
4.3.1. Os transeuntes sen teito	296
4.3.2. Os inmigrantes ilegais	298
4.3.2.1. Por unha política de inmigración diferente	301
4.3.3. Os mendigos	302
4.3.4. Outros	311

CAPÍTULO 5. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓN 313

5.1. Introducción	314
5.2. Conclusións sobre “La exclusión en el marco de un estado social”	315
5.3. Recomendación máis directamente relacionadas co Capítulo 3	316
5.4. Recomendacións a diversos organismos públicos, en relación con aspectos varios	

deste informe	320
5.4.1. Ó Parlamento de Galicia (en relación coa reforma da Lei 9/1991).....	320
5.4.2. En relación cunha posible Lei de Servicios Sociais Imprescindibles	323
5.4.3. Á Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude	323
5.4.4. Á Dirección Xeral de Servicios Sociais	324
5.4.5. Ós Concellos de máis de 20.000 habitantes	325

Páxina

5.4.6. Ós Concellos menores de 20.000 habitantes	326
--	-----

ANEXO. ENQUISAS ENVIADAS E DESTINATARIOS DAS MESMAS	327
---	-----

6. Enquisas que enviamos a institucións e colectivos	328
6.1. Enquisas ás institucións	328
6.1.2. As institucións e asociacións ás que se lles enviou esta carta-enquisa foron as seguintes	330
6.2. Enquisa dirixida a organizacións que traballan activamente en favor de determinados colectivos especialmente vulnerables	331
6.2.1. Texto da enquisa	331
6.2.2. Organizacións ás que se lles enviou	333
6.3. Respostas recibidas	334

INDICE XERAL	336
--------------	-----